



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 15

Sesión plenaria
9 de xullo de 2024

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG-BU1800oa-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA

Punto 1. Elección dun membro do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela (doc. núm. 2283, 12/PVCS-000001)

Punto 2. Solicitude de creación dunha comisión de investigación, proposta polos vinte e cinco deputadas e deputados do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a ampliación da concesión da AP-9 por 25 anos, aprobada polo Goberno central no ano 2000, sobre a posterior privatización da autoestrada en 2003 e, en xeral, sobre as decisións do Goberno central que beneficiaron os intereses da concesionaria e resultaron prexudiciais para Galicia e para as persoas usuarias da infraestrutura (doc. núm. 6224, 12/SCI-000002)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 43, do 26.06.2024

Punto 3. Comparecencias

3.1 1853 (12/PPP-000003)

Do conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar sobre as liñas xerais de actuación do seu departamento
Publicación da iniciativa, BOPG nº 12f1, do 17.04.2024

3.2 6396 (12/PPP-000014)

Do conselleiro de Facenda e Administración Pública, por petición propia, para informar sobre liñas estratéxicas da Consellería de Facenda e Administración Pública para esta lexislatura
Publicación da iniciativa, BOPG nº 46, do 03.07.2024

Punto 4. Mocións

4.1 6425 (12/MOC-000014)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais

Sobre as políticas de apoio aos sectores industriais galegos inmersos nos grandes procesos de cambio de paradigma enerxético ou tecnolóxico (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 5426, publicada no BOPG nº 37 f2, do 12 de xuño de 2024, e debatida en sesión plenaria o 25 de xuño de 2024.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 46, do 03.07.2024

4.2 6426 (12/MOC-000015)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria

Sobre o recoñecemento da diversidade e a política contra a discriminación nas aulas por razón de orientación sexual (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 3863, publicada no BOPG nº 28f1, do 22 de maio de 2024, e debatida na sesión plenaria do día 25 de xuño de 2024.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 46, do 03.07.2024



4.3 6436 (12/MOC-000016)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****López Font, Carlos**

Sobre o desenvolvemento do transporte público de competencia do Goberno galego (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 2138, publicada no BOPG nº 20f1, do 2 de maio de 2024, e debatida na sesión plenaria do día 25 de xuño de 2024.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 46, do 03.07.2024

Punto 5. Propositions non de lei**5.1 1710 (12/PNP-000191)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna**

Sobre determinadas medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar en relación co servizo de axuda no fogar (SAF)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 16f1, do 24.04.2024

5.2 5175 (12/PNP-000539)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pomar Tojo, Carmen María e catorce deputados/as máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que achegue o investimento solicitado para o Proxecto Nós no marco do PERTE Nova economía da lingua

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 34f1, do 05.06.2024

5.3 5491 (12/PNP-000575)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Vidal Lamas, Sonia e catro deputados/as máis**

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha co obxectivo de mellorar as condicións actuais do sector lácteo galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 40f1, do 19.06.2024

5.4 5506 (12/PNP-000576)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos**

Sobre as medidas que o Goberno galego debe aplicar en relación coa política que se vén desenvolvendo en materia de xestión dos residuos sólidos urbanos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 40f1, do 19.06.2024

5.5 5938 (12/PNP-000621)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena**

Sobre as accións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia co obxecto de axilizar o sistema de valoración da dependencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43f1, do 26.06.2024



5.6 6099 (12/PNP-000641)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Martínez, Roberto e oito deputados/as máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que impulse a realización das infraestruturas viarias xa comprometidas en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43f1, do 26.06.2024

Punto 6. Interpelacións**6.1 1439 (12/INT-000072)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia**

Sobre o modelo de apoio aos gastos escolares nas etapas obrigatorias do ensino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 12f1, do 17.04.2024

6.2 3532 (12/INT-000239)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e Pérez López, José Daniel**

Sobre o impacto dos cambios que van aparecendo no actual modelo turístico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 24f1, do 15.05.2024

6.3 5375 (12/INT-000321)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre a importancia dos servizos públicos de transporte na estruturación do territorio e no aspecto social e ecolóxico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 37f2, do 12.06.2024

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**7.1 6525 (12/POPX-000011)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gómez Besteiro, José Ramón**

Sobre a política que prevé levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos concellos galegos e coas súas competencias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 46, do 03.07.2024

7.2 6526 (12/POPX-000012)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre as medidas que prevé adoptar o Goberno galego para garantir o acceso á vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 46, do 03.07.2024



Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1 4745 (12/POP-000637)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre o papel que está tendo a Xunta de Galicia no conflito das profesionais e dos profesionais da avogacía e procuradoría adscritos á quenda de oficio en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 31f3, do 29.05.2024

8.2 5926 (12/POP-000790)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ferro Iglesias, José Luis e oito deputados/as máis

Sobre o balance do programa Ebici, orientado ao fomento da bicicleta eléctrica e a unha mobilidade sustentable

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43f3, do 26.06.2024

8.3 6520 (12/PUP-000032)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre os recursos que a Xunta de Galicia destina aos concellos galegos para a prestación dos servizos de vixilancia, rescate e salvamento en espazos e instalacións acuáticas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 46, do 03.07.2024

8.4 6524 (12/PUP-000035)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as máis

Sobre os resultados da xuntanza do pasado día 27 de xuño entre a Xunta de Galicia e o Goberno central para abordar temas relativos ás infraestruturas e ao transporte ferroviario

Publicación da iniciativa, BOPG nº 46, do 03.07.2024

8.5 5977 (12/POP-000802)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Comesaña, Julio e nove deputados/as máis

Sobre a situación actual en España das probas da avaliación de bacharelato para acceso á universidade (ABAU)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43f3, do 26.06.2024

8.6 6046 (12/POP-000812)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e tres deputados/as máis

Sobre o estado en que se atopan algúns espazos da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43f3, do 26.06.2024



8.7 6522 (12/PUP-000034)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante o desenvolvemento da explotación mineira situada en Touro e O Pino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 46, do 03.07.2024

8.8 2904 (12/POP-000431)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis

Sobre a situación da asistencia pediátrica no Centro de Saúde do Barco de Valdeorras

Publicación da iniciativa, BOPG nº 22f2, do 08.05.2024



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

Elección dun membro do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente expón o procedemento da votación. (Páx. 11.)

A señora secretaria, Vázquez Mourelle, fai o chamamento, por orde alfabética, das deputadas e dos deputados, que depositan o seu voto na urna; a seguir, fano os deputados membros do Goberno e finalmente os membros da Mesa. (Páx. 11.)

Efectuado o escrutinio, resulta elixido don Ramón Alonso Álvarez, por 38 votos a favor e 35 votos en branco. (Páx. 12.)

Solicitud de creación dunha comisión de investigación, proposta polos 25 deputados/as do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a ampliación da concesión da AP-9 por 25 anos, aprobada polo Goberno central no ano 2000, sobre a posterior privatización da autoestrada en 2003 e, en xeral, sobre as decisións do Goberno central que beneficiaron os intereses da concesionaria e resultaron prexudiciais para Galicia e para as persoas usuarias da infraestrutura. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do grupo proponente: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 12.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixaren posicións: Sr. López Font (S) (Páx. 15.) e Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 17.)

Rolda de réplica: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 20.)

Votación da solicitude de creación dunha comisión de investigación

Votación da solicitude de creación dunha comisión de investigación, proposta polos 25 deputados/as do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a ampliación da concesión da AP-9 por 25 anos, aprobada polo Goberno central no ano 2000, sobre a posterior privatización da autoestrada en 2003 e, en xeral, sobre as decisións do Goberno central que beneficiaron os intereses da concesionaria e resultaron prexudiciais para Galicia e para as persoas usuarias da infraestrutura: rexeitada por 34 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 22.)

Comparecencia do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar sobre as liñas xerais de actuación do seu departamento. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño). (Páx. 23.)

O señor presidente comunica que o señor Ojea Bouzo (M) renuncia á súa quenda de intervención. (Páx. 31.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sra. Espinosa Mangana (S) (Páx. 31.), Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 34.) e Sra. Amigo Díaz (P). (Páx. 38.)



Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 41.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 46.) *Nesta rolda interveñen a señora Espinosa Mangana (S)* (Páx. 46.), *a señora Prado Cores (BNG)* (Páx. 48.), *a señora Amigo Díaz (P)* (Páx. 51.) *e o señor conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)* (Páx. 53.).

Comparecencia do conselleiro de Facenda e Administración Pública, por petición propia, para informar sobre as liñas estratéxicas da Consellería de Facenda e Administración Pública para esta lexislatura. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado)*. (Páx. 55.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Ojea Bouzo (M)* (Páx. 66.), *Sra. Iglesias Rey (S)* (Páx. 68.), *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 72.) *e Sra. Sanz Arias (P)* (Páx. 75.).

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado)*. (Páx. 79.)

A señora presidenta abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 84.) *Nesta rolda interveñen o señor Ojea Bouzo (M)* (Páx. 85.), *a señora Iglesias Rey (S)* (Páx. 85.), *a señora Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 88.), *a señora Sanz Arias (P)* (Páx. 89.) *e o señor conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado)* (Páx. 91.).

Suspéndese a sesión ás tres e dezanove minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Brais Ruanova Vilas-Boas, sobre as políticas de apoio aos sectores industriais galegos inmersos nos grandes procesos de cambio de paradigma enerxético ou tecnolóxico. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 94.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Ruanova Vilas-Boas (BNG)*. (Páx. 95.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. López Font (S)* (Páx. 97.) *e Sr. Fidalgo Iglesias (P)*. (Páx. 100.)

A señora presidenta, Candia López, comunica que o señor Ojea Bouzo (M) renuncia á súa quenda de intervención. (Páx. 102.)

O señor Ruanova Vilas-Boas (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 102.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Iria Carreira Pazos, sobre o recoñecemento da diversidade e a política contra a discriminación nas aulas por razón de orientación sexual. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 103.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Carreira Pazos (BNG)*. (Páx. 104.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Longueira Castro (S)* (Páx. 106.) *e Sr. Trenor López (P)* (Páx. 108.).



O señor presidente comunica que o señor Ojea Bouzo (M) renuncia á súa quenda de intervención. (Pax. 111.)

A señora Carreira Pazos (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 111.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Carlos López Font, sobre o desenvolvemento do transporte público de competencia do Goberno galego. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. López Font (S). (Páx. 113.)

O señor presidente comunica que o señor Ojea Bouzo (M) renuncia á súa quenda de intervención. (Pax. 115.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Ríos Santomé (BNG) (Páx. 115.) e Sr. Trenor González (P) (Páx. 117.).

Nova intervención do señor López Font (S). (Páx. 120.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Brais Ruanova Vilas-Boas, sobre as políticas de apoio aos sectores industriais galegos inmersos no grandes procesos de cambio de paradigma enerxético ou tecnolóxico: *rexeitada por 35 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 122.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Iria Carreira Pazos, sobre o recoñecemento da diversidade e a política contra a discriminación nas aulas por razón de orientación sexual: *rexeitado por 35 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 122.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Carlos López Font, sobre o desenvolvemento do transporte público de competencia do Goberno galego: *rexeitada por 35 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 122.)

Alteración da orde do día

O señor presidente anuncia un cambio no desenvolvemento da orde do día consistente en substanciar a continuación a interpelación 3532 e logo as preguntas 4.7, 4.5, 6.5.2.0 e 6.5.2.4. Tamén comunica o aprazamento da pregunta co documento número 5926, do Grupo Parlamentario Popular. (Páx. 123.)

Interpelación de D^a Alexandra Fernández Gómez e D. José Daniel Pérez López, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o impacto dos cambios que van aparecendo no actual modelo turístico. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Fernández Gómez (BNG). (Páx. 123.)

Resposta da Xunta: Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso). (Páx. 127.)

Réplica da autora: Sra. Fernández Gómez (BNG). (Páx. 131.)



Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 132.)

Interpelación de D. Paulo Ríos Santomé e D. Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a importancia dos servizos públicos de transporte na estruturación do territorio e no aspecto social e ecolóxico. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Ríos Santomé (BNG)*. (Páx. 134.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 137.)

Réplica do autor: *Sr. Ríos Santomé (BNG)*. (Páx. 140.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 142.)

Pregunta de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e D^a Noa Olalla Presas Bergantiños, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o papel que está tendo a Xunta de Galicia no conflito das profesionais e dos profesionais da avogacía e procuradoría adscritos á quenda de oficio en Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)*. (Páx. 144.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 146.)

Réplica do autor: *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)*. (Páx. 147.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 148.)

Alteración da orde do día.

A señora presidenta, Candia López, anuncia un cambio no desenvolvemento da orde do día consistente no aprazamento dunha pregunta, polo que se continúa coa pregunta 8.3. (Páx. 149.)

Pregunta de D^a Paloma Castro Rey e D^a Patricia Iglesias Rey, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os recursos que a Xunta de Galicia destina aos concellos galegos para a prestación dos servizos de vixilancia, rescate e salvamento en espazos e instalacións acuáticas. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 150.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 151.)

Réplica da autora: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 152.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 153.)

Pregunta de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os resultados da xuntanza do pasado día 27 de xuño entre a Xunta de Galicia e o Goberno central para abordar temas relativos ás infraestruturas e ao transporte ferroviario. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 154.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 155.)

Réplica da autora: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 156.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 157.)

Suspéndese a sesión ás oito e cinco minutos do serán.



Ábrese a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procederemos á súa lectura.

Non se xustificaron inasistencias.

Polo tanto, pasamos ao punto primeiro.

Elección dun membro do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela

O señor PRESIDENTE: A Mesa do Parlamento, na reunión do 22 de abril de 2024, tivo coñecemento da vacante, como membro do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela, de don Manuel Lolo Aira, por renuncia, quen fora elixido por esta Cámara na sesión plenaria do 23 de febreiro de 2021 por proposta do Grupo Parlamentario Popular de Galicia. En cumprimento do disposto no artigo 79 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, procede a cobertura da vacante.

Posteriormente, o 2 de xullo de 2024, a Mesa, logo da audiencia da Xunta de Portavoces, acordou a apertura dun prazo para a formalización de propostas de candidaturas e, rematado o prazo, na reunión do 8 de xullo de 2024, tivo coñecemento da proposta formulada polo Grupo Parlamentario Popular —o documento 6758—, que comunicou aos grupos parlamentarios.

A elección, de conformidade co disposto nos apartados 1.2 e 2 do artigo 91 do Regulamento do Parlamento de Galicia, será secreta mediante papeletas e mediante chamamento por orde alfabética. A expresión do voto efectuarase introducindo na urna unha papeleta, previamente entregada polos servizos da Cámara, en que conste o nome do candidato proposto, marcándoo cunha aspa o recadro. Considerarase voto en branco se non se marcarse ningún recadro e considerarase voto nulo cando se escribisen os nomes doutras persoas ou outros sinais. Efectuado o escrutinio, proclamarase elixido o candidato, se obtivese a maioría simple.

Xa se procedeu —imaxino, si— á repartición das papeletas e comezaremos a votación. E, para iso, prego á secretaria da Mesa que proceda ao chamamento por orde alfabética.

(A señora secretaria, Vázquez Mourelle, fai o chamamento, por orde alfabética, dos deputados e das deputadas, que depositan o seu voto na urna; a seguir fano os membros do Goberno e finalmente os membros da Mesa.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Penso que votou todo o mundo.



Pois entón, procederemos ao reconto.

(Procédese ao escrutinio.) (Pausa.)

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é o seguinte: votos a favor de don Ramón Alonso Álvarez, 38; votos en branco, 35. En consecuencia, ao acadar a maioría, proclámase elixido membro do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela a don Ramón Alonso Álvarez.

Terminou aquí esta votación.

Continuamos coa orde do día, co segundo punto.

Solicitud de creación dunha comisión de investigación, proposta polos 25 deputados/as do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a ampliación da concesión da AP-9 por 25 anos, aprobada polo Goberno central no ano 2000, sobre a posterior privatización da autoestrada en 2003 e, en xeral, sobre as decisións do Goberno central que beneficiaron os intereses da concesionaria e resultaron prexudiciais para Galicia e para as persoas usuarias da infraestrutura

O señor PRESIDENTE: Rolda do grupo parlamentario solicitante.

O señor Bará ten a palabra por un tempo de dez minutos.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día.

Podemos dicir que hai unha constante en toda a historia da AP-9: o trato de favor e as prebendas que a concesionaria recibiu do Goberno central, e temos que dicir de gobernos de todas as cores: gobernos da UCD, gobernos do Partido Socialista e, por suposto, gobernos do Partido Popular.

Pero a verdade é que hai un feito que sobresaie sobre os demais pola súa especial gravidade, que foi a prórroga de 25 anos concedida no ano 2000 á concesionaria, por moitas razóns, pero, sobre todo, por unha: porque esta prórroga nos condena a pagar durante 25 anos, ata o 18 de agosto do ano 2048, peaxes absolutamente abusivas. E o único responsábel de que teñamos que pagar estas peaxes, cando xa se cumpriron 50 anos de concesión é o Goberno do Partido Popular do señor Aznar. *(Aplausos.)* Van ter que apandar con esta carga, señores e señoras do Partido Popular, e recordarémolles cada día; día si e día tamén.

A ampliación da concesión por 25 anos está rodeada de sombras e de sospeitas que xustifican a creación dunha comisión de investigación. En primeiro lugar, está xustificada esta comisión de investigación porque é un asunto de enorme transcendencia e que afecta directamente Galiza e, polo tanto, este Parlamento. ¡Vaia se afecta!, que nos condena a pagar peaxes durante 25 anos a uns fondos de investimento —fondos voitre— que teñen a súa sede en paraísos fiscais. En segundo lugar, porque houbo, no momento da ampliación da concesión, unha vontade clara e manifesta de privatización da concesión, como se pon claramente de



manifesto no Real decreto publicado o 5 de febreiro no BOE, e que di literalmente: «*La política de privatización de empresas públicas emprendida por el Gobierno aconseja, en lo concerniente a la Empresa Nacional de Autopistas, prever la posibilidad de que el Estado pueda modificar su porcentaje de participación en el capital social, pudiéndose llegar a la situación de que el Estado deje de ser accionista de la empresa, para lo cual es necesario modificar también el artículo 2º del real decreto de 1984*»; algo que fixo esta empresa pública; polo tanto, había un plan claramente determinado para privatizar, como se comprobou despois. En terceiro lugar, porque hai un informe do Tribunal de Contas do Estado, que é absolutamente contundente, e que di que, pola ampliación da concesión, a empresa recibiu un cuantioso volume de recursos económicos provenientes tanto dos maiores beneficios tributarios, económicos e financeiros como dos maiores volumes de ingresos por peaxes —evidentemente—, porque a verdade é que se regou á concesionaria con agasallos fiscais e con aprazamentos de débedas, entre outros beneficios. En cuarto lugar, porque a Empresa Nacional de Autoestradas, propietaria de Audasa e doutras tres autoestradas, foi privatizada despois, no ano 2003, por 1.586 millóns de euros, por un prazo de concesión que naquel momento era de 45 anos; e fíxense que, no ano 2003, se venden estas catro autoestradas por 1.586 millóns de euros, e agora fálase só pola AP-9, por 25 anos, de pagarlle máis de 4 mil millóns de euros. ¿Como se chama isto? Isto é un auténtico pelotazo; un pelotazo de libro.

Todo este entramado de intereses e de tratos de favor ten responsábeis que deben dar explicacións neste Parlamento: o primeiro, por suposto, é o señor Aznar; o señor Aznar, o gran privatizador —parece que está desgustado estes días polos resultados das eleccións francesas. Trasládenlle os ánimos, pasaralle pronto, supoño. (Aplausos.) ¡Bueno!, como están vostedes tamén desgustados. Sentímolo moito—. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) O señor Aznar, que é un home locuaz, seguro que non terá ningún problema en vir comparecer a unha comisión deste Parlamento. En segundo lugar, debería vir a este Parlamento o ministro de Fomento no ano 2000, o señor Rafael Arias-Salgado, por exemplo, para explicar como é que foi o ministro que xestionou a ampliación da concesión por 25 anos e que asinou (O señor Bará Torres mostra un documento.) este real decreto do seu puño e letra no ano 2000, e no ano 2005 foi fichado como conselleiro delegado e pasou a formar parte do Consello de Administración de Sacyr, propietaria da AP-9. A isto non sei como lle chaman vostedes, pero, desde logo, é unha falta absoluta de ética e un insulto a Galiza; non se pode denominar doutra maneira. En terceiro lugar, debería vir a este Parlamento o señor Álvarez-Cascos, ministro de Fomento tamén no ano 2003, cando se privatizou a autoestrada. O señor Cascos, por certo, que segue sendo Medalla de Ouro de Galiza pola súa brillante xestión na catástrofe do Prestige; unha medalla que segue colgando do seu peito por obra e graza do Partido Popular. ¡Non teñen vergoña! (Aplausos.)

Pero non queda aquí a cousa, pois hai outros persoeiros que deberían comparecer neste Parlamento, por exemplo, o señor Alberto Núñez Feixoo, que era conselleiro de Obras Públicas no ano 2003 e que bendiciu a privatización da AP-9, polo que debe dar tamén explicacións polo seu papel nesta historia. Ou tamén debe vir a este Parlamento o señor Luis Bárcenas, que iniciou daquela unha meteórica carreira como artífice da «caixa B» do Partido Popular e que no ano 2002 era empregado de Audasa e estaba contratado por ela. Foi nomeado comisario dunha emisión de obrigas convertíbeis por 180 millóns, recibindo a cambio unha importante remuneración. Seguro que tamén ten moitas cousas que contar o señor Luis Bár-



cenas. E tamén deberían comparecer nesta comisión de investigación os dous presidentes de Sacyr naqueles anos: o señor José Manuel Loureda, natural de Betanzos, e Luis del Rivero, que estiveron, ao longo de todos estes anos, inmersos en coñecidos casos de corrupción, incluída a trama Gürtel do Partido Popular e implicados no financiamento do Partido Popular e na rede de sumidoiros do Estado.

E, por se iso non fose abondo para unha investigación, nos últimos tempos producíronse tamén feitos relevantes, como o expediente aberto no ano 2021 pola Comisión Europea, en consecuencia dunha denuncia da asociación En Colectivo, que sinala que o Goberno español ampliou a concesión no ano 2000 sen respectar a normativa comunitaria de contratación pública porque non se podía dar a dedo, como fixo o Goberno do señor Aznar, e, por tanto, había que tramitar un expediente público, unha licitación pública; polo tanto, esa ampliación sería absolutamente ilegal e anulábel.

Esta investigación volveuse abrir agora recentemente. O Goberno ten un prazo para responder e pediu unha prórroga —aquí todo vai de prórrogas—; vaise prolongar este período ata o mes de agosto do ano 2024, e o Goberno central terá que responder a este requirimento. Hai que ter en conta, ademais, que hai un precedente, que é a autoestrada Tirrenica, en Italia, un caso absolutamente idéntico ao da AP-9, que foi obxecto dunha sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, que obrigou o Estado de Italia a anular esa ampliación da concesión.

Estamos, polo tanto, diante dun cúmulo de irregularidades que deben ser aclaradas en sede parlamentaria porque temos dereito a saber a verdade, a poñer luz e taquígrafos sobre o trato de favor que recibiu a concesionaria da AP-9 ao longo de todos estes anos, polo menos nestes 25 últimos anos —e antes tamén, por certo—. Por iso solicitamos a creación dunha comisión de investigación que, ademais, podería estudar posteriores decisións do Goberno central, isto é, do Partido Popular e do PSOE, que favoreceron de maneira directa a concesionaria e que foron postas de relevo en informes do Consello Consultivo e tamén da Comisión Galega da Competencia, que son absolutamente claros a respecto, por exemplo, dos convenios dos anos 2011 e 2018, de ampliación da capacidade da AP-9 na ponte de Rande e en Santiago.

Polo tanto, se non teñen nada que ocultar e se queren que se coñeza a verdade, voten a favor desta comisión de investigación, señorías do Partido Popular; se votan en contra, estará claro que serán cómplices da maior aldraxe a Galicia no que vai de século. Vostedes deciden de novo se están do lado de Galiza ou se, unha vez máis, están teledirixidos desde a rúa Xé-nova.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O Grupo Parlamentario Mixto non intervéñ.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor López Font.



O señor LÓPEZ FONT: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Volvemos tratar o tema da AP-9, suficientemente debatido neste Parlamento nas últimas sesións plenarias. Non nos cansaremos de reivindicar a coherencia dos socialistas en todo este camiño e tampouco nos cansaremos de insistir nas contradicións e nas responsabilidades dos demais grupos.

Tamén insistiremos nas medidas que cada goberno está a adoptar sobre os mesmos problemas, porque a peaxe que pagamos os galegos nas autoestradas de titularidade estatal afecta a economía dos galegos, como tamén as peaxes das autoestradas de titularidade autonómica. E cando aquí se pide a gratuidade para a AP-9 e para a AP-53, os socialistas votamos a favor; e cando pedimos esa mesma gratuidade para a AG-55 e para a AG-57, os que poden convertela nunha realidade, é dicir, o Goberno da Xunta e o Grupo Parlamentario do PP, votan en contra. (*Aplausos.*) E cando se explora a vía realista de coñecer a situación xurídica e económica que significaría a gratuidade das catro autoestradas, os socialistas votamos a favor, o PP, en contra de coñecer o que significaría nas de titularidade autonómica, e o BNG dicindo que sería descentrar o tema e non acepta, por tanto, a nosa emenda. Repito de anteriores intervencións: o que nos piden os galegos e as galegas é a gratuidade; o que queren é deixar de pagar. E os socialistas votamos sempre o mesmo e traballamos de forma seria para que o camiño cara á gratuidade da AP-9 e da AP-53 sexa unha realidade, (*Aplausos.*) e lembramos que as políticas de bonificación teñen selo do Goberno socialista; as bonificacións das autonómicas están a remolque e son moito menores que as estatais.

Sempre é bo coñecer a verdade e o sucedido en política porque dese coñecemento se derivan responsabilidades políticas que afectan a xestión de gobernos e dos intereses dos cidadáns, neste caso, galegos. E a xestión do presidente do Goberno, José María Aznar, no seu mandato entre 1996-2004, relativa á autoestrada AP-9 é coñecida nas súas decisións máis importantes, que significaron que os galegos sigamos a pagar peaxes. Aznar, presidente do Goberno do PP, decidiu ampliar o prazo da concesión por 25 anos, castigando a seguir pagando as peaxes polo período de 2023-2048; e a súa outra decisión foi privatizar esta autoestrada cunha venda dun activo público, que foi un auténtico pelotazo e unha estafa aos intereses de todos os españois. Coñecer estas dúas decisións do Consello de Ministros, presidido por Aznar, xa é importante en si mesmo; e isto polo grave prexuízo económico causado aos galegos. Debería ser motivo nalgún momento para que aquí os representantes do PP pedisen perdón e fosen menos locuaces para falar dos demais.

Investigar sempre é bo polo grao de coñecemento que achega, pero, ás veces, os excesos e, sobre todo, as duplicidades pouco novo achegarían. No caso que nos ocupa é de público coñecemento a investigación que está a levar a cabo a Unión Europea, que merece, ao noso criterio, prudencia á hora de coñecela; e tamén merece consideración pola autoridade política e administrativa que significa a instancia que investiga, tamén os medios dos que dispón e, ¿por que non dicilo?, a transcendencia das decisións que poida adoptar. Neste asunto, os socialistas estamos absolutamente activados, seguíndoo minuto a minuto.



A todo isto débese engadir o que xa imos coñecendo. Sen menosprezar o labor que puidese facer este Parlamento, en ocasións non debe importar recoñecer que outros están en mellores condicións para realizar tarefas coma esta. O importante —como digo— é que imos coñecendo a gravidade que engade a responsabilidade política do señor Aznar e do Partido Popular, que aínda se mantén en defender esta decisión. Repetireino mil veces: o PP debe pedir perdón aos galegos polo realizado por Aznar. (*Aplausos.*) E cada vez que pagamos unha peaxe na AP-9, isto ten un culpable: quen tomou a decisión da ampliación.

Volvendo ao que hoxe coñecemos, segundo a Unión Europea, os feitos probados afirman categoricamente que o Goberno de Aznar incumpriu as obrigas en materia de publicidade establecidas na Directiva do Consello sobre coordinación dos procedementos de adxudicación dos contratos públicos de obras, e engade que o Goberno do PP tamén violou os principios xerais de trato e de transparencia. A Comisión Europea observa que existen tres elementos que parecen indicar que o verdadeiro obxectivo da prórroga de 25 anos da AP-9 era aumentar substancialmente o seu valor para facela máis atractiva con vistas a conseguir unha venda futura —pero xa prevista— máis rendible; os tres elementos demostran que o Goberno de Aznar xa sabía que se vendería a AP-9 porque, de feito, para entón, o procedemento xa comezara. En canto ao primeiro elemento, segundo o Informe de actividades de 2003, do Consello Consultivo de Privatizacións —páxina 98, por se o queren comprobar—, o procedemento de venda pública da AP-9 comezou o 27 de maio de 1999 —ano 1999— mediante unha licitación destinada a contratar un asesor financeiro para estudar literalmente as alternativas á venda da sociedade. Oito meses antes da concesión da prórroga da AP-9 por 25 anos, o PP de Aznar xa estaba a formatar a legalidade para vendela. En canto ao segundo elemento, un documento da Dirección Xeral de Patrimonio do Estado, do Ministerio de Facenda, recibido polo Ministerio de Fomento o 16 de xullo de 1999, e a resposta do Ministerio, cinco días despois, mostran que xa se iniciaran as conversacións oficiais para a venda da AP-9. En canto ao terceiro elemento, o propio Real decreto 173/2000, polo que se amplía a concesión da AP-9, no seu preámbulo mencionaba a posibilidade de privatizar Audasa, integrála na Enausa e de que nalgún momento o Estado deixase de ser accionista. Non tardou Aznar en materializar esta declaración de intencións do Real decreto, escasamente en tres anos.

A conclusión é moi sinxela: Aznar ampliou, sabendo que vendería a concesión, e vendeu un gran negocio para unha empresa porque tiña ampliada a concesión. Todo isto xa son investigacións contrastadas, dado que se corresponden cun documento oficial da Unión Europea que demostra claramente o pelotazo e a estafa coa cal o Partido Popular de Aznar castigou os galegos, e que o Grupo Parlamentario Popular de Galicia aínda o quere xustificar, como facía en datas recentes o seu portavoz.

Coñecer é importante, pero, señor Bará, igual non é a forma idónea a solicitude dunha comisión de investigación. Se se quere un debate máis —ao cal nós non nos negamos— é probable que sexa mellor outra vía. En tan pouco tempo desta lexislatura levamos tres peticións de comisión de investigación; e —permítame— cariñosamente, parece que isto vai de chao chao.

Votaremos a favor, pero cremos que tanta petición de comisión de investigación devalúa a importancia desta, e nalgún momento non os poderemos acompañar.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Despois das intervencións que me antecederon resulta evidente que non é necesario celebrar unha comisión de investigación aquí porque están vostedes de acordo na súa necesidade e, ademais, teñen o lugar axeitado para facelo, que é o Congreso, onde —supoño— van votar os dous grupos a favor; así que os invito a que o fagan (*Aplausos.*) e que deixen de facer perder o tempo aos galegos. (*Aplausos.*) Todos sabemos que o Partido Socialista di exactamente o mesmo no Parlamento de Galicia que no Parlamento en Madrid; iso cóstanos a todos.

Falaba o señor Bará das frustracións postelectorais, e hai que recoñecer que nisto é un experto. Di que pasan pronto; (*Risos.*) disimúlano un tanto —teño que dicilo—. Eu, señoría, entendo que sobran motivos para a frustración que está a experimentar o nacionalismo galego nos últimos tempos, pero tamén digo, e creo, sinceramente que existen mellores métodos e instrumentos para canalizala que castigar este Parlamento con debates absolutamente disparatados. Miren: é certo que aspiraban vostedes a un grupo plenamente galego no Congreso, e, ao final, quedaron cun deputado; un deputado solitario, comunista, patriótico e moderadísimo —como o deixaron claro onte no Congreso da U—, ¿verdade? Aspiraban tamén nas eleccións galegas a vivir un fito case «castelano», coa súa propia *Alba de gloria*, e acabaron, máis ben, nun poema rosaliano, aquel da «Negra sombra», que se acabou convertendo nun Goberno á sombra para continuar nesa sombría oposición de vinte anos. E, ¡o! —por se non chegaba—, aspiraban tamén a ese primeiro escano bloqueiro en Europa, que acabou converténdose nun ridículo e clamoroso engano aos galegos. E, para colmo —¡para colmo!—, teñen vostedes que soportar, semana tras semana, como o mesmo presidente que axudaron a investir os humilla, descartando publicamente os compromisos contidos no segundo «pacto da burla aos galegos», (*Aplausos.*) asinado polo BNG. Por certo, o último exemplo, o do ministro de Fomento, que seguro que tamén quere investigar esta cuestión. (*Aplausos.*)

A proposta que hoxe nos trae é un cúmulo de incongruencias, de omisións interesadas e de groseiras falsidades, que teñen como único obxectivo establecer un relato que permita salvar a cara da señora Pontón ante o seu enésimo ridículo electoral. A incongruencia é evidente, pois o que vostedes pretenden é investigar no Parlamento de Galicia a concesión dunha infraestrutura de titularidade estatal, outorgada por un Goberno estatal e que está sendo obxecto dun expediente de infracción reservado —¡reservado— pola Comisión Europea. Non existe responsabilidade xudicial ou política no ámbito galego, ningunha. Non haberá documentación nas institucións galegas, ningunha. E sobre os posibles comparecentes —nomeou uns cantos o señor Bará—, sabemos que non teñen a obriga legal de atender o requirimento desta Cámara. E, como colofón, tampouco podemos acceder ao expediente europeo porque —como acabo de dicir— é reservado para todos, agás, para o señor Font, que parece coñecelo oficialmente —non sabemos moi ben como—.



Resulta obxectivamente evidente que non cabe realizar no Parlamento galego a investigación que pretende o BNG. En consecuencia, temos que preguntarnos cal é o auténtico fin que persegue esta iniciativa, e basta unha simple lectura desta para chegar á resposta axeitada: pois para manipular, coma sempre. Coma sempre, o BNG solicita a constitución dunha comisión de investigación, cuxas conclusións, por suposto, xa están perfectamente redactadas; só basta con ler a súa proposta, incluíndo, por certo, os supostos responsables de inventados delitos e irregularidades que ninguén está a investigar ou a perseguir. Cómpre sinalar que para establecer esa sentenza que queren ditar antes de que teña lugar calquera xuízo, o BNG necesitou construír un relato absolutamente parcial, plagado de omisións e falsidades.

No seu escrito, o BNG omite que o que a Comisión Europea está a investigar é se as dúas prórrogas de concesión da AP-9 —as dúas prórrogas—, (*O señor Pazos Couñago eleva os dedos índice e maior representando o número 2.*) que contaron, por certo, co visto e prace dos técnicos do Estado que fiscalizaron o procedemento, se adecúan ou non se adecúan á Normativa europea de competencia. Non están investigando ningún pelotazo nin ninguén está a investigar ningunha estafa. O que pasa é que —eu entendo— levar isto a unha discusión sobre competencias e adecuación de transposición de normas non soa tan elevadamente patriótico como o discurso que nos acaba de facer o señor Bará.

Son dúas as prórrogas investigadas: a primeira prórroga, de 10 anos, tomada por un Goberno socialista, ¡por certo!, cun secretario de Estado do cal lles soará o nome: un tal señor Touriño. Dígoo porque ao señor Bará, nesa lista de comparecentes que solicitaba, esqueceulle citalo, e non sei por que; ¡bueno, igual si!, porque, se non, deixaría de ser a muletilla do PSOE, e ese é un papel que lles gusta moito aos nacionalistas. A segunda prórroga, efectivamente, de 25 anos, tomada polo Goberno de Aznar, que supuxo —isto olvídanse de contalo sempre— a construción a ampliación da AP-9 para acabar co illamento de Ferrol despois do accidente da ponte das Pías; (*Aplausos.*) iso é un tema menor que a vostede sempre lle esquece nomear. E, por certo, coa mala fe que acostuma ter o señor Bará, aproveitou tamén para vincular —esqueceu o señor Touriño— o señor Luis del Rivero coa Gürtel —porque isto lle gusta moito— a pesar de que o señor del Rivero ten unha sentenza condenatoria porque intentar vinculalo, precisamente a iso que vostede nomeou, pero esa parte a vostede lle esqueceu, porque vostede é máis diso, é dicir, de «empezoña que algo queda».

Miren, ambas as prórrogas —a aprobada polo Goberno socialista e a aprobada polo Goberno popular— foron aprobadas por Real decreto, foron informadas favorablemente polo Consello do Estado e pola Avogacía do Estado, pero vostedes, para o seu relato, elixen criminalizar unha e santificar outra; elixen vincular tamén a suba de peaxes á privatización de Audasa. Isto é un ridículo francamente simpático. Primeiro, vaime permitir, señor Font, con 65 privatizacións de empresas públicas que fixo o Partido Socialista, que veña vostede aquí clamar ao ceo pola privatización de Audasa é unha broma; é unha broma de pésimo gusto. (*Aplausos.*) Recórdolle que, entre outras, vostedes privatizaron, por poñer un exemplo, o 75 por cento da Seat —por poñer un exemplo—.

Pero a miña pregunta é: ¿cando era de xestión pública a autopista, non pagabamos peaxes? Porque haberá que dicirillo á xente, porque igual se sorprende e, se fai memoria, resulta que si se pagaban as peaxes. Porque que existan ou non existan as peaxes non depende de que a



autopista estea xestionada de maneira pública o privada; depende doutras cousas. E o incremento das peaxes, que sufrimos os galegos nos últimos anos, ten unha orixe moi clara, señorías. Primeiro, a inflación, porque, evidentemente, coa inflación se encarecen os prezos; e de inflación o Partido Socialista —creo— algo pode falar porque ninguén incrementou tanto a inflación e os prezos neste país como os gobernos socialistas. Hai outro feito diferencial, que é o convenio para a ampliación da ponte de Rande, que incrementou as peaxes en todo o trazado da AP-9, do norte ao sur, do sur ao norte, por razón do un por cento anual durante un período de vinte anos. E vostedes veñen aquí queixarse desa suba das peaxes. ¡Se foron vostedes, foron vostedes! (*Aplausos.*)

Por certo, señor Bará —que isto tamén lle esqueceu—, é un convenio de ampliación que foi acordado e asinado por un ministro socialista e galego, don José Blanco, outro que lle esqueceu citar na lista; é que ten vostede moi mala memoria, señor Bará. Eu acórdome moi ben, ¿sabe por que? —o señor Font seguro que tamén— Porque esa ampliación se anunciou 48 horas antes de celebrar unhas eleccións nacionais. ¿Pero sabe que lle esqueceu comentar, nesa rolda de prensa, ao señor Branco? Cal era o modelo de financiamento. O do un por cento anual durante vinte anos xa nolo contaron despois das eleccións —das eleccións— que, por certo, perderon porque tanta mentira xa era insostible. (*Aplausos.*)

Mire, vostedes firmaron ese convenio —¡si, si!, ría vostede o que queira; vaia por Redondela, xa lle digo o que van rir—. Firmaron ese convenio e, despois de perder as eleccións —porque falaba vostede de coherencia—, vostedes e vostedes, os dous ao temón, tiveron os santísimos reais de vir a este Parlamento pedir que se revertese o convenio e que ese asumisen esas obras con cargo ao orzamento público. ¡O día seguinte de perder as eleccións e despois de asinar vostedes o convenio! ¿E vostede veu aquí falar —pareceume entender— de coherencia? Pero ¡¿que taradura é esa?! Dígollo de verdade, hai un momento de desvergoña que xa é inasumible. Por certo, volveron ao Goberno e exactamente o mesmo que exixían ao Goberno do Partido Popular, esquecerono por completo e xamais volveron falar, (*Aplausos.*) e seguimos pagando o un por cento de suba todos os anos —¡todos os anos!— señoría; e veñen vostedes aquí presumir da coherencia socialista. Entendo que marchase o señor Besteiro da Cámara para non escoitar; enténdoo perfectamente. (*Aplausos.*)

Mire, nós non imos participar nesta cerimonia da confusión que pretende o BNG; imos seguir centrados nas dúas cuestións fundamentais —por certo— que centran o interese dos galegos en relación coa AP-9: a súa cesión a Galicia e a gratuidade que o BNG e o PSOE nos prometeron antes das eleccións. ¿Van cumprir a súa palabra? Porque iso é o que imos seguir reclamando, nin máis nin menos, é dicir, a palabra que vostedes deron aos galegos. ¿Que pasa?; ¿que os seus malos resultados fixeron esquecer, por completo, os compromisos que adquiriron vostedes con cargo, por certo, aos orzamentos xerais do Estado? Daquela había un señor aquí, (*O señor Pazos Couñago sinala para diante co dedo índice.*) este que agora se ausentou, que era o presidente da Comisión de Infraestruturas.

¡Home!, benvido, señor expresidente da Comisión de Infraestruturas; (*Murmurios.*) benvido, por certo, exdelegado do Goberno en Galicia que —¡si, si!—, con todas esas cousas, prometeu vostede... A vostedes vánselles as promesas cos cargos; é unha cousa moi triste, pero os ga-



legos non teñen culpa disto. Agora fáltanos saber se tamén cos cargos se lles vai a palabra; pero iso irémolo saber moi pronto.

Mire, a cesión está pendente da tramitación dunha proposición de lei —como vostede sabe— que xa se tramitou, por certo, no anterior período de sesións: dezanove prórrogas —deza-nove, non está mal—, por certo, que remataron o 21 de setembro de 2021....,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...é dicir, no día en que se constituía a ponencia. Non volveron convocala nunca máis —nunca máis—.

Non, señorías, non imos aceptar máis excusas nin imos aceptar esa subasta de cifras de res-cate que nos regala o señor ministro: 2.000 millóns, 4.000 millóns, 6.000 millóns... No prazo de quince días, vai medrando o custo. Se queren, iso, xa llelo deixamos a vostedes.

Se consideran iso tan importante, tan escandalosamente grave e tan imperiosamente ur-xente, teñen vostedes un artigo no Regulamento, segundo o cal non precisan de nós para constituír esta comisión de investigación. ¿Sabe o que pasa? Que a vostedes a ansia investi-gadora se lles acaba aquí, cando presentan as súas propostas....,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...despois, cando teñen que respaldalas cos seus votos, non o fan porque son conscientes do enorme ridículo que farían, aínda que xa debería, nesta altura, estar máis que asumido o ridículo...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...por parte do Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Réplica.

Polo grupo proponente, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: En primeiro lugar, quixera facer algunhas aclaracións, en conse-cuencia da intervención do portavoz do Partido Socialista, do señor Font.

Este debate é sobre unha comisión de investigación e non sobre a legalidade da prórroga que está investigando a Comisión Europea. Aquí o que se propón é investigar todo o proceso, incluída a privatización posterior e tamén todas as prebendas, os beneficios, as portas xira-torias e todo ese entramado de intereses que rodea a historia da AP-9. E, en todo caso, quedo cunha cousa, despois do que dixo vostede nesta tribuna parlamentaria, é dicir, supoño que convencerán o Goberno central para que acepte o criterio da Unión Europea, asuma que hai que anular a prórroga e, polo tanto, rescatar a concesión. É a única conclusión positiva que saco da súa intervención.



Señor Pazos, se non está xustificado que este Parlamento investigue un asunto desta transcendencia, que nos afecta todos os días os galegos e galegas, (*Aplausos.*) ¿que asunto máis importante ca este podemos poñer enriba da mesa? E, ¿como é que non pode investigar este Parlamento un asunto de competencia estatal?; ¿onde está escrito iso? ¿Por que se investigou aquí o Prestige? ¿Por que se investigaron aquí as caixas? Por certo, estamos esperando aínda a que vostedes reabran esa comisión de investigación; ou ¿por que se investigou aquí un asunto de competencia, por exemplo, dun concello galego?; ¿onde están escritas esas normas?

Por outro lado, dixo vostede que se podían citar outros comparecentes. Non hai ningún problema. Teñen vostedes a oportunidade, se se crea a comisión de investigación, de propoñer todos os comparecentes que queiran, como teñen tamén vostedes a posibilidade de incluír todos os asuntos que consideren de interese nesta comisión de investigación, incluíndo eses convenios do 2011 e do 2018 de ampliación da capacidade da AP-9 —aos cales eu fixen tamén referencia—, sobre os cales denuncian a súa suposta ilegalidade tanto o Consello Consultivo como a Comisión Galega da Competencia. Queremos tamén investigar esas cuestións.

Miren, o Partido Popular falou claro, aínda que lle dea as voltas e as reviravoltas características do discurso do señor Pazos. O Partido Popular veta a creación dunha comisión de investigación sobre a AP-9 por unha razón moi clara: para protexer os responsábeis do maior ataque a Galiza neste século, da maior estafa contra Galiza neste século; (*Aplausos.*) para protexer o señor Aznar, o señor Arias-Salgado, o señor Álvarez-Cascos, o señor Feixoo, o señor Bárcenas..., responsábeis ou colaboradores do trato de favor a Audasa. O PP veta a comisión de investigación para intentar ocultar todas as prebendas, os beneficios e os favores que recibiu a concesionaria, e as súas portas xiratorias; veta a comisión de investigación para impedir que se coñeza a verdade. ¿Que problema teñen vostedes con que se coñeza a verdade e con que haxa luz e taquígrafos? Se non teñen nada que ocultar, non terán ningún problema en que haxa unha comisión de investigación para que se coñezan todas as cuestións relacionadas con esta materia.

O problema é que entre a verdade e o Partido Popular, vostedes escollen o Partido Popular; entre Galiza e o Partido Popular, vostedes escollen o Partido Popular. Vostedes son unha maquinaria ao servizo dos grandes grupos económicos, unha maquinaria teledirixida desde Madrid; son vostedes os teleñecos controlados (*Murmurios.*) co mando a distancia desde a rúa Xénova; (*Aplausos.*) os teleñecos controlados co mando a distancia desde a rúa Xénova. (*Murmurios.*)

¡Non se escandalicen, que vostedes, a insultar, son os campións!; ¡e agora oféndense porque lles chamamos teleñecos! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Non se ofendan!

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

¡Todos sabemos o que son os teleñecos!

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor BARÁ TORRES: Todos o sabemos.



(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Queixas.)

O señor PRESIDENTE: Non é un asunto para a orde do día.

O señor BARÁ TORRES: Nós escoitamos cousas moito peores de vostedes, xa que nos chaman terroristas e de aí para arriba; *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* entón, non se ofendan por este cualificativo. *(Murmurios.)*

Por moito que o queiran ocultar, a verdade sempre triunfa e, se non é por unha comisión de investigación, será pola iniciativa política, polo martelo pilón que o BNG seguirá sendo nesta materia da AP-9 aquí, en Madrid, en Bruxelas, onde faga falta ou, se non, pola intervención da Comisión Europea. Por moito que queiran ocultalo, saberase como se tramou a estafa da prórroga da AP-9 e quen son os responsábeis; saberase quen son os responsábeis do enriquecemento, do pelotazo, dos pelotazos da AP-9. E quedará claro quen estivo ou está de parte de Galiza, e quen defendeu e defende, como o Partido Popular, os intereses da concesionaria.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votación da solicitude de creación dunha comisión de investigación

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación da solicitude de creación desta comisión.

Votación da solicitude de creación dunha comisión de investigación, proposta polos 25 deputados/as do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a ampliación da concesión da AP-9 por 25 anos, aprobada polo Goberno central no ano 2000, sobre a posterior privatización da autoestrada en 2003 e, en xeral, sobre as decisións do Goberno central que beneficiaron os intereses da concesionaria e resultaron prexudiciais para Galicia e para as persoas usuarias da infraestrutura.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a solicitude de creación desta comisión.

O señor PRESIDENTE: Continuamos coa orde do día, o terceiro punto, que é o de comparecencias; neste caso a comparecencia do conselleiro de Sanidade.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar sobre as liñas xerais de actuación do seu departamento

O señor PRESIDENTE: Para iso ten a palabra o conselleiro de Sanidade, don Antonio Gómez Caamaño.



O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Comparezo hoxe, por petición propia, ante esta Cámara para dar conta das liñas xerais de actuación da Consellería de Sanidade para esta XII lexislatura. É unha honra e un orgullo estar aquí hoxe porque é unha honra e un orgullo ser o máximo responsable da saúde das galegas e dos galegos. *(Aplausos.)*

A responsabilidade é enorme, pero nin nos abrume nin nos paraliza; a responsabilidade é un estímulo para traballar con esmero e con ilusión por Galicia. Chegamos á Consellería de Sanidade para facer o que levamos facendo toda a vida: defender, preservar e mellorar o noso sistema público de saúde. Hai persoas que defenden a sanidade pública situándose detrás dunha pancarta, teñen o meu máximo respecto; outros levamos décadas defendéndoa e seguiremolo facendo coa nosa traxectoria, co respecto dos compañeiros e co cariño dos pacientes. *(Aplausos.)* Vimos, pois, con capacidade de traballo, coñecemento e experiencia.

Nesta comparecencia tratarei de expoñer as principais medidas e programas que temos previsto impulsar, co obxectivo último de poñer no centro das políticas da Xunta a sanidade pública, sabendo que a clave para acadar a excelencia recoñecida a nivel mundial da sanidade galega son os profesionais. Señorías, nos últimos quince anos decidimos destinar máis recursos humanos e económicos que nunca á sanidade pública. Agora encaramos esta nova etapa co obxectivo prioritario de mellorar a xestión deses recursos para optimizar o seu uso e que cada euro se destine a protexer mellor a saúde dos galegos.

¿Cales son os nosos obxectivos? O primeiro, protexer e preservar o noso sistema de saúde, propiciando medidas para mellorar as condicións de traballo dos nosos profesionais sanitarios. Dado o actual déficit de médicos en toda España e en gran parte de Europa, é importante traballar para optimizar a atención dos pacientes sen sobrecargar os facultativos nin o resto de profesionais sanitarios.

En segundo lugar, usar o diálogo como ferramenta esencial. O diálogo con todo o mundo e sobre todos os asuntos é unha premisa indispensable para calquera administración, pero aínda máis, se cabe, para a Consellería de Sanidade, pola importancia da materia que xestionamos, polo seu impacto na poboación, polo orzamento, polo número de traballadores implicados e polo carácter deste conselleiro. É importante acadar un pacto a tres bandas entre os actores involucrados —a Administración, os profesionais sanitarios e a poboación— para definir a sanidade que queremos para o futuro.

En terceiro lugar, buscaremos acadar unha maior interacción, máis real e eficiente, entre a atención hospitalaria e a atención primaria. Isto converterá un concepto relativamente abstracto, como é a continuidade asistencial, nun plan estratéxico que desenvolveremos nos próximos anos.

En cuarto lugar, para avaliar a eficacia das nosas medidas, aspiramos a que a sanidade pública estea orientada nos resultados en saúde da poboación.



Señorías, traballaremos tamén nos vindeiros anos para coidar os que nos coidan, protexendo os profesionais sanitarios. Para isto, poñeremos especial énfase nos que veñen sufrindo unha maior carga: os profesionais de atención primaria. Queremos que todos os profesionais dos centros de saúde acaden o máis alto nivel competencial e fagan todo aquilo para o que están preparados. (*Aplausos.*) Reduciremos ao mínimo todos os trámites burocráticos, en especial no eido da atención primaria, permitindo así unha atención clínica máis detallada e personalizada, que fortaleza a relación médico-paciente. E por iso —xa lles adianto— estamos a traballar nun plan de redución da burocracia da atención primaria, que estará en plena marcha este mesmo ano.

Señorías, nunha sociedade como a nosa é importante tamén ter en conta as necesidades particulares da nosa poboación, que precisa dun coidado específico e dun sistema sanitario adaptado ao envellecemento. Con este fin, reforzaremos programas como Ariadna, que levan a atención ao domicilio do paciente e coordinan a atención para garantir a continuidade asistencial. Así mesmo, xa estamos a traballar na realización dun novo plan organizativo e funcional para a atención primaria no ámbito rural, con especial atención á cronicidade, para facer fronte ás características da nosa poboación e do noso territorio.

Temos tamén o reto de adaptar o sistema sanitario á idiosincrasia das novas xeracións de profesionais, que mudou moito nos últimos anos, que demandan agora conciliación e flexibilidade, así como ás novas xeracións de pacientes, que se relacionan de forma diferente e singular co sistema sanitario. Neste cometido será esencial o plan de recursos humanos que agardamos ter ultimado no prazo dun ano; o obxectivo é contar cun mapa exacto de todos os recursos dos que dispoñemos ao longo do territorio que nos permita facer prospección das necesidades asistenciais futuras e responder a elas con facilidade.

¿A que obedecen os cambios na consellería? Antes de afondar en liñas concretas de actuación, permítanme facer unha pequena paréntese para recoñecer —como fixeron os galegos nas urnas— o traballo realizado polo anterior equipo desta consellería, con Julio García Comeña á cabeza. (*Aplausos.*) Por certo, alguén dixo que eu vou facer bo o anterior conselleiro; máis alá da súa escasa elegancia, o comentario é totalmente falaz; eu non podo facer bo o anterior conselleiro, porque el xa o é. (*Aplausos.*) Realizou un traballo excelente nun escenario extraordinariamente complicado, como foi a pandemia da covid-19. Agradecer e recoñecer os méritos dos que nos rodean fainos mellores cidadáns.

Os logros conseguidos nos últimos anos pola sanidade galega son numerosos e de altísimo nivel. Do que se trata agora é de preservar ese legado e engrandecelo, cunha xestión que saque o mellor proveito do seu funcionamento; trátase de dar un paso adiante e de transformar e optimizar a sanidade. Consideramos que para iso se precisaba dun novo impulso, e a iso responden os cambios realizados na consellería e no Servizo Galego de Saúde.

A reorganización interna integrando o Servizo Galego de Saúde dentro do organigrama da consellería responde ao obxectivo de evitar ineficiencias no sistema, para que todos os medios dos que dispón a sanidade pública galega confluán coordinados nos mesmos obxectivos: poñer no centro os pacientes e coidar do persoal sanitario.



Ademais, os cambios permítennos reforzar áreas estratéxicas para o presente e o futuro, un presente e un futuro que requiren prestar moita atención á saúde mental. Estamos a facelo, cunha nova Subdirección de Saúde Mental, con recursos para coordinar e impulsar todas as políticas e deseñar o novo Plan de saúde mental. Creamos un Servizo de Datos e de Intelixencia Artificial, para canalizar a incorporación ao sistema de todas as tecnoloxías de emprego de datos que poidan ser útiles. Impulsamos un Centro Galego de Control de Enfermidades, que é unha iniciativa pioneira a nivel nacional, para coordinar estratexias de saúde pública no eido da vixilancia epidemiolóxica e a prevención e o control de enfermidades, anticipándonos, así, ás situacións de crise. E, finalmente, creamos unha Unidade de Procesos de Enfermaría; a enfermaría é unha parte fundamental do noso sistema de saúde, un pilar básico da asistencia; conscientes do seu papel, creamos esta unidade para fomentar programas de cuidados e intervencións proactivas dos pacientes crónicos, así como o impulso da Estratexia galega de saúde comunitaria en atención primaria e do Plan galego de atención domiciliaria, que comezou a súa andaina neste ano. Todo isto da man da humanización e implantando novos programas para promover a mobilidade da asistencia sanitaria.

¿Por que somos un sistema público de referencia? Señorías, o traballo de anos permitiu dotar a nosa terra dun dos mellores servizos sanitarios de España, garantindo a calidade asistencial en todas as circunstancias, incluso cando viñeron mal dadas. Galicia conta hoxe cunha sanidade pública que, por primeira vez na historia, supera o orzamento de cinco mil millóns de euros, que ten máis de corenta e tres mil profesionais traballando e que dispón dunha infraestrutura hospitalaria das máis modernas e con fitos que destacan no mapa. Os galegos podemos, e debemos, estar orgullosos da sanidade que temos. (*Aplausos.*) E dígoo como profesional sanitario, coa experiencia que me dan os moitos anos de traballo, e, agora, por suposto, dígoo tamén como conselleiro.

Impulsamos a oncoloxía de precisión e as terapias avanzadas fronte ao cancro, cun Centro de Protonterapia, que estará tratando o primeiro paciente en 2026, e cun Centro de Fabricación de Terapias Avanzadas, nunha decidida aposta pola medicina personalizada cos medicamentos CAR-T. Seguimos incorporando novas patoloxías ao sistema de garantía de tempos máximos de acceso a prestacións sanitarias. Co altruísmo dos galegos, situámonos entre as comunidades máis doadoras de sangue en 2023, e nos cinco primeiros meses do ano logramos tamén un aumento do cincuenta e sete por cento no número de doadores de órganos e do trinta e dous por cento nos transplantes. Os galegos somos exemplo de solidariedade.

Sen dúbida, un fito histórico que nos sitúa como comunidade líder en España e en Europa é a nosa historia clínica electrónica, que supuxo un cambio integral na forma de rexistrar a información do paciente, a comunicación entre profesionais e a investigación; en resumo, un antes e un despois na nosa sanidade. A súa nova versión será outra vez este ano unha revolución da calidade para a asistencia sanitaria.

Tamén damos pasos cara á medicina personalizada do futuro. Para iso, temos en marcha o proxecto Xenoma Galicia, que é unha aposta decidida pola medicina xenómica, ao que destinamos vinte millóns de euros, que nos axudará a previr enfermidades detectándoas antes de que aparezan e proporcionando tratamentos individualizados. Precisamente, por accións



como esta, destaca o compromiso da Xunta de Galicia en materia de investigación sanitaria, para a que se incrementou o orzamento un dez por cento para este exercicio, co emprego de quirófanos intelixentes e robots cirúrxicos para a realización de intervencións menos invasivas e máis precisas. Refírome á compra do robot Da Vinci, que este Parlamento solicitou incorporar —por certo, sen o apoio nin do Partido Socialista nin do Bloque— (*Aplausos.*) e que ten beneficiado máis de cinco mil douscentos galegos; ou o robot Mako, para a cirurxía ortopédica, por 5,8 millóns de euros.

Do mesmo xeito, traballamos na ampliación das unidades de reprodución asistida, para que as mulleres poidan conxelar os seus óvulos na sanidade pública aínda que non teñan patoloxía previa, ampliando ata os 45 anos a idade para someterse a un tratamento de reprodución asistida e eliminando o límite dun único fillo para poder acceder a estas terapias.

Pero, sen lugar a dúbidas, se nun eido destaca a política sanitaria galega é na saúde pública. Non hai xeito máis eficaz de protexer a saúde que desde a prevención e o control anticipado das enfermidades, e aí acadamos fitos que nos sitúan como un referente internacional.

Temos o calendario de vacinación máis completo do mundo, tanto infantil como de adultos. (*Aplausos.*) Fomos a primeira comunidade do mundo en incorporar a inmunización fronte ao virus respiratorio sincitial; o resultado desta campaña é un dos nosos maiores motivos de orgullo. Logramos evitar a hospitalización de catrocentos menores de seis meses con bronquiolite; por iso, temos todo xa preparado para realizar unha nova campaña á volta do verán; e incorporaremos a vacina intranasal para a gripe, facilitando a vacinación dos máis novos. Temos o cribado neonatal máis completo de España; somos punteiros e seguiremos mellorando, ampliando este mesmo ano tres novas patoloxías e tamén implantando o programa de cribado neonatal de cardiopatías conxénitas críticas. Puxemos en marcha unha estratexia de eliminación da hepatite C, que reformaremos coa ampliación do cribado etario —pioneiro en España— de 60 a 69 anos e de 40 a 49 anos. Somos pioneiros nos programas de detección precoz de cancro; temos estendidas a todas as áreas sanitarias os cribados de cancro de mama, de colon e de cérvix; eses programas permitiron detectar de forma precoz máis de trece mil cáncros en pacientes da comunidade; agora estamos a consolidar e a ampliar esta aposta pola prevención cos programas piloto de cribado de cancro de pulmón na área sanitaria da Coruña e de cancro de próstata na área sanitaria de Ferrol.

Señorías, tampouco debemos esquecer a importante aposta que estamos a facer polas infraestruturas. En atención especializada, que agora mesmo está inmersa na maior transformación hospitalaria en décadas, temos o novo Montecelo en Pontevedra; o novo CHUAC, na Coruña; a ampliación e as reformas dos hospitais de Santiago, Ferrol e Ourense; as ampliacións, as reformas e os novos servizos nos hospitais comarcais; e os novos centros integrais de saúde de Lugo, de Lalín, de Vigo e de Ourense.

No que se refire ás infraestruturas de atención primaria, a renovación ou a reforma de 135 centros de saúde. Desde 2009 destináronse máis de cento cincuenta e oito millóns de euros á construción ou reforma de centros de saúde, sabendo a importancia que ten a atención primaria para a saúde e o coidado dos cidadáns.



¿Como é a nosa aposta pola atención primaria? Señorías, en efecto, a atención primaria é o eixe fundamental do sistema público de saúde, a porta de entrada dos cidadáns ao sistema sanitario e a base que sustenta a estrutura do sistema público. Sabemos que canto mellor funcione a atención primaria mellor será o servizo sanitario que lles damos aos cidadáns. (Aplausos.)

Desafortunadamente, temos que ser conscientes da situación de déficit de profesionais na que nos atopamos, un problema xeneralizado en toda España e en Europa. Pero, ante esta realidade obxectiva, desde a Xunta debemos continuar con todos os esforzos para dotar a atención primaria dos recursos precisos. Máis aínda, buscamos reforzar este nivel asistencial como eixo vertebrador responsable da organización e coordinación da atención sanitaria.

Para iso, os pasados anos leváronse a cabo diferentes medidas que nos permitiron artellar un modelo para mellorar as condicións dos profesionais. Entre elas, aprobamos unha lei pioneira no Estado que nos habilita para convocar prazas de difícil cobertura por concurso de méritos; melloramos os incentivos ao persoal que estea disposto a demorar a súa xubilación, a prolongar a súa xornada ou a asumir pacientes doutro cupo; duplicamos os conceptos retributivos vencellados ao illamento e aos postos de difícil cobertura; ofrecemos contratos de tres anos en atención primaria aos residentes que rematan Medicina Familiar ou Pediatría; actualizamos o prezo das gardas, incluíndo os MIR; e reducimos, de forma progresiva, 112 horas anuais na xornada laboral.

Isto foi froito do traballo diario, indo en todo momento da man dos representantes sindicais e dos profesionais sanitarios. Eles son conscientes da escaseza de profesionais; por iso son capaces de chegar a acordos e de votar a favor daquilo que é mellor para o sistema público de saúde, independentemente da súa ideoloxía ou de intereses partidistas.

Temos que facer todo o posible, dentro das nosas competencias, para introducir máis médicos no sistema, e isto require aumentar as prazas de formación especializada; por iso demandamos insistentemente ao Goberno central que mude o proceso MIR e que permita formar máis médicos de familia.

E vostedes dirán: ¿para que queremos aumentar o número de prazas se logo non se cobren todas? O motivo polo que non se cobren reside no método de selección das prazas MIR, que deixou de ser un proceso de elección para converterse nun proceso de designación. E tamén pedimos que cambie, porque é necesario que o punto de corte non o estableza un número determinado de prazas, senón a última praza dispoñible.

Pero, señorías, que pidamos a quen ten a capacidade para ser médicos e xerar médicos non significa, de ningún modo, que desde o Goberno galego renunciemos a actuar ou a exercer as nosas competencias.

O pasado mes de xuño presentamos a maior oferta da historia de Galicia de formación sanitaria especializada, algo que financia a Xunta cun orzamento récord de 78 millóns de euros. Desde o ano 2009, a oferta total de prazas formativas para medicina de familia aumentou en toda España un 30 por cento. En Galicia, o incremento neste período foi dun 135 por cento.



O vindeiro ano ofertaremos 657 prazas, das cales 207 son das especialidades de medicina familiar e comunitaria, 207 prazas que representan o cen por cento das prazas acreditadas, polo que nos atopamos no noso límite formativo nesta especialidade. (*Aplausos.*) O mesmo acontece no caso de pediatría, para a que ofertamos 27 prazas, o cen por cento das acreditadas.

Señorías, a nosa insistencia por buscar acordos con todos os actores implicados non é só un slogan. Nos primeiros meses da nova lexislatura fomos quen de acadar un consenso cos colexios de médicos sobre o XIDE.

Queda camiño para consolidar esa aposta pola atención primaria. Por iso nesta lexislatura poñeremos en marcha máis medidas para reforzar este nivel asistencial básico.

Aprobaremos un novo decreto para regular o traballo na atención primaria, que dote de maior autonomía estes servizos e afonde nas competencias profesionais de todas as categorías. Estenderemos os plans locais de saúde a todos os servizos de atención primaria. Aumentaremos o persoal de enfermaría de atención primaria, ata acadar que por cada profesional médico haxa outro de enfermaría. Poñeremos en marcha servizos sanitarios móbiles, que se despracen polos centros de saúde, alí onde se detecten necesidades, para prestar servizos complementarios, como probas radiolóxicas. Desenvolveremos un plan para garantir unha atención adaptada ás necesidades dos cidadáns, cun enfoque especial en prevención e detección precoz. Continuaremos reforzando os equipamentos da atención primaria con novas funcionalidades —como a cirurxía menor, a atención á cronicidade ou a atención á saúde mental—, que reforcen o atractivo da primaria como destinos profesionais. E, como xa avanzaba ao principio da miña intervención, reduciremos a carga de traballo administrativo dos profesionais sanitarios, para que poidan centrar todos os seus esforzos e o seu tempo na atención aos pacientes.

¿Por que, para que e como será o plan de redución da burocracia? Señorías —como dixen—, queremos que os profesionais dediquen o máximo tempo posible da súa xornada á actividade clínica ou docente, reducindo tarefas administrativas que merman a súa capacidade resolutiva. Queremos, tamén, evitarlles trámites innecesarios aos pacientes. Un médico de familia ten que dedicar ata o trinta por cento do tempo de traballo a tarefas que poderíamos denominar administrativas ou clínico-administrativas. Por iso, un dos principais obxectivos que marcamos é diminuír a carga burocrática dos médicos de familia, á vez que simplificamos e optimizamos a resolución de trámites administrativos. E a iso responde o plan de redución da burocracia no que traballamos. Trátase dun plan que recolle cambios na atención primaria, na atención hospitalaria e nas diferentes plataformas tecnolóxicas do Servizo Galego de Saúde.

Entre os cambios máis destacados temos a expedición da baixa laboral por parte dos servizos hospitalarios cando o paciente ingrese. Non é lóxico que un paciente cun proceso cirúrxico programado teña que ir logo solicitar a baixa ao seu médico de familia. A baixa será automática desde o servizo hospitalario. A habilitación de novas fórmulas de avaliación e de seguimento dos pacientes cunha incapacidade temporal de media ou longa duración; deste xeito, evitaremos, por exemplo, que pacientes cunha fractura que require meses de curación



ou cun tratamento oncolóxico teñan que firmar cada pouco a baixa. En relación coa prescripción, a potenciación do papel do farmacéutico de atención primaria como referente en farmacoterapia, de xeito que poida aclarar as dúbidas sobre como tomar a medicación ou sobre os posibles efectos secundarios. A mellora de todas as canles de comunicación entre a atención primaria e a hospitalaria, para seguir acadando a mellor continuidade asistencial. Coa axuda da tecnoloxía, a axilización na elaboración de informes condicionantes de saúde, como os necesarios para solicitar a dependencia.

En definitiva, con estes cambios conseguiremos que os profesionais sanitarios dediquen máis tempo á actividade clínica, que os médicos de familia vexan reducida a carga burocrática e que os pacientes non fagan trámites innecesarios.

Señorías, temos medidas concretas, e antes de que remate o ano estarán en marcha boa parte delas. O 40 por cento do plan para reducir os trámites burocráticos na atención primaria estará en execución este ano e en 2026 a burocracia de atención primaria estará reducida ao mínimo imprescindible.

Ademais do plan de redución da burocracia, avanzamos xa nun plan de recursos humanos, que teremos listo no prazo dun ano e que nos ofrecerá un mapa preciso do capital humano dispoñible cunha proxección a futuro. Isto garántenos a posibilidade de anticiparnos e de planificar a mellor atención sanitaria para os galegos a curto, medio e longo prazo. Con este plan, coñeceremos todos os detalles da situación das demandas e das necesidades de persoal, e trazaremos a folla de ruta para planificar os recursos humanos da sanidade pública dos vindeiros anos. Con este obxectivo, comezaremos a constituír este mesmo mes un grupo de traballo para elaborar o primeiro documento coa metodoloxía e as seguintes fases a desenvolver para levar a proposta acordada á mesa sectorial cos sindicatos representantes do persoal. O fin último é consensuar a proposta entre todos os actores implicados, sentar de xeito acordado as bases da planificación en materia de recursos humanos e situar os profesionais do sistema público de saúde no centro das políticas.

Tamén, señorías, trataremos de orientar todas as políticas sanitarias dos próximos anos cara aos resultados en saúde. Para iso crearemos unha oficina técnica de resultados en saúde, orientada exclusivamente a desenvolver indicadores que midan distintos procesos asistenciais, tanto das listas de agarda como de seguimento e de efectividade dos tratamentos. Trátase de medir os resultados de saúde dun xeito transversal nos distintos servizos e tamén nas distintas áreas sanitarias, como elemento clave para lograr beneficios para os pacientes. Queremos e debemos ver como impacta o que facemos na cantidade e na calidade de vida dos nosos pacientes; medirnos, compararnos e transferir boas prácticas clínicas nun proceso asistencial de mellora permanente.

Señorías, sei que o tempo é moi valioso, pero como é algo moi mediático, gustaríame referir as medidas impulsadas pola Xunta ante o reto máis inmediato, que é blindar a cobertura sanitaria no verán, fundamentalmente en Atención Primaria.

Ante a negativa do Goberno de España a implementar medidas que axudasen de xeito inmediato a paliar a situación de falta de médicos, sen perder o tempo en Galicia puxémonos



a traballar nun plan de cobertura do verán. Señorías, non imos negar que este verán, a priori, se prevé máis complexo pola mala planificación e pola inacción do Goberno de España á hora de acelerar a finalización do período formativo dos MIR, que este ano rematarán en setembro debido á pandemia, o cal impide que poidan ser contratados. Porén, o que si que lles pode garantir é que o Sistema sanitario público galego é sólido, está preparado para afrontar calquera conxuntura e así o demostramos.

O pasado mes de xuño aprobamos un plan, que xa activamos, con medidas ordinarias e extraordinarias, en diálogo constante coas sete áreas sanitarias, dirixidas a garantir unha asistencia sanitaria de calidade aos galegos durante o período estival; este plan, con 12,5 millóns de euros, reforza as medidas para cubrir o necesario descanso dos profesionais e crea catro medidas extraordinarias para garantir a asistencia de todo o territorio e para atender as que precisen reforzos. Por unha banda, estamos a implementar un programa extraordinario para a cobertura de necesidades de médico de familia nos PAC, isto é, unha bolsa de persoal voluntario dispoñible en réxime de localización. O certo é que estamos satisfeitos coa acollida porque nesa bolsa de voluntarios temos, no día de hoxe, máis de trescentos cincuenta médicos anotados; tamén contamos cun programa especial de apoio á atención primaria por parte do persoal do 061; ofrecemos tamén unha oferta de mobilidade temporal e voluntaria cara a aqueles centros que precisen reforzos; e, ademais, a encomenda de funcións ao persoal residente no seu cuarto ano de formación. É esta, unha encomenda baseada en tres principios básicos: voluntariedade, incentivación e supervisión; esta encomenda aos MIR de cuarto curso, que están a piques de rematar a súa formación, será para cubrir unha ou varias das seguintes funcións: a atención da consulta ordinaria dun cupo nun centro de saúde, as prolongacións de xornada para a cobertura de ausencias por riba do seu horario ordinario, a translación de garda no PAC e tamén a realización de gardas nos servizos de urxencia hospitalaria. Esta medida encaixa plenamente no propio Plan de formación dos médicos residentes e foi avalada por escrito polo Ministerio de Sanidade e respaldada pola maioría do Congreso dos Deputados. Con esas medidas, coa organización máis eficiente e racional dos recursos humanos e co apoio imprescindible da enfermaría, temos a capacidade de garantir a asistencia sanitaria no verán. *(Aplausos.)*

Quero agradecer publicamente na Cámara de representación de todos os galegos a implicación máxima dos profesionais sanitarios voluntarios, tamén dos médicos residentes que están a rematar a súa formación en Galicia e que demostraron unha responsabilidade e unha implicación máxima pola cal só podemos ter palabras de eloxio. Insisto, os galegos poden estar tranquilos, o Sistema sanitario público de Galicia é sólido e está preparado para afrontar calquera conxuntura. Xa o fixemos no seu día, coa aprobación da Lei de medidas extraordinarias para a provisión de postos de difícil cobertura —co voto en contra do PSOE e do BNG, por certo—; unha lei que supuxo un antes e un despois na modalidade de cobertura de prazas no sistema sanitario, e que nos vimos obrigados a aprobar debido ao desleixo do Goberno central.

¿Que outras medidas impulsamos no eido normativo? Onte mesmo, elevamos ao Consello da Xunta o inicio da tramitación do proxecto de decreto polo que se regula a entrega a domicilio de medicamentos e produtos sanitarios en supostos especiais, co obxectivo de regular a entrega de medicamentos a domicilio, por parte das oficinas de farmacia, para



pacientes cunhas características e necesidades asistenciais específicas e residentes en zonas illadas. Igualmente, estamos traballando nunha ambiciosa Lei de prevención da adicción en menores; con esta norma non só nos limitamos ao tabaco e ao alcohol, senón que queremos adaptarnos aos tempos actuais e poñer o foco en novos produtos, como os vapeadores ou as bebidas enerxéticas. Existe un gran descoñecemento entre a poboación do seu impacto negativo na saúde, e, con esta lei intentaremos diminuír o seu consumo, creando unha cidadanía máis consciente e responsable. Nestes momentos estamos ultimando a tramitación e recabando os informes preceptivos para elevar ao Consello da Xunta a Lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas, para a súa posterior remisión e aprobación por esta Cámara, que agardamos poida ser neste mesmo ano.

Como ven, señorías, son moitos os cometidos e os proxectos que temos por diante nesta lexislatura. Na Xunta continuaremos implantando medidas que melloren a optimización dos recursos, que melloren a accesibilidade ao sistema e que doten de máis autonomía aos profesionais, aos centros de saúde e aos hospitais.

Bríndolles a miña man nesta nova andanza que temos por diante. Escoitarei con atención as achegas e as propostas construtivas que formulen, de cara a garantir a mellor atención sanitaria aos galegos, que é o que nos move na Xunta e na Consellería de Sanidade, e é polo cal estamos aquí.

Polo momento, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

¿Grupo Parlamentario Mixto? *(Negación.)* Grazas, señor Ojea.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: Bos días, presidente.

Señorías.

Bos días, conselleiro.

O Grupo Parlamentario dos Socialistas agradece esta comparecencia e desexámoslle o mellor na súa responsabilidade, dado que, sen dúbida, será tamén o mellor para os galegos e as galegas.

Compartimos os obxectivos que hoxe nos trouxo aquí, como non podía ser doutra forma, pero na nosa terra adoitamos dicir que «o que mal empeza, mal acaba»; e vostede hoxe, sinceramente, non empezou nada ben. Señor conselleiro, nunha situación límite na atención primaria, co servizo de ambulancias cambaleándose en varios puntos de Galicia, sen pediatras en moitos centros, con máis peches de camas no verán que noutros anos e cunha infirmitude de situacións lamentables..., non houbo ningunha palabra de autocrítica sobre como



está a nosa sanidade en Galicia. Soamente dixo que eramos campións; eu si que lle vou dicir, na miña intervención, do que somos tristemente campións en Galicia.

Mire, señor conselleiro, eu creo que vostede antes de ser conselleiro, ou por riba de ser conselleiro, é oncólogo, e non sei que poderá dicirme desta noticia (*A señora Espinosa Mangana mostra unha páxina de prensa.*) que apareceu o domingo na Voz de Galicia, e cuxo título é: «*Para casa sin la quimioterapia por la saturación del Cunqueiro*». Espero que me responda na súa segunda intervención.

Señor conselleiro, hoxe falounos de moitos temas porque realmente as competencias de sanidade son amplas, pero, con todo, pasou no bico dos pés por temas importantes, sobre os cales nós si que lle imos expor as nosas ideas, falar dalgúns puntos que vostede tratou e doutros que non tratou, e tratar de transmitirle o noso punto de vista. E é certo que o papel o aguanta todo e hoxe aquí nós aguantamos todo o que a vostede lle escribiron nese papel, e é imposible entrar en todos os temas de que vostede falou: saúde mental, infraestruturas, robots, saúde pública... Por dicir algúns, porque non podo citar todos, xa que o meu tempo si é limitado, non como o seu. Por este motivo vou elixir aspectos que me parecen importantes e os que á xente máis lle preocupa, e ampliarei outros —se procede— na réplica.

Hai unha cuestión principal que nos sitúa na realidade e esta situación é na que se atopa a atención primaria en Galicia. O problema real é que faltan médicos de atención primaria e pediatras —díxoo vostede, pero non dixo a segunda parte ou a primeira parte—, e esa falta de médicos é debido aos recortes provocados polo Partido Popular. Si, señor conselleiro, recortes que arrastramos dende hai moitos anos; e daqueles recortes vén non só a falta de persoal sanitario, senón tamén veñen as condicións laborais, señor conselleiro, que son a tormenta perfecta que hoxe vivimos.

Hai anos, o noso grupo advertía que os recortes en sanidade traerían problemas de xestión, e vostedes presumían de austeridade e de ser os primeiros da clase. Diciámoslles que os recortes en sanidade non eran a solución. Por tanto, o problema da atención primaria que temos hoxe orixinouse hai anos, e é un problema que vostedes, o Goberno do Partido Popular, con Feijóo e con Rueda, orixinaron.

Afortunadamente, é certo que podemos presumir de calidade, pero é grazas ao esforzo dos profesionais e non dos responsables políticos da sanidade. Como non queren asumir a triste realidade, hoxe —aínda que foi solapadamente— tamén botou a culpa aos demais. Os socialistas pedímoslle que vostede, e o señor Rueda, invista en sanidade. ¿Onde están os maiores recursos de que vostede falou, señor conselleiro? Eu voulle referir datos e espero que teña a valentía de contrastalos.

O investimento si que é moi necesario en sanidade, pero mire o que lle di a xente: Fedea di que Galicia foi a Comunidade Autónoma de España con menor investimento por habitante en sanidade, educación e políticas sociais no ano 2022 e que, dende aquela, non mellorou. Engade que o esforzo investidor non deixa ben situada a Galicia, pois o gasto sanitario soamente aumentou, dende o ano 2015, un 12,3 por cento, fronte a un 28,8 por cento que incrementou Cataluña ou a un 29,5 por cento que incrementou Canarias, e que o investimento



per cápita en Galicia se sitúa á cola de España. Tamén, señor conselleiro, o Consello de Contas di que o Sergas ten un orzamento per cápita de 1.699,78 euros, fronte a 1.897 do País Vasco, a 1.888,33 de Navarra ou a 1.811 euros de Castela e León —espero que non me cuestione esta información—. Ademais, dille que existe un deficiente orzamento a nivel xeral.

Señor conselleiro, a Xunta cando orza faino mal; faino de forma torticeira, porque saben que necesitan máis diñeiro a nivel xeral en sanidade e non o orzan. Xa non só para cubrir as prazas que necesitamos os profesionais, senón para pagarlles mellor. Ademais, vostede sabe perfectamente que deixan facturas sen pagar no caixón, dun ano para outro; sabe que o traspasan, xa que antes o facían no mes de novembro e agora xa o fan no mes de agosto. Polo tanto, temos uns orzamentos insuficientes hoxe, e é imposible que con eses orzamentos se poidan levar a cabo todos eses obxectivos que vostede hoxe nos trasladou.

E eu pídolles, con absoluta transparencia, que, por favor, cando fagan os orzamentos do ano 2025, pensen no que se necesita e pensen, en particular, na Atención Primaria. E dicímolles xa hoxe para que despois non nos digan, ou non nos apliquen, aquel refrán de que «quen avisa non é traidor». Ademais, sabe que, segundo os últimos datos publicados en febreiro deste ano, Galicia é a Comunidade Autónoma que menos gastou en Atención Primaria, despois dos seus amigos de Madrid.

Señor conselleiro, non lle dea á cabeza. Necesitamos maiores orzamentos en sanidade; xa llo dixó o noso secretario xeral, que lles pedía máis fondos para reverter o colapso da sanidade e que era necesario máis investimento en sanidade, sobre todo para pór fin ás listas de espera tan longas que, efectivamente, conducen ao colapso da sanidade. Pero tamén o Defensor do Paciente lle dicía, no inicio deste ano, que a nosa comunidade ten uns servizos desbordados e reclamaba un aumento de persoal en Primaria e en pediatras; é máis, cualificaba —e poño comiñas— de «situación delicadísima e vergoñosa, de gran debilidade do sistema sanitario galego, que necesita aumentar os médicos e diminuír a carga brutal que teñen os profesionais». Señor conselleiro, está claro que a mala situación da Primaria é un feito evidente, por moito que a Xunta trate de botar balóns fóra. Os diferentes informes que se fan públicos non fan máis que ratificar isto. Insistirei na miña réplica neste tema.

Vostede falaba dos MIR, e eu dígolle que deixaron de cubrir 100 prazas de MIR este ano; que, se collemos os datos dende o ano 2012, deixaron sen cubrir 1.541 prazas de médicos; que non se cobren as prazas porque vostedes non teñen unhas condicións adecuadas, xa que cos mesmos criterios outras comunidades autónomas si que as cobren. E esta é a triste realidade de Galicia.

O mesmo sucede en Pediatría, onde hai unha situación absolutamente penosa; onde máis do sesenta por cento dos municipios non teñen Pediatría —unha lección de xeografía creo que non estaría mal—. Podemos citar a falta de profesionais e citar o peche de centros en Castro de Rei, Boiro, Rianxo, Ribeira, Aguiño e Palmeira, Outes, Tui, Vilagarcía, Sanxenxo, Baltar, Portonovo, Teis, Coia, Navia, Pintor, Colmeiro ou Matamá (en Vigo), Monforte, Cervantes, O Courel, Fornelos de Montes, A Limia, Verín, O Carballiño, Arzúa, O Barco de Valdeorras, A Mariña, Lourenzá, Mondoñedo e Barreiros, Vilalba, A Illa, Vilagarcía, Cuntis, Ribadeo, Fene, Cee, Catoira... ¿Quere que siga, señor conselleiro? —e pido desculpas para aqueles que non nomeei, porque soamente teño dez minutos—.



Señor conselleiro, eu preguntolle: ¿non será tan ousado, na súa réplica, de dicirme que estes son temas puntuais? Porque algún dos seus funcionarios o dixo xa nunha comisión. Nós propoñemos que faga —e voulle pór— deberes a moi curto prazo, porque a lista podería ser moi longa. Pídlle que faga un plan a medio prazo para garantir o Servizo de Pediatría na Atención Primaria en toda Galicia para dar volta á situación actual, xa que máis do sesenta por cento dos concellos non ten pediatra; pídlle que poña en marcha un plan de choque que nos leve a reducir os tempos de espera, tanto en atención primaria como no resto das especialidades, e que sexa transparente. Non esquezamos que a pesar de que as nosas listas de espera non recollen a realidade, a media —podo dicir algúns datos; non vou dicir a media— chega a 129 ou 130 días en Neuroloxía na Área de Santiago e Barbanza ou na de Ourense, Verín e O Barco. Para unha consulta de rehabilitación a espera chega a 154 días na Área de Lugo, A Mariña e Monforte, e a 317 días na de Ourense, Verín e O Barco; e a 150 días para ir a un otorrino na Área de Santiago e Barbanza ou a 219 días para unha ecocardiografía...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ESPINOSA MANGANA: ...—remato, señor presidente— na Área de Lugo e Monforte.

Outro tema que propoño é que aumentemos a convocatoria de prazas sanitarias nas especialidades deficitarias e tamén reducir a diferenza actual, e un plan real de incentivos para as prazas de difícil cobertura, co fin de cubrir todo o territorio galego. Habería moitos máis temas e propostas, pero o tempo non me dá para máis.

Quero tamén que vexa a nosa man tendida. E xa llo dixo o señor Besteiro no debate de investidura, é dicir, que actuaremos con responsabilidade, pero tamén con ambición. E naquel momento propúxolle un acordo de país para que blindásemos a nosa sanidade pública; sanidade pública, na cal os socialistas cremos de verdade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Señor conselleiro, sen tempo non era, ¿non? Vostede dixo que era unha honra e un orgullo estar aquí, pero teño que dicirle que é un orgullo e unha honra tardía porque este é o quinto pleno ordinario deste período de sesións, e vostede só tardou, para vir ao quinto pleno, tres meses desde que foi nomeado conselleiro para comparecer por vontade propia.

O BNG solicitou en varias ocasións que viñese aquí; vostede non o fixo, pero non porque si, senón porque a situación na sanidade galega é un dos máximos problemas que teñen os galegos e as galegas; (*Aplausos.*) un dos máximos problemas. E a imaxe é máis que elocuente: é un dos máximos problemas que teñen os galegos e as galegas e o conselleiro de Sanidade



—responsable da sanidade pública, responsable de practicamente a xestión do cincuenta por cento do orzamento da Xunta— tarda tres meses e cinco plenos en vir comparecer. É unha imaxe que desmente bastante o seu orgullo porque parece que non cadra.

O primeiro que eu teño que dicir é que para facer fronte á situación, primeiro, hai que facer unha diagnose certa; e unha diagnose certa non pode empezar vindo vostede aquí dicirlles aos galegos e ás galegas que estean tranquilos que a sanidade vai ben. Calquera que estea na realidade, e non nunha realidade paralela, lle dirá que non é, non ten... É que non sei en que se sustenta vostede para dicirlles aos galegos e ás galegas que estean tranquilos, cando hai listas de espera, cando non chegan a tempo, cando os enfermos oncolóxicos non chegan a tempo, cando aos enfermos oncolóxicos tardan en facerlles as probas para seguir cos tratamentos, cando teñen previsto que lles poñan quimioterapia e teñen que marchar para casa un día si e outro tamén, como pasa, efectivamente, no Álvaro Cunqueiro. Xa presentamos iniciativas preocupándonos por esa cuestión. E vostede vén aquí dicirlles que estean tranquilos; igual pode estar vostede tranquilo porque sabe a onde acudir, pero a maioría dos galegos e das galegas teñen que agardar e non están tranquilos porque non teñen unha boa atención sanitaria. (*Aplausos.*)

E eu teño que dicirlle tamén que a prioridade non pode ser gañar o relato, señor conselleiro; a prioridade non poder ser gañar o relato a calquera prezo, aínda que este sexa fraudulento; a prioridade non pode estar centrada na espiral mediática, en vez de poñer cuestións reais encima da mesa. E hoxe vostede fixo aquí moitos anuncios; dixo moitas veces «faremos», pero é que vostede hai tres meses que chegou e o Partido Popular volveu á Xunta de Galiza hai quince anos. ¡Non!, vostede non veu aquí como *outsider*; vostede non veu aquí como alguén que pasaba por aí e decidiu ser conselleiro; vostede veu aquí seguir o proxecto do Partido Popular e as políticas do Partido Popular. Non empezou hoxe. Entón, a primeira cuestión é cal é o modelo do Partido Popular para poñer en marcha.

¿Vostede cre que pode vir aquí dicir, quince anos despois —coa poboación mobilizada, cos profesionais ao límite—, que o está estudando?; ¿a dicir que vai facer un plan de recursos humanos para dentro dun ano?; ¿para dentro dun ano, de verdade?! Cando levamos pedindo neste Parlamento insistentemente que se faga ese plan de recursos humanos, ¿vostede vén dicir aquí que dentro dun ano, igual o ten? O primeiro que lle demando é que o faga de inmediato e que se inclúan nos orzamentos de 2025 as partidas necesarias para poñelo en marcha. (*Aplausos.*) Esas si que son accións e non vir anunciar aquí que «faremos»; vostede ten que vir aquí explicar con que recursos e con que medios e non falar de futuribles porque os galegos e galegas non poden esperar.

Levamos anos dando a voz de alarma, señor conselleiro; levamos anos dando a voz de alarma do que ía acontecer e do que, finalmente, está acontecendo. ¿Que fixo o Partido Popular? Mirar para outro lado e seguir coa súa folla de ruta; a folla de ruta do Partido Popular é ben clara: converter algo tan fundamental, como é o dereito á saúde dos galegos e das galegas, en nicho de negocio para as empresas de sempre e para as empresas amigas. (*Aplausos.*) Esa é a folla de ruta —esa é a folla de ruta—.

Fronte ao relato de que todo vai ben e de que os galegos teñen que estar tranquilos, voulle falar dos datos; e os datos din que o recorte en Atención Primaria, desde o ano 2009 ao 2024,



foi de 2.193 millóns de euros. Só con que mantivesen o orzamento de 2009, non con que o aumentasen; só con manter o orzamento de 2009. Terían que ter investido esa cantidade, pero non o fixeron. Igual que estamos á cola do Estado en orzamento para a Atención Primaria. Todos os organismos din que debería dedicarse o 25 por cento do orzamento, pero en Galiza non chegamos nin ao 12 por cento, cando a media do Estado —insuficiente— está en máis do 14 por cento. Voulle poñer o dato: a precariedade, o abuso laboral, a temporalidade, como prácticas constantes. A modo de exemplo: o 50 por cento do persoal de enfermaría ou de médicos de familia son temporais, señor conselleiro. E vostede vén aquí, outra vez, dicir —atentos todos— que o responsable de todos os males é o BNG que non votou a favor desa lei tan fantástica de ofrecerlles prazas de difícil cobertura aos profesionais —que xa fai falta valor—. Vilagarcía é de difícil cobertura; Pontevedra é de difícil cobertura. Na propia lei poñía claramente que era a custo cero e que en ningún caso podía supoñer un aumento orzamentario. ¿Que están facendo? Pois estabilizar os profesionais que xa están no sistema. Parécenos moi ben. O BNG leva reclamando anos que se estabilizasen, e vostedes pasaron de todo. Parécenos ben que estabilizasen, pero non veñan mentir.

E, ¿por que cre vostede, señor conselleiro, que unha parte importante deses contratos fantásticos, que ían solucionar o problema —que non incrementaron nin unha praza máis—, se estea presentando ás OPE ordinarias e que estea fuxindo desas prazas feas que vostedes lle ofertaron?; ¿por que o cre?; ¿será porque teñen unhas condicións moito peores, porque crearon dúas categorías diferentes e porque esas condicións de ter a súa praza no centro de saúde, de ter que facer quendas nos PAC, de ter que facer e seguir [...] son insoportables?; ¿non cre vostede que será por iso? Por iso o BNG votou en contra e volverá facelo porque non soluciona absolutamente nada. Creou dúas categorías diferentes para o mesmo posto de traballo, e os profesionais foxen delas. E aí está a proba.

E o dato é que en Pediatría hai douscentos concellos sen pediatra, señor conselleiro, dos cales, teoricamente, teñen prazas ou nos cales hai prazas de natureza estrutural practicamente no cinco por cento. Desde o 2004 perdéronse 84 pediatras en Galiza. Ese é o dato, e ¿cales son as consecuencias? Pois que todo o Distrito de Valdeorras está sen pediatra: Cerdedo, Forcarei, Lérez, Monteporreiro, Barro, Arcade; practicamente todo o Distrito da Mariña; Verín, Xinzo, con 1.700 crianzas da Limia sen pediatra. Ou no Porto do Son, Outes, Lousame, Lalín, Silleda, Vila de Cruces, Rodeiro e Dozón, se queren pediatra pola tarde teñen que vir a Santiago. Meis, Meaño, Fornelos, Arzúa, Vilalba... podería seguir. E isto é consecuencia das políticas sanitarias sen planificar. Vostedes sabían, desde sempre, cantos pediatras ou cantos médicos de familia se ían xubilar, e non fixeron nada porque non quixeron facelo —non quixeron facelo—. Vostede pode vir aquí dicir que a culpa é do «chachachá». A súa política nestes tres meses é botalles a culpa aos galegos e ás galegas porque van demasiado ao médico, porque cando teñen cita non acoden; igual se hoxe vostede está cunha dor e lle dan a cita para dentro de vinte días, ao mellor, dentro de vinte días, xa non necesita ir ao médico porque xa se buscou a vida. Iso non o din vostedes, pero bótanlles a culpa aos galegos de que fan un mal uso.

Pídelles máis e máis traballo aos profesionais: que fagan substitucións, prolongacións de xornada, que fagan quendas aquí, que traballen en vacacións, que se van de vacacións e teñen unha casa, que aproveiten e pasen unhas horas de consulta; pídelles máis e logo iso, bótalle a culpa a Madrid.



O que non di é que ata o ano 2021, vostedes non convocaron e non ofertaron todas as prazas de Medicina de Familia que tiñan homologadas; fixérono a partir do ano 2021, cando xa era un clamor que faltaban prazas, e non o fixeron porque non quixeron facelo. E agora di «ofertamos non sei cantas prazas» ou «ofertamos 27 prazas de Pediatría», pero a cuestión non é cantas prazas ofertan, senón cantas son necesarias, señor conselleiro. ¿Cantos pediatras faltan xa no día de hoxe e cantos se están xubilando cada ano ou cantos están a punto de xubilarse? E vostede vén aquí encher o peito dicindo que ofertan 27 prazas. ¿Que soluciona esas 27 prazas? Iso é o que nos ten que explicar e tamén cantas quedan sen cubrir, e cal vai ser a alternativa. ¿Sabe cal é a alternativa en que está traballando insistentemente o Partido Popular? En eliminar a Pediatría da Atención Primaria, en centralala soamente nalgúns centros de saúde de cabeceira de comarca. (*Aplausos.*) Iso é o que está facendo o Partido Popular: en deixar os nenos galegos e as nenas galegas sen atención pediátrica especializada.

En relación coas camas, este ano pechan máis camas que nunca: máis de oitocentas camas. ¡Si!, a pesar de que desde o ano 2004 ata o ano 2022 eliminaron 1.400 camas, isto é, unha de cada dez; a pesar de que a Xunta ten concertadas 1.654 prazas coa sanidade privada, é dicir, que o 74,3 por cento das camas privadas son financiadas con cartos públicos; esa é a súa folla de ruta. A pesar de todo iso, de haber menos camas e de haber listas de espera, vostedes seguen insistindo en pechar máis de oitocentas camas cada ano; seguen insistindo, recalco, a pesar desas listas de espera de anos e de meses en oncoloxía e noutro tipo de patoloxías.

Eu lamento, de verdade, que vostede, o máximo responsable da sanidade pública, teña o valor de dicir que non lle preocupan as listas de espera, porque iso significa que a xente quere ir á sanidade. Hai que ter moito valor para dicir iso e para dicir que non lle preocupan as listas de espera, senón que a xente sexa atendida, pero que sexan atendidas as urxentes. ¿E os que levan un ano, e máis, esperando por unha prótese de cadeira, e os que levan un ano, e máis, con problemas pneumolóxicos e os demais casos que non son de urxencia vital, como cre vostede que viven esa realidade?, ¿como cre vostede que empeora a súa saúde?, ¿como cre vostede que logo se enfrontan a unha intervención cirúrxica moito peor que cando consideraron que había que ter esa intervención cirúrxica? Debería vostede ter un pouco máis de prudencia e non insultar así os galegos e as galegas dicíndolles que o importante é que os atendan, pero que o cando xa o veremos. Debería ter un pouco máis de prudencia.

Podemos falar tamén da saúde mental: hai 1.431 galegos e galegas esperando por unha primeira consulta en psiquiatría, e estamos á cabeza en suicidios e en consumo de fármacos. E vostede aquí fala do que vai facer de cara ao futuro; eu agardo que na réplica diga que vai facer xa, porque este problema non é novo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Remato xa, señor presidente.

Tamén podemos falar das listas de espera da atención primaria. Vostede dixo xa en varios medios de comunicación que era demagogia, que non sei cantos son atendidos en dous días, que non sei cantos son atendidos en catro e que só o vinte por cento tarda máis de catro



días. Pero, ¿sabe canto é o vinte por cento da poboación galega? Son medio millón de persoas, ¡medio millón de persoas que son atendidas en máis de catro días!, (Aplausos.) e vostede di que non pasa nada. Pero é que as cifras e as estatísticas valen para que a xente non saiba o que está detrás dos datos. O vinte por cento é medio millón de persoas que agardan 15 ou 20 días ou un mes; esa é a realidade, señor conselleiro. Polo tanto —logo seguirei—, o que lle pido é que abandone esa autocompracencia e nos explique en tempo real que orzamento e que recursos vai poñer á disposición para, no inmediato —non dentro dun ano— e sen a excusa de «xa o faremos», solucionar o gravísimo problema da sanidade pública.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Bos días a todos.

Moitas grazas, señor presidente.

Moitas grazas, señor conselleiro, por vir aquí ao Parlamento a dar conta das liñas nas que está traballando a consellería que vostede dirixe para poder dar resposta aos graves problemas que atravesamos o noso sistema de saúde. Falamos de problemas que non son exclusivos de Galicia, senón que afectan o conxunto do sistema público de saúde de toda España, mais coa vantaxe e a diferenza de que na nosa comunidade hai un Goberno sensible que xa hai tempo que está poñendo medidas riba da mesa para poder paliar moitos destes problemas.

Dito isto, temos que recordar que contamos cun dos mellores servizos de saúde do país. De feito, gustaríame contar desde esta tribuna unha boa noticia que coñecemos a semana pasada e que ten que ver coa xenerosidade do pobo galego. Os datos de doazón de medula ósea en Galicia, que coñecemos a través de ADOS, que é o centro de referencia desde o ano 1998, recoñecen que Galicia é un pobo solidario, con quince mil doantes inscritos no Rexistro español de medula ósea e con 92,6 transplantes de medula ósea por millón de habitantes en Galicia, o que nos sitúa quince puntos por riba da media nacional.

Volvendo ao tema que nos ocupa, ninguén nega que un dos principais problemas que temos en todo o país, non só en Galicia, é a falta de médicos, fundamentalmente de familia e de pediatría en atención primaria. Este é un problema nacional, pero tamén temos que responder correctamente á pregunta, non é cuestión de botarlle a culpa a ninguén, senón de saber quen ten a responsabilidade da falta de médicos que estamos sufrindo. ¿Quen son aqueles que deciden as prazas MIR e as condicións para a formación?, ¿como se elixe esa praza MIR? Pois esta responsabilidade é, exclusivamente, do Ministerio de Sanidade do Goberno de España, señora Espinosa. É responsabilidade do seu partido político, apoiado polo BNG, evidentemente, se non tampouco estaría gobernando. ¿E que pasou nos últimos seis anos en España? Pasou que houbo seis ministros, dos que algúns nin cumpriron o ano na función. Miren e analicen a pouca importancia que o Partido Socialista lle dá ao Ministerio de Sanidade, xa que, despois de usalo de trampolín para algúns dos seus responsables, o último no-



meamento regaloullo, directamente, a Sumar. Esta é a triste realidade: seis ministros en seis anos e ningún deles fixo nada por atopar unha solución.

Sabemos dos problemas que tiñamos, e desde o ano 2016 estase alertar destes problemas. En abril do 2018 todos os conselleiros de Sanidade das comunidades autónomas, de distinta cor política, asinaron un documento —daquela presidía a ministra Dolors Monserrat— que recollía unha serie de medidas a adoptar que o Goberno socialista ignorou en canto chegou ao Goberno de España uns meses despois.

O Partido Popular leva tempo reclamándolles aos diferentes ministros de Sanidade que adopten medidas para flexibilizar a acreditación de prazas MIR, que cambien o método de asignación das prazas, que creen un rexistro estatal de profesionais sanitarios, e un longo etcétera. Estas son medidas dentro do ámbito competencial, única e exclusivamente, do Goberno de España e, desde logo, das que obtivemos un «non» por resposta. Isto é o que di un periódico do 5 de xullo: «*Las vacantes y renuncias de los MIR dejan desiertas 400 plazas de familia*». E isto non é culpa da Xunta de Galicia, isto é culpa do que acabo de dicir, é dicir, é culpa da mala programación que ten o Goberno de España en canto á elección de prazas MIR. E agora non me digan que é en Galicia, porque curiosamente en Cataluña foi onde máis prazas quedaron desertas.

Mentres tanto, ¿que fixo a Xunta de Galicia? Desde a Xunta de Galicia puxéronse, e séguense poñendo, todas as medidas que son posibles. Así, desde o ano 2018, ofértanse o cen por cento das prazas formativas de medicina de familia e de pediatría que se acreditan e contrátase o cen por cento dos profesionais dispoñibles. Isto cómpre recordalo, porque hai paro cero nestas especialidades, a pesar de que moitas veces temos que escoitar algún desinformado dicir que hai médicos dispoñibles.

Outra das decisións importantes e pioneiras que tomou a Xunta de Galicia foi poñer en marcha as medidas concretas para ocupar as prazas de difícil cobertura. Isto fíxose a través da Lei de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión deses postos de difícil cobertura, pola que se habilitou unha oferta pública mediante un concurso de méritos, e non mediante exame, para ocupar esas vacantes, como é, precisamente, o caso dos médicos de familia e dos pediatras. Esta é unha medida pioneira en toda España que xa ofertou 160 prazas de primaria durante o 2022 e 72 no ano 2023, ademais de 60 prazas de pediatría.

Xa sei que lles doe escoitar as verdades, señorías da oposición, pero aquí temos que recordar, e eu vouno lembrar cada vez que estea nesta tribuna, que tanto o Partido Socialista como o Bloque Nacionalista Galego se opuxeron en dúas ocasións neste Parlamento ás medidas, a esas leis de medidas que habilitaron esas ofertas públicas de emprego. A maiores, no ano 2022, Galicia e o País Vasco impulsaron un manifesto para reclamarlle ao Ministerio de Sanidade unhas medidas de choque urxente ante esa falta de persoal en atención primaria. Posteriormente, sumáronse trece comunidades, todas agás as do Partido Socialista, e seguimos esperando resposta; non temos ningunha resposta.

Eu, señorías do Bloque Nacionalista e do PSOE, pídolles colaboración e que o sectarismo político non impida solucionar o maior problema que ten a nosa sanidade, que é a falta de per-



soal médico. Non se poden usar e utilizar os medos da xente como arma política. *(Aplausos.)* Temos unha ministra de Sanidade que foi incapaz de usar as súas competencias para mellorar a situación, mentres que as comunidades autónomas si fixeron o seu traballo elaborando plans de verán e xestionando a falta de médicos. Despois de seis ministros de Sanidade en seis anos non se elaborou ningún plan de continxencia xunto coas comunidades autónomas, cando xa se sabía dende hai catro anos que isto ía pasar. Pero hai quen prefere sacar a xente para protestar á rúa antes que sentar ante unha mesa para traballar e solucionar.

¿Vostedes non son conscientes das dificultades que se atopan no verán?, ¿saben o que é ter un consultorio no que un médico está enfermo, que vai coller unha baixa, e non contar con outro que o substitúa?, ¿saben o que supón percorrer toda España buscando médicos porque non os hai? Se veñen aquí dicir que o ministerio non ten competencias e que todas son das comunidades entón podemos aforrarnos unha ministra de Sanidade. Vostedes falan tan alegremente porque non xestionaron nunca nada; vostedes só saben de camisetas e de pancartas.

Canto aos presupostos de primaria, os presupostos de primaria non baixaron, o que baixou foi o gasto en medicamentos, porque pasamos de medicamentos de marca aos xenéricos. Señora Prado, canto aos números de pediatras, temos exactamente os mesmos que no 2009, isto é, 221 pediatras. Desafortunadamente, hoxe, con menos nenos, pero o número de concellos é o mesmo. E, señora Prado, xa sabe que os únicos que concertan en pediatría son os de Esquerra Republicana de Cataluña, cos que vostedes fan pactos. ¿E que fai a Xunta de Galicia? A Xunta de Galicia leva a cabo un reforzo no verán nos centros de saúde. Escoitamos o conselleiro dicir que, ante esa inanición do Goberno de España de facilitar un marco xurídico que facilite que haxa médicos aos que se poidan contratar, a Xunta está a adoptar medidas para garantir a asistencia sanitaria aos galegos no verán.

Con médicos nunha segunda residencia en zonas nas que aumenta a demanda asistencial no verán que están por optar a traballar en centros de saúde desas zonas, tamén con profesionais doutras comunidades autónomas ou de Portugal; co reforzo dos centros de saúde, dos PAC e das urxencias hospitalarias, con máis de cen MIR que xa se sumaron á encomenda realizada polo Servizo Galego de Saúde; con máis de cen profesionais que xa se anotaron tamén para facer gardas localizadas nos PAC; e abrindo a posibilidade a profesionais do 061 de reforzar os PAC é como se reorganiza a asistencia para garantir a calidade tamén no verán, e tendo en conta a baixada da demanda asistencial na época estival e o dereito que teñen todos os profesionais ás vacacións, ben merecidas despois do traballo. Todo isto deixouno ben claro o señor conselleiro, outra cousa é que vostedes escoiten o que queren.

E se falamos de saúde mental —da que xa se falou aquí—, todos somos conscientes do grave problema que temos neste eido, sobre todo na infantoxuvenil. Pero a Xunta de Galicia sempre demostrou o seu compromiso coa saúde mental facendo Galicia referente neste tema, pois foi unha das primeiras comunidades autónomas en poñer unha folla de ruta, materializada no Plan de saúde mental 2020-2024, mediante o que se crearon o cen por cento das prazas recollidas nos orzamentos. E, desde logo, hoxe tamén podemos dicir con satisfacción que contamos cunha nova Subdirección Xeral de Saúde Mental, que pon de manifesto esa aposta decidida do Goberno de Rueda neste eido. Señor conselleiro, nós esperamos que ese novo plan de saúde mental, xa anunciado, dea continuidade ao que remata este ano.



Outro tema do que se falou son as listas de espera. Nesta cuestión temos que poñer en valor a boa xestión da Consellería de Sanidade, xa que nos permite ter os menores tempos de espera de España para intervencións cirúrxicas e para a consulta de especialista. Nós temos ese plan, ao que se incorporaron recentemente tres patoloxías relacionadas coa saúde da muller e outros catro tipos de linfoma, e temos 115 patoloxías para as que se garante por lei a primeira consulta en 45 días e a intervención cirúrxica en menos de 60. De todo isto xa se beneficiaron, desde o ano 2018, cando entrou en vigor o decreto, 293.000 galegas e galegos. Pero xa sabemos que aos grupos da oposición isto interésalles pouco ou nada, para eles, canto peor, mellor.

O PSOE é moi reivindicativo en Galicia, pero incapaz de convencer a Sánchez e ao ministerio de que asuma as súas propias competencias; e xa non só de convencer, senón incluso incapaz de alzar a voz en defensa de Galicia. E sobre o BNG, xa o vimos esta fin de semana nese Congreso da UPG:...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora AMIGO DÍAZ: Remato xa.

...o seu verdadeiro ADN é o comunismo e a independencia. Non creo que Galicia mereza, nin que os galegos queiran, modelos sanitarios dos países onde gobernan os seus amigos, como Cuba ou Venezuela. En Galicia, afortunadamente, contamos cunha sanidade excelente e un goberno sensible que está poñendo enriba da mesa medidas para poder afrontar os retos aos que se enfrenta.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, ten a palabra o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Grazas, señor presidente.

Señorías, comparezo nesta Cámara coa satisfacción de formar parte dun executivo que decidiu acometer a maior aposta pola sanidade pública da historia, aumentando o orzamento sanitario ata superar os cinco millóns de euros, o corenta por cento do total das contas autonómicas, contratando e poñendo á disposición dos galegos o maior número de profesionais, máis de corenta e tres mil setecentos; aumentando prestacións e equipamentos, coa reforma acometida en múltiples infraestruturas en atención primaria; e con novas actuacións importantísimas en marcha, como a ampliación dos grandes hospitais de Ferrol, da Coruña, de Santiago, de Pontevedra e de Ourense.

Pero hei de recoñecer que, tras a rolda de intervencións dos grupos da oposición, estou fundamentalmente decepcionado; decepcionado ao comprobar o seu escaso interese por mellorar a sanidade pública galega máis alá do oportunismo e da demagogia. (*Aplausos.*) Señorías, sorpréndenme afirmacións en relación coa sanidade pública galega como as que vostedes



teñen feito hoxe aquí nesta Cámara. Esas afirmacións só se poden entender desde o descoñecemento absoluto da sanidade pública e do que supón a atención aos pacientes. Sorpréndenme e recoñezo que tamén me irritan como profesional sanitario que son.

Miren, señorías, coa miña experiencia no exercicio da profesión médica, e como fiel defensor que sempre fun, e son, da sanidade pública galega, considero que algunhas das afirmacións que vostedes fixeron nesta Cámara non son nin atinadas nin responsables. Non é nin atinado nin responsable falar como falan da sanidade pública sen ter coñecemento directo do que falan e sen sustentar o que din con datos obxectivos, porque a maioría das afirmacións que hoxe fixeron aquí son demagogia, cando non falsidades.

Non podo admitir, como conselleiro de Sanidade, pero fundamentalmente como profesional médico, que veñan vostedes aquí debuxando un panorama desolador e catastrofista da sanidade pública, das súas prestacións e dos seus profesionais. Por respecto aos pacientes e aos profesionais da sanidade pública, non deberían dicir o que din.

Miren, en Galicia temos unha das mellores sanidades públicas do mundo. Xa sei que non gusta que o diga, pero non só o digo eu. Hai unhas semanas o señor Lores manifestaba publicamente: «Temos unha das mellores sanidades do mundo, e iso hai que dicilo». Que eu saiba, o señor Lores, que se enorgullece da sanidade pública galega, pertence ao mesmo partido que a señora deputada do BNG.

Hai datos que avalan a fortaleza do noso sistema sanitario público. Estamos á vangarda en políticas de saúde pública; xa sei que non lles gusta que llelo recorde, pero vouno facer. Somos referentes na detección precoz de distintos tipos de cancro; temos o calendario de vacinación infantil máis completo do mundo e tamén de adultos; temos o cribado neonatal máis completo de España; e somos referentes en protonterapia, de feito somos a primeira comunidade de España en tratar con esa terapia un paciente na sanidade pública no futuro.

Tamén durante a pandemia da covid o noso sistema de saúde demostrou a súa eficacia e a súa resiliencia. Galicia foi a comunidade con menor letalidade por covid en maiores de 60 anos (*Aplausos.*) e tamén foi a primeira de España en ter máis dun noventa e cinco por cento da poboación vacinada. Hoxe en día seguimos estando á cabeza en porcentaxe de vacinación con doses de recordo.

Temos, sobre todo, un sistema sanitario sólido, capaz de actuar con axilidade ante cada incidencia e ante cada motivo de tensión. Canto aos problemas xurdidos polas baixas de persoal na unidade de oncoloxía do CHUS, actuamos reforzando quendas e poñendo máis persoal, novos sistemas de xestión do hospital de día e novos equipos para poñernos xa ao día. No hospital de día do Álvaro Cunqueiro, un incremento de demanda motivou un problema; moi ben, actuamos realizando unha licitación dunha obra de ampliación e fixemos manobras para optimizar a xestión e, por encima, reforzamos o persoal. En relación coas ambulancias, axilizamos os trámites para licitar este mesmo mes de xullo os contratos do transporte sanitario non urxente.

Miren, as súas afirmacións sobre a atención primaria non son verdadeiras, son falsas. En Galicia investimos en atención primaria máis que a media nacional. Non mintan, este in-



vestimento non se reduciu nos últimos anos. Ao contrario, e lonxe do que vostedes din, neste 2024 investimos en atención primaria 1.582 millóns de euros; isto supón un dez por cento máis do que vostedes destinaban á atención primaria cando gobernaron. Son datos da Federación das Asociacións de Defensa da Sanidade Pública, que non é sospeitosa de ser de dereitas, recollidos do informe do mes de xuño: cuarto posto en número de médicos de atención primaria, ponderado por poboación, e sexto posto en número de enfermeiras de atención primaria, ponderado por poboación.

Imos á pediatría —moitas grazas pola lección da xeografía galega, agradézoo de verdade—. Vostedes saben mellor que ninguén que o seu relato é ficticio, saben que todos os nenos galegos teñen garantida a atención pediátrica, sábeno (*Murmurios.*), teñan ou non teñan pediatra permanentemente no seu centro, porque ou ben hai un pediatra que se despraza ou se asigna un médico de familia con especialidade en puericultura, ou teñen asignado un pediatra nun centro da súa contorna. (*Murmurios.*) Si, en Galicia temos hoxe máis prazas de pediatría en atención primaria das que había cando vostedes gobernaban, e iso a pesar de que o número de nenos desde entón minguou en case trinta mil.

Mal que lles pese, somos unha das poucas comunidades onde a atención pediátrica nos centros de saúde se realiza no noventa por cento dos casos especificamente por especialistas en pediatría. Falaron de Cataluña; Cataluña concentra todos os pediatras en 79 centros de saúde, que son o vinte por cento dos que hai na comunidade. ¿Gústalles máis ese modelo?

A vostedes écheselles a boca con falacias e con medias verdades sobre a atención primaria, pero o que non din é que o problema da atención primaria é a falta de profesionais, e que este é un problema común a toda España. Non temos médicos de familia comunitaria nin temos pediatras. ¿Que parte da ecuación non entenden? Isto, queiran recoñecelo vostedes ou non, é unha competencia do Goberno de España e do Ministerio de Sanidade, que se teñen desentendido de poñer enriba da mesa solucións para afrontar o verán, un verán a priori máis tensionado, porque os MIR de cuarto curso, que deberían rematar a súa formación en maio e así poder ser contratados, non rematarán a súa formación ata setembro por mor da pandemia.

Pero ¿a que isto era unha crónica anunciada? O Goberno de Pedro Sánchez fai oídos xordos ante as demandas que lle fixemos as comunidades, como son cambiar o sistema de elección MIR, mudar o proceso de acreditación de centros e de prazas formativas, axilizar a homologación de títulos estranxeiros ou permitir que os médicos que queiran poidan traballar ata os 72 anos. O único que fixeron, e para iso tardaron anos, foi aprobar a especialidade de Urxencias, a través dun real decreto que veremos agora o que tarda en poder aplicarse á oferta formativa.

Señorías, fronte aos problemas, a eficacia e a responsabilidade dun goberno ten que medirse na súa resposta. E o certo é que, en Galicia, nos diferenciamos polas solucións que lles ofrecemos aos galegos. Para afrontar o verán con garantías, activamos un plan de reforzo da atención primaria nesta época estival.

En relación cos médicos residentes, o certo é que me molesta enormemente que se cuestione esa medida pioneira da Xunta e que se cuestione a profesionalidade dos MIR de cuarto curso.



Houbo incluso quen tachou a medida de ocorrencia; acertou. Eu convídoos a que consulte o dicionario e repase o significado dese termo, porque «ocorrencia» é unha idea inesperada, unha idea enxeñosa, unha idea aguda, e moitos avances da humanidade producíronse a partir de ocorrencias. Coido que facer este tipo de declaracións é un desprezo ao coñecemento e á experiencia dos médicos residentes en formación.

Aínda que parece que vostedes non o saben, eses residentes son médicos, licenciados en medicina, están a rematar a formación na especialidade e están perfectamente capacitados para desenvolver a súa profesión. ¿Cren vostedes realmente que hai moita diferenza entre os coñecementos que pode ter un médico residente cando acaba a súa formación en setembro e os coñecementos dos que dispón agora?, ¿de veras? ¿Como se facía entón cando o período formativo era inferior?, ¿significa que eran peores médicos?, ¿cuestionan vostedes iso? É absurdo.

Ao igual que é un auténtico absurdo o que di a ministra, porque os MIR non son man de obra barata. En primeiro lugar, porque eses MIR non están contratados, porque as comunidades non os podemos contratar como axuda. Ese modelo galego cos MIR, de referencia para moitos, foi avalado por escrito polo Ministerio, pese a que a ministra parece esquecerlo. Pero escrito está, aquí o mostro (*O conselleiro de Sanidade mostra un documento.*), e fágolle entrega ao presidente da Cámara para que poidan dispoñer del e lelo, por se non o tiñan claro.

Por moito que se empeñen uns e outros, é unha medida que non ten tacha, é unha posibilidade que recolle o seu propio plan de formación. A mellor mostra do acerto e da idoneidade da medida da Xunta é a aceptación que temos logrado por parte dos médicos residentes, xa que é unha aceptación de máis do trinta e seis por cento dos MIR de familia, e isto o que significa é que este verán Galicia contará con 109 residentes. (*Aplausos.*) Creo que este é un xesto de xenerosidade e responsabilidade que todos deberíamos recoñecer e agradecer.

Ante a falta de médicos, non só actuamos a curto prazo para salvar o verán, senón que traballamos a medio prazo coa maior oferta de formación especializada feita nunca na historia: 657 prazas, ofertando o cen por cento das prazas acreditadas en medicina familiar e comunitaria e en pediatría. Xa lles expliquei que tamén é necesario modificar o sistema de elección de prazas, para acabar coa contradición de que queden médicos sen praza e prazas sen cubrir.

En relación coas OPE e os concursos, fomos pioneiros en aprobar unha lei para a provisión de postos de difícil cobertura; fomos a primeira comunidade en convocar un proceso extraordinario por concurso de méritos para cubrir esas prazas. Grazas a esa medida pioneira, convocamos dous concursos que nos permitiron incorporar 342 profesionais sanitarios en sitios moi complicados de cubrir. Por exemplo, no Carballiño, onde, por medio do concurso de méritos da Xunta para prazas de difícil cobertura, se cubriu unha praza de pediatra, e a segunda volverá ofertarse nun novo concurso. En Moaña, no centro de saúde, agora hai tres médicos con praza fixa grazas ao concurso de méritos da Xunta, médicos que cobren gardas no PAC de Cangas.

Falemos claro: O Carballiño, Moaña e tantos outros concellos tiveron médicos grazas á Xunta, e a pesar da súa oposición, a pesar de vostedes. Porque non sei se lembran: vostedes,



PSOE e BNG, votaron en contra, ata en dúas ocasións, desta medida da Xunta, que permite levar profesionais sanitarios a sitios, moitos deles rurais e afastados, que no día de hoxe, se fose por vostedes, estarían sen médicos e sen pediatras. (*Aplausos.*)

Señorías, vostedes sempre tratan de elevar o que é anecdótico e puntual ao rango de categoría e xeneralización. Este verán, como todos os veráns, nun contexto xeneralizado de falta de profesionais sanitarios e ante a inacción do Ministerio, na Xunta puxemos en marcha un plan para garantir a cobertura a todos os galegos, para garantir unha asistencia de calidade en toda a Comunidade. ¿Que é o que non entenden? ¿Que non haxa médicos? ¿Non entenden iso? Pregúntenlle ao Goberno de España, que ten o poder de fabricar médicos. Non entenden que no verán o dereito á prestación sanitaria se mestura co dereito dos traballadores de gozar do seu merecido descanso.

Miren, nós estas cuestións témolas moi claras e moi presentes, e por iso temos un plan, por iso acometemos unha reordenación provisional e xustificada de determinados servizos co fin de garantir a mellor cobertura a todos os galegos, e por iso, de xeito puntual, e dunha maneira xustificada e totalmente transparente, concentramos determinados servizos de asistencia en centros de referencia. Así, señorías, garantimos a cobertura de máis pacientes e tamén durante un horario máis amplo. ¿Non están de acordo con isto? Díganme, entón, como farían vostedes e non digan o que non é. Este goberno non pecha nada, nin centros de saúde nin camas, non; o cen por cento das camas están dispoñibles nos hospitais galegos, o cen por cento das camas están dispoñibles no hospital, e serán usadas se así o require a demanda.

Como non podería ser doutro xeito, tamén no verán facemos unha planificación asistencial nos hospitais. Realizamos unha estimación dos recursos necesarios en función de estudos de actividade e das análises comparativas da demanda rexistrada en anos anteriores. Eses cálculos e esa reorganización supón manter activas este verán un 16 por cento máis de camas das que veremos necesarias; insisto: estarán dispoñibles o 100 por cento en caso de ser preciso.

Vou rematando, non sen antes referirme a outros aspectos que comentaron.

Listas de espera. Non sabía que, segundo o Bloque, o 100 por cento da poboación galega está enferma, non o sabía. Por iso é prioritario, como responsables da Administración sanitaria, garantir que aquilo que non se pode agardar se atenda coa urxencia que require e que o resto se atenda cando sexa posible. Isto, por se non o saben, chámase orientar as políticas sanitarias cara aos resultados de saúde.

E, a pesar de que vostedes queiran maquillar a realidade, as estatísticas están aí. Temos a terceira menor espera media de España para intervencións cirúrxicas, a terceira; (*Aplausos.*) 67 días; a estatal, 128. Para a primeira consulta cun especialista, os galegos esperan de media case un mes menos que o resto de españois. E os servizos de ansioloxía e cirurxía vascular rexistran a menor demora de España. Galicia está en boa situación. En todo caso, o noso compromiso é sempre mellorar e traballar para iso.

Consultas de atención primaria. Xa sei o que nos dirá, pero voulle falar con datos, cos últimos dispoñibles; maio, 75 por cento dos cupos ten oco libre en catro días ou menos; o 55 por



cento dos cupos, oco libre en dous días ou menos; non é unha opinión, son datos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Na túa casa non sei, eu falo de todos, non de ti.

Señorías, non é de recibo que vostedes se dediquen só a criticar e non teñan nada positivo que recoñecer nin nada construtivo que achegar, nada. Parece que non lles importa ningunha das medidas avanzadas nesta Cámara para mellorar a sanidade dos galegos, nin o plan de recursos humanos nin o plan de redución da burocracia, nin os resultados en saúde.

Diso usaremos unha medida técnica orientada a desenvolver indicadores —é importante—, indicadores que miden resultados dun xeito transversal, en distintos servizos e as distintas áreas sanitarias. Non é razoable nin ven como logro ese consenso que temos logrado acadar ao redor do sistema XIDE co Colexio de Médicos. Era un punto de desacordo e co diálogo, en tempo récord, fomos quen de encamiñalo.

Coido que os galegos agardan dos seus representantes públicos algo máis que leas ou tirapuxas. Como responsable da Consellería de Sanidade, man —insisto— tendida a dialogar con todo aquel que estea disposto a falar de xeito respectuoso e construtivo. Revisen as súas acusacións, por favor, revísenas. Non poden vir desmantelar a sanidade pública, nin aos que cren fundamente nela nin aos que traballaron por ela, máis con feitos que con palabras. Seguimos e seguiremos a facer o que sempre fixemos: traballar para garantir a mellor asistencia posible a todas as galegas e galegos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Rolda de aclaracións.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: Señor conselleiro, decepcionado está o noso grupo porque non foi capaz de rebater ningún dos datos que eu lle puxen aquí nin dar resposta absolutamente a nada do que lle propuxemos.

E a sanidade en Galicia ten graves problemas, pero —insisto— non na calidade que nos ofrecen os nosos profesionais. E claro que é importante, por pór un exemplo, a saúde pública, do que falou hoxe vostede aquí, pero se saímos á rúa e preguntamos aos nosos cidadáns, ninguén nos vai trasladar un problema de saúde pública. Están preocupados porque non teñen cita no seu centro de saúde ou porque teñen un atraso moi longo en cirurxía ou nunha consulta no hospital. Señor conselleiro, creo que está absolutamente desorientado de cal é o problema que ten o noso sistema sanitario.

E vostede falaba na súa intervención de ser campións, pero eu dicíalle: campións de estar na cola. Unha atención primaria totalmente colapsada; como dixen na miña intervención, máis de douscentos concellos sen pediatra, cerran os centros de atención sanitaria polas tardes no verán, outros cerran temporalmente por falta de médicos, listas de agarda lon-



guísimas para unha primeira consulta, unha cirurxía ou unha intervención, e ademais sabe, señor conselleiro, que son listas maquilladas, que xa debatemos aquí neste Parlamento esa realidade.

Vostede falábame dun dato: o 10 por cento de incremento dos presupostos en atención primaria dende que deixou de gobernar o Bipartito. ¡Por favor! Entre no Instituto Nacional de Estatística, que o fixen eu aí directamente, e dálle o IPC; foi do 34,3 por cento. Pois simplemente facendo esa cousa directa, porque eu non son médico, pero claro, no de números entendendo, perdemos un 24,3 por cento no presuposto simplemente por IPC.

Pero temos unha contabilidade opaca, que llo di o Consello de Contas. Galicia queda por debaixo da media española. E en médicos e en enfermeiras temos Murcia, que nos gana, si, efectivamente, estamos por riba de Murcia. Índices de temporalidade alta, sabémolo, pero tamén llelo recorda o Consello de Contas. Cerran máis camas este verán nos hospitais que ningún ano. O 061 acaba de dicir que ten serios trastornos para atender ás urxencias por falta de médicos. A prestación da ambulancia do 061 podería verse comprometida. En saúde mental estamos á cola de profesionais de todo o Estado. E, fronte a esta situación, atopámonos sen resposta a datos realmente duros referentes á saúde mental infantil e infanto-xuvenil.

Pero, desgraciadamente, Galicia tamén se sitúa entre as comunidades autónomas que rexistran maior volume de suicidios anuais e maiores taxas de consumo de psicofármacos. Os psicólogos queixanse de que non lles chegan o número de profesionais porque non acadan nin a metade dos recomendados.

Señor conselleiro, pode estar falando tanto tempo como falou vostede, pero realmente falando de datos graves que ten a nosa sanidade. E, ademais, como sempre, o seu Goberno, o Goberno de Rueda, do Partido Popular, sempre está máis preocupado de buscar culpables que de buscar solucións, porque pasan repetindo que o problema é do Goberno de España, e eu insístolle: deixaron de contratar dende o ano 2012 1.541 médicos. E ¿hai un problema de persoal sanitario? Si. ¿Ocorre non só en Galicia? Tamén. Pero ¿hai un problema en atención primaria? Si, e temos un problema debido fundamentalmente ás condicións en que traballan os profesionais.

Señora Amigo, tamén llo digo a vostede, e ao señor conselleiro; de novo, non digan que o problema é de Pedro Sánchez, porque nos últimos seis anos tivemos as maiores convocatorias de profesionais formados de MIR na historia; dá igual que teñamos a maior convocatoria de prazas de MIR da historia, porque, se vostedes non son capaces de ofrecerlles unhas boas condicións, nada podemos facer. Porque —insístolle— ¿por que repiten os MIR por exemplo de primaria? ¿Por que escollen outras especialidades, como dermatoloxía ou cirurxía plástica? Os futuros médicos escollen outras especialidades e deixan de lado a primaria, e negar isto é ir ao abismo.

Creo que é fácil ver a triste realidade, que a poden reverter, pero está nas súas mans, non está no Goberno de España, e o Goberno de España si que incrementou un 40 por cento as prazas de médico de familia, de formación sanitaria, mentres que vostedes eran incapaces



de ofertar as prazas certificadas polo ministerio e incapaces de cubrir as prazas. Eu dígolle que, por favor, doten as prazas de mellores condicións e teremos outros resultados.

E a xente é certo que fai unha valoración moi boa do persoal sanitario, e tamén o facemos no noso grupo, pero o problema que ten non son os profesionais que están aí, o problema que ten son os responsables políticos. E as caras, señor conselleiro, son novas, pero esas caras novas teñen que vir acompañadas de ideas e sobre todo teñen que vir acompañadas de novas intencións que se convertan en realidade e que aposten definitivamente pola saúde pública, que arreglen a infradotación do noso sistema de saúde.

E pensen que os impostos, entre outras cousas...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ESPINOSA MANGANA: ...—remato, señor presidente— están para investir en sanidade e non para beneficiar os máis privilexiados.

En definitiva, a Xunta de Galicia non está á altura das circunstancias que necesitan os enfermos e as enfermas e os usuarios da saúde pública.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Antes de máis, voules dicir aquí ás señorías do Partido Popular que veñan aquí dicir todas as veces que queiran que eu formo parte da Unión do Pobo Galego, do que estou moi orgullosa, de formar parte dun partido político que ten como obxectivo prioritario o benestar dos galegos e das galegas e a redistribución da riqueza para a maioría e non para uns poucos.

Quen debería vir aquí un pouco avergoñarse é o Partido Popular, que o único que fai é ser comercial das empresas, cómplice do espolio do noso país, e estar ocupando o poder non para beneficio da maioría dos galegos e das galegas senón para beneficio propio. (*Aplausos.*) Entón, aí está a diferenza. E, polo tanto, se queren, traio un carteliño, porque nada que ocultar e moito do que sentirme orgullosa.

Señor conselleiro, eu non sei se a vostede lle dixeron, cando accedeu hai tres meses a conselleiro, se lle explicaron cales eran as súas responsabilidades, porque vostede veu aquí e dixo —é que, de verdade, a min faime un pouco de graza—: colocamos médicos grazas á Xunta. Claro, é que non sei se vostede sabe que é vostede quen ten que garantir os médicos, non os repartidores do pan nin das gasosas, que é vostede. Entón, ¡que veña aquí presumir de que garante que haxa médicos! É que é o que lle toca a vostede e aos que estiveron antes. Dígoo porque non sei se quere confundir a alguén, pero esa é a cuestión.



E di que non lle gustaron nada unhas intervencións pouco atinadas, irresponsables... Para atinadas, as súas. Chamounas falsidades. Vostede, agora que ten outra réplica... (*Pronúnciense palabras que non se perciben.*) —Si, dixó que viñamos aquí dicir falsidades—, veña aquí e demostre cales son esas falsidades cos seus datos, demostre cales foron as falsidades que dixen eu aquí e déame os datos contrarios aos que dixen eu, a ver se ten a valentía ou ten eses datos, porque me parece que as cousas non son así.

E dicía vostede que grazas polos datos de xeografía galega. Voulle dar uns cantos máis. ¿Centros de saúde con problemas no noso país? Uns cantos. Unha escolma, pola responsabilidade das políticas sanitarias do Partido Popular. Primeiro, as urxencias extrahospitalarias: falta de ambulancias, insuficientes totalmente; helicópteros que tiñan que estar traballando dezaseis horas e só están traballando doce, porque vostedes llo consenten á empresa e deixan desprotexida a poboación galega durante catro horas, cando é moi necesaria esa atención.

E logo, A Gudiña, A Mezquita, Arteixo, Chantada, O Courel, Pontearreas, Ribadeo, Foz, Trabada, O Vicedo, Muras, O Valadouro, A Pontenova, Cambados, Illa de Arousa, Baltar, Vila-longa, Tui, Teis, Monforte, Ribeira de Piquín, Nadela, Rianxo, Boiro, Ribeira, Outes... ¿Quere que lle siga? Nestes é onde hai mobilizacións. Entón, debería vostede facer unha ruta por aí e preguntarlles por que se están mobilizando e por que teñen problemas.

A seguinte cuestión, señor conselleiro, é que eu pediríalle que respecte un pouquiño os profesionais, e respectar os profesionais non é vir aquí dicir que nós os insultamos, porque nós non responsabilizamos os profesionais da situación da sanidade, responsabilizámoslos a vostedes, ao Partido Popular, non os profesionais, que estamos, cóbado con cóbado con eles e coa poboación, reivindicando medidas para que a atención sanitaria saia do pozo onde vostedes a teñen metida.

¿E vostede cre que pode falar continuamente —volveu dicilo aquí— de que quen ten que fabricar médicos é o ministerio? ¿Vostede cre que lles pode dicir aos profesionais que se fabrican? Non, os profesionais fórmanse, os profesionais cóidanse, aos profesionais respéctanselles os seus dereitos laborais (*Aplausos.*), aos profesionais aténdenselles as súas cualificacións; non se fabrican, non se fabrican, señor conselleiro.

E mire, voulle comprar o de que é responsabilidade do ministerio fabricar profesionais, médicos, cando dixen antes que vostedes non quixeron fabricar os necesarios. Pero ¿quen ten que fabricar enfermeiras, fisioterapeutas, TCA, logopedas, terapeutas ocupacionais, técnicos de raios, de laboratorio, persoal administrativo? Vostedes. ¿E por que non hai persoal suficiente de todas estas categorías? Porque vostedes non os forman e non queren que haxa, porque, se a sanidade pública funciona ben, a sanidade privada non se lucra. Esa é a cuestión. E vostedes están no Goberno da Xunta para facilitarlle ese negocio á sanidade privada.

E vostede di: ¿que diferenza hai entre que lles falten uns meses para rematar aos MIR a que non lles falten? ¿Que diferenza hai, señor conselleiro, en que vostede teña o título e outro profesional que lle falta unha asignatura para aprobar? Que non pode exercer, porque non ten a titulación. Esa é a diferenza, e vostedes pretenden dicir que non pasa nada. Vale.



¿Están supervisados? ¿Vostedes garanten a supervisión? Non, de momento non teñen garantida esa supervisión. Poden saber moito, pero hai que ter a titulación para poder exercer, e vostede sábeo perfectamente.

E vostede tamén sabe que o problema do verán non é que non se poida contratar os MIR porque rematan un pouco máis tarde. A vostede escoiteino nun medio de comunicación e atreveuse a responsabilizar o Goberno do Estado de que empezaron máis tarde pola pandemia e que é culpa deles. Ou sexa... (*Murmurios.*) Non, non, é que vostede deixa perlas continuamente, ¡eh!, non hai desperdicio nas súas declaracións.

Pero mire, é que nos anos anteriores os MIR cando remataban non aceptaban os contratos. Remataban en tempo para poder ser contratados no verán e a inmensa maioría non o aceptaban. Entón, sexan un pouco responsables. Se a maioría non aceptaba e agora aceptan moitos, é porque vostedes co que medio os ameazaron foi con que estes contratos —que xa se verá como poden logo xustificalo— lles puntúan para futuros procesos selectivos, e diante desa chantaxe dunhas condicións en inferioridade de condicións, pois efectivamente aceptan.

E o que vostede non di...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...é que, efectivamente, 42 quedaron sen coller praza en Galicia este ano, e 39 o anterior.

E, polo tanto, eu remato, señor conselleiro, dicíndolle que abandone a xestión da aparencia e as medidas do telexornal, por unha xestión real, que vaia ás medidas estratéxicas con persoal e recursos, que os faga en tempo e forma, non en diferido. Hai que vir á consellería aprendido, non a ver o que hai para dentro dun ano poñerse a poñer medidas; hai que facelas xa. E eu o que lle digo é que as faga xa, que aumente o orzamento real, que elabore ese plan de ordenación dos recursos humanos xa e que vaia incluído nos orzamentos do ano que vén o orzamento preciso para poñelas en marcha; transparencia coas listas de espera, para que saibamos realmente cal é a situación das listas de espera...,

O señor PRESIDENTE: Grazas. Remate, por favor, xa, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ... —remato de verdade, señor presidente— e que incorpore dunha vez por todas os profesionais precisos, que hai para a atención primaria, e que axudarían moito a descolapsar.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Remate xa, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Non diga que se pode, fágao xa, porque houbo máis de douscentos profesionais traballando no plan de atención primaria... (*A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado. Señora Prado, terminou o seu tempo.



(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Non é un problema do conselleiro, é un problema da Presidencia.

Grupo Parlamentario Popular, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Bos días de novo a todos.

Moitas grazas, presidente.

¡O que hai que escoitar aquí! Eu levo aquí desde o ano 2016, coñecín o conselleiro Almuíña, médico de familia; o conselleiro Comesaña, radiofísico, tamén é traballador do Servizo Galego de Saúde; e o señor Gómez Caamaño; todos eles coñecedores do sistema sanitario galego, cunha ampla experiencia, e teño que escoitar a señora Prado dicir que hai que vir aquí aprendido e a señora Espinosa que lle fan os papeis. Pero ¿vostedes pensan que o señor Gómez necesita que alguén lle faga os papeis? (Aplausos.) Ou sexa, ¿coa ampla experiencia que ten, necesita que alguén lle diga como funciona o sistema sanitario?

Señor conselleiro, non espere recoñecemento nin agradecemento de calquera medida de xestión que desde a consellería se implemente para a mellora do noso sistema de saúde. Estamos ante unha oposición sen escrúpulos, que se faga o que se faga, a súa resposta sempre vai ser «non».

Eu pediríalles, señores da oposición, máis respecto polo Sergas, máis respecto polos traballadores e tamén polos galegos.

E, señora Prado, vostede estará moi orgullosa da UPG, eu estou moi orgullosa de pertencer ao Partido Popular, (Aplausos.) o partido que máis se parece aos galegos, o partido ao que os galegos despois desa medicina que lles deron a vostedes nese Bipartito, non lles gustou o que lles daba, e eleccións tras eleccións, desde o ano 2009, seguen confiando en nós, e aquí estamos nós e aquí están vostedes. Esa é a realidade.

Vostedes seguen instaurados nun lodazal, e a min dáme pena que os señores do PSOE lle sigan comprando o discurso ao BNG, porque non aprenderon, non aprenderon; vostedes xa sabe o que lles pasou, fixéronlle o discurso nas autonómicas, pasou o que pasou e seguen comprándolles o discurso.

Aquí escóitanse recortes, precarización, desmantelamento, drama..., fieis ao seu argumentario de sementar medo e faltar á verdade, con ese lema de «minte, que algo quedará», que iso dáselles moi ben.

Tamén se lles dá moi ben iso de facer turismo sanitario con manifestacións aquí, acolá, alí onde detectan que hai un médico que está de baixa e non se atopa outro para substituílo ou non se atopa a ninguén para cubrir, alí van vostedes. Tamén os coñecemos cando ían de Monforte á Mariña pechando hospitais e aí están os hospitais comarcais con máis dotacións que nunca.



Iso si, cando se lles chama para sentarse nunha mesa ou cando teñen que apoiar algunha medida para mellorar o sistema, aí non os atopamos. Son os do «non» polo «non».

E nós somos conscientes de que temos un problema, un grave problema, un problema multifactorial, un problema case universal, e o Goberno do presidente Rueda é consciente e nunca mirou para outro lado, tanto na anterior lexislatura como no programa electoral para esta lexislatura. A saúde das persoas sempre estivo e estará no centro das políticas dos gobernos do Partido Popular. E, de feito, á sanidade adícase a porcentaxe máis elevada do seu presuposto e increméntase ano a ano.

E acabamos de escoitar todas as novas que nos acaba de transmitir o conselleiro de Sanidade, ao cal lle agradecemos que viñera aquí, a petición propia, a esta Cámara, a explicar as liñas que vai seguir a consellería. Ademais, xusto neste momento crítico, o verán, a transmitir tranquilidade e a dicirnos a todos os galegos que, conscientes do problema ao que nos enfrontamos, a consellería ten solucións para poder enfrontalos e mitígalos.

Ese é o obxectivo prioritario: mellorar a xestión de todos os recursos para optimizar o seu uso, protexer e preservar o noso sistema de saúde, mellorando as condicións de traballo dos profesionais sanitarios, para optimizar a atención dos pacientes, sen sobrecargar os facultativos.

Dámoslle a benvinda e ese plan de redución da burocracia, que, segundo lle escoitamos, xa estará en marcha este ano. Sabemos que hai un traballo feito desde hai anos, con logros de altísimo nivel en numerosos eidos. Fomos pioneiros na implantación da historia clínica universal, que tantos beneficios trouxo tanto a profesionais como a pacientes, e eu sempre que podo a poño en valor. Temos ese programa punteiro mundial de xenómica en Galicia, unha sanidade pública envexable que destaca universalmente e internacionalmente, e que aquí non se lle dá importancia ningunha.

Son moitas as novas que hoxe nos anunciou para seguir a senda da optimización, da mellora do noso sistema de saúde. Eu quedo cunha frase que lle escoitei: «Os galegos poden estar tranquilos, o sistema sanitario público de Galicia é sólido e está preparado para afrontar calquera conxuntura.»

A oposición tamén ten a súa folla de ruta, evidentemente, unha folla de ruta chea de falacias e de relatos, que non de datos, e non espere, señor conselleiro, ningún recoñecemento, ningún apoio.

Nós desexámoslle saúde, forza, éxitos a vostede e ao seu equipo, para poder levar a cabo todos os cometidos e proxectos que teñen diante nesta lexislatura, que comezamos hai pouco.

Señor conselleiro, sabemos que este cometido que ten diante requirirá esforzo, compromiso e paixón, pero estamos seguros de que vostede e o seu equipo tamén van poñer todo o empeño en que isto saia adiante. Cada paso que vostedes dean redundará nunha mellor sanidade para a nosa Comunidade.



Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da comparecencia, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Prado, os datos que eu teño son os da Consellería de Sanidade; que eu saiba, é a única que ten todos os datos de Galicia. (*Murmurios.*) É así. E en relación co enfado polo termo de «fábrica», é un símil; non sei se o entende, pero é un símil.

O obxectivo da miña primeira comparecencia como conselleiro de Sanidade nesta Cámara era explicar a grandes trazos os principais obxectivos e liñas estratéxicas de lexislatura, cos programas, medidas e ferramentas que estamos a impulsar xa de cara a conseguilos. Sinto que os grupos da oposición se limitasen, novamente, a seguir vertendo acusacións que non responden á realidade; parece que o único que os move é facer ruído.

Señorías, a folla de ruta da Consellería de Sanidade para os vindeiros anos pode resumirse en tres conceptos básicos: optimización do sistema sanitario público, prevención como chave de saúde dos galegos e innovación e investigación para seguir na vangarda.

Esa liña de acción do Goberno galego en materia de sanidade está sustentada en dous principios para nós preferentes: coidar os pacientes e coidar os que velan pola saúde deses pacientes, que son os profesionais da sanidade pública galega. Sen eles, sen o seu traballo, sen a súa dedicación, sen a súa entrega, non gozaríamos da sanidade de vangarda que temos. É xusto recoñecelo.

Señorías, falo de optimización, polo noso deber como administradores dos recursos públicos. Debemos sacar o máximo rendemento a máis de 5.000 millóns de euros de orzamento do que dispoñemos e debemos asegurar que cada euro teña a maior utilidade posible para os cidadáns, orientando —repito— as nosas políticas cara aos resultados en saúde. Neste camiño, cobran especial relevancia as medidas nas que centrei a miña intervención:

En primeiro lugar, o plan de recursos humanos, que nos permitirá definir, ordenar e mellorar a disposición dos profesionais en todo o territorio, atendendo ás necesidades de cada zona, para garantir a mellor asistencia sanitaria á poboación, e terémolo no prazo dun ano.

En segundo lugar, o plan de redución da burocracia, que aprobaremos este mesmo ano, para facilitar o traballo dos profesionais, para que non perdan tempo innecesario en papeleo e o dediquen ao importante, que é o tempo de atención ao paciente.

Finalmente, un plan centrado especialmente en atención primaria, que nos permitirá fortalecer a relación médico-paciente.



Non son só promesas e palabras baleiras, señoría, son medidas concretas que lle relatei e que van permitir reforzar a atención clínica e evitar citas innecesarias. Seguiremos tamén impulsando a prevención, porque nos permite mellorar a saúde e evitar a aparición de enfermidades. Incluso cando as enfermidades aparecen, os cribados axúdannos a anticiparnos e a poder tratalas de maneira máis efectiva.

Outro pilar básico da nosa acción de goberno será a innovación e a investigación en sanidade, pola importancia que ten estar sempre á vangarda e ofrecerlles aos galegos os mellores tratamentos e as mellores tecnoloxías. Queremos que os nosos profesionais sanitarios —tamén os de atención primaria— poidan desenvolver o seu labor docente e investigador, para que sempre poidan estar á última dos coñecementos e da innovación sanitaria.

O Centro de Protonterapia de Galicia, o Centro de Terapias Avanzadas, o Proxecto Xenoma, as vacinas internasais e a aplicación da intelixencia artificial ao campo sanitario son todos bos exemplos do camiño polo que queremos transitar. Aínda que a vostede parece non gustarlle, na Xunta planificamos e ordenamos todo o capital humano do que dispoñemos. Puxemos en marcha un plan de cobertura con medidas ordinarias e extraordinarias que nos permitirá asegurar a asistencia sanitaria en todo o territorio galego.

Acometemos, como todos os veráns, unha reordenación provisional —a mínima— e por un prazo de tempo limitado en determinados servizos, centralizándoos en centros de referencia co fin de garantir a cobertura nun horario máis amplo e a máis pacientes. Non é algo novo, é algo que facemos todos os veráns de xeito puntual, transparente e por tempo totalmente limitado. Anticipámonos e preparámonos para cubrir o verán afrontando esa escaseza de médicos, que é un problema xeneralizado en toda España. E o Goberno dedícase a sestear, sen amosar vontade ningunha de axilizar as accións que lle vimos reclamando desde todas as comunidades autónomas.

Vou rematando, non sen antes referirme a outra ferramenta que queremos que sexa esencial nesta nova etapa da Consellería de Sanidade: o diálogo. O diálogo entre os distintos grupos desta Cámara é fundamental e é necesario para unir esforzos con ánimo construtivo e resolutivo e para avanzar en optimizar a sanidade pública galega; e tamén o diálogo e o acordo entre todos os grupos desta Cámara serán estratéxicos á hora de reclamarlle, con unanimidade, ao Goberno de España que poña solucións ante a escaseza de médicos. *(Aplausos.)*

Señorías, bríndolles a miña man nesta nova andanza que temos por diante, con moitos retos pero cunha grandísima ambición. Teranme ao seu carón en todo o que sexa fortalecer o noso sistema público de saúde, sendo obxectivos e rigorosos, pero atoparanme de fronte cando traten de utilizar a sanidade pública como arma política. Nesta lexislatura que estamos iniciando, convídoos a sumar, a facer propostas realistas e a defender o noso Servizo Público de Saúde. Desde a Xunta —e así o comprometo nesta Cámara— continuaremos impulsando e implantando medidas para avanzar na transformación do sistema e para revolucionar a sanidade.

Somos o maior polo de innovación asistencial de España e somos un equipo de máis de coarenta e tres mil profesionais, con múltiples e ilusionantes aspiracións. Queremos unha sa-



nidade pública que sexa empática e rápida cos pacientes; que sexa robusta e sólida, pero tamén áxil e flexible para adaptarse ás necesidades e ás prioridades socioxeográficas da nosa poboación; que sexa eficiente co sistema; e que estea orgullosa de si mesma e con sentimento de pertenza. En resumo, queremos unha sanidade boa, á altura do que desexan e queren todos os galegos.

Moitas grazas pola súa atención. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Comparecencia do conselleiro de Facenda e Administración Pública, por petición propia, para informar sobre as liñas estratéxicas da Consellería de Facenda e Administración Pública para esta lexislatura

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Miguel Corgos López-Prado.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Grazas, presidente.

Señorías, bos días.

Comparezo hoxe, a petición propia — como acaba de indicar o presidente —, perante o Pleno do Parlamento galego, para dar conta das liñas estratéxicas da Consellería de Facenda e Administración Pública para esta lexislatura.

Señorías, estamos ante os primeiros meses dunha nova lexislatura e coido que é un bo momento para trasladar os obxectivos desta e debater cos grupos parlamentarios sobre como afrontalos.

Se tivese que citar algunha fortaleza de Galicia, referiríame a que mantén unha estabilidade política, institucional e financeira que estamos logrando reafirmar ano a ano. Esta estabilidade supón unha vantaxe comparativa e contribúe de xeito determinante a que Galicia sexa unha das comunidades máis recoñecidas polo seu bo desempeño fiscal. É un orgullo poder dicir en sede parlamentaria que Galicia, un ano máis, se amosa como unha das comunidades autónomas máis solventes de España, con políticas rigorosas, responsables e prudentes, cumprindo as taxas de referencia de déficit e de débeda, que voltan ser obxectivos no ano 2025, sendo a comunidade que menos incrementou o seu endebedamento na última década, ademais de ser a autonomía que paga con máis rapidez aos seus provedores.

Nesta comparecencia, tentarei estruturar en dez puntos os principais asuntos que afrontamos durante os vindeiros catro anos para seguir a ser, como ata o de agora, unha comunidade autónoma de referencia no noso país. Señorías, se algo caracteriza o Goberno galego dende hai quince anos, é a estabilidade política que achega a nosa comunidade autónoma, o



que nos permite tomar decisións sen ningún tipo de condicionante e pensando única e exclusivamente no benestar dos galegos e das galegas.

Cando hai algo máis de medio ano o presidente da Xunta convocou eleccións autonómicas, fíxoo tras aprobar os orzamentos hoxe en vigor, que puidemos executar con normalidade dende o primeiro día do ano e que seguimos a executar tras os comicios. E estámolo a facer a pesar dos atrancos que veñen de Madrid, cun Goberno central que atrasou sete meses a actualización e o pago das entregas á conta para este exercicio 2024, o que supuxo xa un prexuízo de dous millóns de euros ao día — máis de trescentos cincuenta millóns de euros no que vai de ano— e un gasto en xuros de catro millóns de euros. E agora levamos outra sorpresa, xa que as contías comunicadas mostran un desfasamento de vinte e un millóns menos en relación aos recursos comunicados no pasado mes de decembro, sen que, polo momento, o Goberno central dese explicacións desta diferenza.

A isto sumouse que o Goberno central, por mor da convocatoria electoral en Cataluña, renunciou, xa no mes de marzo, á súa obriga constitucional de presentar unhas contas para o presente exercicio. Galicia non foi a eleccións ata ter aprobados os seus orzamentos, e os comicios de Cataluña provocaron que o Goberno central renunciase a elaborar as súas contas, que, como acabo de dicir, é unha obriga constitucional. Isto é mostra de dous modelos claramente antagónicos.

O noso primeiro compromiso é seguir aprobando cada ano, en tempo e forma, os orzamentos para Galicia, que son a concreción económica das liñas programáticas do noso Goberno. Neste senso, xa estamos a traballar dende o pasado mes para elaborar as contas para o ano 2025. Tal e como se recolle na orde publicada no *DOG* do 18 de xuño, os orzamentos do vindeiro ano impulsarán a vivenda e as infraestruturas sanitarias, e priorizarán a execución dos fondos de recuperación e resiliencia no seu último exercicio completo para dar cumprimento aos fitos e aos obxectivos previstos.

Para o ano 2025 seguiremos a impulsar o crecemento da economía galega a través dos investimentos estruturais precisos para contar cun tecido industrial máis moderno, produtivo, sostible e competitivo. Ademais, nas contas do vindeiro ano, proseguiremos coa modernización dos servizos públicos autonómicos:

Potenciaremos o parque de vivenda social —como dicía—, apoiando as familias e os colectivos máis vulnerables co obxectivo de reducir o risco de exclusión, en liña cos retos do Plan estratéxico de Galicia 2020-2030.

No eido sanitario, investiremos para dotar a sanidade pública con equipos, infraestruturas e medios que garantan unha cobertura sanitaria que incida na mellora da saúde da poboación en xeral.

En educación, realizaremos investimentos que contribúan á formación de calidade e á igualdade de oportunidades a través dunha Administración educativa moderna, dinámica e innovadora, cunha aposta decidida pola formación profesional e polas novas metodoloxías e con currículos adaptados á oferta de emprego. Quero salientar que, xa a partir do vindeiro



mes de setembro, co novo curso académico, Galicia aplicará a gratuidade das matrículas universitarias, consolidando así o modelo de educación gratuíta dende a gardería ata a educación superior. Deste xeito, Galicia será a primeira comunidade de España en acadalo. *(Aplausos.)*

En relación cos servizos sociais dos orzamentos do ano 2025, centrarémonos en seguir apoiando os colectivos máis vulnerables e os servizos máis vencellados aos maiores, como a dependencia, a discapacidade e a loita contra a soidade non desexada.

Todo este traballo estamos a facelo coa dificultade engadida —como dicía antes— de que o Goberno central aínda non explicou como vai cumprir as regras fiscais para o vindeiro ano. Polo tanto, descoñecemos os obxectivos de estabilidade e a nova taxa de referencia fiscal aprobada polo Regulamento comunitario 1263/2024, do 30 de abril.

Outra liña estratéxica para esta lexislatura é, sen dúbida, manter Galicia como unha comunidade fiscalmente competitiva, o que nos permitiu situarnos como un dos territorios nos que as rendas medias e baixas pagan menos impostos. A nosa política fiscal ten como prioridade facer compatibles as rebaixas fiscais e os servizos públicos de calidade, que é o modelo que queren os galegos e as galegas e que leva a que nos revaliden nas urnas cada catro anos. *(Aplausos.)*

Os galegos non queren nin descontrol na suba de impostos nin descontrol no gasto. Por iso, nós apostamos por este *mix* de rebaixas tributarias e de servizos públicos de calidade, para que os galegos e as galegas se beneficien da boa xestión da Xunta de Galicia. Señorías, isto é exercer a autonomía fiscal, priorizando os colectivos que máis o precisan, como as familias numerosas, os mozos ou as persoas con discapacidade. Permítanme expoñer algúns datos que simplifican este modelo.

No IRPF aprobamos xa catro rebaixas do tramo autonómico nesta última década para favorecer, en maior medida, as rendas medias e baixas. Nesta campaña de IRPF que acaba de rematar, os galegos aforraron de media 476 euros en relación ao que pagaban no ano 2009. Como novidade, somos a primeira comunidade de España que equipara as familias de dous fillos coas numerosas, cunha dedución na cota de 250 euros por dous fillos, que se duplica para os tres fillos ata 500 euros e 250 euros adicionais por cada fillo.

No imposto de sucesións e de doazóns, Galicia é a comunidade autónoma co mellor tratamento fiscal neste imposto para os familiares directos, pois o 99,9 por cento —como saben— destas herdanzas non tributan. Tal e como prometemos, nesta lexislatura daremos un paso máis e continuaremos a reducir a tributación das herdanzas entre parentes. Cumpriremos o dito, e as herdanzas de ata vinte e cinco mil euros entre irmáns, tíos, sobriños, sogros, cuñados e xenros non pagarán por este imposto. *(Aplausos.)*

No imposto de transmisións patrimoniais, en materia de vivenda, priorizamos os mozos, os menores de 36 anos, as familias numerosas, as persoas con discapacidade e os colectivos desfavorecidos. A pasada lexislatura rebaixamos dous puntos, ata o oito por cento, o tipo xeral e mantivemos todos os tipos reducidos: do sete por cento na compra de vivenda habi-



tual cun límite de patrimonio; do cinco por cento cando a compra se realiza en zonas pouco poboadas; e do tres por cento para menores de 36 anos, persoas con discapacidade, familias numerosas e colectivos desfavorecidos. Ademais, eliminamos este imposto para estes colectivos se compran unha vivenda habitual nestas zonas pouco poboadas. Con estes tipos reducidos Galicia é a comunidade de España con menor tributación para mercar unha vivenda habitual no rural.

Estes tipos reducidos manterémolos tamén para esta lexislatura. Contamos cun programa, o programa Impostos cero no rural, que é pioneiro en España e que elimina os impostos patrimoniais que son competencia da Xunta de Galicia cando se mobilizan terras agrarias ou se aposta pola actividade agrogandeira. O obxectivo é favorecer o medio rural a través da política fiscal da Xunta, que consiste en eliminar os impostos autonómicos cando a actividade se produce neste eido. Trátase de mobilizar terras en desuso, aumentar a competitividade das explotacións xa existentes e fixar a poboación no medio rural.

Igualmente, nos orzamentos en vigor baixamos ata o seis por cento o tipo para adquirir unha vivenda para a súa rehabilitación de xeito inmediato e ata o catro por cento en zonas de baixa densidade de poboación. E rebaixamos máis da metade o imposto de transmisións patrimoniais para comprar vehículos usados, pasando do oito por cento ao tres por cento, ademais de eliminar este imposto para a compra de vehículos cualificados de baixas emisións e de vehículos de mobilidade persoal. Este é un modelo —como digo— que combina as rebaixas selectivas de impostos e os servizos públicos de calidade, e que permitiu aforrar aos galegos e ás galegas 1.300 millóns de euros na pasada lexislatura.

Ademais, nesta lexislatura seguiremos a reforzar a loita contra a fraude fiscal, priorizando as medidas de prevención e facilitando a asistencia ao contribuínte. Ao respecto, só no ano 2023 a Atriga aflorou máis de noventa millóns de euros de débeda non detectada, e realizou máis de 1,7 millóns de euros de asistencias aos contribuíntes, das que case 1,5 millóns foron a través da Oficina Virtual Tributaria, e atendeu de xeito presencial case cento sesenta e cinco mil contribuíntes, dando prioridade aos maiores de 65 anos, para os que houbo case sete mil setecentas atencións presenciais.

Señorías, o Goberno galego —reitero— aposta por unha política económico-financeira rigorosa, responsable e prudente, que está levando a cabo dende o ano 2009 e que está tendo, ao meu xuízo, bos resultados. Esta sustentabilidade das finanzas públicas é sempre positiva, pero cobra máis importancia —se cabe— nun momento no que se recuperaron as regras fiscais —como dicía antes— suspendidas por mor da pandemia e que xa están operativas neste ano 2024, aínda que o Goberno central —como dixen—, polo momento, non deu pistas sobre o que quere facer para cumprilas nin sobre como se distribuirán entre os diferentes niveis da Administración.

A estabilidade orzamentaria constitúe un elemento esencial para garantir a sustentabilidade do estado do benestar. Este Goberno levou a cabo unha responsable e prudente xestión do endebedamento, como recurso necesario para o financiamento dos servizos públicos esenciais, pero salvagardando en todo momento a solvencia financeira da comunidade. Fomos quen de superar dúas crises, a financeira e a pandémica, en mellores condicións que a media



e demostrando que se poden reforzar os servizos públicos cumprindo as normas e cadrando as contas.

A nosa estratexia de endebedamento responsable, sendo Galicia a comunidade que menos o aumentou dende 2009, facilita que a nosa posición sexa moito mellor que hai quince anos, cando estabamos entre as autonomías máis endebedadas. Co último dato coñecido do Banco de España, correspondente ao primeiro trimestre deste ano, Galicia ten hoxe seis puntos menos en *ratio* de débeda PIB que a media das comunidades autónomas: o 16,2 por cento fronte ao 22,2 por cento. Galicia debe hoxe 2.209 euros menos per cápita que a media das comunidades autónomas, isto é, 4.582 euros fronte a 6.790 euros. Este endebedamento responsable permite que Galicia estea en niveis de endebedamento de hai máis dunha década, pese a que foi necesario aumentalo na pasada lexislatura —como dicía— por mor da pandemia.

Quero lembrar que o orzamento en vigor é o primeiro, en dezaseis anos, sen endebedamento neto. Agora queremos seguir a reducir aínda máis esta *ratio* de débeda PIB ata o 15,4 por cento do PIB a finais deste ano, coa previsión de ilo baixando de forma progresiva medio punto cada exercicio durante toda esta lexislatura, ata rematala por debaixo do catorce por cento. (*Aplausos.*) Esta rebaixa da *ratio* de débeda PIB non é un fin en si mesmo, senón que é un medio para xerar espazo fiscal para futuras crises, para minimizar o custo do servizo da débeda da Comunidade Autónoma e para pagar máis axiña aos nosos provedores. E como estamos convencidos de que un dos piares da política económica sobre a que podemos incidir máis directamente é que a Xunta de Galicia pague de xeito áxil e eficiente aos seus provedores, outra prioridade é que Galicia siga a estar entre as comunidades á cabeza do período medio de pago. Porque se a Administración non funciona ben, as prexudicadas son, precisamente, as familias e as empresas.

Os datos que mes a mes publica o Estado sobre o período medio de pago confirman a Galicia como a comunidade autónoma de referencia neste indicador. De feito, xa se considera normal que Galicia estea entre as comunidades autónomas que lideran o pagamento áxil aos provedores. O último dato publicado, correspondente ao mes de abril, sitúa a Galicia como a comunidade que paga máis axiña, en trece días; menos da metade da media, que supera os trinta e un días. Este dato é a verdadeira política económica útil, pois o ano pasado pagamos facturas por un importe de 3.619 millóns de euros a algo máis de vinte e dous mil provedores —como dicía—. Neste exercicio, ata o mes de abril, xa aboamos máis de noventa e cinco millóns de euros —cen millóns de euros máis que un ano antes— a máis de sete mil setecentos provedores. (*Aplausos.*)

En materia de fondos europeos, Galicia ten acreditada unha boa xestión, pois ten demostrado sobradamente o seu exemplar comportamento na execución dos recursos comunitarios. Segundo os últimos datos da Unión Europea, concretamente os datos da Comisión Europea do 3 de xullo de 2024, a execución dos programas rexionais Feder e a do Fondo Social Europeo correspondentes ao último período de programación superan 9,4 puntos a media de España e en case dous puntos a media da Unión Europea. Pero non nos conformamos, e queremos seguir optimizando a xestión dos fondos europeos, así que buscaremos mellorar a eficiencia na execución dos fondos europeos a través dun seguimento pormenorizado das distintas



fases de xestión destes, desde o orzamento e a súa execución ata a certificación dos gastos a Europa.

Nesta lexislatura, executaremos con axilidade ao completo o Plan de recuperación, transformación e resiliencia, os fondos Next Generation, pese á falta de cogobernanza do Goberno central coas comunidades autónomas. A 31 de maio deste ano, a Xunta xa tiña autorizada a publicación de convocatorias por 1.107 millóns de euros, dos que adxudicou o 91 por cento; é dicir, 1.007 millóns de euros, o que supón o 94 por cento dos recursos ingresados pola Administración xeral do Estado na nosa comunidade autónoma.

O propio Ministerio de Economía do Goberno de España sitúa a Galicia como a segunda comunidade coa taxa de resolución máis alta, concretamente do 81,3 por cento, o que supón 22,5 e 22 puntos máis que a media das comunidades autónomas e que a Administración xeral do Estado, respectivamente. Por esta razón, reiteramos a nosa demanda dunha maior capacidade de xestión destes fondos europeos, con máis recursos asignados, pois entre as comunidades autónomas máis beneficiadas, polo xeral, están aquelas cun PIB per cápita máis alto. Reiteramos, tamén, a demanda de que Galicia poida xestionar cun sistema de cooperación e de cogobernanza os fondos dos PERTE, para apoiar con maior axilidade e eficacia ás empresas galegas e para recibir información sobre os procedementos que se aplican aos remanentes de recursos unha vez que se acaden os obxectivos ou os avances dos PERTE.

Tamén queremos dispoñer dunha planificación temporal dos posibles fondos adicionais que se reciban ata mediados do 2026, posto que non recibimos ningunha información ao respecto, e contar con flexibilidade á hora de deseñar os investimentos, con convocatorias máis axustables ás necesidades e particularidades das comunidades autónomas, de forma que Galicia poida decidir o xeito de executar o investimento no seu territorio.

Outro obxectivo é promover a coordinación, a complementariedade e as sinerxías das distintas actuacións financiadas con fondos europeos. Para iso, impulsaremos a complementariedade das operacións dos fondos das políticas de cohesión, dos fondos sectoriais, do Feader e do FEMPA, e das actuacións dos fondos asociados ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia. Como novidade, nesta lexislatura creamos o Servizo de Estudos e Atracción doutras Fontes de Financiamento Europeo, para coordinar e realizar un seguimento para captar proxectos no marco dos programas de cooperación territorial europea, en colaboración coa Fundación Galicia Europa en Bruxelas.

Ademais, promoveremos unha xestión financeira eficiente e orientada a resultados a través da redución da complexidade administrativa na xestión dos fondos europeos para axilizar a asignación e a xestión co uso da opción de custos simplificados; para implementar solucións tecnolóxicas innovadoras para mellorar a eficiencia na xestión dos fondos públicos; para priorizar os proxectos de alto impacto socioeconómico; e para impulsar a atracción de financiamento doutros fondos europeos de xestión directa ou de xestión compartida. Así mesmo, fortaleceremos a gobernanza na xestión dos fondos europeos tanto a nivel interno como cos axentes económicos e sociais e outras administracións estatais e europeas.



En materia de planificación, Galicia foi pioneira en someter a súa actuación do Goberno a un sistema de planificación estratéxica, e os resultados son moi positivos, pois nos sitúan entre as comunidades autónomas que máis progresaron nos últimos anos en crecemento de renda per cápita, polo miúdo, e na converxencia con España. Evidentemente, este non é un logro do Goberno, é un logro colectivo de toda a sociedade, pero pensamos que a planificación e esta boa tendencia teñen moitos méritos que derivan do plan estratéxico da comunidade autónoma. Esta boa tendencia vese confirmada ao longo do tempo, pois, en termos de PIB per cápita, a riqueza por habitante, o crecemento de Galicia no período de 2008-2022, é notablemente superior á media de España, segundo os datos do INE. Somos a segunda comunidade autónoma na que máis medrou a riqueza por habitante nos últimos quince anos. (*Aplausos.*) En concreto, o avance de Galicia é do 22,5 por cento, mentres que o conxunto de España queda no 16,7 por cento, cun diferencial positivo de case seis puntos —como dicía—, segundo indica o propio INE.

Así, o avance da converxencia de Galicia en termos de PIB per cápita é moi importante neste período, de 4,4 puntos, ata situarnos no 92 por cento da media española; este é o mellor dato histórico das estatísticas do INE. Estes bos datos —reitero— confirman que a planificación funciona. Por iso na pasada lexislatura aprobamos o Plan estratéxico 2020-2030, que estamos a executar ano a ano. De feito, os obxectivos fixados para o orzamento do 2025 continuarán a ter o plan estratéxico como un horizonte das liñas de investimento e de gasto.

Con esta folla de ruta temos establecidas de xeito claro as prioridades e os retos para esta década, entre os que están —lémbrolles—: acadar, no ano 2030, a práctica converxencia con España en termos de renda bruta dispoñible e superar o noventa por cento do PIB per cápita da Unión Europea; aumentar un dez por cento a taxa de ocupación e rebaixar a taxa de paro ata o oito por cento; reducir á metade o desemprego xuvenil e diminuír seis puntos a temporalidade; e eliminar as fendas de xénero cunha equiparación das taxas de ocupación feminina e masculina.

Estes son só tres das metas que fixamos para esta década e, como queremos cumprilas, facemos un seguimento anual da evolución e do cumprimento do PEG, para axustar os seus indicadores ao propio orzamento, que están enfocados a unha execución por obxectivos. A maiores, nesta lexislatura, levaremos a cabo unha avaliación intermedia do propio Plan estratéxico, para comprobar como están a evolucionar os indicadores do plan, co ánimo de avaliar, reforzar ou corrixir, segundo o caso, todos ou cada un deles, para encarar con éxito os retos para a segunda metade da presente década.

Respecto do emprego público, o diálogo social e a negociación colectiva mantida cos representantes dos traballadores permitíronnos nos últimos anos chegar a moitos e importantes acordos, sendo o máis salientable o Acordo de concertación social de emprego público de Galicia. Penso que esta liña de diálogo é moi positiva e, polo tanto, debemos mantela. Por iso me comprometo a que nesta lexislatura manteñamos esta negociación colectiva de xeito continuado e útil, na procura de novos pactos que sirvan para mellorar as condicións dos empregados públicos e tamén para mellorar a prestación dos servizos á cidadanía.

Señorías, dende o Goberno galego estamos a levar a cabo un importante proceso de transformación e de modernización da Administración pública, que se centra en homoxeneizar



as condicións de traballo do persoal empregado público, rematando os procesos de funcionamento do persoal laboral fixo, para que a maioría dos postos de traballo os desenvolva persoal funcionario; reducindo a temporalidade no emprego público e modernizando o cadro de persoal; sistematizando a organización periódica de probas selectivas; implantando a carreira administrativa do persoal funcionario e o complemento de desempeño do persoal laboral; e potenciando a dixitalización na xestión do persoal, para axilizar a provisión de postos de traballo e a promoción do persoal.

De cara á presente lexislatura, tamén nos comprometemos a continuar a desenvolver os procesos selectivos para afrontar o reto de renovación de efectivos e de responder as novas necesidades que ten que afrontar a Administración autonómica. Para iso, prevemos convocar nos vindeiros catro anos máis de catro mil novas prazas e tamén poremos á disposición pública un calendario de prazos dos procesos selectivos que achegue certezas aos milleiros de aspirantes que se esforzan por conseguir unha desas prazas. Tamén estableceremos listas de contratación de persoal abertas permanentemente, cun sistema de fácil acceso, que permitirá, entre outros aspectos, que os mozos que rematen os seus estudos se poidan incorporar a elas e ter a primeira experiencia profesional no seo da Administración galega. Así mesmo, culminaremos a estabilización do persoal empregado público con máis de seis mil persoas beneficiadas este mesmo ano, co que a taxa de temporalidade quedará na contorna do sete por cento. Finalmente, diminuiremos os tempos para resolver os procesos selectivos para garantir un prazo máximo dun ano dende a súa convocatoria.

E seguiremos a desenvolver o primeiro Plan de igualdade con medidas como a promoción dos espazos de lactación; a ubicación de escolas infantís en edificios administrativos; a universalización da formación en igualdade; a priorización do xénero menos representado no acceso ao emprego público cos mesmos méritos; e a elaboración e difusión das guías de linguaxe inclusiva, da guía de conciliación da vida persoal, familiar e laboral na Administración da Xunta de Galicia ou dun código de boas prácticas en materia de prevención do acoso sexual e do acoso por razón de sexo, de xénero, de identidade de xénero e da súa manifestación.

Señorías, un dos grandes retos da Administración autonómica da terceira década do século XXI é que a cidadanía nos vexa como un aliado efectivo para dar resposta aos seus problemas. Nos últimos anos reforzamos de xeito substancial o funcionamento da Administración autonómica —como dicía— co obxectivo de acadar unha maior racionalización e axilización administrativa e de afondar na modernización dos procedementos e dos servizos prestados aos cidadáns. Desenvolvemos novas normas, racionalizamos estruturas, reordenamos efectivos e modernizamos a Administración con novas tecnoloxías; e todo isto cun enfoque transversal, o que nos permite dispor, xa na actualidade, dunha administración autonómica máis eficaz e máis cercana á cidadanía. (*Aplausos.*) Queremos garantir a prestación dos servizos da maneira máis eficaz e no menor tempo á cidadanía.

Avanzamos moito, pero non é abondo. As persoas que se relacionan con nós aínda teñen problemas de accesibilidade, chocan cunha linguaxe demasiado técnica ou, ás veces, sofren situacións que temos que optimizar. Non se trata tanto de aprobar máis leis como de revisar os procedementos establecidos para melloralos. Estamos traballando xa para abordar este problema con ambición e con racionalización, comezando por identificar os procedementos



que benefician a máis cidadáns, para ser capaces de reducir o seu tempo de tramitación á vez que lles facemos máis doada a súa relación coa Administración. Queremos seleccionar procedementos con base en criterios claros: o número de presentacións, o perfil da persoa interesada —se é vulnerable, maior ou ten outra característica especial—, o número de queixas en relación ao servizo, a viabilidade ou a converxencia coas políticas estratéxicas da Xunta de Galicia.

Temos o obxectivo de ir incorporando cada vez máis procedementos activos, de xeito que sexa a Administración de oficio a que lles facilite os trámites ás persoas beneficiadas destes. Por citarlles un exemplo: a Tarxeta Benvida xa se lles está a ofrecer dende comezos deste ano ás mulleres embarazadas sen necesidade de que as familias teñan que agardar a solícitala cando nace o neno ou a nena. Xa levamos enviadas máis de catro mil setecentas mensaxes para ofrecer a Tarxeta Benvida ás familias interesadas. Este ano tamén está previsto habilitar de xeito proactivo o Carné Xove en formato electrónico a través da APP XuntaEu. No caso da licenza de pesca, este ano xa se renovou de xeito automático para os maiores de 65 anos —porque están exentos de pagar as taxas—, e, para o vindeiro ano, a previsión é ampliar esta renovación automática da licenza a todos os inscritos; iso si, previo pago da taxa.

Señorías, a simplificación administrativa non pode quedar na redución de trámites e de prazos, ten que abordar tamén a accesibilidade. Para que a cidadanía estea ben atendida pola Administración, temos que ser capaces de facilitarlle a información a través de todas as canles dispoñibles e cunha linguaxe sinxela para que se poida entender a Administración. Por iso, as melloras que queremos implantar van moito máis alá dunha redución dos tempos, pois tamén pretendemos simplificar as normas; reducir os trámites; requirir só a documentación estritamente necesaria; impulsar a interoperabilidade con outras administracións públicas para obter os datos sen necesidade de que llos achegue a persoa interesada, evitando, así, duplicidades; mellorar a información web, cunha linguaxe clara, sinxela e inclusiva, e con apoio de material audiovisual; ou ofrecer servizos personalizados de xeito proactivo.

Nesta lexislatura, tamén continuaremos coa nosa estratexia patrimonial, desenvolvida xa nos últimos anos, para aproveitar o noso patrimonio público e para optimizar os espazos propios. Esta política de redución, de racionalización e de aforros en alugueiros e de aproveitamento do patrimonio propio da Administración autonómica está a permitir obter importantes aforros. Dende o ano 2009, aforramos máis da metade, ano a ano, en alugueiros, e, nesta lexislatura, afondaremos nesta liña programática. (*Aplausos.*) De feito, hai quince anos gastabamos ao ano 7,1 millóns de euros, e o ano pasado o gasto foi de 2,7 millóns de euros. Esta é unha rebaixa moi substancial, pero queremos afondar neste camiño e marcámonos como obxectivo rebaixar de novo, de xeito moi importante, o actual gasto en alugueiros. Desta maneira, o gasto en alugueiros reducirase á metade ao final da lexislatura, quedando, así, na contorna dos 1,5 millóns de euros ao ano; ou, dito doutro xeito, é menos dunha cuarta parte do que se gastaba no ano 2009.

Sen dúbida, para poder acadar esta ambiciosa meta, contribuirá, de xeito importante, a posta en marcha das instalacións do novo San Caetano, que nos permitirán reunificar servizos do Goberno autonómico que actualmente están espallados pola cidade. A primeira fase do com-



plexo administrativo de San Caetano está previsto que estea finalizada no segundo semestre do 2025. Unha vez terminado, o novo edificio albergará ata setecentos efectivos públicos en condicións moito máis idóneas e nun edificio enerxeticamente eficiente. Ademais, a modernidade das novas dependencias e a optimización da súa organización fará máis cómoda á cidadanía a realización dos seus trámites administrativos.

Outra das liñas estratéxicas para esta lexislatura é seguir a traballar para que Galicia estea presente no mapa europeo das tecnoloxías de vangarda. Para isto, centrarémonos en catro eixes.

Para comezar, queremos posicionar Galicia como rexión punteira en intelixencia artificial ética e fiable. Onte mesmo, demos un gran paso no plano normativo e levamos ao Consello da Xunta o texto da primeira lei rexional da intelixencia artificial de Europa, coa que queremos garantir aos galegos e ás galegas os seus dereitos ante a súa aplicación e os beneficios que poderán obter con estas novas ferramentas. A intelixencia artificial representa para Galicia unha oportunidade histórica para achegar os servizos públicos e a Administración á toda a cidadanía, resida onde resida.

No plano empresarial, o noso reto é atraer empresas especializadas en intelixencia artificial a Galicia. Neste eido, sen dúbida, temos a fortaleza de contar nesta comunidade coa sede da Axencia Española de Supervisión da Intelixencia Artificial. A designación da Coruña como sede prevé que se poidan captar máis de noventa millóns de euros en investimentos con máis de duascenas empresas involucradas para xerar máis de mil trescentos empregos.

No plano das administracións públicas, queremos avanzar na adopción da intelixencia artificial na Xunta de Galicia mediante o desenvolvemento de proxectos de intelixencia artificial vencellados aos servizos públicos que lles poidan achegar valor. No plano da cidadanía, queremos avanzar na súa confianza nesta ferramenta.

Outra prioridade é reforzar de forma integral a ciberseguridade na nosa comunidade autónoma, coa implicación das administracións, das empresas e da cidadanía. Para isto, dotaremos de contido os servizos e os usuarios do Centro de Excelencia en Ciberseguridade de Ourense, impulsaremos a difusión e a formación en ciberseguridade e aumentaremos a oferta de servizos proporcionados á Administración local —en especial aos concellos máis pequenos—, ás empresas e á cidadanía.

Outro obxectivo é impulsar medidas de capacitación dixital da cidadanía, garantindo as súas competencias dixitais, con especial sensibilidade cos colectivos máis vulnerables.

E, por último, apostaremos por unha xestión intelixente do dato para desenvolver servizos personalizados e proactivos cara á cidadanía e cara ás empresas; para facilitar a toma de decisións informadas mediante xemelgos dixitais e cadros de mando globais e transversais a todas as áreas de goberno, sempre situando a cidadanía no centro das decisións; e para crear e pór á disposición do sector produtivo e da cidadanía espazos de datos sectoriais.

Para rematar, quero aludir a un asunto moi importante do que xa temos falado neste Parlamento, que é a necesidade de revisar o sistema de financiamento autonómico. O financia-



mento autonómico é de grande importancia para Galicia, pois achega preto do oitenta por cento dos recursos da Comunidade Autónoma cada ano —como ben saben—; iso si, queremos revisalo entre todos e tendo en conta as particularidades de cada territorio, para que o resultado, ao final, sexa bo para todos e garanta que calquera cidadán teña a mesma prestación de servizos públicos esenciais e non esenciais con independencia de onde resida. *(Aplausos.)*

Galicia xa propiciou o entendemento coa Declaración de Santiago de Compostela no ano 2021, coa que se conseguiu poñer de acordo a oito comunidades autónomas gobernadas por distintas formacións políticas. Con este ánimo de consenso, queremos abordar a revisión cando o Goberno central decida facer a súa proposta, que é o que ten que tomar a iniciativa, algo que leva aprazando de xeito indefinido. Dende Galicia apostamos por consensuar unha posición común de país para que, cando se revise o sistema de financiamento, a posición de Galicia sexa máis forte. O Goberno galego ten clara a súa posición dende o ano 2015, e así o está a expor, de xeito reiterado, en todos os foros aos que asiste, e —como ben saberán— pivota sobre cinco puntos: a negociación multilateral, a suficiencia de recursos, a asignación do custo de servizos de xeito equitativo entre comunidades autónomas, a autonomía fiscal e a corresponsabilidade fiscal.

Por iso, reclamamos a urxente convocatoria do Consello de Política Fiscal e Financeira, para abordar de xeito multilateral esta cuestión, porque, aínda que o actual modelo non é satisfactorio —pois todas as comunidades autónomas estamos infrafinanciadas no día de hoxe—, peor sería para Galicia aprobar un novo modelo sen consenso. Son a solidariedade e a equidade o que ten que garantir a revisión do modelo. Agardo o apoio de todos os grupos parlamentarios para que o Goberno de Galicia siga a manter esta posición.

Ademais, coa reapertura da comisión parlamentaria sobre este asunto, poderemos contar cun ditame que recolla as conclusións dos expertos sobre as nosas necesidades, e que o Goberno galego fará seu. Neste eido, a responsabilidade fiscal de Galicia nestes anos convértenos, sen dúbida, nunha das voces autorizadas para a revisión do sistema de financiamento autonómico.

Señorías, antes de rematar, quixera poñer en valor que o rigor e a solvencia de Galicia, mantida de xeito continuo durante a última década, nos permiten obter os beneficios dun patrimonio reputacional único en España; é a marca Galicia que nos recoñecen ano a ano e exercicio a exercicio todos os operadores económicos cos que nos relacionamos, e mesmo o resto das comunidades nos foros multilaterais. As liñas estratéxicas que lles acabo de expoñer teñen como obxectivo afondar neste bo facer que permite blindar a solvencia da nosa comunidade e impulsar o crecemento sostible e o emprego. Este bo facer tamén está a ter a súa tradución en cifras. Neste caso, podo anunciar que, na actualización do cadro macroeconómico que faremos con ocasión da aprobación do teito de gasto non financeiro para o ano 2025 nos próximos días, revisaremos á alza a previsión do crecemento da economía galega para este ano. Así, melloraremos en dúas décimas a estimación de crecemento, que figuraba nos orzamentos no 1,9 por cento do PIB, ata o 2,1 por cento. Coido que é unha boa nova da que todos deberíamos alegrarnos e que nos anima a seguir a traballar para que Galicia creza da forma máis sostible e posible e cree emprego de maior calidade.



Remato xa. Estamos a comezar unha lexislatura —como dicía—, e son moitos os retos que temos por diante. Dende a Consellería de Facenda e Administración Pública redobraremos os esforzos para poder encaralos con éxito, para que Galicia siga a poñer a estabilidade política ao servizo da cidadanía, para que siga a ser unha comunidade fiscalmente competitiva, para que siga a fortalecer a súa sustentabilidade financeira, para que siga a optimizar a xestión dos fondos europeos, para que siga a avaliar a súa estratexia para planificar cada vez mellor e cumprir os obxectivos marcados, para seguir a favorecer a estabilización do emprego público e a renovación de efectivos, para seguir a impulsar a accesibilidade e a transparencia da Administración autonómica, para seguir a aproveitar a optimización da xestión do patrimonio público, para seguir a posicionarse no mapa europeo das tecnoloxías de vangarda e para seguir a defender unha posición forte dos seus intereses para a revisión do sistema de financiamento autonómico.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

É a quenda dos restantes grupos parlamentarios.

Empeza o voceiro do Grupo Parlamentario Mixto, don Armando Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Moitas grazas, presidenta.

Bos días, señorías.

Escoitei con atención a intervención do señor conselleiro, e, como todos vostedes saben, a principal razón de ser e de estar eu aquí, cumprindo a vontade das persoas que apoiaron a nosa opción política, é a defensa da provincia de Ourense, no senso de tratar de reverter o que entendemos como unha discriminación sempiterna desa provincia por parte da Xunta de Galicia desde as últimas décadas de goberno autonómico, facendo xa abstracción da discriminación desde o Goberno central.

Como digo, escoitei con atención a intervención do conselleiro, que, desde logo, é bastante abstracta e bastante xenérica. Todos sabemos que desde as xeneralidades é moi fácil estar de acordo e que as discrepancias empezan cando se aumenta a resolución. O discurso político moitas veces é un discurso de baixa resolución, e, claro, coa baixa resolución, confúndense moitas veces as formas. A medida que aumentamos a resolución e temos máis conciencia dos detalles, empezan as discrepancias. Nese contexto de xeneralidades no que falou o conselleiro tomei algunhas notas.

En primeiro lugar, falaba moito da estabilidade de Galicia. Eu non quero entender esa estabilidade como un síntoma de previsión de continuidade, ou polo menos que non sexa unha continuidade no aspecto fundamental que me preocupa a min, que é a continuidade na discriminación da provincia de Ourense. Se a estabilidade se fai, neste contexto, sinónimo de continuidade do xeito de xestión do Partido Popular, gustárame recordarlle que desde a provincia de Ourense preferiríamos que non houbo esa continuidade discriminatoria, senón que pretendemos que esa discriminación se reverta.



Dende logo o discurso do conselleiro non ía en termos territoriais. Non ía en termos de discriminacións territoriais ou de aspectos territoriais; ía con base noutros criterios. Pero falou de diversos problemas que preocupan, segundo el, a súa consellería e o seu Goberno. Falou de paro, falou de despoboación, falou de abandono do rural, falou do envellecemento, falou de fenda dixital... Problemas xenéricos, pero que a min gustaríame recordarlle a este conselleiro que todos estes problemas, con ser de natureza xenérica e de autonomía, están particularmente agudizados na provincia de Ourense. Como estou seguro de que si leva prestado un pouco a atención aos indicadores económicos e doutro tipo, seguramente debería ser consciente del; ou, se non, tratarei de facer que tome maior conciencia da existencia da provincia de Ourense. Porque claro, eu teño entendido que o señor conselleiro é da Coruña e un tampouco pode ter na cabeza todo o territorio galego co mesmo grao de detalle comparativamente co lugar de onde é, logo, onde estudou el ou onde vive el. Entón, tratarei tamén un pouquiño de recordarlle a existencia da provincia de Ourense.

A súa consellería ten unha característica que eu estimo positiva, que é a transversalidade. A Consellería de Facenda vai ter que repartir os cartos ao resto das consellarías, co cal vou aproveitar a posición deste señor conselleiro de comunicador, de ponte, de transmisor desta mensaxe ao resto das consellerías —coas que ao mellor non vou ter oportunidade de interaccionar de xeito directo— e voulle facer ese pequeno encargo. Recórdelles a todas as consellerías —vostede que rexe unha consellería tan transversal e que se vai relacionar con todas elas e vai ter contacto cotián con todos os conselleiros—, a cada unha delas no ámbito das súas competencias, a existencia da provincia de Ourense.

Falou das consecuencias da boa xestión traducidas nun remanete de fondos que se vai poder utilizar para moitas cousas. Bueno, pois voulle recordar tamén que, se a boa xestión ten como consecuencia un bo remanente de fondos, trate de paliar un pouco o que entendemos como débeda histórica da Xunta de Galicia coa provincia de Ourense. Nós non lle imos presentar unha factura... Bueno, podemos facer unha factura dun xeito simbólico, porque falou tamén moito do compromiso con todo tipo de acredores comerciais. Paréceme moi ben esa actitude, dende logo, pero hai un tipo de acredor doutro tipo cualitativamente diferente, neste caso unha provincia que podería presentar unha factura. Se quere podémoslle dar un formato simbólico de factura, porque incluso temos medio calculados os números do que entendemos desde a provincia de Ourense como unha débeda de tipo histórico. Xa sei que ese tipo de débeda non figura nos plans de contabilidade cos que vostede seguramente está moi familiarizado, pero dende o ámbito político si que se pode presentar esa factura tratando de que se resarza, se pode ser nesta lexislatura ben e, se non, polo menos, que se cambie a tendencia, que haxa unha especie de punto de inflexión nesa actitude.

E falou da fenda dixital. A fenda dixital, efectivamente, é especialmente dura na provincia de Ourense. Primeiro, pola falta de cobertura física dos medios técnicos, como xa se ten falado nas diferentes comisións. E, por outra banda, o especial envellecemento da provincia de Ourense fai que unha ampla gama da poboación non estea familiarizada con esa clase de recursos. Se a optimización do funcionamento da administración vai pasar polo incremento de uso das tecnoloxías dixitais, que me parece perfectamente unha opción desexable, teña en conta ao mesmo tempo que para unha gran parte da poboación, especialmente na provincia de Ourense, onde está moi envellecida, o uso desas novas ferramentas vai supoñer ao



mellor un problema máis que unha solución na súa relación coa administración. É unha reflexión que lle participo.

Loxicamente, en Ourense estamos moi sensibilizados coas necesidades da intelixencia artificial e sempre apostamos moito pola intelixencia artificial incluso dende o Concello de Ourense, como todos vostedes saben, e parécenos que por aí ten que ir a cousa. Loxicamente, se a administración vai ser cada vez máis electrónica e vai requirir cada vez menos da presenza dos administrados, loxicamente unha das consecuencias é a menor necesidade de lugares de alugueiro. Por iso, tamén é lóxico que se gaste menos en alugueiro. A Xunta de Galicia vai facer unha nova delegación da Xunta de Galicia na periferia da capital. Parécenos moi ben e aproveito para dicirlle que ao mellor ese edificio ao que alí en Ourense lle chamamos a «Casa de Chocolate», pois ao mellor víñanos moi ben no Concello se nos puidesen... Xa se falara do tema, que ao mellor víñanos moi ben, porque ese mesmo problema que, segundo vostede, ten San Caetano de andar repartidas as súas dependencias por toda a cidade de Santiago, en Ourense tamén o temos. Desde o punto de vista do concello témolo moi repartido e moitas veces ao propio administrado supónlle moitos problemas, porque ao mellor un trámite sinxelo ou por unha xestión sinxela dende o punto de vista lóxico, ao mellor convértese nun problema de tipo físico porque se ten que desprazar de aquí para alá para resolver as cousas.

Tamén lle quero recordar que falou dos fondos europeos, de que moitos deses fondos precisamente conséguense presentando ante Europa as especiais características negativas das zonas menos desenvolvidas da autonomía, como son a provincia de Ourense. Tamén se fala moitas veces da provincia de Lugo, pero voume centrar na provincia de Ourense. É necesario que eses fondos que se conseguen mercé ao especial menor desenvolvemento da provincia de Ourense, pois que tamén revertan dalgunha maneira de xeito privilexiado na provincia.

Dixo que Galicia vai mellor, que os parámetros nos últimos anos van mellorando. Bueno, pois se Galicia vai mellor e Ourense vai peor —porque así o din tamén os indicadores— iso quere dicir que Galicia sobreponse ao calcular a media á mala situación da provincia. Iso fai-nos incluso pensar nunha dobre discriminación, porque unha cousa é ir mal cando todos van un pouco mal, pero cando en xeral se vai ben que unha provincia vaia mal tamén é síntoma de algo e non é difícil facer unha interpretación no senso que eu sempre digo.

Como me quedan oito, sete, seis, cinco segundos, vou xa rematar para que non me chame a atención a Presidencia.

Grazas.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra dona Patricia Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Bos días a todos e a todas.

Grazas, conselleiro, señor Corgos, polas explicacións que deu nesta primeira intervención. Xa non me quedan dúbidas de que realmente a política financeira do Goberno galego é unha



política de ir tirando, de cor gris, de falta de ambición. Todo envolto en números, que penso eu que son desexos máis que realmente realidade. Goberno conformista que ao tempo vai virando cara a unha política fiscal que se arrima cada vez máis e máis a esa dereita neoliberal que estrangula sen remilgos os nosos servizos públicos, señor Corgos. Iso si, logo todo o malo que pasa en Galicia é culpa do Goberno de España.

Señor Corgos, dado que o meu tempo é escaso, tratarei de replicar con datos obxectivos todas e cada unha das súas afirmacións, porque «dato mata relato». Centrareime en catro aspectos. Sobre o ilusionismo fiscal que practica o Goberno galego, que non amosa unha responsabilidade co sistema de financiamento autonómico. Dous, sobre os datos reais da execución dos fondos Next Generation. Tres, sobre a asfixia financeira á que ten sometidos o Goberno galego conscientemente os concellos galegos. Catro, sobre a deixación de funcións que creamos os socialistas que está a facer como conselleiro de Facenda.

Sobre o ilusionismo fiscal. Aos socialistas o que nos interesa —e recalco— sempre, sempre é o financiamento singular de Galicia. E punto. O noso compromiso é e será co noso país. Unímonos a ese consenso que ofreceu o señor conselleiro e á proposta do Goberno galego que aínda estamos esperando, fóra do que é o foro de expertos que dicía o señor Corgos.

Todos os aquí presentes saberemos que o sistema de financiamento autonómico ten dous ángulos de visión, o lado dos ingresos e o lado dos gastos, e ambos deberían estar en equilibrio nesa cesta da balanza fiscal. Pola banda dos gastos, sen dúbida os socialistas galegos imos defender —e non se ría, por favor— para o sistema de financiamento autonómico as peculiaridades que temos en Galicia: o envellecemento e a dispersión xeográfica. Singularidades, evidentemente, que inciden directamente no custo efectivo dos servizos públicos. É xusto poñelo enriba da mesa aquí en Galicia e tamén en Madrid. Pero tamén é xusto dicir, señor Corgos, que nos seis anos do Goberno progresista de Pedro Sánchez, o sistema de financiamento achegou a Galicia máis de doce mil millóns de euros máis que nos últimos anos de goberno de Rajoy.

Pero nesa balanza sabe que tamén está o ángulo de visión dos ingresos públicos. É aquí onde o Goberno galego amosa uns lentes moi desenfocados. Cremos os socialistas galegos que realmente hai unha grande irresponsabilidade do Goberno galego na política fiscal, practicando o *dumping* fiscal da presidenta da comunidade de Madrid —que saben que premia a presidencia da República Arxentina, que realmente di que o cancro no mundo é xustiza redistributiva—, que lle reconece tamén, señor Corgos, que está reconecido no seu artigo 31 da Constitución.

¿E á custa de que, señor Corgos? Pois á custa da calidade dos servizos públicos, á custa de que os galegos teñan que soportar este verán que se pechen centros de saúde e máis de oitocentas camas en hospitais, a cifra máis alta dos derradeiros anos. Claro, agora xa non poñen a careta e cren que con ter maioría absoluta teñen patente de curso para facelo, o que vostede chama realmente «estabilidade política».

O señor Rueda sabe, e tamén o señor conselleiro, que, polos datos reflectidos no informe do Consello de Contas e no informe de Atriga na anualidade do 2023 —e tamén o dixo el—, o



impacto desa rebaixa do imposto foi de mil trescentos millóns de euros. Tamén entre 2009 e 2021 caen os ingresos por ese ilusionismo fiscal en case dous mil catrocentos millóns de euros en tributos cedidos polo Estado. Volvo repetir, que se di pronto: dous mil catrocentos millóns de euros. Está no informe do Consello de Contas, se quere consultalo. Como catro hospitais como o Álvaro Cunqueiro, ou seis ou sete, porque realmente con esa norma de colaboración público-privada do Álvaro Cunqueiro estamos endebedados ata 2035 todos os galegos e as galegas.

Incluso diríalle máis, señor conselleiro, négase o señor Rueda a reforzar ese autogoberno do que se falaba na política fiscal. Porque, como di o informe de expertos do Foro Económico Galego, hai moita marxe de manobra para aumentar a capacidade normativa dos tributos propios e dos tributos cedidos polo Estado.

Podía abordar o señor Rueda a fiscalidade verde, para favorecer esa transición enerxética xusta, ou podía coller o touro polos cornos e regular coma unha competencia autonómica as taxas turísticas; e non como reacción cando moitos concellos o están demandando, senón como acción, para evitar esa masificación en determinadas zonas do noso territorio e así, señor Corgos, aumentar os ingresos públicos dos concellos, que ven este verán como triplican ou cuadriplican os servizos de recollida de lixo ou abastecemento de auga. ¿E que fai o Goberno galego? Nada de nada, señor Corgos. Inacción, cor gris e falta de ambición de país.

Sobre o dato relativo á execución dos fondos Next. O Consello de Contas, sábeo tamén, ano tras ano vén advertindo que a execución orzamentaria dos fondos —e falo de execución, non de adxudicación e resolucións de adxudicación— está por debaixo do cincuenta por cento de forma sistemática. E non de Feder, EFC, do marco financeiro anterior, senón de fondos Next. Quedan sen executar 5,5 euros cada vez que se programa e chegan a pagarse —pago en efectivo—, 3 de cada 10 euros que se orzamentan, señor Corgos. ¿Eses datos amosan que o Goberno galego é eficiente? A resposta é rotundamente non. E sacan peito deses datos. O Goberno de España transferiu a Galicia máis de mil cincocentos millóns de euros, que recibiu ao peche do 2023 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, ao que hai que engadir 3.150 millóns de euros do marco financeiro plurianual vixente.

Respecto á participación de Galicia nos Perte, datos. O Goberno aprobou doce Perte. Galicia participa en oito deles, cun total de 54 proxectos, máis de quiñentos millóns de euros en axudas xa adxudicadas e 74 empresas beneficiadas, moitas delas pemes. Asemade, o Goberno de España tamén acabou con esa práctica da que se falou, iso que sustiña o Partido Popular de que era imposible actualizar as entregas á conta se non tiñamos orzamentos do Estado. ¡Sorpresa, señor Corgos! Aí lle vai unha noticia recentemente saída: aprobouse —e sábeo vostede— o real decreto polo que Galicia recibirá este ano, sen presupostos, 9.395 millóns de entregas á conta actualizadas, o maior importe da historia e nun escenario de prórroga orzamentaria. As entidades locais recibirán máis de cinco mil millóns de euros. Mentres, señor Corgos, a economía en Galicia crece menos que en España, hai menos emprego industrial e Galicia crece menos que o conxunto de España. Galicia vive do impulso do conxunto do Estado, o que evidencia que non existe pulo político propio galego.



Terceira, sobre a asfixia financeira consciente e acusada que fai o Goberno galego aos concellos. Debe avogar o Goberno galego, dunha vez por todas, por unha auténtica participación de ingresos na Comunidade Autónoma dos concellos, unha realidade atípica. Na actualidade, os concellos galegos reciben trinta puntos máis de financiamento do Goberno de España que da Xunta, e preto dun vinte por cento dos gastos son competencias impropriamente asumidas que debe financiar a Comunidade Autónoma. Temos un fondo de cooperación local conxelado desde o 2011, cuns resultados que non garanten que se faga fronte aos retos demográfico e democrático que supón o despoboamento en Galicia. Señor Corgos, ten que afrontar o reto dun financiamento xusto, equitativo e eficiente para os nosos concellos galegos.

Catro, sobre o deixamento de funcións como conselleiro de Facenda. A maioría absoluta do PP non pode servir para invisibilizar o traballo do Consello de Contas e o control parlamentario nesta Cámara, porque se incumpren de maneira reiterada e sistemática as recomendacións que dá este órgano de control externo. E cito: «Galicia segue sen contar cun plan de contabilidade pública adaptado ao Plan xeral de contabilidade aprobado no 2000». Son vinte anos de atraso, e isto afecta a transferencia da información subministrada dos orzamentos. Tampouco contamos cun rexistro de entidades da Administración paralelo desde a Lofaxga, no 2011. Aquí creo que somos a excepción das comunidades autónomas, pero non para ben, señor Corgos. Non hai un plan estratéxico de subvencións e non hai un plan anual de contratación. Iso si, falaba do Plan estratéxico 2020-2030, do que saca peito, pero non hai indicadores de cumprimento cuantitativos e cualitativos de seguimento. (*Murmurios.*)

O seguinte nivel é o Sergas, que en 2024 segue sen contar cun sistema de contabilidade integral, a pesar de xestionar o corenta por cento dos nosos recursos públicos. A contratación do Sergas daría para outro debate, pero quizais sexa significativo saber que a actividade hospitalaria con medios alleos nas áreas sanitarias de Lugo e Ourense representou unhas porcentaxes próximas ao corenta por cento. E seguen a utilizar a figura das autorizacións de uso, aínda que non é unha tipoloxía contractual recoñecida na Lei de contratos do sector público. A vostede, señor Corgos, gústalle facer os orzamentos, como cando era director xeral, pero non asume ese rol de conselleiro de Facenda e Función Pública, obsesionado con que non se incremente ese capítulo 1 de persoal.

Non teñen un plan de choque para a masiva xubilación dos empregados públicos e os novos roles que deben ter en conta nunha xestión eficiente dos recursos humanos do século XXI, como a irrupción da IA e das novas tecnoloxías. Ante estes retos, señor Corgos, vemos inacción e cor gris.

Falaba de medidas de conciliación e de igualdade. O primeiro Plan de igualdade do sector público autonómico é do ano pasado, cando tiñan a obriga de facelo desde hai moitos anos.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora IGLESIAS REY: En canto ao persoal do Sergas, segue incrementándose a temporalidade da contratación. Mentres, o Goberno de España, nun escenario de escalada de prezos e inflación, ¿que fixo? Sabe que o que fixo foi subir os soldos aos empregados públicos nos últimos tres anos nun 9,5 por cento. ¿Lembra, señor Corgos, que fixo o señor Feijóo co seu



soldo de funcionario da escala de finanza coa crise económica do 2009? Rebaixouno nun sete por cento dunha tacada. Señor Corgos, humildade e autocrítica para mellorar...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: ...e poder seguir sen mirar por encima do ombro, como levan facendo quince anos con esa maioría absoluta, crendo que son donos do relato e da verdade absoluta. Total, como dicía, teñen maioría absoluta.

Nada máis pola miña parte. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra dona Noa Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señora presidenta.

Benvido de novo a esta Cámara, señor Corgos.

A verdade é que, visto o resultado da súa comparecencia e visto o título co que viña vostede comparecer —que era «Grandes liñas estratéxicas»—, eu creo que lle quedou, ao final, un pouco grandilocuente, porque, basicamente, o que fixo foi repetirnos unha serie de cuestións e de promesas que xa tiñan enunciado repetidamente nos últimos anos. Basicamente iso foi o que ofreceu, señor conselleiro. Eu recordaba aquilo que escribiu Milan Kundera de que «toda repetición é só unha imitación e toda imitación carece de valor», porque basicamente o que fixo aquí foi repetir unha lectura absolutamente autocompracente do contexto macroeconómico seleccionando *ad hoc* un dato para poder sacar peito. Basicamente, nada veu dicir máis alá de que vai haber orzamentos. Repetiu a única gran liña estratéxica que ten o Goberno galego, que é seguir adelgazando a capacidade fiscal de Galiza para así seguir de-traendo recursos para as nosas arcas públicas e, basicamente, logo dun coletazo final de repetición de argumentario de Génova, na súa estratexia de responsabilizar outros dos seus fracasos á hora de defender este país. Polo tanto, nada novo baixo o sol.

Eu si que quería poñer algunha cuestión enriba da mesa. En primeiro lugar, teño que dicir que nos preocupa a súa lectura autocompracente do contexto macroeconómico, que se resume en que, simplemente, Galiza avanza minimamente na súa converxencia co Estado. Porque, claro, estando tan mal é lóxico evolucionar minimamente. Pero, por exemplo, vostede non se detivo a avaliar como en termos de produto interior bruto, co resultado de ano pechado do 2023, medramos un dous por cento, o que supón catro décimas menos que a media española. Non se detivo a analizar outras cuestións preocupantes da nosa economía como as que sinala o Foro Económico no seu último informe, como esas debilidades dentro do crecemento macroeconómico que temos no noso país: a debilidade do consumo privado, a contracción do investimento ou a situación do sector manufactureiro e do sector primario. En fin, acaban de saír tamén os datos do índice de produción industrial: nós baixamos, o Estado sobe. Canto ao emprego, tamén teríamos moito de que falar.



En todo caso, tamén vostede, unha vez máis, foi campión en ignorar que a crise de prezos segue afectando o noso país. Por moito que a análise ao longo dos anos e a permanencia da crise de prezos faga que o incremento pareza menor, sabe vostede que acaban de saír os datos do IPC recentemente e que Galiza é a comunidade na que máis se incrementou, por riba da media do Estado; e o mesmo acontece coa subxacente.

Así un longo etcétera que nos leva a unha conclusión: que ese é o motivo polo que continuamos estancados con grandes índices de desigualdade social no noso país. Segue habendo máis de seiscentas mil persoas en risco de exclusión social e pobreza e seguimos tendo máis da metade dos fogares galegos que chegan con dificultade ou moita dificultade a fin de mes. Mentres iso pasa, o Partido Popular segue coa súa política económica, que basicamente ten dous grandes piares. Por unha banda, fronte ao mito dos bos xestores, arrastran vostedes dificultades de planificación orzamentaria e económica; e aquí non deu nin unha soa nova sobre que vaian corrixir absolutamente nada. En segundo lugar, afondan vostedes tamén nun modelo fiscal que nos resta capacidade económica. Entón, telegraficamente, eu quería referirme a estas dúas cuestións.

Primeiro, veu vostede unha vez máis aquí a que lle aplaudamos que, tendo maioría absoluta, van facer vostedes uns orzamentos. A novidade sería que non os fixesen; non terían escusa, non terían a quen culpar de non facer ese traballo. En todo caso, o que podería facer aquí é asumir que cuestións non fan ben desa planificación económica orzamentaria. E xa non o di o BNG; dío o Consello de Contas. Acabamos de ver a última conta xeral. Acabamos de vela fóra do debate parlamentario, claro, porque a conta xeral do 2022, co ritmo que levan vostedes, debaterémola no 2026. En todo caso, acabamos de ver, unha vez máis, o resultado do último exercicio orzamentario e sabe vostede perfectamente que deixaron sen executar máis de mil millóns de euros. Sabe que arrastran constantes problemas de mala planificación, como que teñan que facer todos os anos ao final de ano modificacións orzamentarias para pagar gasto corrente —por exemplo, do Sergas— e un longo etcétera.

Incluso, vendo a foto máis ampla, nós analizamos a execución orzamentaria do 2019 ao 2022 para ver varios anos —pre e post pandemia—, e sabe vostede que hai numerosos programas que arrastran unha falta de execución constante, que só pode obedecer a unha decisión política e consciente; en partidas tan sensibles como o acceso á vivenda, como o ámbito do emprego etcétera. Hai sete programas cunha execución inferior ao cincuenta por cento e doce programas que deixaron máis de cen millóns de euros sen executar; entre eles, cuestións tan importantes como o Plan galego de investigación. Logo é moi fácil vir aquí e recitarnos a orde de elaboración de orzamentos do *DOG*, que ten obxectivos moi bonitos sobre o papel, pero logo a realidade económica do seu Goberno é esta. Por non falar doutras moitas debilidades que sinala o Consello de Contas e que vostedes pasan por alto, como a participación nos fondos europeos dos concellos galegos, como a propia execución dos fondos europeos e un longo etcétera. En fin, máis do mesmo, señor Corgos.

Por outra banda, tampouco nos ofreceu nada sobre un problema fundamental que ten este país, que é a súa política fiscal. Acabamos de coñecer —facía vostede mención a eles— eses datos da Atriga; traducidos, ¿que nos din? Dinnos que baixou a recadación nun momento no que, coa crise inflacionaria arredor, non se está incrementando a recadación e en Galiza



baixa polos beneficios fiscais para ricos que fai o seu Goberno. Perdemos no 2023 máis de seiscentos millóns de euros por esa vía, señor Corgos. Ese é o gran debate que deberíamos afrontar.

Desde logo, nós volvemos negar que este sexa iso que vostedes chaman «gran desempeño fiscal» e, desde logo, negamos absolutamente iso que vostede defendeu aquí dese presunto *mix* entre rebaixas tributarias e servizos públicos. Ese *mix* do que vostede fala, o que nos deixa —e acabamos de ter un debate sobre a sanidade pública— é ser os penúltimos en investimentos en atención primaria, por exemplo. Esa é a realidade. É que é un unicornio; non existe ese *mix* ideal entre rebaixas tributarias e servizos públicos, porque perdemos recursos económicos, que nun contexto ademais de perda de recursos noutros ámbitos —porque sabe que chegan ao seu fin os mecanismos europeos de reactivación e porque sabe vostede que esa limitación do déficit vai restar recursos para Galiza mentres os acapara o Estado— o que significa é que van ter que recortar vostedes dalgún lado. Polo tanto, non compartimos ese modelo.

Precisamente nese informe da Atriga que citou vostede e que falaba deses noventa millóns de euros de persecución á fraude fiscal, vostedes facían unha estimación de que se podía financiar con eses noventa millóns de euros. E, por exemplo, dicían que se podía financiar 3.280 prazas en residencias públicas de maiores ou 630 en escolas infantís. Se multiplicamos iso, en vez de por noventa millóns de euros, polo que deixaron de recadar polos seus beneficios fiscais, que é sete veces máis, iso daría para financiar moitísimos máis servizos públicos. Señor Corgos, daríanos para poder financiar, por exemplo, no ámbito das residencias de maiores, 22.960 prazas; ou no ámbito das escolas infantís, tamén para multiplicalo.

Polo tanto, cada vez que avanzamos nesa liña de beneficios fiscais este país perde. Ademais, perde sen medir cal é a perda realmente, porque novamente o Consello de Contas insiste: non hai unha avaliación rigorosa e sistemática deses beneficios fiscais e o seu Goberno négase a facela. Aínda ten vostede o valor de vir, unha vez máis, presumir de endebemento responsable. Pero 12.397 millóns de euros é a segunda cifra máis alta da historia deste país. Acabamos de coñecer, ademais, un informe do sistema de financiamento que o que nos di é que vostedes, durante a crise, recortaron máis que outras comunidades. Reduciron o gasto, e por iso poden presumir hoxe dalgunhas cuestións. En todo caso, temos tamén eses informes que certifican a perda de emprego público.

Basicamente, fixo vostede un refrito decepcionante que daría para avaliar moito, como sacar peito do Plan de igualdade que tardaron dezaseis anos en aprobar, como volver falar de aproximación e de obxectivos de convocatorias de OPE, cando, se o fan por fin é por presión da normativa europea e tamén dos tribunais, aínda que saben vostedes que están moi lonxe dese obxectivo dun ano, etcétera. Pero eu xa pensei que ía acabar vostede a súa intervención... Estaba eu anonadada cando xa o escoitei falar incluso das licenzas de pesca e vostede non fixera mención aínda ao debate máis importante que ten este país enriba da mesa, que é o do sistema de financiamento. E iso despois de facer vostede unha ladaíña de queixas ao Estado —que moitas me parecen lexítimas—. Pero exerza de Goberno galego e trasládeas no ámbito do Estado.



Hai un Consello de política fiscal e financeira o 15 de xullo. Iso xa lle rompeu un pouco o seu discurso de vir aquí sempre pedir consellos de política fiscal e financeira. Xa sabe o que opinamos desa vía estéril coa que vostedes nunca conseguen nada, pero algo irán defender alí. Aclare que vai defender nese consello fiscal e financeiro en nome de Galiza. ¿Que vai defender en nome do noso país? Aí ten a ocasión, por exemplo, de dicir que o marco de déficit é inxusto, que acapara o Estado máis capacidade que Galiza, e de pedir un trato xusto. Ten a oportunidade de pedir tamén un trato xusto en canto ás entregas a conta. E ten unha oportunidade tamén o Partido Popular de que a rectificación de vetar o Ditame da Comisión de Financiamento, que podía levar enriba da mesa dous anos, poidan facela agora.

Eu ofrezco unha proposta. O Bloque Nacionalista Galego fai a proposta de que teña aquí o compromiso de que antes da entrada dos orzamentos teñamos un ditame. É perfectamente posible. Teñámolo antes da entrada dos orzamentos, e que sexa esa a posición que defenda vostede do noso país, porque, desde logo, do resto, o que fixo vostede foi un refrito de queixas e tamén eludir as súas responsabilidades. E nós o que lle vimos pedir aquí, señor conselleiro...,

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...é que vaia a ese Consello de Política Fiscal e Financeira, non para ser o conselleiro dunha administración máis, senón para ser o conselleiro que merece este país e para defender este país, como a nación que é, e o trato xusto que merece diante desa renegociación, porque, co seu modelo de financiamento, co que asinou a Xunta de Galiza, levamos perdidos xa máis do que temos, un ano enteiro, para gastar o orzamento da Xunta.

Polo tanto, é unha situación absolutamente inasumible; é francamente decepcionante que o único que veña vostede facer aquí sexa encomendarse a que fagamos un ditame que podía estar feito —insisto— desde hai dous anos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Ten a palabra dona Cristina Sanz Arias.

A señora SANZ ARIAS: Moitas grazas, presidenta.

Bo día, señorías.

En primeiro lugar, quero agradecer o señor Corgos a presentación que acaba de facernos das liñas estratéxicas da Consellería de Facenda e Administración Pública para esta lexislatura, que se complementará, en breve, coa elaboración do Ditame da Comisión de Estudo sobre o Financiamento Autonómico, e que se complementará, á volta do verán, coa presentación do



Proxecto de orzamentos para o ano 2025, sobre o cal xa avanzou que levan tempo traballando. Señor conselleiro, os grupos da oposición sempre restan valor, e hoxe tamén, ao feito de que Galicia sexa capaz de aprobar os seus orzamentos en prazo, pero o que é realmente excepcional é que Galicia sexa a única comunidade autónoma capaz de aprobar por décimo quinta vez consecutiva os seus orzamentos en prazo —a única—. (*Aplausos.*) Esa é a excepcionalidade: quince anos seguidos facendo ben as cousas e imos polo dezaseis.

E ter presuposto, señora Iglesias, señor Ojea e señora Presas, significa poñer á disposición dos galegos o maior gasto social da historia de toda a nosa comunidade, cun importe de 9.774 millóns de euros para gastar en sanidade, para gastar en educación e para gastar en política social, ou significa, poder realizar o maior investimento da historia de Galicia, ou ter unha política impositiva pensada nas familias de rendas medias e baixas e nos colectivos vulnerables.

Este bo facer, na xestión da Xunta de Galicia, enténdese mellor se o comparamos co que está a acontecer no Goberno de España. Alí a inestabilidade e a falta de apoios levaron a Sánchez a renunciar a presentar os orzamentos xerais para o ano 2024 e a prorrogar unhas contas que condenan Galicia a recibir novamente o peor presuposto do Goberno central dos últimos anos; algo que á señora Iglesias parece non importar polo que dixo na súa intervención. Acaba de anunciar onte que a vindeira semana se aprobará o teito de gasto para o ano 2025 e o cadro macro, que debería ser o inicio do procedemento para a aprobación dos orzamentos, pero dúbidamos moito que o Goberno de Pedro Sánchez poida aprobalos no tempo e na forma, a non ser que acepte todas as demandas dos independentistas cataláns e vascos e deixe, unha vez máis, no esquecemento comunidades como a nosa, como Galicia. Señorías do PSdeG e do BNG, miren un pouco para Galicia e presionen ese Goberno que puxeron na Moncloa para que trate como merece esta comunidade. De bo seguro que os galegos saberemos agradecérllelo.

A falta de orzamentos nun estado como España non é inocua. Esta situación ten a súa repercusión nos servizos públicos esenciais, como na sanidade e na dependencia, ou como nas infraestruturas ou no pagamento a provedores; causa incertezas, falta de estabilidade e merma os recursos das comunidades, empezando pola nosa. Hai un dato moi significativo que permite entender o que estou a explicar. Galicia seguirá recibindo a metade do investimento territorializado que percibe Cataluña —ja metade!—. E, para ver como esta situación se traduce na calidade dos investimentos estatais en Galicia, non temos máis que dar un paseo polas autovías ou polas estradas de titularidade do Estado que son unha fochanca permanente e nelas non se realizan operacións de mantemento ou de conservación desde hai moitos anos, pois simplemente fanse parcheos moi puntuais.

Respecto das críticas da oposición, é o que esperabamos. Acusábons a semana pasada —hoxe algo mencionaron— de que as comparencias na Comisión do Consello de Contas non eran suficientes. Se me permiten, aquí fan unha especie de xogo de trileiros, porque, na pasada lexislatura, o Partido Popular impulsou que esa comisión se reunise en doce ocasións, mentres que, durante o Bipartito, a Comisión do Consello de Contas reuniuse en cinco ocasións. ¿Se doce ocasións lles parecen poucas, que lles parecen cinco?; ¿van acusar tamén os seus exdirixentes de falta de transparencia, como dixeron o outro día na Comisión? (*Aplausos.*)



E, ademais, é que vostedes empregan os informes do Consello de Contas segundo lles convén. Señora Iglesias, por exemplo, cando o Consello de Contas certifica que o Bipartito concertaba máis coa sanidade privada que o Goberno actual, vostedes pechan a boca, ou, cando o Consello de Contas certifica que Galicia pechou o ano 2022 — que xa temos a Conta Xeral neste Parlamento — cuns indicadores moi positivos, tamén perden a voz. Miren, señorías, o que di esa conta xeral: di que a Galicia de Alfonso Rueda pechou o exercicio cun déficit dun 0,5 por cento do PIB e cunha taxa de endebedamento do 17,2 por cento sobre o PIB, situándonos nos indicadores incluso máis baixos do previsto inicialmente. Outro dos mantras habituais que temos que escoitar — e se me permiten — das voceiras da apocalipse é o tema da execución — hoxe tamén —. Fagan caso do que explica o Consello de Contas que, outra vez, desmente os datos que ofrecen porque se empregasen os datos consolidados contidos na Conta Xeral do ano 2022, que mencionei, comprobarían como a execución do orzamento chegou ao 99 por cento. É máis, se o que comprobamos é o dato do orzamento consolidado do gasto corrente, ese indicador chegou ao 105,5 por cento; gasto moi importante, posto que engloba todo o gasto social da Comunidade Autónoma. E, finalmente, señorías, esa conta xeral certifica un dato, que, non por ser habitual en Galicia deixa de ser moi significativo — e aquí quero agradecer o esforzo e o compromiso que fai vostede, señor conselleiro, e todo o seu equipo —. Estou a referirme ao pagamento a provedores. Galicia pagou no ano 2022 en 14,9 días, fronte aos 25 días de media das comunidades autónomas. E parece que estamos ante un indicador que mellora continuamente porque, tal e como nos acaba de avanzar, Galicia pechou o mes de abril do ano 2024 cun promedio de pagamento a provedores de quince días — baixou —, fronte aos 31 días que acadou a media nacional — que subiu —.

Respecto do sistema fiscal, déixenme que lles dea tamén algún apuntamento. Señor Corgos, ten o total respaldo e o apoio do grupo desta Cámara para seguir consolidando unha política fiscal que baixe os impostos sen afectar o estado de benestar; de feito, este en Galicia é cada vez máis amplo. Outro dos mantras da oposición, ou mentiras habituais, é que temos un sistema fiscal que apoia os ricos. Non, señorías, non é así e, por moito que o repitan non se converterá en verdade. O modelo fiscal do presidente Rueda aplica rebaixas fiscais selectivas para beneficiar colectivos como familias monoparentais, familias numerosas, mozos e mozas, mulleres vítimas de violencia de xénero, persoas con discapacidade, entre outras. Entón, polas súas críticas, non sei se lles parece ben que se apoiem estes colectivos ou nos están pedindo que se quiten estas bonificacións. Xa nos dirán.

A respecto do imposto sobre sucesións, as medidas adoptadas permitiron que preto do 99 por cento dos galegos non teña que tributar cando herda dun familiar directo. Estamos moi orgullosos de que estas bonificacións permitan que se manteña íntegro o patrimonio das familias no caso de perda dun familiar. (*Aplausos.*) ¿Non lles parece ben?; ¿cren que por herdar de pais a fillos os pequenos patrimonios, os aforros de toda unha vida, hai que pagar a Facenda? Pois díganllelo a todas aquelas persoas que antes das bonificacións tiveron que malvender probablemente parte dos seus patrimonios ou renunciar incluso ás herdanzas porque non eran capaces de obter o líquido suficiente para facer fronte ao pagamento do imposto. Confirmou hoxe vostede, señor conselleiro, que as herdanzas entre irmáns, curmáns, tíos, sobriños, sogros, cuñados e xenros, por importe inferior a vinte e cinco mil euros, non pagarán impostos. ¿Isto é apoiar os ricos?; ¿herdar menos de vinte e cinco mil euros é apoiar os ricos? Deixen a demagogia porque o seu discurso non se sostén.



E respecto do imposto sobre o patrimonio, señorías, abandonen toda a esperanza. O Informe da Atriga —que se mencionou e que se presentou na semana pasada neste Parlamento— xa llelo explicou. A baixada na recadación foi de 11,6 millóns de euros neste imposto, pero é que coas bonificacións adoptadas deste tributo se consegue que os grandes capitais non marchen para outros territorios, concretamente para aqueles onde hai tratamentos fiscais máis favorables. Señora Presas, esas familias con grandes bases impositivas quedan aquí, contratan aquí, consumen aquí, pagan o IVE aquí —en Galicia— e pagan o IRPF, pagan impostos por matricular os seus vehículos, etcétera, etcétera, recursos que, sen dúbida, redundan na nosa facenda por un importe moi superior a eses 11,6 millóns de euros que son os que se deixaron de recadar por ese imposto. *(Aplausos.)*

Señorías da oposición, señora Presas, é que eu non sei se vostede defende a Facenda galega ou a Facenda portuguesa, podería aclaralo despois. Ao mellor, defenden o modelo de Sánchez que, segundo o recente Informe da OCDE, *(A señora Sanz Arias mostra unha páxina de prensa.)* España é o país da Unión Europea onde máis se incrementou o peso do imposto sobre o PIB tras a pandemia; ou sexa, España é líder en toda Europa en incremento da presión fiscal. E este mesmo Informe da OCDE di que España acadou unha presión que creceu o dobre da media das economías avanzadas, porque outros países usaron a mellora dos ingresos derivada da reactivación económica en baixar cotizacións e en reactivar o emprego; pero Sánchez non, Sánchez fixo o contrario, dando a espalda aos autónomos e aos empresarios e facendo caixa á súa costa. ¿Ese é o seu modelo?; ¿ser líderes en presión fiscal? Dígao claro.

Ben, vou rematando, señorías.

Desde a súa publicación, vostedes aluden constantemente ao Informe de Consello de Contas sobre o financiamento autonómico e parecen atribuír á Xunta a culpa do déficit de financiamento que arroxa ese documento. Nada máis lonxe da realidade. En calquera caso, convidámola a achegar a un acordo de país para a mellora do financiamento estatal a Galicia, aínda que a esperanza de chegar a acordos en calquera asunto económico co BNG é máis ben pouca porque parece que o seu único obxectivo é o comunismo, a independencia de Galicia e o cupo vasco; algo inasumible para o Partido Popular polos prexuízos que suporían para os galegos, como xa o puxeron de manifesto os comparecentes na Comisión de Estudo na pasada lexislatura. Lamentamos que non permitisen no pleno pasado impulsar por unanimidade a reactivación desa comisión, pero, en calquera caso, estamos á máxima disposición de acordo. Para iso é necesario que fagan unha reflexión: que os socialistas e os nacionalistas cambien de prioridades e de socios; que o PSdeG, dunha vez por todas, deixe de ser unha sucursal ao servizo do sanchismo e pensen en defender Galicia; e que o BNG que rache cos seus socios independentistas cataláns, que pretenden comer a parte do pastel que corresponde a Galicia, ao tempo que abandonen calquera idea sobre o establecemento dun concerto para Galicia porque sería un erro, tanto político como económico.

Vou acabando xa.

Vostedes queren que todos os galegos...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.



A señora SANZ ARIAS: ...paguen a débeda xerada polo independentismo catalán e que saiamos perdendo as comunidades cumpridoras, que sempre nos axustamos aos condicionantes de estabilidade orzamentaria ou que non tivemos que acudir ao FLA. ¿De verdade apoian mutualizar esa débeda ou unha negociación singular?

Seguirei na segunda quenda entón, se non teño máis tempo. Pero...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Sanz.

A señora SANZ ARIAS: ...compráceme que a representante do PSOE...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

A señora SANZ ARIAS: ...comparta os criterios de dispersión e de envellecemento que se teñen que ter en conta para un novo modelo de financiamento autonómico.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica do señor Corgos.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Seremos proporcionais no uso do tempo. Non se preocupen que xa sei que lles interesa moito esta temática. (*Risos.*)

Vou intentar responder, como non pode ser doutro xeito, porque eu tomo moi en serio os criterios dos diferentes grupos parlamentarios e, sempre que podo, tento chegar a acordos con eles. E por iso quixera facer algunhas valoracións tamén e contraponer algunha das cousas que se dixeron; algunhas son certamente peculiares —por dicilo dalgunha forma—.

En primeiro lugar, o señor Ojea veu defender unha provincia das catro galegas. Como me toca a min, porque para iso me pagan, teño que defender Galicia no seu conxunto, e, polo tanto, a planificación estratéxica que facemos, en función dos problemas conxuntos de Galicia, que, sen dúbida, teñen un asentamento no territorio.

Aínda que este conselleiro, efectivamente, é da Coruña —perda coidado—, procura pisar todos os territorios da comunidade autónoma e mesmo da provincia de Ourense, sempre que pode; de feito —como sabe— foi quen adquiriu os terreos para a construción do futuro edificio administrativo da Xunta de Galicia na capital ourensá.

Os fondos europeos, evidentemente, claro que se reparten con criterios cohesionadores, e claro que tentan desenvolver os seus investimentos con esas características de cohesión; e sempre que podemos intentamos engadir un feito diferencial para que beneficie máis aqueles territorios que máis o precisan no eido do desenvolvemento, en especial as provincias interiores.



Gustaríame sinalar tamén que non todo este discurso baseado na continuidade da discriminación se corresponde exactamente coa realidade, posto que o 13,8 por cento do orzamento territorializado no ano 2024 — neste mesmo ano— figura asinado á súa provincia, á provincia de Ourense, cando o peso da poboación é so dun 11,3 por cento, o que supón que dediquemos 5.409 euros por cada habitante desta provincia, é dicir, 985 máis que a media do cal se destina ao resto de Galicia. Esta aposta por Ourense tamén leva unha aposta, en toda a provincia, por todos os servizos públicos. Esta discriminación implica que se facemos a *ratio*, sobre o financiamento per cápita de Ourense e o financiamento per cápita do resto de Galicia, esta sexa de 1,22. Isto é o que discrimina a Xunta — poderíamos dicir— a favor de Ourense; por exemplo, o sistema de financiamento discrimina a favor de Galicia o 1,04 por cento, para que vexa o esforzo diferencial que facemos dentro da Xunta de Galicia a prol da provincia de Ourense, respecto da discriminación que se fai no financiamento autonómico a prol de Galicia.

Nesta aposta polo desenvolvemento da provincia — como dicía— cómpre destacar o Centro de Excelencia en Ciberseguridade de Galicia, que tamén atinxe o meu departamento; son unhas instalacións que están a ser construídas na Tecnópole, cun investimento superior aos seis millóns de euros e que ten que ver coa súa preocupación polas TIC. Pero tamén — como dicía no meu discurso— a achega aos cidadáns realízase por diferentes canles, non só pola canle dixital, porque, efectivamente, quizais os maiores precisan que se realice con eles unha atención personalizada — e iso tamén o indiquei na miña intervención—. Tamén investimos en Ourense, nos orzamentos do 2024, 30 millóns do Fondo de investimentos sanitarios; é un plan director de 25 millóns para Ourense: no Hospital de Valdeorras investimos case 500.000 euros; no Hospital de Verín, 980.673 euros ou na Sala de Hemodinámica do CHUO, 4,3 millóns de euros. En vivenda investimos 9,76 millóns para a rehabilitación de edificios ou vivendas en alugueiro social. Por tanto, non hai discriminación a Ourense. Gustaríame tamén referir — pero, en todo caso, perda coidado— que sempre teremos en conta as diferenzas territoriais e tentaremos reequilibrar as diferenzas nas nosas asignacións orzamentarias e no despregamento das políticas de gasto.

En canto ás manifestacións da señora Iglesias tamén — teño que dicir— me sorprenderon un pouco porque comezou dicindo que viña achegar datos que matan o relato, pero ofreceu datos tendendo a cero e co relato ou co argumentario habitual do seu grupo, xa que eu me perdín un pouco na súa intervención, señora Iglesias. Se me di que non son datos que Galicia pechase o ano pasado cun 9,7 por cento de desemprego ou que a evolución do PIB per cápita de Galicia, entre 2009 e 2022, segundo o INE, medrase un 92 por cento, sendo a Comunidade Autónoma que máis converxeu, ou que sexamos a Comunidade Autónoma de referencia no desenvolvemento fiscal, no cumprimento do déficit ou na evolución da débeda, pasando a ser a quinta comunidade de Réxime común con maior débeda no ano 2008, a ser a cuarta no ano 2023 — pero a cuarta pola cola—, con menos débeda. Iso quere dicir que cada galego debe hoxe 2.240 euros menos que a media autonómica. E — como dicía— isto é un mero instrumento, non é unha finalidade en si mesma. Eu penso que son números, e son números contrastados con fontes de datos de institutos estatísticos nacionais e internacionais.

En canto ao que reflectía do sistema de financiamento, ¡home!, atribuír o incremento dos ingresos do sistema de financiamento ao señor Sánchez, pois ¿que quere que lle diga? O sis-



tema de financiamento baséase na participación, nos ingresos dos tributos cedidos que corresponden aos galegos, é dicir, non son do señor Sánchez e o señor Sánchez non reparte nada; paga cada contribuínte galego unha parte do IRPF, do IVE e dos impostos especiais, dos cales o 50 por cento e o 55 por cento, sucesivamente, corresponden á Comunidade Autónoma. E, como existe o ciclo económico e como o ciclo económico, cando estamos nunha fase de crecemento —e se é unha fase de crecemento con altos prezos, como a actual— se recada máis; entón o que pasa é que o sistema de financiamento rende máis. Pero isto non é por vontade do señor Sánchez, señora Iglesias; isto é pola propia dinámica do sistema de financiamento. Igual que na época de crise tampouco existía unha vontade do señor Zapatero de reducir —como o fixo no Nadal de 2010— mil millóns de euros do sistema de financiamento da Comunidade Autónoma; mil millóns de euros que, por certo, prometera á Comunidade Autónoma para financiar os gastos da Lei de dependencia —que tivemos que financiar á custa de facer economías coas restantes políticas de gasto—. Como vexo que temos memoria selectiva, pois lémbrolle un pouquiño como é a historia para que a recorde. (Aplausos.)

Efectivamente, este sistema de financiamento presente deseñárono a tres: o señor Zapatero, o señor Castells e o señor Pedro Solbes —como ben saberá—. E eu estaba na Comisión Bilateral en que Galicia puxo de manifesto que se abstiña na votación do mesmo porque non facía referencia ao custo efectivo dos servizos na Comunidade Autónoma; iso para que lle quede constancia, e volveremos reclamar que se valore o custo efectivo dos servizos diferenciais na nosa comunidade autónoma.

Ben, vou falar tamén dos fondos Next Generation, polo que ao dato da recadación do Informe do Consello de Contas eu non me referiría moito, xa que ese cálculo non está tecnicamente ben; ese cálculo está comparando a recadación efectiva cos tributos cedidos tradicionais, e os tributos cedidos tradicionais e a recadación normativa están mal calculados, e é recoñecido por todos os expertos. Polo tanto, esa base de referencia que recolle o Consello de Contas está mal calculada. Vou poñer un exemplo que todos van entender perfectamente: está a comparar a evolución dos tributos cedidos tradicionais polo miúdo, o imposto de transmisións patrimoniais e o imposto de sucesións patrimoniais co coeficiente do ITE. E xa me dirán vostedes que ten que ver a evolución da recadación de sucesións —que ten que ver cos falecementos e co patrimonio dos falecidos, coas transmisións *mortis causa*— ou o número de transmisión de vivendas, sobre todo no ITP, coa recadación do IVE ou coa recadación do imposto sobre a renda. Non ten nada que ver. Ese parámetro está mal calculado. E para mostra, un botón, tanto que lles gusta a Comunidade de Madrid: o ano pasado, ese índice indicaba que a recadación normativa de Madrid estaba por debaixo da recadación real. ¿Vostedes cren que Madrid é un territorio de alta tributación?; non, ¿verdade? Pois esa é a mostra clara, evidente e palmaria de que ese índice está mal calculado; polo tanto, eu non me referiría moito a el, pero —entendo— igual non se entende moi ben esta explicación, así que vou con outros datos, que si que se entenden moi ben, como a súa referencia á execución dos fondos Next Generation.

Nós falamos da execución nos termos aos cales se refiren todos os traballos que avalían a evolución da execución dos fondos Next Generation. Os fondos Next son un programa plurianual que dura ata mediados do ano 2026, e, por tanto, todos os informes privados e públicos que se refiren



á execución dos fondos están a referirse, nesta fase en que estamos —no peche do ano 2023 ou a mediados do ano 2024 se prefiren—, á fase de adxudicación, porque —como saben—, o procedemento do gasto público leva unha serie de pasos taxados, que van da autorización, do compromiso, da obriga e do desembolso ou do pagamento. Se o Programa chega ata o ano 2026, o lóxico é que, se estamos á metade do Programa do mecanismo de recuperación e resiliencia, falemos de canto estamos mobilizando, de canto estamos licitando e de canto estamos adxudicando. E se falamos deses compromisos, de canto estamos adxudicando e, polo tanto, de como estamos a mover a economía —porque cando adxudicamos recursos, o que estamos a facer é dicir á empresa: «ti vas ter unha subvención para que fagas isto», e, polo tanto, a empresa ten que facer o seu investimento para cumprir co comportamento que xustifica a concesión da subvención—, podemos falar de que no ano 2023 Galicia tivo compromisos de 466 millóns de euros, é dicir, un 88 por cento do orzamento inicial. E, se nos comparamos, por exemplo, coa Administración xeral do Estado, o dato é 5.888 millóns de euros, que é un 49 por cento. Nós executamos máis do dobre, neses termos. Esta é a información obxectiva que sae do propio instrumento do Ministerio de Economía, é dicir, do ELISA. Este reconece que Galicia é a segunda comunidade que ten a taxa de resolución máis alta de España, isto é, un 81,3 por cento e 22 puntos máis que a media das comunidades autónomas. *(Aplausos.)*

Sobre o tema dos pagamentos a contas, ¡pois nada!, benvida ao club. Eu alégrome moito de que xa, por fin, a ministra —unha vez que pasaron todos os ciclos electorais— se decidise a deixar de castigarnos e de que comezase a moverse para pagar o que nos debe, porque nos debe 350 millóns de euros que, no día de hoxe, non están no Tesouro da Comunidade Autónoma de Galicia; *(Aplausos.)* onde están é no Banco de España xerando intereses, e eu teño que pagar intereses ás liñas de crédito con que teño que financiar as políticas de gasto. Perda coidado que llos reclamarei á ministra no vindeiro Consello de Política Fiscal e Financeira.

A respecto do Consello de Contas, eu teño o máximo respecto polo Consello de Contas, e, por suposto —xa llo digo aquí—, un obxectivo da lexislatura é cumprir coas recomendacións do Consello de Contas; coa maioría estou de acordo, con outras teño claras discrepancias e noutras aprecio debilidades técnicas, pero, coas que estamos de acordo, que son a maioría, cumprirémolas. En particular —pódolle dicir—, neste mesmo ano teremos ese plan de contabilidade, se ese é agora un problema que ten Galicia —que non adaptou o seu plan de contabilidade—; pois se esa é a fonte de todos os males da Comunidade Autónoma, adaptarémolo. Este ano aprobaremos o Rexistro de entidades e cumprimos o resto das reclamacións que facía o Consello, en particular: «Render de xeito telemático as contas ao Consello de Contas e ao Parlamento de Galicia». E, por suposto, tamén melloraremos a información que as distintas entidades renden nas súas memorias para corrixir as debilidades que detecta o Consello de Contas —perda coidado—.

En canto aos empregados públicos, pois claro que temos en conta cales son as necesidades futuras dos empregados públicos, e, por iso, nos departamentos que están máis vencellados á Administración pública estamos elaborando, conxuntamente, un plan estratéxico de recursos humanos da Administración autonómica, precisamente para ver cales son as necesidades a medio prazo da Administración autonómica e para ver como as imos cubrir ao longo do tempo. Pero aquí quixen traer, un pouco, as actuacións operativas nas cales estamos ocupados de xeito máis inmediato.



Respecto ao indicado pola señora Presas, sinto ser aburrido, ¡pero bueno!, igual a estabilidade é o que ten: podemos ser aburridos e predicibles, e non me parece de todo mal. ¿Que quere que lle diga? E «que nos repetimos»; pois ben, eu é a primeira vez que comparezo aquí para describir as liñas estratéxicas da Consellería de Facenda e, se me repito —non sei—, será un álter ego que teño por aí escondido, porque eu persoalmente podo dicirlle que non... É a primeira vez que comparezo aquí.

Nós non temos ningunha intención de adelgazar a capacidade fiscal de Galicia; é todo o contrario, simplemente o que pensamos é que si que se pode realizar ese *mix* de política —como dicía antes—, entre incentivos fiscais para favorecer a renda á disposición das familias —en especial, neste contexto de prezos altos— e tamén a competitividade das economías, porque —xa o expliquei algunha vez—, cando estás nun espazo fiscal federal, como o español, pero que tamén ten competencia dentro dos países da Unión Europea, os grandes patrimonios e as empresas botan cos pés, botan cara aos territorios de tributación máis baixa. Por tanto, nós debemos ser competitivos para que non pase iso; esta é a nosa única intención, e non perder recadación, e non favorecer ninguén —xa o explicamos varias veces—. O que pasa é que nós tamén cremos nese *mix* de baixada de impostos e de gasto e de servizos públicos de calidade. Vostedes teñen outra receita antagónica que tamén teñen que explicar, que é subir os impostos pase o que pase. Xa explicarán para que, pero cóntenllo á xente tamén: «O meu programa político é subir os impostos». Non llo escoitei nas pasadas eleccións autonómicas, pero é o seu programa político; pase o que pase a receita, neste caso do BNG —pero tamén do PSOE—, é subir os impostos. (*Aplausos.*)

Non hai ningunha lectura autocompracente do contexto macro, só que non estamos nun debate de orzamentos; estamos nun debate de liñas estratéxicas da Consellería. Son moi consciente diso, e xa falaremos —dentro dunhas semanas, cando traia o debate do teito de gasto— da autocompracencia do contexto macro ou da non autocompracencia sobre o contexto macro. Non estamos compracidos, nin moito menos. Estamos moi preocupados polas incertezas que rodean as economías mundiais; estamos preocupados pola falta de competitividade que está a amosar a economía europea e nacional; e estamos tamén preocupados porque os prezos non terminan de baixar como queremos. Pero —insisto— este non é o momento procesual oportuno —perda coidado—; nun par de semanas poderemos falar da autocompracencia ou da non autocompracencia no contexto macro.

Por suposto, ter orzamentos non é ningunha novidade na nosa comunidade autónoma; o problema é que si que o é noutras administracións —¡claro que si!—, e o que nos gustaría é que fose unha regularidade contar con orzamentos e, polo menos, cumprir coa obriga constitucional de presentalos porque o artigo 134 da Constitución di que o Goberno de España debe presentar os orzamentos ante o Congreso dos Deputados tres meses antes de que remate o exercicio económico. E non se cumpriu iso. Non é potestativo do Goberno, é unha obriga para que os cidadáns vexan cal é o plan económico do Goberno, independentemente de que se aprobe ou non.

Dicía vostede (*O conselleiro de Facenda e Administración Pública, Corgos López-Prado, bufa.*) (*Risos.*) (*Murmurios.*) —xa remato— tamén que vin aquí recitar a orde de elaboración de orzamentos. ¡Home!, ¿de que quere que lle fale?; ¿de cal é a nosa liña programática para ela-



borar os orzamentos? ¡Claro que si!, ese é o momento procesual oportuno. Saíu hai tres semanas a orde de elaboración de orzamentos e indica cal é a política asignativa do Goberno en materia de gasto público. ¿Como non quere que lle fale diso? Xa sei que lle pode parecer máis ou menos aburrido, pero é o que hai.

Eu remataba xa, pero, desde logo, hai que referir a súa crítica habitual a que falemos da débeda pública, pero tamén teño que dicirlle que, esta, deriva do esforzo en cumprimento do desempeño fiscal da Comunidade Autónoma, e, por iso temos menos débeda fiscal que outros e, por iso, non temos ningunha présa en negociar algunhas condicións financeiras, de que se está a falar nestes días, con moitas comunidades autónomas que non teñen ningún tipo de marxe fiscal. Nós si o temos porque xeramos a nosa marxe fiscal, señora Presas, e esa é a principal medida de defensa do autogoberno que tivemos na nosa comunidade autónoma nos últimos dez anos: que mantivemos a nosa autonomía fiscal; o resto das comunidades autónomas non o fixo. Por iso... —non faga así coa cabeza, porque o resto das comunidades autónomas non o fixo; nin Cataluña nin ningunha comunidade autónoma defendeu a súa autonomía fiscal, como o fixo Galicia— ...(*Aplausos.*) nós podemos aportarlle a cada galego, que debe 2.209 euros menos per cápita que a medida das comunidades autónomas, e non precisamos ningunha condonación da débeda. E nós o que queremos con urxencia é un novo sistema de financiamento que atenda as particularidades de custos da Comunidade Autónoma, e non ningunha condonación da débeda porque manexamos as nosas finanzas públicas con responsabilidade e con autonomía, como o noso sistema fiscal.

E iso tamén é o que defenderemos —e remato xa— no vindeiro Consello de Política Fiscal e Financeira. Claro que si que defenderemos os intereses da comunidade autónoma. Creo que lle indicaremos á ministra cal é a nosa idea de repartición dos novos obxectivos de débeda, e se ten a ben explicarnos que pensa facer porque non o sabemos no día de hoxe, nin sequera sabemos cal é a taxa de referencia de gasto que comunicou á Comisión Europea, como indicou a AIREF. Estamos expectantes polo que nos indiquen e tamén por amosar a posición de Galicia, igual que queremos exhortarlle a que comece xa a negociación do novo sistema de financiamento autonómico, sobre o cal xa ten varios documentos acerca de cara a onde debe evolucionar o sistema de financiamento para que se recollan as necesidades de financiamento da nosa comunidade autónoma.

E perda coidado, xa que dentro dos meus plans está que ese ditame da Comisión do Sistema de Financiamento estea máis que rematado, non neste ano, se pode ser no vindeiro outono para que todos —se conseguimos que se poña en marcha esa revisión do sistema de financiamento— contemos cun ditame do sistema de financiamento que marque unha posición de país.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Continuamos coa rolda especial de aclaracións ou dúplica do Goberno.

Polo Grupo Mixto, ten cinco minutos.



O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidenta.

Serei moi breve.

Facía o señor conselleiro unha comparativa acerca do gasto por habitante e argumentaba que na provincia de Ourense o habitante recibe, por termo medio, en termos xerais, máis que os habitantes do resto da autonomía.

E, claro, aí nos atopamos cun círculo vicioso. Se as políticas da Xunta de Galicia destinadas á provincia de Ourense fan que esta se despoboe, é dicir, que a xente marche, ou porque non ten traballo, ou porque non hai graos universitarios suficientes para poder cursar se a persoas se atopan en época de estudos, ou se por motivos de saúde teñen que marchar a vivir onde hai mellores prestacións sanitarias, ou doutro tipo, pois a provincia despobóase. Como a Xunta de Galicia debe cubrir un mínimo de necesidades, con independencia do número de persoas que as reclame —as necesidades básicas da pirámide de Maslow—, loxicamente, van ser máis caras. Se nunha poboación moi pequeniña hai que facer un colexio, ao mellor, para un número pequeno de rapaces, o custo imputable a cada rapaz na construción do colexio vai ser moito maior ao que se impute nunha poboación onde hai moitos máis nenos, etcétera, etcétera.

Do que se trata é de reverter, precisamente, esa espiral negativa. Se a provincia de Ourense se despoboa, loxicamente, o custo dos servizos públicos por habitante vai ser maior, pero iso non pode servir —aínda por riba— de desculpa para investir menos. ¡Claro!, ou sexa, non sei se con isto me expliquei ben, señor conselleiro; ¿vólvollo explicar ou...? Eu penso que está claro.

Non utilice o argumento de que a Xunta inviste máis por habitante na provincia de Ourense porque iso é unha consecuencia directa do despoboamento que, á súa vez, é consecuencia directa da falta de investimentos públicos nesa provincia.

Nada máis, grazas.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Socialista, dona Patricia.

A señora IGLESIAS REY: Prometo ser breve, que a estas horas —creo— xa estamos todos desexando ir comer.

Señor Corgos, hai —penso— cero autocrítica nas súas dúas comparecencias. É verdade que aplaudo que siga as recomendacións do Consello de Contas e que vaia aprobar o Plan de contabilidade pública despois de vinte anos ou o Rexistro de entidades da Administración paralela, xa que a Lofaxga é de 2010; aplaudo tamén ese compromiso. Evidentemente estarei atenta aquí, no hemiciclo, a ese cumprimento das recomendacións do Consello de Contas de Galicia.

E mencionaba a cero autocrítica na súa comparecencia, cando eu penso que debería saber que a humildade é recoñecer moitas veces os erros porque non somos perfectos. Na política



financeira son os primeiros pasos para avanzar e mellorar —de corazón llo digo, señor conselleiro—. É a primeira lección que me ensinaron os meus pais e que tamén ensino aos meus fillos: humildade, avanzar, recoñecer erros, autocrítica...

É doado seguir sacando peito da maioría absoluta ou desa lealdade institucional de que tanto presume, sen asumir que ten unha asignatura pendente no sistema de corresponsabilidade fiscal, no sistema de financiamento autonómico. E non o digo eu; díxo tamén o Informe de expertos do Foro Económico, que se presentou no Congreso dos Deputados. Un ilusionismo fiscal que, evidentemente, claro que ten unha relación directa e inmediata na calidade dos servizos públicos, señor Corgos —xa o sabe—.

O noso estado de benestar, logo de quince anos de Goberno do PP, está á cola das comunidades autónomas; é a terceira comunidade autónoma con peores *ratios* en servizos públicos esenciais. Segundo o Informe da Fedea, o Informe DEC 2023, recentemente publicado, estamos á cola de profesionais, da cobertura ás persoas no limiar da pobreza, ás persoas que reciben un sistema de axuda no fogar, de prazas en residencias de maiores, de prazas en discapacidade, de prazas nos centros de acollida de mulleres vítimas de malos tratos...

E sobre os beneficios fiscais, claro que imos estar de acordo os socialistas galegos con esas baixadas de IRPF que benefician o común da xente, pero ese ilusionismo fiscal e eses beneficios fiscais —sobre os cales dicía— que benefician as rendas e patrimonios máis altos, ao final, tampouco conseguen a finalidade prevista. Estamos falando do imposto de actos xurídicos documentados e da compra de vivenda nas zonas do rural, ou do asentamento de empresas na zona rural, e, ¿conseguiuse esa finalidade ou realmente o rural galego está a perder ano tras ano aínda máis xente?; ¿tivo algunha finalidade? Como sinalaba o Informe do Consello de Contas, ¿hai un informe da avaliación, *ex ante*, *ex post*, de que eses beneficios fiscais cumpren a súa finalidade, Señor Corgos? Eu penso que non, que non se fan eses deberes.

Evidentemente, veremos tamén o impacto desa bonificación do cincuenta por cento do imposto ás grandes fortunas; veremos ese impacto, porque se fixo nos orzamentos de 2024. É un imposto contra o cal, por certo, votaron o PPdeG e o PP en Madrid. Aquí non é tal, bonifícanse co cincuenta por cento os ingresos ás grandes fortunas; negárame que tamén beneficia os grandes patrimonios e as grandes rendas.

Habería que preguntar —eu, como dicía, son máis de letras; os números xa lle corresponden na súa segunda comparecencia— por esa relación directa entre o ilusionismo fiscal e o impacto nos servizos públicos. Habería que preguntarlle ao señor Rueda se está disposto a explicarlles, con transparencia, aos galegos como se paga a sanidade pública, a dependencia, os servizos sociais...; debería tamén explicarlles aos galegos e ás galegas —mirándolles aos ollos— como as nais da comarca de Soneira, do Pereiro de Aguiar, do Valadouro, da Serra de Outes —podemos facer un repaso pola xeografía galega, que xa se fixo aquí na anterior comparecencia do conselleiro de Sanidade— non van ter médicos ou non van ter pediatras este verán; ou explicarlle á túa nai ou á nosa avoa, cunha gran dependencia, que pode ir a unha residencia. ¡Iso si!, a unha residencia privada pola cal terá que pagar case tres mil euros ou máis de tres mil ou ao mes, logo de levar esperando anos. Habería que explicarlle, señor



Corgo, ao Goberno galego que apostou hai tempo pola privatización paulatina, a miudiño, dos servizos públicos. Por iso se bonifican ou se eliminan impostos que a xente do común, evidentemente, non nota, pero diredes, sacando peito, que os galegos falaron: «temos maioría absoluta para facelo»; e nós preguntamos: ¿iso lexítima os recortes que se fan nos servizos públicos aos galegos e ás galegas? Humildade, responsabilidade e rigorosidade.

Fixo unha boa puntualización cos datos que mencionaba do financiamento do Estado a respecto, evidentemente, de que non son cartos de Pedro Sánchez nin do Goberno galego —está ben puntualizado, señor conselleiro—. Pero o dato obxectivo é que desde o ano 2022 a aportación do Goberno de España ao sistema de financiamento autonómico se incrementou en trinta puntos porcentuais. E, evidentemente, podemos comparar o que fixo un Goberno socialista, cando saíamos dunha crise causada pola pandemia, cos fondos extraordinarios, que se transferiron a todas as comunidades autónomas, asumindo a débeda o Goberno do Estado.

Podemos facer a comparativa: ¿que fixo o Goberno de Rajoy na crise financeira? Pro ratear cunha liquidación negativa, pro ratear a débeda entre as comunidades autónomas e os concellos. Evidentemente, agora somos das comunidades autónomas máis endebedadas por esa forma de saír dunha crise económica. Mentres que o Goberno progresista de Pedro Sánchez asumiu a débeda...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora IGLESIAS REY: ...con fondos extraordinarios, o Goberno conservador do PP pro rateou esa débeda entre as comunidades autónomas e as entidades locais.

En canto á execución dos fondos Next, están aí os datos, e tamén a infranegociación cos concellos.

Insistiremos moito os socialistas galegos neste hemiciclo para que asuman, dunha vez por todas, que os concellos galegos están asfixiados por esa falta de lealdade institucional do Goberno da Xunta e pola falta de empatía, porque están prestando competencias, que non lles corresponden, en investimentos en centros de saúde, en escolas infantís...,

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que rematar, señora deputada.

A señora IGLESIAS REY: ...en colexios, en institutos... É unha burla intolerable, señor conselleiro.

Esperemos que nesta lexislatura que ten por diante asuma, dunha vez por todas, ese financiamento dos concellos galegos tan necesario.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista, a señora Presas.



A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señora presidenta.

Señor Corgos, eu non dixen nada de «aburrido». Vostede sabe que eu son, parafraseando o señor Sánchez, unha filóloga profundamente namorada da facenda pública galega; o que dixen é que vostede veu aquí repetir cuestións que levan na axenda da Consellería moito tempo.

É certo que, formalmente, é a súa primeira comparecencia como conselleiro nesta lexislatura, pero, ¡home!, nin vostede veu comparecer antonte, por primeira vez, a este Parlamento, nin nós os dous estamos debatendo, desde antonte, algunhas das cuestións que están hoxe enriba da mesa, porque xa están desde antes de que vostede fose conselleiro. Polo tanto, no que insisto é en que veu vostede aquí falando de que ía debater as grandes liñas estratéxicas da Consellería de Facenda e, basicamente, seguen a ser dúas: unha, seguir adelgazando a capacidade fiscal deste país, e, dúas, seguir repenicando o argumentario de Génova respecto dos grandes temas económicos e financeiros no ámbito do Estado, e nada máis. Para nós é realmente decepcionante, porque este país xógase moito nos próximos meses e nos próximos anos respecto do seu financiamento. E é un problema que o Partido Popular galego estea preso e secuestrado pola estratexia do Partido Popular no Estado e que non estea disposto tampouco a rectificar en ningún dos moitos problemas da economía e da xestión económico-financeira que hai no día a día e que sinala, por exemplo, o Consello de Contas —como eu xa lle dicía—. A iso é ao que nos referimos desde o BNG.

Desde logo, negamos varias cuestións que saíron aquí e se puxeron enriba da mesa. Defendéron vosdes a autonomía fiscal. ¡Pois vaia forma de defendela! ¿Que nos di o Informe do sistema de financiamento? Dinos que hai un cambio de tendencia na política fiscal da Xunta nos últimos anos e que en lugar de atraer, mediante ese recurso, capacidade económica para Galiza, restámoslla. Iso é o que nos di tamén a Atriga no seu último informe: temos unha capacidade fiscal seis puntos por debaixo da media e unha necesidade de gasto de sete puntos por riba. Iso, sumado a que son os primeiros en pedir que se recentralicen todos os impostos do planeta, non sei en que momento é defender a autonomía fiscal deste país. Desde logo, non é como a quere defender o BNG.

E insistimos en que, aínda que teremos tempo de volver debater as propostas fiscais nos próximos meses, non se avalían os seus resultados. ¿E podemos ver, por exemplo, todo ese paquete de cuestións no ámbito da economía e na industria a través desas sucesivas leis de depredación? ¿A onde nos levaron? Eu dei algúns datos da evolución industrial deste país, e non avalan esa política impositiva.

Volve falar vostede do mantra. O mantra da dereita si que é o de «impostos cero no rural». Eu vivo nunha cidade, pero aquí hai bastante xente que vive no rural. Pregúntelles vostede se non pagan impostos. E logo vexamos cal é a evolución demográfica e económica dos concellos, por exemplo, de menos de dous mil habitantes, porque non hai resultado por aí. E negamos a maior tamén respecto das cuestións que argumentaba a señora Sanz. Eu non falei dunha proposta fiscal concreta, que aínda non se votou, nin se debateu, nin se concretou neste Parlamento, máis alá dunha nota de prensa do Consello da Xunta e dun discurso de investidura; do que falei aquí é da política xeral, e falei de que tamén que o umbral para gra-



var herdanzas directas sexa dun millón de euros si que é bastante para ricos, señora Sanz. Como comprenderá, facer rebaixas fiscais selectivas ás oito mil persoas máis ricas de Galiza pois si que é gravar impostos para os máis ricos. *(Aplausos.)*

Cuestións como deixar de recadar no 2023 sete millóns de euros co imposto do xogo, que vai directamente aos petos do *lobby* do xogo, non é ter cartos dos galegos e das galegas nos petos dos galegos e das galegas, nin é fortalecer os servizos públicos, pero nin aquí nin en ningún lado. Non sei que lle pasaba con Portugal, pero si, efectivamente, a preocupación do Bloque Nacionalista Galego é a facenda galega e é camiñar cara a ter máis capacidade normativa e fiscal neste ámbito para así ter máis recursos para facer mellor a vida dos galegos e das galegas.

Indo á cuestión que nos parece máis importante, saía aquí o debate das entregas á conta e a preocupación por parte do Partido Socialista e do Partido Popular; nós sumámonos a ese problema, pero sabe vostede quen non ten problema coas entregas á conta e quen ten unha relación económica diferente, bilateral e máis directa co Estado, e quen ten outro modelo de relación económica que non é o de réxime común. En todo caso —insisto unha vez máis—, recentemente, sempre que neste Parlamento se abriu o debate sobre o modelo de financiamento autonómico, aínda dentro do cativo marco de réxime común, sempre foi por impulso do Bloque Nacionalista Galego. Esa comisión naceu despois de que moitas veces premeran vostedes o botón roxo do «non» a unha comisión de traballo específica, e despois quedou en saco roto porque o Partido Popular non quixo facer un ditame.

Polo tanto, reitero o compromiso do BNG. Nós comprometémonos, aínda dentro dese limitado marco que aspiramos nalgún momento a superar, a dar avances por este país en materia de normativa e en materia de capacidade fiscal. A cuestión é: ¿están vostedes dispostos a deixar dun lado, uns e outros, o seu centralismo e a defender Galiza para ter un financiamento xusto ou imos deixar que pasen outros doce anos...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...nos que o Consello de Contas nos diga que deixamos de poder investir nos nosos servizos públicos e en mellorar a vida dos galegos e das galegas outros trece mil millóns de euros? Ese é o debate que vai ter este país nos próximos meses, e nós, desde logo, o Bloque Nacionalista Galego, como primeira forza da oposición, imos estar á altura e imos traer a este Parlamento propostas concretas para que avancemos e para retratar quen defende este país e quen non. Vostedes verán de que lado se poñen.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

É a quenda do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra a señora Sanz.

A señora SANZ ARIAS: Grazas, presidenta.



Señora Iglesias, o resultado nas urnas dos galegos o que deslexitima é o seu discurso de que facemos recortes nos servizos públicos. En calquera caso —e xa para ir rematando—, sobre financiamento autonómico, reitero as palabras do conselleiro: ogallá que poidamos chegar a un acordo de país. Para iso, é necesario que algúns dos grupos presentes aquí renuncien a ideas tan extravagantes como o cupo ou a tarifa eléctrica galega, que nin os seus propios expertos apoian e co que o único que acadarían sería que Galicia perdese recursos, que serven para financiar eses servizos públicos que vostedes tanto din defender.

Que o financiamento singular para Cataluña compromete a viabilidade económica do país non o di só o PP; así o aseguraron tamén, por exemplo, recentemente, no Congreso dos Deputados, o pasado mes de xuño, os expertos do Foro Económico de Galicia, eses que vostedes, hoxe mesmo, empregan como fonte de autoridade. O financiamento singular de Cataluña compromete a viabilidade económica de España.

En calquera caso, señorías da oposición, teñan a valentía de rachar coas imposicións da Moncloa e cos socios independentistas de Junts e de Esquerra —que nunca miran por Galicia— e súmense a unha posición de país. Nós, desde o Partido Popular, o que demandamos é que se consensúe un financiamento xusto, equilibrado e solidario, acordado no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira. Demandamos un financiamento —como dixo o conselleiro— que permita que calquera cidadán teña a mesma prestación de servizos públicos esenciais, con independencia de onde resida. *(Aplausos.)*

Xa non é que non defendan Galicia en termos de financiamento autonómico, é que, ademais, aplauden cando desde o Goberno de España se adoptan medidas de política fiscal que discriminan sectores claves da nosa economía, como pode ser a pesca, o sector primario ou o marisqueiro. Estou a referirme ás continuas portadas cando demandamos a rebaixa do IVE da carne, do peixe ou das conservas. Esta segue a ser unha reivindicación permanente desta Cámara, que chegamos a aprobar por unanimidade, pero cando chega a Madrid, cada vez que teñen a oportunidade de aplicalo, fan oídos xordos.

Señor conselleiro, quero facer algún apunte respecto da débeda pública. Da súa comparecencia quero poñer en valor o endebedamento responsable feito polo Goberno da Xunta, de máxima importancia, especialmente nun contexto no que se están recuperando as regras fiscais. Coma sempre, nesta materia hai posicións que retorcen un pouco os números porque, señorías, segundo os datos do Banco de España *(A señora Sanz Arias amosa unha gráfica.)*, Galicia foi a comunidade que, desde o ano 2008, menos incrementou a súa débeda pública: Galicia está aquí, a azulíña; a verde é a media nacional; e o resto son as outras comunidades. *(Aplausos.)*

Ademais, logo do esforzo extraordinario feito despois da pandemia, Galicia leva unha senda descendente do seu ratio de débeda, que se consolidará este ano cuns orzamentos nos que non se acudiu ao endebedamento neto. Tomen nota dos datos: Galicia reduciu no último ano 211 millóns de euros a súa débeda *(A señora Sanz Arias amosa un documento.)*, o que nos posiciona como a cuarta comunidade de réxime común con menor ratio débeda-PIB. Só estamos por enriba de Canarias, de Madrid e de Asturias; logo estaría Galicia, e por enriba todas as demais. Isto é o que nos permite que cada galego deba hoxe —como dixo o conselleiro— 2.209 euros menos per cápita que a media nacional.



En materia de emprego público, quero aplaudir, señor conselleiro, o anuncio que fixo de que vai convocar catro mil novas prazas de acceso á función pública; e tamén aplaudir medidas tan acertadas como a que anunciou para acadar unha verdadeira política de conciliación: a de abrir escolas infantís nos edificios administrativos.

Xa para ir rematando, respecto dos fondos europeos —dos que xa se falou bastante, pero coído que nesta sede se ten que falar bastante porque é un tema que nos preocupa enormemente, sobre todo agora, co paso do tempo—, queda pouco tempo. Galicia está facendo unha xestión dilixente destes fondos, a pesar da falta de cogobernanza que vimos demandando desde o principio. Os datos que deu o conselleiro son datos da ferramenta Elisa, para que poidan ser comparables; é dicir, son datos do Goberno de España, que din que Galicia é a segunda comunidade que presenta unha maior taxa de resolución de convocatorias: 22 puntos por encima da media nacional e 22 puntos por encima do que é capaz de resolver a Administración xeral do Estado. Así que, señora Iglesias, leccións destas, as xustas, tamén.

Acabamos de ver, por exemplo con Stellantis, como vostedes, cando rectifican, acertan. Celebramos que o Ministerio de Industria atenda as alegacións da empresa e que conceda á planta de Balaídos 11,9 millóns de euros máis para a súa plataforma eléctrica. Pero este feito non fai máis que reafirmar o que levamos denunciando desde Galicia desde hai tempo: os PERTE non están ben deseñados; estanse a experimentar continuos cambios de criterio, son farragosos e non están a dar resposta ás necesidades do tecido industrial. Sánchez apropiouse de todos estes fondos, e o que é certo é que proxectos importantes para o desenvolvemento industrial de Galicia non están a atopar encaixe, xa que boa parte destes fondos están aínda sen convocar. O tempo pasa; non se convertan en responsables ou en cómplices de que eses recursos non cheguen finalmente á economía real.

Remato xa. A xestión responsable do Goberno galego, co seu liderado na facenda autonómica, fai posible dicir con orgullo que Galicia é unha comunidade cumpridora e responsable no manexo dos fondos públicos na que non se gasta o que non se pode pagar e na que se fai unha política con sentidiño ao máis puro estilo Rueda.

Moitas grazas, señora presidenta, e moitas grazas, señorías. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señoría.

Quenda de dúplica.

Ten a palabra o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Grazas, presidenta.

Señorías, non me resisto a facer un par de comentarios sobre as réplicas.

Primeiro, ao señor Ojea. Simplemente quero dicirlle que eu o que puxen de manifesto é que a Xunta fai un esforzo especial e sobrepondera os investimentos nalgunhas provincias sobre



outras. Evidentemente, cando estamos falando dunha media, hai unha provincia que está no 122 por cento, como Ourense, e outras están por debaixo ou na media. E iso é unha elección do Goberno; podería estar por enriba da media —como está—, na media ou por debaixo, e nós o que facemos é apoiar e sobreinvestir nas provincias que cremos que o precisan. Simplemente era un dato, nada máis.

En canto á señora Iglesias, fala —e tamén é unha crítica compartida coa señora Presas— da avaliación dos beneficios fiscais. Estou de acordo con vostedes en que temos que avanzar na avaliación dos beneficios fiscais, pero tamén é certo que hai algúns beneficios fiscais que, por moito que saian cunha avaliación mala, eu penso que deben ser mantidos. Por exemplo, todos os beneficios fiscais que xiran arredor da desgravación na adquisición de vivendas para os menores de 36 anos deben ser mantidos no rural, independentemente de que non amosen os resultados que se esperan. Posiblemente, non amosan os resultados que se esperan por outras variables que non son a fiscal, pero iso non quere dicir que non se deba manter esa desgravación fiscal. Ou aquelas que favorecen a colectivos desfavorecidos. Polo tanto, unha avaliación dos beneficios fiscais non o explica todo.

Non entendín moi ben o que dixo do imposto sobre as grandes fortunas, porque o que fixemos o ano pasado foi recuperar o imposto sobre as grandes fortunas para que eses cartos queden na comunidade autónoma e non quede con eles Sánchez; non fixemos ningunha desgravación do cincuenta por cento nin nada polo estilo. Por certo, os impostos sobre as grandes fortunas —como agora veu falar de historia, porque volveu vostede facer historia contemporánea do sistema de financiamento autonómico— eliminounos o señor Solbes, da man do presidente Zapatero no seu día, cando eliminar impostos era de progres.

Permítame que lle lembre que, efectivamente, houbo un fondo extraordinario coa pandemia da covid-19 porque había unha pandemia e unha emerxencia sanitaria. ¿De quen son as competencias sanitarias deste país, señoría? As competencias sanitarias son das comunidades autónomas. Por iso, tivo que arbitrar un fondo extraordinario o Goberno central. ¿Ou vostede pensa que non se está a priorizar o orzamento do Ministerio de Defensa en Ucraína agora que está envolta nunha invasión por Rusia? Claro que estará sobreponderándose o orzamento de Defensa, e a Administración, que ten a competencia de Defensa, será quen leve todo o orzamento. Pois o lóxico é que, ante unha guerra pandémica como a que vivimos no ano 2020, existise un fondo extraordinario para financiar a quen tiña que desenvolver as competencias sanitarias, que son as comunidades autónomas. ¡Non confunda o touciño coa velocidade nin me veña comparar aquí unha emerxencia sanitaria cunha emerxencia de débeda pública como foi a que aconteceu no 2008, por favor! (*Aplausos.*)

E logo falou tamén de rateo de débeda entre as comunidades autónomas e as corporacións locais levado a cabo por Rajoy. ¡Pero se quen adiou as liquidacións negativas foi o presidente Zapatero no ano 2009!, ¿que me está a dicir? O que fixo o presidente Rajoy foi multiplicar por dous o prazo para devolvelas, porque as comunidades autónomas non chegaban para pagalas. Entón, non reescriba a historia ou non diga cousas que non se corresponden coa realidade, porque non son certas. E, de novo, lémbrolle outra vez: non existe ningún esforzo do Goberno de España a prol das comunidades autónomas. O ciclo económico é o que está a achegar máis recursos ás comunidades autónomas en forma de maior recadación do imposto



sobre a renda das persoas físicas, do IVE e dos impostos especiais, os impostos que pagan os galegos.

Non sei se tiña algunha cousa máis apuntada, pero penso que xa clarexei todo. ¡Ah!, señora Presas, falou vostede de que estamos a adelgazar a capacidade fiscal do país. Non, todo o contrario; nós o que tentamos é aumentar a capacidade fiscal do país, o que pasa é que nós non o facemos subindo os tipos impositivos. O que queremos é facelo ensanchando as bases impositivas, xerando emprego e xerando máis negocios, que é co que queremos que suba a recadación tributaria, e con esa maior recadación financiar máis servizos públicos. É unha forma diferente de chegar ao mesmo fin, o que pasa é que a súa ten as patas máis curtas. Falou tamén de que nós pedimos que se recentralicen impostos. Nós non pedimos nunca que se recentralizara ningún imposto; a última actuación que fixen, no que atinxe aos impostos, foi pedir a xestión pola Atriga do IDIRES —o imposto dos depósitos de residuos—. Polo tanto, non pedimos ningunha recentralización de ningún tipo de imposto. *(Murmurios.)*

Logo fixo unha alusión ás rebaixas fiscais dos ricos, cuestión sobre a que sempre poñen o exemplo do que é o menos, pero fronte ao máis, que é o maior importe dos beneficios fiscais, os cales esquecemos, como se os que se fosen beneficiar da rebaixa do tipo xeral do dezaoitto por cento para a compra dunha vivenda de segunda man fosen ricos. Home, normalmente os que compren vivendas de segunda man son xente moi normalíña, ou somos xente moi normalíña. O mesmo ocorre coa rebaixa para a compra de coches usados. E aí é onde están o groso das rebaixas fiscais, xunto coa rebaixa do imposto de sucesións e doazóns.

Non quero seguir, simplemente eran algunhas observacións que me pareceu interesante sa-lientiar, e sobre as que estou seguro que seguiremos a discutir nos vindeiros catro anos. Pero estamos nos inicios dunha lexislatura e penso que teremos que afrontar moitos retos. Sen dúbida, haberá moitas necesidades, polo que, dende o Goberno galego, queremos estar á altura do que se precise en cada momento. Garántolles que faremos todo o que estea nas nosas mans para atender todas estas necesidades e que empregaremos a principal ferramenta que temos como Goberno, que son os orzamentos da Comunidade Autónoma. Xa estamos a traballar na elaboración das contas para o ano 2025, para que, como é habitual, as poidamos presentar no tempo e na forma e para que poidan ser aprobadas por este Parlamento con normalidade. Temos unha folla de ruta clara, unha estratexia definida que vai máis aló dun ano e, ademais, temos o encargo dos galegos e das galegas de cumprir un programa electoral apoiado de xeito maioritario.

Obviamente, sabemos que non podemos acertar en todo. Non se trata de soberbia, nin moito menos, como se dixo aquí antes. E por iso me gustaría facer un chamamento ao entendemento, ao diálogo construtivo e ao acordo. Dende o Goberno galego seguiremos a apostar por un modelo que converteu a nosa comunidade autónoma —como dicía antes— nunha referencia en España en estabilidade, en rigor orzamentario e en solvencia. E o máis importante é que esta xestión rigorosa non queda nos números, nos balances, senón que penso que favorece melloras e benestar no día a día dos galegos e das galegas. Porque manter de xeito continuado a solvencia de Galicia é algo esencial para seguir a xerar crecemento, emprego e mellores servizos públicos para a cidadanía.



Independentemente do logro colectivo que supón esta converxencia en crecemento, o traballo desenvolvido contribuíu a que nos últimos quince anos Galicia sexa a segunda comunidade autónoma que máis aumentou a súa riqueza por habitante. Como dixen, este é un dato que fala moi ben do traballo colectivo e que ten que animarnos a seguir por este camiño.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Suspendemos a sesión e será reanudada ás 16.30 horas.

Suspéndese a sesión ás tres e dezanove minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Boa tarde.

Reanudamos a sesión.

Apartado de mocións. Neste caso do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Brais Ruanova Vilas-Boas, sobre as políticas de apoio aos sectores industriais galegos inmersos nos grandes procesos de cambio de paradigma enerxético ou tecnolóxico

A señora PRESIDENTA (Candia López): Á moción presentáronse as seguintes emendas: a número 6.734, dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Carlos López Font; e a número 6.739, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de don Miguel Fidalgo Iglesias.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Carlos López Font, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

Débase substituír o punto 3 da parte resolutiva polo que segue a continuación:

<<3. Reforzar as medidas necesarias en apoio á industria auxiliar de Stellantis.>>)

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do seu deputado Miguel Fidalgo Iglesias, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de substitución.



Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1º.- *Persistir no proceso de elaboración e aprobación do Plan Director do sector da automoción, coa necesaria participación dos axentes sociais, coº.- Persistir no proceso de elaboración e aprobación do Plan Director do sector da automoción, coa necesaria participación dos axentes sociais, consonte ao establecido no texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, co fin de identificar as medidas necesarias para o seu impulso, para avanzar no fortalecemento de todo o sector industrial da Comunidade Autónoma de Galicia e na conseqüente creación e mantemento de emprego industrial.2*

2º.- *Unha vez aprobado o devandito Plan Director do sector da automoción realizarase un estudio dos seus efectos cada dous anos*

3º.- *Continuar impulsando medidas a favor do sector do automóbil en Galicia, incluída a industria auxiliar, apoiando investimentos en equipamentos, sistemas ou obras, así como proxectos de futuro ante a transición do sector, e entre eles, os destinados ao aforro, eficiencia enerxética ou aproveitamento de enerxías renovables.*

4º.- *Demandar do Goberno de España a descentralización dos fondos europeos destinados á industria para a súa xestión directa, co obxecto de maximizar a execución dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) e garantir a viabilidade dos principais proxectos tractores galegos, contribuíndo así á dinamización económica e laboral da nosa Comunidade.»)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para defender a moción, e por tempo de oito minutos, ten a palabra don Brais Ruanova.

O señor RUANOVA VILAS-BOAS: Grazas, presidenta.

Susi ten 45 anos e esta semana érguese ás catro e media da mañá; ten que estar ás seis no seu posto de traballo. Está en cadea no sistema 2. E «menos mal» —pensa ela, que sabe que vai seguir traballando sen paróns de última hora, ao menos, o que queda de verán—. Alégrase de non ter que estar en ERTE cada catro meses.

Xan ten menos sorte. Esta semana non traballa o luns, pero tampouco traballou o venres pasado. Se cadra, desta volta, non o avisen a última hora de que ten que quedar media hora máis; non pode volver deixar tirada a súa filla Marta á saída do cole.

Alba xa non aguanta máis. Está contratada a través dun centro especial de emprego sen ter discapacidade ningunha, facendo uns ritmos de traballo que xa nota nas articulacións e cobrando moito menos que o resto de compañeiros de liña.

Estas historias, señorías, poden parecerlles ficción, pero son historias moi reais. Estas son as historias que están detrás dos 13.000 millóns de euros de facturación do sector da auto-



moción; estas son as historias que fan posible as cifras récord de exportacións; estas son as historias que nos teñen que importar á hora de deseñar e de despregar as políticas públicas para a industria.

Hai dúas semanas, neste mesmo estrado, contrastamos dous modelos de facer política industrial. O propio Goberno galego, a través da súa conselleira, coincidiu na diagnose que fixemos no Grupo do Bloque Nacionalista Galego ao redor da situación do sector da automoción no noso país, pero preferiu poñerse do lado de quen deslocaliza e precariza, en lugar de poñerse do lado de quen fai posible que o sector da automoción fale de cifras récord.

Como digo, dúas semanas dan para moito, agás para un Partido Popular que preferiu sumar dúas semanas máis a quince anos de política industrial a golpe de nota de prensa. Hai algo que nos parece grave, e é que a conselleira subiu aquí hai quince días para dicir medias verdades, porque falou dunha liña de axudas que era exclusiva para a industria da automoción, para a industria auxiliar, pero a cal non puña limitación algunha nas súas bases reguladoras a que a empresa matriz poida acceder a elas.

Hai dúas semanas falabamos dos tres retos principais a que se enfronta o sector da automoción: a deslocalización, a dependencia da empresa matriz e a adaptación da industria ao novo paradigma, tanto para o emprego como para a propia industria, e o que vemos é que esta medida, este compromiso dos cen primeiros días, máis quince anos de goberno, non atalla realmente estes retos. Xa falamos de que non é exclusiva para o sector auxiliar, aínda que si que lles recoñecemos ás señorías do Partido Popular que estas empresas se van beneficiar. Pero estas medidas non impiden que a empresa que accede a elas desenvolva o groso da súa actividade fóra de Galiza nin impiden que se subcontrate outras empresas para desenvolver o proxecto, motivo destas axudas, fóra do noso país. E, o que nos parece moi grave, non se establecen mínimos de xeración de emprego, como si que se establecen, por exemplo, nos plans industriais estratéxicos. Polo tanto —e resumindo—, non se atalla o problema da deslocalización, incluso é posible que se agrave a través das subcontratacións, e non vai diminuír a dependencia da empresa matriz Stellantis. E é certo que este non era o obxectivo da liña de axudas —e recoñécemolo—, e veremos como afecta para adaptar o sector a este novo paradigma.

No BNG coincidimos en que a parte máis técnica desta liña de axudas pode ser positiva para a adaptación tecnolóxica do sector, pero é que nos falta outra pata, que é o emprego; é dicir, como se vai adaptar o emprego ao novo contexto. Repetimos, esta liña de axudas non fixa a creación de emprego nin tan sequera fala do mantemento do mesmo nun contexto de automatización e de dixitalización.

No Bloque Nacionalista Galego, como poñemos de manifesto sempre que podemos, facemos política industrial do mesmo xeito que facemos todo, que é pensando dende a base. Sabemos que isto pode soar raro para quen usa a política industrial para facer méritos, para facer de altofalante ou de comercial de grandes empresas ou para intentar seguir os pasos de Beatriz Mato ou de Pepe Blanco. Pero no BNG o obxectivo témolo claro: o desenvolvemento de Galiza, sabendo que Galiza somos, entre outras cousas, as súas persoas e o espazo físico que ocupamos. De aí, a diferenza destes dous modelos de facer política industrial. Por unha banda,



quen prima o económico e os grandes titulares e, pola outra, quen apostamos por que a industria se basee en dous piares fundamentais dentro da sustentabilidade: dar unha solución tecnolóxica ao aproveitamento dun recurso e proporcionar unha solución a través da ciencia e a través da tecnoloxía a unha necesidade social.

Por iso a nós, cando falamos da industria da automoción, nos preocupa, ao mesmo tempo, que as empresas teñan dificultades para desenvolver aquí a súa actividade e que as traballadoras e os traballadores leven perdendo, sistematicamente, calidade no seu emprego. Que mediante a aplicación dos ERTE, permitido polo Goberno central, se estea desregularizando a xornada laboral, o cal, á custa de cartos públicos, na práctica, supón transformar empregos indefinidos en fixos discontinuos. Preocúpanos —e moito— que as empresas, obrigadas a ser máis competitivas pola matriz, baseen a súa competitividade con base aos custos laborais.

Hai dúas semanas díxose aquí que, para o BNG, o diálogo, se non están os representantes dos traballadores e das traballadoras, non existe. E nós, no noso grupo témolo moi, pero que moi claro: cando falamos de política industrial, coa clase traballadora, todo; sen a clase traballadora, nada. *(Aplausos.)* Xa se viu ese diálogo esta semana, porque xa se viu o anuncio da presentación deste Plan director da automoción nesa mesa de suposto diálogo social, na cal estaban a patronal e unha parte pequena dos axentes sociais, e na cal faltaba o conxunto da realidade social do sector: os axentes tecnolóxicos, as universidades, a autoridade laboral...

En definitiva —e vou rematando xa, presidenta—, esta moción trae aquí a necesidade dese foro de diálogo amplo e ambicioso, en que todos os actores estean implicados. Xa o dixemos hai quince días: a grandes retos son precisas grandes solucións. E no BNG temos claro que articular estas solucións pasa necesariamente por un foro de diálogo ambicioso e amplo, con presenza da Administración, pero tamén de quen está implicado no sector para que, colectivamente, axudemos as empresas a ser máis competitivas, sen que Susi teña que estar nun ERTE; a que as empresas avancen tecnoloxicamente para que Xan poida organizar o tempo coa súa familia; e a facer as empresas máis internacionais sen poñer en risco e sen precarizar o salario e a saúde de Alba. Un foro para que o diálogo entre as partes poña os alicerces dun tecido produtivo en que todas as Susis, en que todos os Xans e en que todas as Albas se poidan sentir orgullosos e orgullosas das cifras récord do sector da automoción, que se crean principalmente grazas ao seu traballo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Ten a palabra don Carlos López Font.

O señor LÓPEZ FONT: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todas e a todos.



O esforzo realizado polo Goberno de España, axudando o sector do automóbil, contrasta claramente coa postura da Xunta de Galicia a pesar de ter as competencias en materia de industria. Ímonos centrar exclusivamente nas axudas máis importantes recibidas polo sector no presente exercicio.

Como seguramente coñecen, o obxectivo estratéxico do PERTE é impulsar iniciativas que fagan confluír os esforzos públicos e privados na transformación da cadea de valor industrial do sector da automoción, pasando a unha cadea de valor máis complexa, na cal participarán outros sectores, entre eles, os servizos enerxéticos da tecnoloxía asociada, a conectividade e a autonomía da mobilidade, como servizo dos desenvolvedores de infraestruturas para a conectividade, ou dos intervenientes nas novas formas de distribución e de uso, entre outros. E no caso do PERTE do coche eléctrico, o obxectivo é crear en España o ecosistema necesario para o desenvolvemento e a fabricación de vehículos eléctricos e conectados á rede, e así converter España no *hub* europeo de electromobilidade.

Non en balde, estes obxectivos enlazan co fortalecemento das nosas empresas e co asentamento en España e nos seus lugares actuais. Pois ben, gustaríanos sinalar que dos quince proxectos aprobados para o PERTE VEC II Stellantis para Vigo, este conseguiu inicialmente, 29,2 millóns de euros, que foron ampliados, en datas recentes, con outros 12 millóns de euros, chegando á cifra de 41 millóns de euros. O proxecto presentado por Stellantis permitirá o desenvolvemento de novos deseños e tecnoloxías innovadoras para a montaxe de vehículos eléctricos e a posta en marcha de iniciativas para a mellora da eficiencia enerxética e a sustentabilidade ambiental durante os procesos produtivos da planta, así como novos procesos na área da ferraxe e da embutición.

Estas axudas contribuirán, sen dúbida, para o asentamento das empresas na zona, co consecuente arrastre das empresas auxiliares. Por iso entendemos que se debe apoiar ás empresas auxiliares e reforzalas, e, por iso, presentamos a nosa emenda de substitución no punto terceiro.

Consciente das necesidades do sector, o Ministerio de Industria publicou no BOE, do 4 de xullo, a terceira convocatoria do PERTE VEC na liña de baterías, que estará dotada de 300 millóns de euros e, con posterioridade, convocarase a liña de cadea de valor por 200 millóns de euros. Outra das grandes demandas do sector do automóbil, que o PP nunca tivo en conta durante os gobernos de Rajoy, era a necesidade de dispoñer da alta tensión. Tivo que ser un Goberno socialista que aprobase unha modificación do Plan de desenvolvemento da rede de transporte de enerxía eléctrica, que inclúe a conexión á rede de moi alta tensión de Stellantis-Vigo. É un investimento que terá un custo de 72 millóns de euros.

A conexión chamada de «moi alta tensión» —como dicíamos— era unha demanda reiterada da planta viguesa de Stellantis desde hai meses, necesaria para evitar os microcortes e os problemas na subministración eléctrica que afectan a súa produción. Ademais de por a operativa diaria, a subestación de moi alta tensión é unha instalación clave para garantir os plans de investimento do Grupo Stellantis en Vigo, que superan os 600 millóns de euros e que buscan modernizar a fábrica e dotala dunha nova plataforma de produción dos vehículos eléctricos de segunda xeración.



En definitiva, superáronse con fartura os 110 millóns de euros nas principais axudas ao sector no que vai de ano por parte do Goberno de España. Parece razoable que quen ten as competencias, é dicir, a Xunta de Galicia, faga o esforzo por axudar o sector, como fai o Goberno de España.

Hai escasos días a conselleira de Economía e Industria reuniuse con representantes da Agrupación Industrial de Automoción e Mobilidade de Galicia para explicarlles detalles da liña extraordinaria de axudas que a Xunta aprobaría para a industria auxiliar da automoción. Benvidas sexan as axudas, pero estas axudas póñense sobre a mesa tras a reivindicación das devanditas empresas; empresas que viñan solicitando desde hai tempo un apoio da Xunta de Galicia, que é quen ten as competencias.

Todos somos conscientes de que o sector, no seu conxunto, está a afrontar quizais unha das transformacións máis importantes da súa vida industrial; unha transformación que a Unión Europea fixou para o ano 2035, data na cal os novos vehículos deberán ser producidos con cero emisión. Por tanto, nesta transición xusta tamén parece xusto que a Xunta apoie, aínda que esas axudas cheguen tarde e sexan escasas. Empresas auxiliares que teñen que acompañar o gran fabricante instalado en Vigo, que é Stellantis. Aproveitamos para trasladar aquí as recentes palabras do seu director, que dicía que estabamos nun momento de profunda transformación —case de reconversión— que vive o sector.

Con respecto á fábrica de microchips, gustaríanos sinalar que, desde hai tempo, o Concello de Vigo, a Zona Franca e a Universidade de Vigo levan traballando para a posta en marcha do Centro de produción de semicondutores fotónicos de Vigo —cuxo nome é Sparc—, que no día de hoxe xa deu os seus primeiros pasos de vida coa constitución da empresa e coa contratación de directivos, e xa ten fixada a data para iniciar a produción en 2025. Colocaríase Vigo na vangarda mundial desta tecnoloxía, dado que ten como obxectivo non só a fabricación de 1.500 obleas anuais, senón a creación dun centro de I+D para ofrecer aos clientes o acceso aos servizos adicionais necesarios para lograr produtos fotónicos certificados.

Esta iniciativa ponse en marcha e encaixa perfectamente nas liñas estratéxicas, tanto na Lei europea de chips como no PERTE sobre semicondutores, dotado con 11.000 millóns de euros. Unha das grandes virtudes deste proxecto é que non é algo illado, senón un ecosistema para un novo sector na Comunidade Autónoma de Galicia, que ten que ser tractor para atracción doutras empresas do sector, pero tamén para a captación de recursos humanos. E, nese sentido, cómpre destacar que o Goberno de España concedeu á Universidade de Vigo un montante de máis de 4,7 millóns de euros para aprobar e caracterizar chips fotónicos de nova xeración, o que xa se coñece como Cátedra de chips fotónicos.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

O señor LÓPEZ FONT: Pero esta iniciativa —conclúo— xurdiu e creceu sen apoio ningún do Goberno da Xunta de Galicia; fíxoo só co apoio do Goberno de España, incluíndo a Zona Franca de Vigo, a Universidade de Vigo e o Concello de Vigo.



Reiteramos ao propoñente a nosa solicitude de que acepte a emenda no seu punto terceiro. Entendemos que as empresas auxiliares tamén son necesarias para o futuro de Stellantis, e así tamén o entenden as centrais sindicais máis representativas.

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra don Miguel Fidalgo.

O señor FIDALGO IGLESIAS: Grazas, señora presidenta.

Hai 25.000 persoas empregadas, o 15 por cento do emprego industrial de Galicia; producíronse 13.000 millóns de euros de facturación, o duplo que en 2009; e 9.400 millóns de euros de exportacións, é dicir, un récord histórico, o 31 por cento do total das exportacións de Galicia.

Non negarán que a situación do sector da industria da automoción en Galicia é ata o momento moi positiva: Susi, Alba e Xan están traballando nunha grande empresa e desenvolvendo o seu proxecto de vida. (*Aplausos.*) A automoción en Galicia é unha historia de éxito. Para que Galicia chegase a ser o que é hoxe —unha rexión referente en Europa na industria da automoción— tiveron que pasar moitas cousas. ¿Ou cren que isto é por casualidade?; ¿vostedes cren que sen o apoio incondicional da Xunta, o sector da automoción chegaría aos niveis de competitividade que ten no día de hoxe?; ¿vostedes cren que sen o apoio da Xunta se instalarían ás máis de cento cincuenta empresas que conforman o clúster da automoción ou que sen o apoio da Xunta se poría en marcha o Centro Tecnolóxico da Automoción de Galicia, que conta con máis de mil douscentos enxeñeiros?; ¿vostedes cren que sen o apoio da Xunta existirían os grupos de investigación na Universidade de Vigo, que se dedican á automoción, ou as incubadoras e as aceleradoras de empresa —como a High Tech Auto— que xa axudaron a crear máis de trinta *startups* do sector da automoción?; ¿de verdade o cren?

¡Isto non é maxia!; isto é traballo, e non a palabrería, que é ao cal se dedican vostedes. Estes son os froitos de moitos anos de traballo, de innovación, de tecnoloxía e de apoio do Goberno de Galicia coas súas políticas acertadas, escoitando o sector, Stellantis, o clúster, o Centro Tecnolóxico e a todo o mundo. Non sei que teima teñen vostedes con Stellantis, que agrupa catorce marcas: Citroën, Peugeot, Fiat, Opel, Alfa Romeo ou Chrysler.

Señorías, a Xunta estivo, está e estará sempre apoiando o futuro da automoción en Galicia; ¡tñano moi claro! (*Aplausos.*) ¡E si, claro que si!, claro que hai incertezas. A automoción en Europa e en Galicia afronta un proceso de case reconversión, como reconece, entre outros, o novo director de Stellantis, en Vigo, o señor José Luis Alonso Mosquera. A guerra da competitividade non se gaña nunca, pero en Galicia imos librando batalla e batalla, e gañando batalla a batalla esa guerra da competitividade. Por iso, señorías do BNG, hai que ser serios, tratar de facer crer que o Goberno de Galicia non atende o sector da automoción, ademais de



non ser certo, é que non os cre ninguén: máis de cen millóns de euros para o sector da automoción nos últimos anos. ¿Saben o que ten que facer a Xunta de Galicia? Pois o que está facendo. O Goberno de Galicia teno claro: ten unha folla de ruta, que é o Plan director do sector da automoción, na cal participan os axentes sociais, e da cal hai xa un borrador elaborado conxuntamente co sector, que será presentado a próxima semana, tal como se comprometera o Goberno para os primeiros cen días de mandato.

Trátase dun proxecto con medidas a curto, a medio e a longo prazo: competitividade, internacionalización, innovación, formación —cuestión prioritaria para a retención do talento e para a electrificación do sector—. Hai que facer formación: máis de cinco mil persoas formáronse na automoción en Galicia, desde o ano 2021, grazas ao apoio da Xunta.

O problema é que vostedes veñen aquí poñer deberes á Xunta de Galicia, pero do Goberno de España e da xestión dos PERTE non din absolutamente nada; e, por iso, non son cribles. O Goberno de Sánchez —que vostedes apoiaron e seguen apoiando— dicía que os fondos europeos nos ían saír polas orelhas, pero a realidade é que en Galicia tocou o reintegro, pois o gordo levouno Cataluña, o País Vasco, Extremadura e Valencia. Onte mesmo púñase a primeira pedra para a xigafactoría de baterías de litio en Cáceres.

Hai 33.500 millóns de euros para os PERTE industriais, pero o cincuenta por cento está sen convocar no día de hoxe e existe unha baixísima execución do Estado. ¿Por que razón non se transfire ese diñeiro ás comunidades autónomas, que somos as que sabemos tramitar as axudas? É que, ademais, cando o Goberno socialista redactou o PERTE da automoción en ningún momento se puxo como requisito a compra no territorio, o cal provocou que acabasen aparecendo as deslocalizacións nas compras; e, por iso, a Xunta acaba de sacar, o pasado 2 de xullo, unhas axudas de 18 millóns de euros para apoiar os investimentos que teñen que facer as empresas auxiliares para poder rebaixar os seus custos e para poder competir con empresas que están en economías emerxentes. *(Aplausos.)*

Señor Ruanova, o que vostede pide na súa moción é diálogo, basicamente, que é o que a Xunta leva facendo desde hai moitos anos. Se o BNG quere aportar e ofrecer a súa man tendida para que sigamos sendo referencia, para que haxa diálogo, para que haxa paz social, é benvido; se vén facer demagogia, falar de Susi, de Alba ou de Xan, meterlle o medo no corpo á xente e atacar Stellantis, que saiba que aí non nos vai atopar. *(Aplausos.)*

Os galegos elixíronos para traballar polo seu futuro con ganas, con ilusión, con optimismo. Non pacten cos socialistas porque son precisamente eles os que están favorecendo as deslocalizacións. O problema está claro e témolo detectado; obviamente, sabemos o que hai que facer, non teñan medo. Por iso presentamos unha emenda que busca consenso, no sentido de instar a Xunta de Galicia a seguir traballando, pero demandando tamén ao Goberno de España a descentralización dos fondos europeos destinados á industria.

Señorías, o sector da automoción —xa se dixo aquí— está a afrontar unha das transformacións máis grandes da súa historia, en que a transición xusta ou a electrificación son puntos centrais no cambio de paradigma. Neste camiño, a Xunta de Galicia está comprometida e acompañando o sector, porque do Goberno de Sánchez, do Goberno dos socialistas, e —polo



que vemos aquí— do BNG, pouco podemos esperar. Por iso, dean menos leccións e reclamen máis aos seus socios socialistas que atendan as demandas que veñen de Galicia ou que transfiran os fondos á Xunta, que, desde aquí, se van xestionar moito mellor e máis eficazmente.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Mixto. (*Negación.*)

Renuncia á súa intervención o señor Ojea e, por conseguinte, pecha o autor da moción, don Brais Ruanova.

O señor RUANOVA VILAS-BOAS: Grazas, presidenta.

Señor Fidalgo, non insulte quen sabemos o que significa traballar en industria; non insulte nin menosprece quen sabemos o que significa cobrar 1.200 euros nunha cidade na cal o prezo medio do alugueiro é de 1.100 euros. (*Aplausos.*) Iso para empezar. Non diga que, por ter traballo, se ten calidade de vida digna, ¿de acordo?; (*Aplausos.*) así que poña o foco no que ten que poñelo, que é en xerar emprego de calidade.

Vou comezar polo Partido Socialista. A súa emenda vai na mesma liña en que foi a última vez —que se falou de diminuír a dependencia do sector auxiliar de Stellantis—, que é en eliminar esa parte, pero voules ler uns titulares: «*Stellantis comprará componentes en Marruecos para abaratar costes*». «*La guerra de precios se cobra su primera víctima, Denso, fuera de la plataforma STLA*». «*El ERTE en Denso: cincuenta días desde junio para paliar las caídas en la producción*». «*Stellantis empleará megacamiones para traer componentes de Marruecos*». «*La industria auxiliar de la automoción en Ourense: un sector ahogado en los ERTE*». Cando nós falamos de diminuír a dependencia da empresa matriz Stellantis, falamos disto. Aquí, nós non estamos en contra de Stellantis; Stellantis —a antiga Citroën— foi unha empresa que historicamente xerou riqueza na clase traballadora, nomeadamente na cidade de Vigo, pero hoxe en día non está exercendo a súa función de tractor do sector auxiliar. Polo tanto, debemos diminuír esa dependencia para que o sector auxiliar se poida empeñar noutras cousas, como, por exemplo, na exportación de compoñentes, que é de onde ten que tirar.

Falou vostede do PERTE Chip; un PERTE Chip que, polo de agora, dá 300.000 euros a Vigo para un proxecto de 3,6 millóns de euros, o que equivale a un oito por cento dese proxecto; un PERTE Chip que vai fabricar —fala vostede— 1.500 obleas, o que equivale, anualmente, a entre 30 e 60 coches, no caso de que se puidesen utilizar, porque estes semicondutores son do tipo de galio arsénico, que non van destinados especificamente para a automoción, senón para a industria das tecnoloxías da información. Entón, nós adiante con que ese *hub* da microelectrónica poida ser realmente para a industria da automoción, pero non veña falarnos dese *hub* cando realmente non se vai aplicar aquí.

Señor Fidalgo, respecto das emendas do Partido Popular, do punto 4 que traen na súa emenda, nós aceptamos que se transfiran as competencias dos fondos dos PERTE; aceptamos



unha transacción. No punto 1 falan do Decreto lei 125, pero obvian que no artigo 65, no punto 4, se fala de colaboración nos plans directores co sector privado, cos representantes dos traballadores e co resto de entidades que forman parte do sector industrial, que é exactamente o que pedimos na nosa moción. Entón, non sei que problema teñen para emendalo.

Sobre o punto 2, a publicidade institucional do Plan director, que é o gran prato desta consellería —que esperemos que non se lles atragoe ás traballadoras e aos traballadores da automoción—, ¿sabe que lle digo? Dígolle que aceptamos ese punto tamén; non lle imos dar excusas ningunhas para poñerse en contra desta moción.

Respecto do punto 3, quería dicirlle que non sei se o colleron do titular de *La Voz de Galicia* ou de onde o sacaron, pero é exactamente o titular que sacou a Consellería cando anunciou as axudas de dezaoito millóns de euros.

En definitiva, falan na súa emenda de persistir e de continuar, señores do Partido Popular, pero fíxense en que persistiron tan ben e continuaron tan ben estes quince anos que a maior cidade deste país lles dixo que non o pasado 18 de febreiro. (*Aplausos.*) ¡Fíxense vostedes! Vostedes, que o miden todo en termos electorais, (*Aplausos.*) fíxense en que o pasado 18 de febreiro Vigo lles dixo que o proxecto máis válido para a clase traballadora e para os sectores produtivos deste país é o do Bloque Nacionalista Galego. Fágano ver. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Continuamos coas mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Iria Carreira Pazos, sobre o recoñecemento da diversidade e a política contra a discriminación nas aulas por razón de orientación sexual

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta moción presentáronse as seguintes emendas: a número 6738, dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Silvia Longueira Castro; e a número 3746, do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don Gonzalo Trenor López.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Silvia Longueira Castro, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición.

Débese engadir ao final do punto 3 o seguinte contido:

Engadir in fine: «Esta guía farase en colaboración coas entidades e asociacións do eido LGBT.»»)

(O G. P. Popular, por iniciativa do seu deputado Gonzalo Trenor López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.



Emenda de substitución.

Debe substituírse o texto da parte resolutiva polo que segue:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º Realizar un estudo sobre a situación das persoas LGTB no eido educativo galego, no que se avalíe o coñecemento da realidade LGTB e dos protocolos e ferramentas existentes para evitar a discriminación en cada centro, así como a presenza de LGTBfobia nos centros de ensino e as consecuencias da mesma.

2º Mellorar a detección dos casos de acoso ou ciberacoso a persoas LGTB mediante o deseño e a implementación dunha nova ferramenta que contemple un enfoque específico sobre LGTBfobia co obxectivo de coñecer cal é a situación en cada centro. Implementar este instrumento de detección a partir do próximo curso.

3º Continuar formando o profesorado en cuestións como a mellora da convivencia e a coeducación; e ofrecer formación nestes aspectos ás familias a través das Escolas de Nais e Pais (ENAPAS)

4º Desenvolver un programa piloto de educación afectivo-sexual cun enfoque integral, que conte con guías de actuación de referencia, propostas de actividades e recursos en distintos formatos, tal e como recolle a Estratexia Galega de Convivencia 2025.

5º Favorecer programas e proxectos centrados na igualdade das persoas nos centros educativos, tendo en conta que os currículos educativos xa contemplan de xeito transversal a inclusión da realidade LGTB, o que permite normalizar e visibilizar a diversidade afectivo-sexual en todas as etapas educativas.

6º Remitir ao Parlamento antes de que finalice o ano un informe no que conste a nova situación dos centros Quérote+ no que se detallan, cando menos, os seguintes aspectos: persoal contratado en cada centro, cantidade de atencións prestadas desglosadas por meses e centro, e campañas realizadas tanto de carácter interno como colaborador noutras entidades.

7º Remitir no prazo máximo dun mes o informe de aplicación da Lei 2/2014 que aparece recollido na disposición adicional na mesma.»)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para defender a moción, por tempo de oito minutos, ten a palabra dona Iria Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, presidenta.

Moi boa tarde.

«Pasou o día, pasou a romaría», pero os problemas seguen. No anterior pleno trouxemos unha interpelación para preguntarlle ao conselleiro de Educación que está a facer, como responsable máximo do ensino galego, para combater a LGTBfobia nas aulas e conseguir que



as aulas deixen de ser espazos non seguros. Pedímoslle, naquela interpelación, unha resposta clara e honesta. A resposta moi clara non foi. Esbardallou sobre unha chea de cousas e ter-xiversou as miñas palabras para vitimizarse con acusacións que nunca foron feitas; pero si que foi honesta, pois deixou claro que considera que o que se está a facer é máis que suficiente. E con tantas cousas que fixeron na Xunta de Galiza non foron quen, nin sequera, de recoñecer, por exemplo, a diversidade familiar que existe na sociedade. Tráíolles un pequenísimo exemplo: (*A señora Carreira Pazos amosa un documento.*) Este é un sobre de matrícula dun instituto público galego —un instituto calquera— para o curso 2024-2025. O alumnado que se queira matricular neste centro vai poñer cal é o nome do pai e cal é o nome da nai, porque para a Xunta de Galiza non existe a diversidade familiar; non se acordan de que hai familias no día de hoxe formadas por dous pais ou por dúas nais.

¿E cal é o problema? —porque isto é un mero exemplo—. O problema é que o Partido Popular non ve o problema de que o 65 por cento do alumnado presencia agresións homófobas nas aulas de educación física; non ve o problema de que o 69 por cento do profesorado presenciase algún tipo de agresión LGBTfóbica; non ve o problema de que o 80 por cento do alumnado LGBT sufrise algún tipo de agresión; non ve o problema de que aumente a porcentaxe de profesorado e de familias que consideran que está a empeorar o clima de convivencia nos centros de ensino galegos; non ve o problema de que o 88 por cento das organizacións LGBT galegas considere que as aulas non son espazos seguros; non ve, tan sequera, que este é un problema global que afecta os centros de ensino de todo o Estado e de fóra do Estado, e que o conselleiro de Educación, como responsable máximo da educación galega, ten algo que dicir e, sobre todo, ten algo que facer.

¿E por que non ve o problema? Honestamente non o sei, non sei se é porque considera que isto son nimiedades, porque o problema non lle afecta directamente ou porque está centrado en problemáticas moito máis ameazantes para o ensino galego, como pode ser a realización dunha ABAU única en todo o Estado, porque ese si que é un problema para o Partido Popular. Supoño que será unha cuestión de prioridades.

Desde o BNG, temos claro que cómpre actuar para erradicar a violencia do ensino e por iso traemos, a través desta moción, unha serie de demandas que cremos que son importantes, necesarias e urxentes, comezando por coñecer de xeito claro cal é a realidade, porque o señor Rodríguez en toda a súa intervención no anterior pleno non deu nin un só dato referido á situación das persoas LGBT. É preciso coñecer cal é a realidade dos centros, coñecer a LGBTfobia que existe e saber con que ferramentas contan en cada caso para previla e tamén para sancionala unha vez que acontece. Precisamos guías de actuación para axudar a identificar condutas LGBTfóbicas e para darlles a resposta axeitada. Precisamos plans de formación obrigatorios para o persoal dos centros educativos, xa que é o propio profesorado o que denuncia que moitas veces se ve impotente porque non sabe recoñecer esta violencia, porque non se recoñece como ben formado, de xeito que non sabe como proceder. Isto é algo que se ten denunciado tamén desde o Observatorio Galego LGBTIQ. Ademais, esta formación ten que chegar ao persoal non docente, que tamén forma parte activa da vida diaria dos centros.

Seguindo coa formación, é preciso formar tamén o alumnado, de xeito claro, de xeito honesto e de xeito, sobre todo, desmoralizante. É necesario falar nas aulas de sexualidade, de res-



pecto, de relacións interpersoais, de saúde sexual, de violencias machistas LGBTfóbicas e de como previlas. ¡É necesario! ¿E por que é necesario? Porque falar de saúde sexual, por exemplo, axuda a previr a transmisión de infeccións de transmisión sexual nun contexto no que a Unión Europea alertou xa do incremento da infección por gonococo. A mellor maneira de previr estas infeccións é saber que existen para despois poder ter prácticas sexuais seguras. Falar de sexualidade permite coñecer que é unha faceta humana máis, variable entre as persoas e que pode cambiar co tempo, e non unha enfermidade, como hai quen aínda quere facer crer, e que as terapias de conversión son unha grave forma de violencia.

Falar de xénero implica coñecer que é un constructo social que nos condiciona diariamente a todas as persoas e que, como calquera constructo social, é preciso superalo para que deixe de ser fonte de violencias e de discriminacións. Falar de relacións interpersoais e de violencias machistas LGBTfóbicas pode axudar a previr agresións ou a detectalas precozmente; agresións verbais, físicas e sexuais que nos afectan ao colectivo LGBT, pero non só, como, tristemente, puidemos ver recentemente nalgún colexio deste país. Porque despois levamos as mans á cabeza co feito de que a mocidade se está a formar en sexualidade a través da pornografía e aparecen ideas en forma de carnés, pero non somos quen de afrontar esta realidade e de abordala.

Remato xa cos dous puntos finais da nosa proposta —desta moción—, nos que pedimos dous informes que non deberíamos ter que pedir porque deberían estar xa enviados. Os centros Quérote foron impulsados polo BNG desde a Dirección Xeral de Xuventude como unha rede de centros de asesoramento en materia afectivo-sexual dirixidos, precisamente, á mocidade. O Partido Popular, desde que no 2009 volveu ao Goberno da Xunta, dedicouse a dinamitalos, sobrecargándoos con outras tarefas, con persoal escaso e con orzamentos reducidos. Desde o BNG pedimos hai un ano un informe sobre a situación destes centros, cuestión que foi aprobada unanimemente neste mesmo Pleno e que aínda non chegou. Tampouco chegou o informe da aplicación da Lei 2/2014, a pesar de que esa propia lei recolle que se enviará cada tres anos ao Parlamento, e o único que entrou foi o do ano 2017. É indecente tal desprezo á Cámara de representación das galegas. *(Aplausos.)*

Señorías, hai moito por facer e estas propostas poden servir para comezar a poñer o foco e centrarnos no combate contra a LGBTfobia. Son propostas que, ademais, foron enunciadas tamén por entidades como o Foro de Identidades Sexuais do Consello da Cultura Galega e que desde o BNG consideramos que son indispensábeis para podermos avanzar. Así que, polo de agora, máis nada.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Carreira.

Quenda do grupo Parlamentario Socialista.

Ten a palabra a señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.



Boa tarde.

Comentabamos aquí no pleno anterior que o 8,6 por cento das persoas LGTBI sufriron nalgunha ocasión algunha agresión homófoba. Falabamos tamén de que tanto o Goberno de España como o de Portugal, coa Universidade Complutense de Madrid, informaron de que 7 de cada 10 persoas homosexuais ocultan a súa condición sexual e a súa identidade de xénero para previr, no seu traballo, calquera tipo de comentario negativo ou para evitar insultos tamén no eido do traballo. E é que o feito de contar cunha lei, como a 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais, é necesario pero non suficiente, tal e como estamos vendo co que acontece na sociedade.

Esta lei precisa, evidentemente, dun desenvolvemento normativo, e mesmo o Goberno da Xunta precisa dotar os dereitos LGTBI dunha estrutura administrativa propia, que, neste caso, non existe, e comprometerse, ademais, cun incremento orzamentario. Tamén é preciso que todos os partidos que conforman este Parlamento se comprometan a rubricar o que sería o primeiro pacto galego para a garantía dos dereitos LGTBI. De feito, hai un ano o PSdeG trouxo a esta mesma Cámara unha iniciativa para aumentar as contías que se concedían ás asociacións LGTBI, xa que apenas contan con 48.000 euros, que é unha cantidade exígua por si mesma, e non digamos se a comparamos con outras cantidades de concellos como o da Coruña, onde se atopa nun millón de euros aproximadamente ao ano.

Pois ben, dicía que trouxemos esta iniciativa, que foi rexeitada polo Partido Popular, e ata aí podemos entender a postura. O que levantaba as alarmas era o argumento que se esgrimía nesta Cámara pola entón deputada Marta Rodríguez-Vispo, que argumentaba o voto negativo do PP dicindo que «a LGTBIfobia non ten nada que ver cos gobernos, senón coas persoas intolerantes». A resposta tamén hei de dicir que non sorprende. Naquel entón o Partido Popular tiña o que se coñece como «ansia política»; tiña que conseguir as alcaldías pactando con Vox. Este feito, sen dúbida, facía que, seguramente, estas posturas tivesen ese rexeitamento e esa forma tan impulsiva de non ver a realidade que sucedía. O feito é que andan agora a revisar as declaracións, mesmo as do seu deputado en Madrid, Alberto Núñez, cando di que *«el centro político debe unirse para evitar que los extremistas dirijan su futuro»*.

Pois ben, apelando a esa nova forma de discurso coa que parece ser que vai comezar o Partido Popular —e que parece que a amosa o seu deputado en Madrid—, eu apelo tamén a que apoien esta moción do BNG e a que sumemos a emenda de engádegas que propuxo o Partido Socialista, para que a guía de actuación que identifique as condutas LGTBIfóbicas no ámbito escolar se faga en colaboración coas entidades do colectivo; esas ás que hai un ano vostedes rexeitaron que se lles concedese unha maior contía económica. Desgraciadamente, a realidade é que elas marcaron o camiño antes de que os políticos tivéssemos que facer as leis que protexen o colectivo LGTBI. Eles sempre foron por diante e, coma sempre, como ocorre na sociedade, a transgresión e o ir un paso por diante da realidade política fai que se faga un bo camiño.

Esta moción faise moi necesaria para tratar de evitar, sobre todo, a humillación e o *bullying*, e mesmo a morte. Volvemos repetir os datos, díxoos a deputada do BNG, dixémoslos no anterior Pleno, pero necesito repetilos:



Hai un estudo que apunta que o 65 por cento do alumnado da ESO en Galicia presenciou nalgunha ocasión comportamento homófobo. Tamén apunta que entre o 86 por cento e o 96 por cento das agresións contra o colectivo non se denuncian. Como xa se dixo aquí, hai tres anos, no centro da cidade da Coruña, un rapaz foi matado a golpes a gritos de «maricón». Outros datos son que o 62 por cento do profesorado afirma ter presenciado algún tipo de agresión contra alguén do colectivo LGTBI e que o 17 por cento do alumnado cisexénero admitiu participar nalgún ataque en contexto de broma.

Pois ben, as leis teñen que ter a vixencia do tempo no que actúan, teñen que maximizar a súa utilidade e teñen que ser rendibles socialmente aos cidadáns e favorecer algo que nos fai felices, que é, nada máis e nada menos, que acadar a normalidade nas nosas vidas entre os nosos iguais. E poño aquí un exemplo, un exemplo real:

A miña compañeira de costura dos mércores pola tarde, unha muller trans, venezolana e de cor que chegou a este país para encontrar unha vida mellor —porque aquí as leis a amparan—, unha magnífica costureira —do mellor que vin—, leva dous procesos de selección de persoal en fábricas nos que quedou desbotada pola súa condición trans. Iso é unha realidade.

Hai unha lei en prol dos dereitos LGTBI, pero hai un comportamento social que, como non fagamos educación e como non cheguemos máis alá do que queremos chegar, vai facer que esa lei quede —como dicía antes— ben actualizada pero sen utilidade. Dicía que para que todo isto suceda temos que ter un proxecto de formación e de sensibilización sobre o tema, consensado e traballado coa comunidade educativa e mesmo coa comunidade LGTBI e que sexa constante no tempo e de acordo coa realidade existente. E, sen que sirva de precedente, cito aquí unha frase de Unamuno que dicía: «A educación é repetición». Fainos falta que a máxima deste filósofo avance nos eidos nos que queremos chegar a unha verdadeira normalización LGTBI. É necesario traballar coas asociacións que, se ben están formando parte dun observatorio, tamén son as coñecedoras de primeira man de todo o colectivo.

É necesario establecer o que dicíamos antes, que é ese pacto galego para a garantía dos dereitos LGTBI. Se un día fomos capaces de poñernos de acordo nesta Cámara para aprobar unha lei que nos fai máis libres e máis fortes, agardo que o poidamos facer para asinar ese pacto galego para a garantía dos dereitos LGTBI. Mentres isto non ocorre —volvo repetir—, miremos o que nos une e miremos esa lei á que temos que darlle vida e entidade propia. O feito de ter unha norma non significa que non teñamos que avanzar, significa que temos que desenvolvela e que temos que usala para facer mellor, cada día, a vida que nos toca vivir e, sobre todo, para acadar a normalidade que nos fai a todos máis felices.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra o señor Gonzalo Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Moitas grazas.



Moi boas tardes.

Cada 28 de xuño celebramos o Día do Orgullo, reivindicamos dereitos e instamos a toda a sociedade a practicar a tolerancia cun colectivo que leva séculos sufrindo a discriminación. Cada gay, cada lesbiana, cada transxénero e cada transexual ten os seus propios motivos para celebrar, ou non, o Día do Orgullo. Pero o que si que é común é ese sentimento de que aínda queda moito por conseguir.

Unha redada policial o 28 de xuño do 1969 en Stonewall, un bar neoiorquino onde gays e transexuais quedaban para coñecerse, para disfrutar e tamén para ligar, acabou derivando, quizais, no movemento de rebelión e de reivindicación máis importante das últimas cinco décadas. Aquí falamos do «orgullo», unha tradución do inglés *pride*, do que, quizais, a tradución máis correcta sería «dignidade», xa que o Día do Orgullo é o día da dignidade; da dignidade fronte os prexuízos, da dignidade fronte ao odio, da dignidade fronte ao estigma; da dignidade fronte á vergoña; e da dignidade fronte ao medo. (*Aplausos.*)

É verdade que as cousas cambiaron moito. Primeiro, porque a Organización Mundial da Saúde deixou de definir a homosexualidade como unha enfermidade mental en 1990, tan só hai trinta e catro anos. Ata hai trinta e catro anos todos os gays, todas as lesbianas e todos os transexuais eran tratados como enfermos mentais. E despois tamén porque se deron moitísimos avances no ámbito xurídico: desenvolveuse ese principio de igualdade de trato e de non discriminación, primeiro, no que nos afecta a nós na Unión Europea a través dunha directiva, e despois traspúxose aos diferentes ordenamentos xurídicos de todos os estados, e Galicia non podía quedar á marxe, e tamén aquí se traspuxo ese principio; e, por suposto, tamén grazas ao recoñecemento do matrimonio igualitario en moitísimos países.

Isto pode levar a pensar que xa non é necesario celebrar o Día do Orgullo, pero é todo o contrario. Séguense a producir agresións por cuestión da orientación e da identidade sexual, e non me estou a referir á metade do planeta, onde xa non é que haxa agresións, senón que a vida de gays, de lesbianas e de transexuais corre perigo. E non hai bandeira nin hai palestina que agoche os milleiros de homes que, como Amín, morreron colgados dunha grúa, non hai bandeira que agoche esa realidade. (*Aplausos.*)

Pero volvendo aquí ás agresións e aos crimes de odio homófobos e transfóbicos, teñen un efecto devastador nas persoas LGTBI. Pensen o que é crecer día tras día con medo, ese medo convértese en vergoña e esa vergoña leva a esconder a identidade dun mesmo.

Segundo. Dicía que é máis vixente que nunca o Orgullo, e é porque os avances e os dereitos hai que defendelos día tras día.

Terceiro. Porque o Orgullo e as actividades e as marchas que se celebran arredor del axudan a cambiar e a eliminar moitísimos prexuízos, e, quizais o que é máis importante, axudan a combater o sentimento de vergoña e de estigma social e a plantar cara ás discriminacións e ás ameazas. A celebración do Orgullo é unha grande oportunidade inspiradora e un factor de reafirmación da igualdade e dos dereitos humanos.



Aquí en Galicia tamén celebramos o Orgullo e facémolo orgullosos, porque aquí tamén os galegos fixemos historia. Fixemos historia sendo a primeira comunidade en aprobar unha lei de igualdade de trato e de non discriminación integral para o colectivo LGTBI. Esa Galicia que vostedes pintan de gris, esa Galicia conservadora, esa Galicia rural, esa Galicia tradicionalista, esa Galicia *pepera*, esa Galicia foi quen de ser a primeira comunidade autónoma de España que aprobou unha lei integral para o colectivo LGTBI. (*Aplausos.*) Esta é unha lei da que todos deberíamos sentirnos moi orgullosos, e dígolles unha cousa: eu síntome moi orgulloso.

En primeiro lugar, porque puiden participar na redacción desa lei, coa compañeira Marta Rodríguez-Vispo —á que facía vostede referencia—, quen fixo un traballo espléndido e a quen, asegúrollo, moitísima xente vai agradecerlle sempre o seu traballo a favor ou en prol da igualdade. E tamén orgulloso porque o que era daquela conselleiro de Igualdade, que tamén coincidía que era o secretario xeral do Partido Popular de Galicia e que apoiou esta lei decididamente, agora é o presidente de todos os galegos e as galegas. (*Aplausos.*) E por iso me sinto moi orgulloso.

En segundo lugar, porque creo que todos deberíamos sentirnos orgullosos porque, de todos os que estamos aquí, dos que participamos neste debate, ninguén votou en contra.

En terceiro lugar, porque máis aló do seu contido, esta lei supuxo unha declaración de intencións, unha mensaxe de apoio a todas as galegas e os galegos gays, lesbianas ou transexuais e tamén ás súas familias. E tamén porque supuxo a mellor declaración a favor da igualdade e en contra da discriminación que podía facer este Parlamento.

En cuarto lugar, porque foi unha lei que non lles gustou aos radicais, non lles gustou aos radicais de dereitas, pero tampouco lles gustou aos radicais de esquerda. E niso en Galicia seguimos sendo diferentes ao resto do Estado, porque en Galicia os radicais non teñen cábida. (*Aplausos.*)

Señora Carreira, permítame que lle dea un consello —á parte de felicitala, por suposto, pola súa recente elección como dirixente da UPG—: o único partido que se opuxo a esta lei foi o da señora Yolanda Díaz. Para eles chegar a un acordo nesta Cámara era algo imposible, así lles foi; agora non están aquí. (*Murmurios.*) Pero o peor dos radicais non é o que din, é o dano e o odio que promoven na sociedade. Decía vostede hai quince días que ao saír do Pleno volvíamos a unha realidade de agresións e de odio. Eu non sei cantas agresións tivo vostede esta semana, pero invítoa a que visite as miñas redes e vexa as cousas tan bonitas que me din os da esquerda. Porque agora, cando parecía que máis avanzabamos, resulta que só se pode ser gay ou lesbiana se un é de esquerdas e é nacionalista. E ao resto de gays e lesbianas parece que se lles pode insultar, parece que se lles pode botar das marchas do Orgullo e parece que se lles pode acosar nas redes. (*Aplausos.*) Pero a esquerda, señorías, é moito de igualdade e de respecto de palabra, pero pouco de practicalo. ¿Ou é que vostedes pensan que aqueles gays e lesbianas que non son de esquerdas e nacionalistas merecen ser dobremente discriminados? Respóndame, por favor.

E en quinto lugar, porque grazas a esta lei se produciron importantes avances. Creouse unha liña de axuda específica para os colectivos, para o seu funcionamento, non para



os programas que levan a cabo, que para iso tamén está axudando moitísimo a Consellería de Sanidade. Por exemplo, só na Asociación Casco —que coñece— da Coruña a Consellería de Sanidade dedica moito máis dese millón de euros do que vostede está a presumir. Creáronse liñas de axudas, creouse o Observatorio e fixéronse protocolos específicos e as estratexias. Sei que vostedes non o van recoñecer, porque son incapaces de recoñecer nada do que faga o Partido Popular, pero a nós créanos que nos importa moi pouco o seu recoñecemento. Con ter o recoñecemento dos galegos parécenos máis que suficiente.

Concretando, no eido educativo, xa lle dixen na campaña electoral que eu non compartía a súa visión sobre o noso sistema educativo, sobre os centros educativos da nosa comunidade. Supoño que na época da posguerra da señora Longueira pode ser, pero nin vostede nin eu vivimos esa realidade. O noso sistema educativo cumpre un papel fundamental para acadar unha sociedade cada vez máis inclusiva e menos discriminatoria. A escola, xunto ás familias, exerce unha función social e socializadora de transmisión dos valores que todos compartimos. Ademais, proporciona unha formación integral que axuda a configurar a identidade persoal nun momento clave para o desenvolvemento dos rapaces e das rapazas. Por iso, o Goberno que sustenta este grupo parlamentario está a traballar cada día para que os centros educativos sexan cada vez espazos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...de respecto e de tolerancia para as persoas LGTB, e para acadar unha escola verdadeiramente inclusiva, na que todo o mundo se poida expresar libremente sobre a súa orientación afectivo-sexual e sobre a súa identidade e na que os rapaces e as rapazas aprendan que a diversidade é un valor positivo e unha oportunidade de desenvolvemento e de aprendizaxe en común.

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor TRENOR LÓPEZ: Traballa, en definitiva, este Goberno, sustentado por este grupo maioritario, para protexer...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...os dereitos das persoas LGTB.

Remato xa. Señorías, presentamos unha emenda a esta iniciativa que entendemos que mellora a súa moción, creo que tamén a amplía e que é máis ambiciosa. Imaxino que non haberá ningún problema para poder facela como se fose un texto...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...de todos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea. (*Negación.*) Grazas.

Quenda do Grupo autor da moción, señora Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, presidente.

Señor Trenor, agradézolle o ton que tivo vostede hoxe nesta intervención. A verdade é que mellorou moito o do debate que tivemos no pleno anterior. Agradézolle que vostede, polo menos, falase do colectivo LGBT e agradézolle os parabéns que me trasladou, (*Risos.*) pero tamén lle digo que seguir sacando peito, a estas alturas, da Lei do 2014 queda un pouco ex-temporáneo. Primeiro, porque é unha lei que se demostrou escasa nestes dez anos de vi-xencia. Segundo, porque —díxoo vostede— esta lei foi unha declaración de intencións que quedou niso, nunha declaración de intencións. (*Aplausos.*) ¿Por que digo isto? Porque, terceiro, é unha lei que foi aprobada neste Parlamento, como vostede dixó, sen votos en contra e, aínda así, non foron quen de desenvolvela; a pesar de que era unha declaración de inten-cións. Porque, por exemplo, do eido educativo, que era do que estabamos a falar, os cinco artigos que están referidos a este eido están sen desenvolver.

Dicía vostede: «pensen o que é medrar con medo día tras día». Eu vou apelar a esa empatía á que apelaba vostede para que pensen o que é ir á escola día tras día sabendo que os teus compañeiros se van rir de ti chamándote «maricón»; sabendo que vai haber quen non queira poñerse contigo no grupo porque ti es diferente; ou sabendo que vas ter problemas para utilizar o baño porque es unha persoa trans. Pensen nesas persoas dentro de máis ou menos trinta minutos, cando votemos.

Di vostede que non compartimos a visión sobre o eido educativo, é certo que debatemos sobre isto na campaña electoral. Non compartimos a visión porque tamén é necesario saber que é o que está mirando cadaquén. Eu o que estou mirando son as agresións que se dan día tras día no eido educativo nas aulas do noso país, e sobre as que xa hai estudos que as están a poñer enriba da mesa. O que está a mirar vostede do eido educativo eu non o sei. E podemos falar sobre o sistema educativo o que vostede queira, pero eu falo dunha cousa moi concreta, que é a situación das persoas LGBT nas aulas e da LGBTfobia que existe nas aulas. (*Aplausos.*) Entón, despois analizamos iso en concreto.

Respecto das emendas presentadas, imos aceptar a emenda presentada polo Grupo Socia-lista, porque cremos que é necesario o que apunta sobre traballar man a man co tecido aso-ciativo. Pero non podemos aceptar a emenda do Partido Popular porque, primeiro, elimina todos os prazos e toda a temporalización que poida haber e, segundo, porque rebaixa ob-xectivos que —como xa dixen— son hoxe obxectivos básicos.

Falamos nesta moción de medidas para comezar a actuar en serio sobre a LGBTfobia nos centros de ensino, e estas son medidas urxentes. Non podemos seguir agardando mentres que hai crianzas e adolescentes que están a sufrir violencia nas aulas. E non podemos seguir ao ritmo dun Goberno que considera que no ano 2024 poñer puntos lila e arco iris nos fes-



tivais que vai haber durante este verán é o máis revolucionario que se pode facer; sobre todo, despois de dismantelar os centros Quérote e de afogar os CIM (*Aplausos.*) atribuíndolles tamén as competencias en asesoramento LGBT.

No pleno anterior rematei falando do *pinkwashing* que fai, por exemplo, o Estado de Israel, pero non é o único. Así que, á parte de apelar a esa empatía á que facía mención o señor Trenor, tamén lles digo que apoien esta moción, que demostren a súa preocupación e a súa implicación co colectivo LGBT, que vai máis alá do 28 de xuño, e que superen a súa alcaldesa de Valencia, que se dedica a retirar bandeiras do Orgullo. Porque, se non, o que van demostrar de novo é que os seus chíos, por exemplo desde as contas do partido, son puro *pinkwashing*. Porque poñer a bandeira para despois votar en contra non deixa de ser máis que puro posturo.

Así que, señor Trenor, señores do Partido Popular, actúen en consecuencia. E, como dicía o señor Trenor na súa exposición, o 28 de xuño vai de reivindicar dereitos. E os dereitos hai que garantilos tamén con propostas concretas e non simplemente con desideratos ao aire. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Carlos López Font, sobre o desenvolvemento do transporte público de competencia do Goberno galego

O señor PRESIDENTE: A esta moción non se presentaron emendas. Para formulala ten a palabra o señor López Font.

O señor LÓPEZ FONT: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo a todas e a todos.

A nosa moción é unha consecuencia da pregunta formulada na Comisión 2ª e da interpelación ao conselleiro no pasado pleno. Esta moción trata do funcionamento do transporte público en Galicia, que é competencia da Xunta de Galicia e que non funciona adecuadamente polos erros que se foron cometendo desde o arranque da lei que o regula. Nas dúas ocasións anteriores relatamos como comeza esta lei: con escasa ou nula transparencia á hora de levar a cabo os procedementos de adxudicación. E o informe do Consello de Contas, basicamente, cuestiona a forma de actuar do Goberno galego no relativo á norma, pero tamén achaca unha falta de planificación adecuada na prestación do servizo. Porque o Consello de Contas destaca catro aspectos, ao noso parecer, inquietantes. Un, a abdicación por parte do Goberno das súas competencias de inspección e de control nos contratos asinados. Dous, as queixas dos usuarios sen atender e sen dar solución ao exposto nelas. Tres, a falta de aplicación de penalidades nos procedementos de infracción. E catro, a falta de planificación, instando a reforzar o seguimento dos contratos.

Claro que o informe do Consello de Contas era todo un tirón de orellas á xestión do Goberno do PP. Pouco importa que se nos conteste con referencias a páxinas onde a directora xeral



de Mobilidade e o conselleiro consideran que o informe é positivo para a xestión do Goberno. Pero hoxe tócame a min, dada a terxiversación das comparecencias anteriores dos responsables da Xunta, ler aquí, literalmente, o que di o Consello de Contas e sinalar as páxinas para que vostedes, desde o Grupo Popular, poidan comprobar as conclusións e as recomendacións do Consello de Contas.

Pasemos ás conclusións, das que, por falta de tempo, poño cinco, pero hai máis e todas igual de importantes. O informe dinos o seguinte. Un: «A Comunidade Autónoma non conta cun instrumento de plan para o transporte metropolitano na contorna das áreas máis urbanas. No seu lugar, desenvolvéronse determinadas medidas e proxectos que non forman parte dunha estratexia previamente formalizada» (páxina 17). Dous: «a Consellería non conta cun instrumento de planificación estratéxica que, tendo en conta os diferentes medios de transporte, facilite a mobilidade no conxunto dos núcleos da poboación na Comunidade Autónoma» (páxina 18). Tres: «os concesionarios obrigados a ingresar o canon anual pola explotación deben efectualo no mes de xaneiro do ano seguinte ao exercicio correspondente. No ano 2020 realízase cun atraso medio de 338 días» (páxina 19). Catro: «a participación nas licitacións foi moi limitada,» —atendan— «a 72 lotes concorreu só un licitador» (páxina 20). Cinco: «non se ten elaborado un documento específico con indicadores cuantificables e de fácil medida e protocolos para o seu manexo que permitan realizar o seguimento do cumprimento dos novos contratos de concesión» (páxina 21).

Pasamos ás recomendacións, esas que o Goberno galego nunca cumpre. O Consello de Contas di o seguinte. Un: «debe reforzarse o seguimento dos contratos para levar a cabo os axustes necesarios na orientación dos obxectivos. En particular, deben atenderse as necesidades que se detecten co obxecto de adoptar decisións acertadas e eficaces no tempo» (páxina 22). Dous: «a Xunta debe contar cun instrumento de planificación estratéxica de mobilidade que teña en conta os distintos medios de transporte e as infraestruturas necesarias» (páxina 22). Tres: —e presten atención— «para fomentar unha maior participación das pemes e evitar a concentración en grupos empresariais con participación dominante, recoméndase valorar a incorporación de maiores exixencias nas condicións de participación das UTE nos procesos de licitación. Neste sentido resulta esencial, para verificar a compatibilidade das UTE co dereito de competencia, a análise da necesidade obxectiva da súa constitución» (páxina 23).

Creemos que o anterior, que é só unha mostra do informe do Consello de Contas, é o suficientemente grave como para que non mereza a pobre contestación do conselleiro no último pleno sobre o incremento do número de paradas e outras estatísticas que non abordan o problema real de planificación e que non dan resposta ás deficiencias que se producen continuamente, que xa foron denunciadas polos concellos afectados e polos usuarios. Porque sería xa o colmo que non se aportase ningunha medida de mellora nestes longos oito anos. Delata sempre ao PP a forma de desviar a atención das súas responsabilidades, centrándose, exclusivamente, na xestión dos demais.

O que realmente debe importarnos é se o transporte público de Galicia está a funcionar ben ou non. Nese sentido, as queixas dos usuarios delátanos a vostedes. Esas denuncias dos usuarios son as que falan do funcionamento. Na provincia da Coruña, a liña que maior pro-



blemática ten é a da Coruña-Ferrol- Pontedeume-Betanzos. Aquí, ademais de non cumprir os horarios, outra das problemáticas que denunciaban os concellos da comarca era a falta de prazas. En Ferrol, sufriron a perda de frecuencias e de liñas, ademais da perda de prazas, dos cambios de roteiros, das impuntualidades e dos buses avariados; situación que se repite en Betanzos e en Pontedeume, onde máis visible se fixo a mobilización.

Na provincia de Pontevedra, denunciouse aquí na pasada lexislatura o incumprimento do contrato de autobuses entre Vigo e a comarca do Val Miñor, recollendo as queixas dos veciños de Baiona e A Guarda, que foron queixas reiteradas desde decembro de 2020 e non atendidas polo Goberno galego. Tamén aquí se deron cambios de roteiro sen aviso e supresión de paradas. Tamén destacan os problemas no servizo de bus entre Marín e Pontevedra, con alteración dos horarios.

Isto é o que debería preocuparlles e ao que deberían poñerlle empeño para solucionalo. Iso é o que pretendemos con esta moción.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

¿Grupo Parlamentario Mixto? (*Negación.*) ¿Non? Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Ríos Santomé.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, presidente.

Señor Font, vou comezar cunha pequena corrección do que dicía vostede, que falaba de «erros na concepción do plan de transporte público». Eu creo que é de todo menos errática. Tiñan claramente a liña marcada para favorecer o que no día de hoxe vemos, un monopolio da empresa concesionaria Monbus, fundamentalmente, e todos os esforzos da Xunta de Galiza para que esta empresa tivese como ten no día de hoxe o oitenta por cento do mercado. E isto é algo que xa discutimos en múltiples ocasións os últimos catro anos. Dende o BNG levamos denunciando que o que a Xunta entende como cuestións puntuais, como problemas dun día, nós entendiamos e seguimos entendendo que é unha cuestión totalmente estrutural; unha cuestión que fala desa permisividade, dese encubrimento das irregularidades e dos incumprimentos principalmente da principal concesionaria de transportes, Monbús, por parte da Xunta de Galiza e do Partido Popular. E exemplos sobran, a verdade. Trouxémoslos aquí en moitas ocasións.

O que vostede, señor Font, rescata para esta iniciativa, que é a cuestión do informe do Consello de Contas de fiscalización desta materia, fala diso. No seu momento xa o trouxemos aquí, pero cómpre recordar e algunhas cuestións que me gustaría acrecentar, alén do que xa comentou vostede do que pon o Consello de Contas.

E é que unha das cousas fundamentais que viña facer aquí tanto o anterior voceiro do Partido Popular nesta materia, como a anterior conselleira, como o novo conselleiro —que o vimos



o outro día na interpelación — foi gabarse do número, por exemplo, de liñas e de rutas que ten o noso país coa implementación deste plan de transporte. E este informe do Consello de Contas unha cousa que di que para min é totalmente demoledora é que no ano 2020 o 52 por cento destas liñas e destas rutas que di o Partido Popular que se acrecentaron son de transporte baixo demanda. E iso non é malo *per se*, porque o transporte baixo demanda é moi útil en zonas de pequenas poboacións e non tan pequenas, sobre todo no rural, onde é moi útil o transporte baixo demanda. O problema é que, se imos á memoria anual do plan de transporte para ese ano, vemos que, en todo o ano, en todo o territorio galego só houbo cincocentas demandas de viaxe de transporte baixo demanda. O 52 por cento das liñas totais do país eran baixo demanda, segundo este informe do Consello de Contas, e só se fixeron cincocentas peticións de transporte baixo demanda en todo o país nun ano.

Ou sexa, que fan trampas. O Partido Popular unha vez máis fai trampas; xoga cos números, xoga coas cifras poñendo rutas e liñas fantasma que despois ninguén colle. Porque está moi ben dicir que aumentaron non sei canto por cento as liñas, cando realmente a realidade o que nos di é que o transporte público deste país cada vez vai a peor.

E falabámolo nos últimos catro anos, pero que no día de hoxe podemos constatar que iso é así. A Xunta de Galicia leva aproximadamente dous ou tres anos falando do Plan de transporte de Galiza como unha auténtica revolución, a revolución da mobilidade no noso país. Vemos como, sen maior explicación, dous anos despois e despois das eleccións, os principais responsables dese plan de transporte son purgadas totalmente da Consellería e que mesmo a Consellería de Mobilidade, un baluarte, unha consellería estrela da Xunta de Galicia nestes últimos catro anos, pasa a formar parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e de Deporte, pasándolle unha pataca quente a unha posible persoa que entendía que non lle ían ben as cousas con esta dirección do Partido Popular.

Realmente vostedes son totalmente conscientes de como está o servizo de transporte público e como está de enmarañado ese —e non o digo eu, xa o di a Comisión Galega de Competencia— verdadeiro cártel que ten montado Monbus cos autobuses deste país. E a última mostra disto tivémola coas sentenzas derivadas do reparto de mercado; sentenza por presunción de cártel entre Monbus e Alsa neste caso, que aínda segue dando os seus coletazos. Na Xunta de Galiza, a Dirección Xeral de Mobilidade blindou por completo ese contrato, encubriu totalmente a sabendas ese contrato, sabendo que incorría contra as normas de competencia e nunha violación de reparto de mercado de cártel. Fixo que incluso a Xunta de Galiza, con cartos públicos, tivese que ir reclamar xudicialmente cando as cousas non lle viñeron ben.

Vemos como no día de hoxe temos aquí unha nova de hai pouco, do mes pasado, do 21 de xuño de 2024: «Competencia amplía la investigación por cártel a una veintena de filiales de Monbus y Alsa.» Xusto o que levabamos nós dicindo catro anos e a Xunta de Galiza dicía que non, que esas eran cuestións puntuais, cuestións concretas. Vemos como agora, despois dunha sentenza xudicial, a Comisión Galega de Competencia non só incoa ese expediente de investigación, senón que aumenta incluso a vinte filiais máis destas dúas grandes concesionarias. Isto vén ademais constatar o *modus operandi* do Partido Popular na contratación do Plan de transporte público, que é polo que nós dicimos que existe un monopolio onde pequenas e medianas empresas ligadas directamente organicamente ao grupo Monbus se fan



pasar por empresas que non teñen nada que ver para poder sortear os límites de lotes adjudicados a unha mesma concesionaria. Fan moitísima trampa vostedes.

Realmente o que está facendo a Xunta no día de hoxe —entendo que por esa pataca quente que lle pasaron agora ao señor conselleiro, e que realmente debe de ser tan caótico que non debe de quere que lle pase o que lle pasou á súa antecesora— é facerlle caso ao BNG, curiosamente, despois de negar a maior catro anos. As persoas que estiveron aquí nesta última lexislatura saben perfectamente que este tema foi unha cuestión que se levou aquí eu xa non sei nin cantas veces. E a resposta sempre era a mesma: «non, son casos puntuais, son pequenos desaxustes, estámolo traballando...» Bueno, pois vemos como hai cinco días, o pasado 4 de xullo, a Consellería anunciaba a rescisión do contrato que ten Monbus en toda a comarca do Barbanza. Pero eran cuestións puntuais, cuestións puntuais que fan que se teña que acabar resolvendo un contrato a toda unha comarca.

Despois, como teño a interpelación ao conselleiro, tamén lle pedirei explicacións deste cambio de temón. Eu entendo que tamén vén un pouco condicionado a que non lle pase o que lle pasou á súa antecesora con esta cuestión. Porque un, cando se teñen aspiracións doutro tipo e se intentan cortar meténdolle unha pataca quente, como é o caso da mobilidade neste país, ten que ir intentando facer cousas para que as cousas non se lle vaian das mans. Porque realmente o que levan feito nestes últimos anos desde a implementación do Plan de transporte na mobilidade deste país é de auténtico escándalo. E podo lembrar as dilixencias previas abertas contra o anterior director xeral de Mobilidade —hoxe xa non o temos con nós na Xunta, por algo será—, por exemplo. A duplicidade de matrículas en todos os vehículos, a falta de vehículos, a falta de persoal, a duplicidade... e realmente a desfachatez que supoñía ese monopolio, ese máis do oitenta por cento do mercado para Monbus sen que a Xunta de Galiza fixese absolutamente nada.

Pero ao final, como a realidade é teimuda e lle gusta aparecer de vez en cando, non queda outra que apandar co que vostedes mesmos fixeron. Eu xa llo teño dito á anterior conselleira nalgunhas ocasións: crearon un mostro e agora a ver quen o para. Entendemos que nos toca a nós dentro de moi pouco.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ríos.

Grupo Parlamentario Popular, señor Gonzalo Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Bueno, parece que xa temos aquí a volta do Bloque Nacionalista Galego máis radical. Parece que era moito máis fácil chegar a acordos cun bloque de seis deputados que con este Bloque que parece que está un pouco crecido. Pero, igual que baixaron unha vez, van volver baixar. (*Aplausos.*)

Miren, ofrecinlles negociación, ofrecinlles chegar a acordos. Foi completamente desprezada esa vontade para poder acordar toda a Cámara, como fixemos hai dez anos, que aprobamos un texto de forma conxunta para poder facelo hoxe tamén aquí. Pero eu dígolle unha cousa:



sexa valente, pense máis no colectivo e menos na UPG. *(Risos.) (Murmurios.)* Pense máis no colectivo, priorice os galegos, priorice a sociedade fronte aos seus intereses de partido. *(Aplausos.)* Pero tamén lle digo unha cousa, se non admite a miña emenda, que lle recomendo que a volva ler, o noso grupo vai rexistrar esa emenda como iniciativa e esa iniciativa vai saír adiante co apoio da maioría desta Cámara, xa llo digo agora. *(Aplausos.)*

E señor Ríos, parece que ademais de radicalizarse vostedes tampouco teñen o máis mínimo problema en dicir o contrario do que fan. Acaban vostedes de adxudicar a dedo a Monbus once autobuses en Santiago, co informe en contra do interventor. ¡Once autobuses! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Señor Ríos, explíquenos quen son os que teñen máis relación con Monbus. Explíquenolo. *(Aplausos.)* Parece mentira que seis concelleiros poidan dar para tanto.

Señorías, pero Galicia ten un transporte moderno, un transporte de calidade que cada día é mellor grazas á Xunta de Galicia. Nos últimos anos fixéronse numerosos avances e melloras no transporte público de Galicia para promover o seu emprego e para dar resposta ás necesidades dos galegos, levando a cabo unha modernización e renovación completa do transporte público galego e establecendo un novo mapa concesional que supuxo ampliar as zonas atendidas e incrementar os recursos para manter o sistema. E facendo un esforzo como nunca antes para que o autobús regular chegase onde antes non había. Fíxose, ademais cun uso eficiente dos recursos, grazas en parte á introdución de novas modalidades de transporte, como foi o transporte integrado ou baixo demanda. Novas modalidades que foron un auténtico éxito. E sen esquecer o compromiso do Goberno galego por ofrecer mellores tarifas ás usuarias baixo un sistema tarifario único e ademais bonificado.

O informe ao que facía vostede referencia, señor Font, subliña a importancia, precisamente, de todo o contrario do que vostede está a dicir. Pero dálle absolutamente igual, por moito que se lle aclare, por moito que se lle traian aquí as cousas coloreadas, que se lle subliñe, que se lle diga como é realmente o que sae no informe, vostede vén aquí a piñón fixo, mentindo, dálle absolutamente igual, e retorcendo ademais e terxiversando todo o contido dese informe. Eu xa non sei de que forma podemos facer para que vostedes realmente chegue a comprender ese informe, porque créame que penso que realmente vostede ten un problema de comprensión. Eu non sei se é que está en galego o informe, imos ter que pasarlle unha tradución, porque non é entendible o seu empeño e súa manía con seguir insistindo en ler mal ese informe.

Pero señor Font, temos que seguir mellorando, por suposto, moitísimo. A política consiste en seguir mellorando. Nós non nos damos por satisfeitos absolutamente en nada. Que fagamos balance, que esteamos orgullosos do acadado, que queiramos seguir mellorando, por suposto. Pero iso témolo clarísimo. Non chegamos ao límite; aínda nos queda máis por lograr. Pero o que fixemos ata o de agora é espectacular. Estamos investindo máis de cento corenta millóns de euros ao ano. Pasamos de novecentas liñas a máis de tres mil cincocentas liñas operativas. Pasamos de vinte mil paradas a máis de cincuenta e seis mil paradas. ¿Iso por que se fixo? Para que sexa accesible para toda a cidadanía o transporte público de Galicia, para facilitarlles a vida dos galegos e para que cada vez haxa máis galegos usando o transporte público da nosa comunidade.



O 91 por cento dos galegos teñen unha parada a menos de cincocentos metros da súa casa. Os vehículos teñen unha idade media de 5,7 anos, que é a metade da media do parque de autobuses nacionais. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E mire, se quere, invítoos a que vaia a ver cal é a vida media nas cidades. ¡Pero se na Coruña están a pintar autobuses que teñen xa máis de vinte ou de trinta anos! ¡Estamos a pintar para que parezan novos! Señorías, estamos a falar de 5,7 anos de media os que dependen da Xunta de Galicia.

Melloramos as tarifas, abaratando con carácter xeral os billetes, establecendo ademais un amplo abano de descontos que facilitan o acceso ao transporte público e incentivan o seu uso.

A medida social por excelencia é a Tarxeta Xente Nova, á que lle sumamos desde o 1 de xaneiro deste ano a dos maiores de 65 anos. Esa é a forma de apoiar as familias, facendo que polo menos o seu transporte, o transporte que teñen que facer de forma obrigatoria, non lles custe nada. En setembro de 2023 contabilizamos 3,2 millóns de viaxes e en abril deste ano, case 3,7.

Polo tanto, señorías, o Plan de transporte de Galicia, todo este esforzo, todas estas melloras e o compromiso fan que poidamos sentirnos orgullosos do que fixemos; orgullosos do transporte público que depende da Xunta de Galicia —créame—, porque seguimos incrementando usuarios —preto de 3,7 millóns ata o pasado mes de abril—; seguimos incentivando o seu emprego entre os xoves, entre a mocidade, coa Tarxeta Xente Nova; e introducindo tamén vantaxes —como dicía— para outros colectivos; de xaneiro a abril bonificamos case un millón de viaxes coa TMG +65. E aínda temos marxe de mellora, porque iso tamén é a virtude do Plan de transporte de Galicia, que permite melloras.

E iso diferéncianos, ademais, completamente de vostedes. Vostedes levan anos sen incrementar as frecuencias, por exemplo de Vigo á Coruña. ¡Oia!, aprobaron a gratuidade, apoiaron medidas para impulsar o transporte público, pero, non obstante, o que é o transporte segue sendo o mesmo, e así pasan moitos dos problemas que están a pasar, porque son vostedes incapaces de aceptar que hai que seguir traballando e que hai que seguir mellorando.

Mire, nós cremos que o transporte ten que ter planificación, ten que ter certa capacidade de adaptación, de poder incorporar pequenos cambios. Pequenos cambios como modificar frecuencias, como modificar horarios, paradas ou itinerarios que, aínda que os definamos como pequenos, para moitísimas persoas é fundamental; é a diferenza entre utilizar o transporte público ou non utilizalo. E por iso eu quero felicitar a todos os traballadores públicos e tamén os seus responsables polo traballo feito nos últimos anos.

Pero non só pequenos cambios. Tamén hai outros maiores que hai que facer, cambios de maior relevancia, máis importantes, como é a reestruturación do servizo na liña A Coruña-Oleiros-Sada ou como é a nova conexión da Coruña-Lugo-A Mariña, ou a nova conexión directa de Lugo-A Coruña, ou a nova concesión que se vai facer co novo concurso do Barbanza, porque hai moitas modificacións que incorporar que nos obrigan a facer.

Señorías, temos que seguir traballando, pero quero dicir que temos un magnífico transporte público en Galicia e sobre todo se o comparamos co que depende doutras administracións...



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...como pode ser o ferrocarril. que creo que é noticia, día tras día, polos erros, polos atrasos, polo abandono, polo desastre, en definitiva, no que teñen vostedes ese servizo. E no transporte por estrada, despois de ter eliminado rutas, de ter eliminado servizos, de ter eliminado paradas e de ter obrigado a xente a facer máis transbordos, creo que vostedes teñen moi pouca lexitimidade ou polo menos teñen moi pouco do que poder presumir en relación co transporte público.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da moción, señor López Font.

O señor LÓPEZ FONT: Grazas, presidente.

Señor Trenor, vostede nunca defrauda, pero sempre abochorna. *(Aplausos.) (Murmurios.)* E abochorna coa contestación que me deu, porque certamente o transporte público en Galicia debe mellorar. Esa é a nosa pretensión con esta moción, e así o indicaba o Consello de Contas, señor Trenor, no seu informe. Non teño ningún problema en entender o galego, ten problema vostede en saber o que din as páxinas ás que me referín. *(Aplausos.)*

E hai moita gravidade na actuación deste goberno nas concesións e na forma de xestionar o transporte público. Menos mal que non se referiu á cidade de Vigo e menos mal que non se referiu a outras cuestións. *(O señor Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, ¿non?, referiuse; ben. Pois mire, a responsabilidade de que Vigo non estea no transporte metropolitano é de Feijóo, *(O señor Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.)*, si, señor Trenor, que non quixo negociar un convenio como fixo co resto dos concellos. Porque ¿sabe cantos concelleiros ten o seu Partido Popular en Vigo? 5 de 27. ¿E sabe canto lle duran? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿E sabe canto lle duran? *(O señor Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.)* Señor Trenor, ¿sabe canto lle duran ao Partido Popular os candidatos no Concello de Vigo? *(O señor Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿Si?, ¿sábeo? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, foi vostede o que quixo falar de Vigo. *(O señor Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* Mire... *(O señor Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* ¡tranquilo!, ¡tranquilo!, ¡tranquilo! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor LÓPEZ FONT: ¡Tranquilo! *(O señor Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Tranquilidade.



O señor LÓPEZ FONT: ¿Sabe canto duran os candidatos do Partido Popular á Alcaldía en Vigo? (*Murmurios.*) Pois a última saíu correndo e só durou un ano.

Así que, señor Trenor, mire, o Goberno galego non acepta as recomendacións do Consello de Contas, que considera insuficiente o grao de cumprimento non só no transporte público senón na xestión do Sergas. Vostedes cambian ao ano 1.000 millóns de euros do Sergas de partidas e o Consello de Contas censura esta forma de actuar. Polo tanto, a desatención —e demóstrano hoxe aquí— do Goberno galego ao Consello de Contas é a norma deste goberno.

Pero, dado que todo funciona tan ben, vou seguir poñendo exemplos. Culleredo, concello que conta cunha serie de dificultades en canto ao transporte nas zonas máis rurais. Rianxo, estanse vendo afectados pola mala xestión do transporte público con autobuses que nin sequera chegan á parada. A Costa da Morte e Bergantiños son comarcas que tamén sofren o mal funcionamento. Carballo, liña que enlaza coa capital galega, onde moitos universitarios quedan tirados pola falta de prazas no autobús que vai a Santiago. Onte, señor Trenor, pasaxeiros tirados en Vigo porque se enchen os autobuses a Pontevedra. ¿Este é o funcionamento marabilloso do seu transporte público galego? Pois mire, os pasaxeiros denuncian que, unha vez iniciada a tempada de verán, a empresa retira os reforzos aínda que a demanda segue sendo alta.

Pero aínda é máis grave en relación coa xestión do Goberno, porque os usuarios...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LÓPEZ FONT: ...teñen problemas para adquirir os billetes no propio autobús; nin sequera poden utilizar a tarxeta de transporte público, unha incomodidade que lles fai perder en ocasións o propio autobús.

Miren, esperemos que apoiem esta moción, que expón algo tan elemental como reforzar o seguimento dos contratos das concesións, algo que é unha obriga, e levar a cabo os axustes necesarios para conseguir os obxectivos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LÓPEZ FONT: ...do Plan do transporte público.

Señor Trenor, son de piñón fixo, efectivamente, pero os usuarios están descontentos co servizo que prestan vostedes.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Font.

Procedemos á votación das mocións.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de don Brais Rúa Nova.



Non se aceptan as emendas do Grupo Parlamentario Socialista nin do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Brais Ruanova, sobre as políticas de apoio aos sectores industriais galegos inmersos nos grandes procesos de cambio de paradigma enerxético ou tecnolóxico.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: **Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de dona Iria Carreira Pazos.**

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario Socialista e non se acepta a do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Iria Carreira Pazos, sobre o recoñecemento da diversidade e a política contra a discriminación nas aulas por razón de orientación sexual.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: **Votamos agora, por último, a do Grupo Parlamentario Socialista.**

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Carlos López Font, sobre o desenvolvemento do transporte público de competencia do Goberno galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.



En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións.

Alteración da orde do día

Continuamos coa orde do día, na que substanciaremos a continuación —unhas cantas alteracións—, primeiro, a interpelación número 3532; logo, as preguntas 4.7, 4.5, 6.5.2.0 e 6.5.2.4. E tamén comunico o aprazamento da pregunta documento 5926, do Grupo Parlamentario Popular.

Entón, comezamos coa interpelación.

Interpelación de D^a Alexandra Fernández Gómez e D. José Daniel Pérez López, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o impacto dos cambios que van aparecendo no actual modelo turístico

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Grazas, presidente.

Hai pouco menos dun ano xa advertiamos nesta Cámara de que a situación respecto das vivendas de uso turístico chegara a un punto crítico de colapso e que era urxente a regulación, control e planificación. O Grupo Popular, coma sempre, rexeitou as propostas do BNG, pero nestas filas tamén son conscientes de que a situación é insostible.

Mentres o Partido Popular en Granada impón moratorias, mentres en Valencia e en Palma comeza a falarse de pór límites, aquí gañan as teses da insensibilidade ante un malestar social que non para de medrar. Pero cada día vostedes tamén son máis conscientes de que esa postura non se soporta no tempo.

E vou dar dous datos que así o evidencian. O primeiro é que en 2017 había 500 vivendas de uso turístico no noso país; hoxe en día hai 28.500 vivendas de uso turístico; en sete anos incrementáronse un 5.700 por cento. E o segundo dato é que dende que rexistramos esta iniciativa apenas hai dous meses se inscribiron 6.000 novas vivendas de uso turístico, é dicir, unhas 100 VUT ao día. Por iso, cada día, cada mes que pasa no que se mantén a barra libre ás VUT agudízanse os síntomas do seu colapso, síntomas que se palpan en tres dimensións: o acceso á vivenda, o modelo urbano e o modelo turístico.

Sen dúbida, o primeiro drama é a alza de prezos que provocan, o diferencial de prezos que existe entre os usos residenciais e turísticos, que está provocando un descenso da oferta de vivenda de alugueiro residencial permanente e un aumento dos seus prezos, o cal se traduce nun problema de accesibilidade á vivenda da poboación residente.



En segundo lugar, existe unha afectación dende o punto de vista da calidade urbana. Cando un turista ocupa o lugar onde antes había un veciño, pérdense as redes que se tecían, a mestura de usos; un turista nin pertence nin permanece nese lugar. Por iso, a alta concentración de VUT degrada a complexidade social dos lugares e cuestiona a propia sensación de pertenza dos veciños sobre o lugar que habitan, creando unha percepción de indefensión, de ser substituídos e de ser cidadáns de segunda.

E o terceiro plano no que as VUT afectan é sobre o propio modelo turístico. A presión e a expulsión da poboación residente remata por segregar os centros das vilas e das cidades. Eses espazos fican reducidos a zonas tematizadas, como simples centros comerciais ao aire libre para turistas. E os primeiros afectados, evidentemente, son os residentes, pero despois acaban por crearse contornos turísticos pobres, carentes de vida cotiá, de memoria, de complexidade, en definitiva, de interese; fai colapsar a riqueza turística que existía inicialmente.

E nas zonas do país onde hai unha alta concentración de VUT, especialmente nos centros das cidades e en zonas litorais, xa son palpables estes síntomas de colapso no acceso á vivenda, no modelo urbano e territorial e no modelo turístico.

Esta non é unha iniciativa —queremos deixalo claro— de cuestionamento do turismo, ao contrario; o lema desta interpelación é: salvemos o turismo salvando primeiro os veciños e os seus dereitos. (*Aplausos.*) Para salvar os veciños, hai que garantir os seus dereitos a acceder a unha vivenda, a non ser expulsados do seu lugar e a vivir en contornos urbanos de calidade. E a razón de tres mil novas vivendas de uso turístico por mes non é posible. A única solución é limitar e ordenar as VUT.

A sociedade reclama avances nesa posición: orde, equilibrio, planificación. E hai concellos que están dando pasos adiante valentes nesa dirección. E hoxe o Partido Popular está cada vez máis só; máis só defendendo a completa desregulación. Atrincheirados na Xunta, son o último bastión dende o que tratar de boicotear calquera avance. E a súa trincheira son as competencias chave que ten a Xunta e o Goberno galego sobre as vivendas de uso turístico.

A primeira trincheira son as competencias en materia de vivenda. Ante o risco de que se racha o equilibrio dun contorno urbano por unha alta concentración de vivendas de uso turístico, a Xunta podería establecer unha serie de criterios mínimos que garantan que a poboación residente ten vivenda suficiente destinada a domicilio habitual. Pero dende a Consellería de Vivenda agachan a cabeza sobre este tema. É bastante sintomático que hoxe non veña a esta interpelación a respostar a conselleira en materia de vivenda e que lle pasen a pelota ao conselleiro con competencias en materia de turismo, tratando de limitalo a un debate nese ámbito.

Tamén é sintomático que nin sequera dende o Observatorio de Vivenda de Galiza se realizase nin un só informe sobre o impacto que está tendo a vivenda de uso turístico no acceso á vivenda, cando é un dos factores de distorsión fundamentais do acceso á vivenda.

A súa segunda trincheira é a consellería con competencias en turismo, dende a que están intentando torpedear calquera regulación por parte dos concellos. Non lles basta con non



facen dende Vivenda, senón que ademais están dando de alta no Rexistro de empresas e actividades turísticas as vivendas de uso turístico ilegais segundo o planeamento urbanístico. A Consellería de Turismo está abrindo as portas e amparando as VUT ilegais. Isto é un auténtico escándalo. Seguramente haxa moita xente... (*Aplausos.*) que se pregunte como pode ser, como é posible que a Xunta de Galiza estea dando cobertura a vivendas de uso turístico que son ilegais.

Pois ben, a operación explícase en tres pasos.

O primeiro é facer unha norma coladero de ilegalidades. Aprobaron un decreto en 2017 que establece que o propietario apenas ten que presentar ante Turismo unha declaración responsable conforme cumpre coas normas urbanísticas que determina o concello, pero non ten que entregar a documentación que o acredite; é dicir, non ten que demostrar que é legal; de forma que a Xunta con esta norma fai un acto de fe en cada solicitude, validando todas as solicitudes sen comprobar nada.

Dende o BNG xa trasladamos varias iniciativas na pasada lexislatura nesta Cámara para que se obrigase precisamente os solicitantes a entregar a documentación necesaria para que a Xunta puidera comprobar se son legais ou non antes de dala de alta. ¿E que votou o Partido Popular? En contra. E ese voto é a demostración de que iso non era un erro xurídico, non era unha norma que estivese mal plantexada. Era unha norma coladero, pensada perfectamente como un mecanismo para dar de alta VUT que son ilegais.

E a segunda estratexia do Partido Popular é facer ouvidos xordos sobre todo este descontrol que crearon. Cando os propios concellos empezan a ver que se están dando de alta no rexistro da Xunta vivendas de uso turístico que no seu planeamento son ilegais, que están prohibidas, o primeiro que fan os concellos é alertar a Xunta de Galiza. E a resposta da Xunta ¿cal foi? Silencio, non se dan por enterados, non se enteran. E aí temos o exemplo do Concello de Santiago para entender mellor a desfachatez da Xunta de Galiza.

En 2015 o concello xa inicia os trámites para suspender novas licenzas VUT no ámbito da cidade histórica. A primeira resposta que reciben por parte da Xunta foi devolverlles unha lista con cen novas vivendas de uso turístico ilegais inscritas dende a moratoria. Ante esa situación, o concello advirte novamente a Xunta de que hai unha suspensión de outorgamento de licenzas na cidade histórica e que están dando de alta vivendas de uso turístico que son ilegais. ¿E dende a Xunta que fan? Non se enteran, facer que non se enteran de que esas normas existen.

En 2018, xa aprobado o Plan especial de protección da cidade histórica, que impedía definitivamente os usos turísticos nese ámbito, a Xunta continúa inscribindo todas as solicitudes que sabe que son contrarias a ese plan. E así, ata o de agora, a situación persiste. O concello continuou mandando comunicados á Axencia de Turismo de Galiza solicitando que se dean de baixa todas as VUT ilegais e a Xunta de Galiza asubía de lado. Iso é o que fan dende a súa consellería.

Pontevedra, outro exemplo de como o concello tivo que batallar coa Xunta para que deixe de inscribir vivendas de uso turístico ilegais.



Hai unha política de boicot sistemático ás normas dos concellos que regulan, que avanza, que protexen os veciños e que apostan por un turismo sostible, e que ao mesmo tempo é unha política de alfombra vermella para as VUT ilegais, para quen procura un lucro individual por riba das normas aprobadas.

E a terceira estratexia da Xunta de Galiza é validar as xustificacións e os argumentarios de propietarios de VUT ilegais, en contra do que din os tribunais. O Partido Popular participou de toda unha serie de escusas trapalleiras, que, sentenza tras sentenza, foron desmontadas. Como, por exemplo, compraron o argumentario de que as VUT non son actividades económicas, por tanto non requiren de comunicación previa. Miren, sentenza que dá a razón ao Concello de Pontevedra: a actividade de VUT, aínda que non se desenvolve nun establecemento turístico *stricto sensu*, excede sen dúbida o mero uso residencial xeral, constituíndo unha actividade comercial de natureza turística. Esa actividade económica, de especial intensidade, susceptible de causar molestias aos veciños, ten unha incidencia urbanística.

Outra. Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza que rexeita claramente que as vivendas de uso turístico non sexan unha actividade económica e que, polo tanto, non requiran de comunicación previa ao concello.

Ademais, as sentenzas insisten sempre en que esa actividade económica debe ser legal, é dicir, conforme o que determinan os concellos.

Sentenza 212/2022. O desenvolvemento legal dunha actividade económica ten como primeiro requisito —primeiro requisito— que o uso pretendido estea axustado e sexa compatible co planeamento. Unha vez determinada esa compatibilidade, que define o planeamento municipal, requiriranse as autorizacións sectoriais que correspondan.

O deber da Xunta é asegurarse, cando dá de alta no Rexistro de turismo, de que cumpren coa legalidade, que cumpren co planeamento, xusto o contrario do que está facendo a Xunta de Galiza.

E, a pesar das sentenzas, no Partido Popular son unha auténtica fábrica de ideas para defender VUT ilegais. Inventaron outra escusa, esta chusca da Xunta, e é que non lle vale que o Concello de Santiago lle exixa que dea de baixa do Rexistro setecentas vivendas turísticas ilegais. Porque é que non lle gusta que a petición lla fagan en bloque; que a petición lla teñen que facer vivenda por vivenda. Setecentas xuntas non nos valen; unha a unha, a ver se así dilatan os prazos e colapsan os servizos municipais.

Pero vese que así tampouco foi suficiente, porque o Concello de Santiago está incluíndo a Axencia de Turismo de Galiza como interesada en todos os expedientes, un a un, que se están a tramitar, pero, ¡oh!, Turismo segue sen darse por enterado. Tampouco lles vale así.

Agora din que para eliminar do rexistro as VUT ilegais é necesario que, ademais, haxa unha sentenza firme do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza para eliminalas.



Dende a trincheira da súa consellería, señor Calvo, están amparando sen pudor VUT ilegais (*Aplausos.*) e están intentando bloquear as normas avanzadas de concellos como o de Santiago de Compostela.

Miren, isto é moi sinxelo. Vou facer un resumo moi sinxelo. Hai un camiño lóxico para cumprir a lei: que a Xunta revise a documentación para verificar que unha VUT é legal antes de dala de alta no rexistro. Pero a Xunta decidiu facer outra ruta, moi tortuosa para os concellos e de alfombra vermella...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...para quen quere saltar a lei. —Remato xa—. A Xunta rexistra todo: legal, ilegal, cos ollos pechados, sen comprobar nada; e logo, se acaso, os concellos, que vaian denunciando unha a unha. Para os concellos, todas as dificultades. Teñen que revisar o rexistro da Xunta para ver se son ilegais; logo teñen que iniciar expedientes de declaración de ineficacia de comunicacións previas e reposición da legalidade urbanística unha a unha; e só entón, cando consigan unha sentenza do tribunal...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...se tal a Xunta a dá de baixa.

O señor PRESIDENTE: Ten outro turno despois. Grazas.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Ben, remato xa.

Pregúntolles se van vostedes seguir con este mecanismo ou van dar de baixa todas esas VUT que están ilegais. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo Pouso.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Grazas, presidente.

Señoría, gustaríame empezar agradecendo o seu interese por un tema tan importante como é o do acceso á vivenda e sobre a repercusión que as VUT poden ter neste eido. E agradézollo de verdade. É unha mágoa que só sexa crítica coa Xunta de Galicia e non teña nada que dicir ou reprochar á inacción do Goberno central. Será porque o apoio á investidura do seu único deputado no Congreso vale moito máis que cuestionar determinadas políticas do Partido Socialista.

Pero teño que precisar algunhas cuestións que chaman a atención da súa exposición de motivos, empezando pola data de rexistro desta iniciativa. Foi rexistrada o 10 de maio do ano 2024, firmada por Alexandra Fernández e Daniel Pérez, dous candidatos que obtiveron a súa



acta de deputado e, por tanto, poden firmalas. Pero vostedes nesta iniciativa, como na anterior, que tamén tiven a oportunidade de estar escoitando e seguro que na seguinte interpelación tamén, veñen, día tras día, cuestionar absolutamente todo, todo; todo é un desastre, todo se fai mal. A verdadeira noticia que podería terse dado neste Parlamento algún día é que o Bloque Nacionalista Galego recoñecese que o Goberno da Xunta de Galicia algunha vez, aínda que sexa por erro, acerta. *(Aplausos.)* Porque para vostedes iso é imposible.

É verdade que a realidade é teimuda e cada catro anos nos presentamos a unhas eleccións e ese fiasco no transporte, no turismo, en todo iso, resulta que os galegos non o ven así. Na sanidade todo están moi mal, pero cando lles preguntamos aos galegos resulta que, ¡oia!, igual non o ven exactamente coma vostedes. E son vostedes os que levan pois non sei cantos anos na oposición. Ao mellor, ao mellor —pénseno algunha vez, ¡eh! —, igual non é verdade ou non é a realidade que vostedes tentan transmitir aquí.

Porque vostede dicía: veño aquí falar positivamente das vivendas, pero, ¡oia!, positivamente. Aquí viñeron falar da turismofobia, faláron do xacobeocentrismo, faláron da campaña de rachar co Xacobeo. Todos eses foron vostedes... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, foi o seu partido, señora Alexandra, foi o seu partido. Entón, ¿que quere que lle diga? Agora non o representan. Sempre nesta lexislatura e na anterior igual viñeron falar destes asuntos aquí.

E son incapaces de ver os resultados espectaculares do turismo en Galicia, son incapaces. Nin unha soa palabra para recoñecer o bo estado do turismo en Galicia, iso nin a primeira, nin a primeira. E poden vostedes... *(Aplausos.)* Estou seguro de que en toda a lexislatura non o van recoñecer.

Máis de 7 millóns de visitantes en Galicia, señora Fernández, 7 millóns, cifra récord. ¿Están orgullosos dos 7 millóns? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* 13,3 millóns de pernoitas e uns niveis de rendibilidade para o sector hoteleiro que creceu máis dun 6 por cento en relación co ano 2022 e un 27 por cento en relación con antes da pandemia.

E, en vez de aceptalo ou de poñelo enriba da mesa de vez en cando, nunha crítica, pero de vez en cando poñer algún dato positivo, ¿tanto lles custa poñer un dato positivo enriba da mesa? Pois non o fan. Nun sector no que traballan cento trinta mil persoas, por certo, cento trinta mil galegos e galegas.

Na exposición de motivos fan unha serie de consideracións sobre a expansión de vivendas de uso turístico, as medidas postas en marcha para o seu regulamento e a repercusión sobre o acceso á vivenda.

Mire, podemos estar de acordo en que as vivendas de uso turístico implican novos retos na xestión —é certo— e de planificación para lograr un modelo sustentable no eido turístico e tamén no residencial. Aí estamos de acordo. Se quere, podemos poñernos de acordo nese punto. Pero terá que recoñecer que na Xunta de Galicia fomos pioneiros na posta en marcha dun decreto. Porque agora vostedes están asombrados, pero a Xunta de Galicia no ano 2017 —estamos no 2024— aprobou un decreto; un decreto que, por certo, redactamos con diá-



logo, falando co sector turístico; un diálogo que vostedes non practican, como se ve nos sitios onde gobernan, concretamente na cidade de Santiago de Compostela, da que despois falaremos.

Pero neste goberno, respectando a lexítima discrepancia política, intentamos avogar por acadar posicións comúns. E digo: ¡joia!, hai que regular e planificar este sector. Perfecto. ¿Están vostedes dispostos a falar en serio ou simplemente é outro asunto máis para tentar vir aquí e trasladar unha realidade que non existe e intentar erosionar a imaxe do Goberno galego?

O segundo, ben, pois algunhas afirmacións que fan na súa exposición de motivos así o amosan. Falan vostedes da falta de coñecemento das medidas postas en marcha pola Xunta de Galicia, que había unha clara intención de tentar trasladar ao sector, á sociedade e ás administracións afectadas unha imaxe distorsionada dunha realidade que queren converter en problema. Din que as VUT son un fenómeno que medrou sen control, que falta análise e lexislación que limita os seus supostos —matizo eu— efectos negativos. Din que a expansión non foi acompañada de medidas de ordenamento; que existe un descontrol premeditado. Aquí está todo premeditado. A Xunta de Galicia fai todo premeditado sempre para axudar e para beneficiar a non sei quen. Todo é premeditado. No anterior tamén e neste tamén é premeditado. Non sei que grupo está esta vez detrás. Din que a Xunta permite a inscrición irregular das VUT e que as inscribe sen comprobar a súa legalidade. Esta manifestación, á marxe de ser sesgada, é maliciosa e ademais completamente falsa.

A ordenación das vivendas de uso turístico é un fenómeno global no que a Xunta de Galicia leva traballando moitos anos. E ese decreto do ano 2017 veno poñer enriba da mesa. É certo que o denominado o fenómeno das VUT medrou dunha forma significativa nos últimos anos, pero de ningunha maneira podemos aceptar que sexa sen control e sen regulamento. A normativa autonómica está avalada dúas veces pola xustiza e funciona. Permite regular dende o ano 2017, señora Fernández. Polo menos recoñeza iso, que foi no ano 2017 e fomos os primeiros. Dende o ano 2017 máis de vinte e catro mil vivendas de uso turístico repartidas por toda a xeografía galega. Nese tempo o rexistro actualízase constantemente mes a mes, incorporándose á oferta de aloxamento da comunidade unha modalidade complementaria e non excluínate ao resto de tipoloxías. O noso decreto indica claramente que as entidades locais teñen competencia para regular ou incluso prohibir. Regular, —repito, por se non se me entendeu ben ou non son capaz de explicalo— e incluso prohibir a implantación deste tipo de vivendas. Pero é máis doado sempre botarlle a culpa á Xunta de Galicia, así non temos responsabilidades. Na oposición fálase libremente, pero cando gobernamos aí aparecen os problemas. É máis doado para algúns concellos gobernados polo Bloque —en conivencia cos socialistas, por certo— botarlle a culpa á Xunta de Galicia.

Isto é o que está a pasar na Coruña —por citar algúns concellos— que despois dun ano din que fixeron unha mesa sectorial a primeira reunión o 27 de xullo. Pero citaba vostede o caso de Santiago de Compostela. Durante a campaña electoral e na lexislatura pasada había unha asociación que agrupa aproximadamente 600-800 vivendas que estaban nunha situación irregular ás que a señora alcaldesa actual de Santiago de Compostela se comprometeu a legalizar. Fíxoo así durante toda a lexislatura e fíxoo así tamén na campaña electoral. Reuní-



ronse con todos os grupos. ¿Sabe vostede o que acaba de facer a señora Goretti hai escasas semanas, creo, no concello? Totalmente o contrario do que lles prometeu.

Pero é máis, neste Parlamento vostede, como deputada, tamén firmou iniciativas para regularizar toda esta situación. Pero agora convén outra cousa. Agora gobernamos e agora a culpa que vaia para a Xunta e que amañe a Xunta. Iso si, non se lles ocorra ter unha reunión con todas as familias que teñen vivendas de uso turístico, porque non creo que lles guste o que lles teñen que dicir. Iso seguro. *(Aplausos.)*

En Santiago, o Bloque Nacionalista Galego propón ilegalizar todas esas vivendas. Iso si, hai un período de barra libre de dous meses. Neses dous meses ao ano, os propietarios das vivendas poden facer o que lles dea a gana; non teñen ningún tipo de problema. De feito, a ordenanza permite o alugueiro durante sesenta días ao ano mentres os propietarios a teñan como residencia habitual durante 183 días. Esta medida, señora Fernández, ¿potenciará o alugueiro temporal e non os permanentes? ¿Non vai iso en contra dos principios que o Bloque Nacionalista Galego sempre defendeu? Pregunto.

E piden ademais que deamos de baixa en bloque as numerosas vivendas. Pero, ¿vostedes saben de dereito administrativo? ¿Saben que a declaración responsable tamén está recoñecida? Pois non se pode dar en bloque todas as vivendas de baixa. Haberá que ir xustificando cada unha delas, aínda que sexa a mesma xustificación. Vostedes diso saben perfectamente, escribir as mesmas cousas para presentar 50.000 alegacións; seguro que son capaces de facelo. Pois fágano tamén nos servizos municipais. Non se trata de colapsar nada —pódollo asegurar—, porque niso tamén son especialistas.

Dentro do respecto á autonomía local o decreto o que fai é prever que os concellos poidan establecer limitacións dentro do seu termo municipal, segundo as súas competencias urbanísticas. A Xunta ten que garantir a seguridade xurídica, señora Fernández, do procedemento das baixas dos establecementos xurídicos; algo que o Concello de Santiago nunca realizou. E a colaboración da Xunta co Concello de Santiago é total na regulación das VUT. En aras da colaboración institucional, informamos de xeito proactivo das altas para que o concello nos informe de posibles incumprimentos da súa normativa. Iso é así, señora Fernández. De feito, cada vez que o Concello solicita baixas no rexistro e nos achega a fundamentación xurídica, —porque terá que haber fundamentación xurídica, digo eu que quererá poñer unha fundamentación xurídica— que respalda esa cancelación, Turismo de Galicia inicia o procedemento de baixa.

¿Que quere que lle diga? Mentres que en Galicia fomos a primeira comunidade autónoma que puxemos enriba da mesa un decreto, outros non o fixeron. E isto é unha realidade que se está a dar en moitas comunidades de España, en todas as comunidades de España. Eu creo que tamén sería un caso relevante para que o Goberno de España tomase cartas no asunto, pero resulta que sete anos máis tarde o goberno de España, —ese que é o seu socio— di que hai que facer un rexistro de vivendas de uso turístico. ¡Home, benvidos! Nós levamos sete anos con el. Ademais di que hai que cambiar a Lei de propiedade horizontal para que as comunidades de veciños teñan capacidade de poder vetar vivendas de uso turístico na comunidade. ¡Home, benvidos! Levámolo defendendo desde hai non sei canto tempo... *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): ...e agora chegan vostedes. Pois benvidos, señora Fernández, benvidos a esta nova regulación.

Nada máis e moitas grazas (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Señor Calvo, antes de nada, eu creo que quedou claro que na miña intervención a cuestión central non era arredor do turismo. Queríamos poñer enriba da mesa a transformación que se está producindo dentro do parque inmobiliario do noso país, a gran transformación en termos de uso e que ten unha serie de consecuencias sociais ás que vostede non fixo nin a primeira mención. Nin a primeira mención do que está sucedendo en termos de accesibilidade. É unha pena, que eu creo que se evidenciou que hoxe a que tiña que estar aquí era a conselleira de Vivenda, pero, coma sempre con este tema, está agochada. Non sabemos onde está. (*Aplausos.*)

E o que planteou vostede, señor Calvo, é un recoñecemento de que o que está facendo a Xunta de Galicia neste momento a través do seu rexistro é dar de alta todas as vivendas de uso turístico, as legais e as ilegais. E despois dille ao Concello que ten que ser o Concello quen batalle xudicialmente para demostrar cal delas é ilegal; que as busque primeiro dentro do rexistro, que as detecte e despois que inicie unha batalla legal unha por unha. Isto é o mundo ao revés. O que pretenden vostedes con esta escusa é exixir aos concellos que tramitan expedientes un a un contra todas as VUT ilegais ás que vostedes lles dan a alta para colapsar a Administración local e para imposibilitar a aplicación das normas que están establecendo concellos como Santiago.

Están vostedes absolutamente fóra da realidade, porque no caso de Santiago están intentando que o Concello inicie expediente contra 761 vivendas de uso turístico que están inscritas ilegalmente. Hai que coñecer a dimensión do que estamos falando: no mes de xuño en Santiago había 819 vivendas de uso turístico, das cales só 58 contaban con título habilitante municipal. E o que di a Xunta de Galicia é que, coas outras 761 ilegais, o Concello emprenda unha batalla legal unha por unha. ¡Cando vostedes saben unha por unha cales son ilegais e teñen as ferramentas para poder iniciar ese proceso para dalas de baixa!

Está na súa propia lei, non ten que haber unha sentenza xudicial de por medio. O único que lles pedimos é que apliquen a súa propia lei. Artigo 44: «A comprobación polos órganos competentes da inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial dos datos declarados ou o incumprimento dos requisitos que resulten de aplicación determinarán a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade desde o momento en que se teña constancia de tales feitos e sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas ás que poidan dar lugar». Non se precisa sentenzas. O que se precisa, señor Calvo, é ter vontade. E iso é o que non ten o Partido Popular. (*Aplausos.*) Non necesita ningunha sentenza xudicial.



A lei é clarísima. Dende o momento en que a Xunta teña constancia dos feitos pode dala de baixa. O Concello de Santiago xa enviou en máis de catro ocasións información de cada unha das vivendas de uso turístico que neste momento son ilegais, e pediulle á Consellería que as dea de baixa. E por máis que vostedes intenten non darse por enterados, a Xunta é coñecedora perfectamente dunha situación de ilegalidade que está amparando e que está protexendo.

Pero é que a responsabilidade do control do rexistro da Xunta non pode recaer nos concellos. ¡É que é súa! Para alén das advertencias que lles poidan facer chegar puntualmente concellos de que hai vivendas en situación de legalidade, o que non pode ser é que dependa de que os concellos a advirtan. Terá que ter mecanismos a Xunta de Galicia para garantir que o seu rexistro non é un coadoiro de vivendas de uso turístico ilegais.

Porque no fondo, conselleiro, o que nos dá é a razón coa súa argumentación. Se a súa xustificación para non dar de baixa ningunha vivenda de uso turístico ilegal é que, a pesar de que saben que son ilegais, a normativa non lles deixala dalas de baixa, entón está recoñecendo vostede que teñen unha norma coadoiro que non vale para nada. ¡Cambien a norma, que é o que lles estamos propondo dende o Bloque Nacionalista Galego! (*Aplausos.*) A solución é sinxela: se vostedes non poden facer nada con esa fantástica norma que idearon, cambien a norma. O que non pode é vir aquí dicirnos que vostedes son inoperantes e ao mesmo tempo que non queren que nada mude porque, se non, o que vostedes son é inútil á mantenta ou é que vostedes son cómplices de ilegalidades. Vostedes están posicionándose con quen aluga a súa vivenda de forma ilegal antes que cos miles de estudantes que na cidade de Santiago non dan atopado un piso, coas familias que están afogando as rendas nos alugueiros.

Señor conselleiro, ¿vai vostede eliminar as vivendas de uso turístico ilegais do rexistro da Xunta de Galicia? ¿Van vostedes comprobar que as VUT sexan legais antes de escribilas ou é que van continuar boicoteando a planificación das vivendas de uso turístico e protexendo as ilegalidades, como están facendo ata o de agora?

Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da interpelación, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Grazas, presidente.

O goberno da Xunta é consciente de que a seguridade xurídica para algúns actores políticos non é relevante, nomeadamente para o Bloque Nacionalista Galego. Dálle igual. Son múltiples as iniciativas que presentan nos concellos nas que piden en procedemento regrado que non se dea nin sequera a audiencia, que xa se posicione a administración correspondente en contra dunha iniciativa, dá igual a que sexa. A vostedes todo isto do procedemento dálles igual. Dálles absolutamente igual, señora Fernández.



Dende a Xunta estamos a actuar sempre baixo a legalidade e ofrecendo seguridade xurídica. Xa sei que non entenden, pero é a forma que temos de traballar. E non o debemos de facer tan mal. Créame que non o debemos de facer tan mal como pensa vostede, dando de alta ás vivendas de uso turístico que presenten correctamente a documentación e declaren que cumpren responsablemente coa normativa, incluída tamén a municipal, señora Fernández.

A Xunta de Galicia sempre mantivo e mantén aberto o diálogo. Estivo e está disposta a colaborar coas administracións locais nesta cuestión, así como tamén co sector turístico. Nós escoitamos o sector por se fixese falta matizar algún aspecto do regulamento autonómico das VUT; sempre baixo a premisa de que tanto as persoas que ofrecen estes servizos como as que os contratan poidan facelo con garantías e con seguridade xurídica, que é o que buscamos todos, entendo ou gustaríame entender. Mantemos contactos con colectivos como Aviturga ou o Clúster do Turismo de Galicia, e mesmo a comisión normativa das vivendas de uso turístico celebrou varias reunións para facer seguimento da evolución desta figura en Galicia e, de considerase preciso, —como digo— facer as adaptacións que fosen necesarias no marco normativo.

Ademais, o Observatorio da Vivenda de Galicia está traballando nun estudo sobre a influencia das vivendas turísticas no acceso á vivenda residencial. Aí deberíamos introducir tamén outras reformas lexislativas a nivel central, a nivel do Goberno central, que probablemente incidan en que os propietarios non queiran poñer a súa vivenda no mercado de alugueiro. Se vostedes non ven esta realidade e non son conscientes desta situación é que están moi alonxados do mundo real. Hai moita xente que non quere alugar a súa vivenda no mercado convencional. Deberían de sabelo. Claro, pódennllela quitar, como di algún. É outra posibilidade, pero aí a nós non nos van atopar, diso non teña ningunha dúbida. *(Aplausos.)*

Agora, o Goberno central, despois de sete anos, vai facer cambios na normativa. E como lles dicía antes ás súas señorías, agora o Goberno central quere copiar á Xunta de Galicia. Parécenos ben. Nós tampouco temos problemas en copiar a outros sitios se se fan mellor as cousas. Pero agora o Goberno central quere facer un rexistro de vivendas no que nós levamos traballando moitísimos anos xa e quere —como dicía antes— que as comunidades de veciños teñan capacidade para poder opinar e incluso negarse a que haxa unha vivenda de uso turístico na comunidade.

En todo caso, —como dicía— dende a Xunta sempre avogamos porque o Executivo central aprobe un marco xeral único para todo o Estado. Vostedes, que din que son capaces de facer non sei cantas cousas pola autoestrada e por Galicia, ben poderían facer isto. *(Murmurios.)* É unha cousa menor. Nisto non se vai fixar ninguén, pois fágano, xa que vostedes son os que van arranxar os problemas do mundo. Este é sinxelo. para toda España igual, porque creo que os problemas son iguais en todos os sitios. Vostede dicíao antes, pois mire que sinxelo.

Os gobernos socialistas e nacionalistas non fan uso das súas competencias locais en materia de urbanismo, señora Fernández. E, cando o fan, adoptan medidas contrarias ao prometido. Isto constitúe, en primeiro lugar, un deixamento de funcións e, en segundo lugar, un engano á cidadanía, como o que fixeron nas eleccións europeas coa súa candidata, igual. Isto é o que fai o Bloque. *(Aplausos.)* O Bloque está a realizar unha oposición irresponsable neste Parla-



mento e nas súas intervencións públicas empéñanse sempre en cuestionar o modelo turístico, señora Fernández. Decía vostede: «eu vin aquí só falar das vivendas turísticas». Entón, ¿está de acordo co modelo turístico que hai en Galicia? Non, porque sempre o vén cuestionar. E non só nesta iniciativa con cousas que se poñían na exposición de motivos, senón con outras iniciativas que debateron, vostede ou compañeiros seus, neste Parlamento.

Así, a enquisa de residentes que realiza a Área de Estatística e Investigación de Turismo de Galicia indica que, de xeito xeral, os galegos teñen unha percepción positiva do turismo. O noventa por cento dos galegos valora positivamente ou moi positivamente a actividade turística no seu concello, de xeito que aqueles que teñen unha relación directa ou indirecta coa actividade turística outórganlle un 8,2 e aqueles que non teñen esa relación directa coa actividade turística outórganlle máis dun sete. É dicir, a inmensa maioría dos galegos non comparte a súa turismofobia.

En todo caso, asegúrolle —e con isto remato— unha vez máis que neste asunto das vivendas de uso turístico, como noutros, a Xunta de Galicia seguirá dialogando e colaborando coas administracións locais implicadas, co sector turístico e, por suposto, cos grupos parlamentarios que así o desexen e teñan ganas de chegar a algún acordo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Interpelación de D. Paulo Ríos Santomé e D. Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a importancia dos servizos públicos de transporte na estruturación do territorio e no aspecto social e ecolóxico

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Ríos Santomé.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, presidente.

Boa tarde, conselleiro.

Supoño que viu na interpelación que hoxe vimos falar do reforzo do transporte por estrada durante o verán. Esta é unha cuestión que xa o ano pasado deu moitos problemas, sobre todo se nos fixamos nas estacións de autobuses intermodais —ou chamadas intermodais— principais do noso país. Tamén en moitos sitios da costa, xa que cando vemos que chega o verán os autobuses, en moitas ocasións, quedan sen praza para subir neles ou hai atrasos. En fin, como consecuencia dun maior número de usuarios e de usuarias, hai problemas. Estes problemas xa os houbo o ano pasado e está empezando a habelos agora tamén.

Tráiolle, simplemente, un par de notas de prensa dos últimos días, neste caso sobre a estación de Pontevedra con dirección a Marín, sobre todo para o tema das praias. (*O señor Ríos Santomé mostra un documento.*) O titular reza: «Queixas polo mal servizo de Monbus ás praias de Marín: “Non somos gando”». Isto aconteceu un día de moita calor, no que as prazas eran totalmente insuficientes, os reforzos inexistentes e as persoas atopábanse sen poder acceder



a este servizo público. Ademais, quero lembrar o que dixo o conselleiro Corgos pola mañá, que dicía que a Xunta de Galiza do Partido Popular garante que calquera cidadán ou cidadá galega puidese acceder a todos os servizos públicos viva onde viva. Vemos que isto, neste caso, non se cumpre.

Polo tanto, preguntámoslle hoxe, señor conselleiro: ¿que medidas vai tomar a súa consellería para paliar esta situación? ¿Que medidas vai tomar para reforzar os autobuses, neste caso en época estival, e que non se dean situacións como a que tamén recolle *La Voz de Galicia* onte mesmo de «*pasajeros tirados en Vigo porque se llenan los autobuses a Pontevedra*»? Nas conexións entre dúas das principais cidades do país vemos como moitas persoas que teñen que utilizar ese servizo para a súa vida diaria —ir traballar ou ir a calquera tipo de xestión ou utilizar o autobús para despois poder conectarse con outra modalidade de transporte para chegar a outro destino— realmente non son quen de facelo en moitas ocasións ou acceden a este servizo con moitas dificultades.

Quérolle ler tamén, señor conselleiro, unha queixa formal (*O señor Ríos Santomé amosa un documento.*) emitida por unha persoa, que supoño que ademais a teñen, porque vén cun número de rexistro e todo. Aínda que si que hai algo no que me quería centrar, e é que a pregunta non é baleira se están chegando este tipo de queixas á Dirección Xeral de Mobilidade, xa que constatamos algo que veñen facendo durante moito tempo, que é a creación dunha Dirección Xeral de Mobilidade paralela a unha empresa privada, neste caso á consultora Iplan, que se encargou no seu momento xa do control, da inspección e incluso do deseño deste plan de transporte. Ademais, vemos como a Xunta de Galiza vén, estes últimos días, de licitar un contrato a este respecto para os próximos catro anos por unha cantidade superior á que viña facendo. Polo tanto, vemos como a Xunta de Galiza está desmantelando a Dirección Xeral de Mobilidade e delegando nunha empresa privada todo o que ten que ver non só co deseño, senón coa xestión, co control e coa inspección do servizo de transporte público. E así nos vai. Temos o raposo coidando das galiñas, señor conselleiro.

O razoable e o normal sería dotar a Dirección Xeral de Mobilidade para que fose o ente público galego quen controlase, quen deseñase e quen fixase toda a planificación do Plan de transporte. Porque se fose así coñecerían perfectamente a realidade deste país e poderían planificar, controlar e inspeccionar ao xeito e non ir a salto de mata, como parece que vai a súa consellería neste aspecto.

Como lle dicía antes, aquí hai unha queixa dirixida á Dirección Xeral de Mobilidade, feita o 27 de xuño de 2024 ás sete da tarde no traxecto Vigo-Ourense, que dá conta —vostede seguro que a ten, e se non é fácil de atopar— de que as persoas que están utilizando no día de hoxe a tarxeta metropolitana —que é a tarxeta que ten descontos no transporte— e mesmo a tarxeta Xente Nova en moitos casos están quedando fóra dos autobuses ou ben teñen que comprar un billete estándar. ¿Por que? Porque os billetes estándar no día de hoxe, pagando o prezo completo, pódense reservar e teñen prioridade no acceso ao autobús a respecto das persoas que pagan alí coa tarxeta para ter a bonificación. Esta persoa o que está dicindo é que, ademais, non existen reforzos que prevexan que non teñan que esperar outras dúas horas para que chegue un autobús —que ademais é o que conecta a primeira cidade deste país coa terceira, Vigo e Ourense— se queda sen prazas, neste caso no autobús das



18.45 da tarde. Deste xeito, quedan moitas persoas atrás e esas persoas, ademais, vense obrigadas a mercar un billete pagando o prezo completo por medo a que cando veña o autobús seguinte queden sen praza de volta. Isto está acontecendo hoxe e aconteceu tamén o ano pasado.

O único que sabemos da Consellería de Mobilidade neste aspecto —vostede hoxe ten ademais a posibilidade aquí de dicirme no que están traballando e os reforzos que teñen planificados a este respecto, que, por certo, xa chegan tarde, porque estas cuestións xa se levan dando un par de semanas— é que a Xunta de Galiza vai reforzar o servizo de transporte por estrada en Sanxenxo. Isto é o único que sabemos da súa consellería, señor Calvo. Sen embargo, temos nas estacións das principais cidades do noso país xente quedando fóra ou —como dicía— no caso de Pontevedra a Marín tratada como gando, con xente indo de pé nalgúns casos porque non pode esperar a outro autobús e tendo unha situación de colapso e de aglomeración, con todo o que isto significa nesta época do verán.

E isto vai en detrimento —como dicía antes— de usuarios e de usuarias recorrentes que utilizan o transporte público para o seu día a día, pero tamén está indo en detrimento das persoas que nos visitan de fóra e que utilizan o autobús. Unha, porque non se lles garante un servizo que chegue en tempo e en hora e que poidan ter praza nese mesmo autobús. E por outra cuestión, que é a mala imaxe que reciben dos nosos servizos públicos, neste caso do servizo de transporte. Que xa non é que llo diga o BNG; se estivo atento á anterior moción, xa sabe perfectamente cal é a nosa postura ante todo isto.

O caso é que o que queremos saber, señor conselleiro, é que teñen pensado neste caso para reforzar o servizo de transporte durante o verán. E tamén, xa que o temos hoxe aquí, e tamén vén a colación no anterior debate, quería saber se realmente o que está acontecendo co contrato do Barbanza responde, como di a nota de prensa que trouxen antes, aos incumprimentos e ás irregularidades no contrato, como vén de denunciar o BNG nos últimos anos. A consellería faise eco ademais dunha iniciativa aprobada por unanimidade aquí neste Parlamento, que suscitou esa rescisión do contrato do Barbanza, que ademais era directamente unha iniciativa presentada polo BNG ata en tres ocasións que ao que aludía era a eses incumprimentos, a esas irregularidades e a ese mal funcionamento do servizo.

Dicíalle vostede á miña compañeira antes: «Benvida á forma de facer as cousas». Eu quérolle dicir agora tamén, señor conselleiro: eu sei que ten un papel complicado; que facerse cargo desta consellería e do sistema de transporte público por estrada é realmente complicado debido ao caos no que está sumido e en que leva sumido estes anos e pola cantidade de problemas, de irregularidades e demais que existen neste sector. Eu sinceramente creo que van na boa dirección se lle fan caso ao que leva dicindo o BNG este ano.

A Comisión Galega da Competencia parece que entrou en razón e parece que o vai facer. Vostedes xa impuxeron algunhas cantas sancións, aínda que, loxicamente, non cobren e non son significativas para o que despois levan as empresas por outro lado, entón *lo comido por lo servido*. E agora con esta rescisión de contrato eu creo que van polo bo camiño. E non van polo bo camiño por facerlle caso ao BNG ou por ir en contra dunha empresa concreta; van no bo camiño por entender que hai problemas estruturais que afectan a calidade de vida dos



galegos e das galegas, neste caso no transporte público, que merecen ser atendidas con seriedade e non rebaixándoas nin deixándoas quedar nunha anécdota ou nunha cuestión puntual.

A xente deste país que utiliza o transporte público, en moitas ocasións, faino a pesar da xestión da Xunta de Galiza; non grazas á Xunta de Galiza, senón a pesar da Xunta de Galiza. E iso vémolos claramente agora no verán, cando non hai unha planificación dilixente en canto a reforzos e cando non hai unha planificación dilixente en canto ao número de prazas que fan falta a puntos quentes do país, como son —como lle dicía antes— as principais estacións intermodais. E tamén con algunha cuestión que, ademais, cobra moita máis importancia no verán, aínda que é importante durante todo o ano, que é a falta de información real de itinerarios e de seguimento en tempo real prometida moitísimas veces por parte da consellería e das concesionarias. En consecuencia, vemos que a xente que vén de fóra utilizar o noso servizo público de transporte por estrada está realmente perdida co caos que teñen montado na Consellería co plan de transporte.

Polo tanto, se me pode responder estas cuestións, señor conselleiro, quedaría agradecido. En todo caso, falaremos na seguinte intervención.

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para dar resposta, ten a palabra o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo.

O señor conselleiro de PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidenta.

Señoría, como me parece que é máis positivo buscar puntos de encontro que incidir nas diferenzas, vou empezar por salientar aqueles aspectos nos que estamos de acordo con algunha das cousas que dixo nesta iniciativa. Coincidimos en que é fundamental vertebrar o territorio e que neste obxectivo xoga un papel importante —fundamental, diría eu— o transporte público en todas as súas modalidades —tren, autobús, taxi, estrada...—, poñendo en valor tamén, por suposto, a súa relevancia social como factor democratizador e achegando servizos públicos a toda a cidadanía, con especial atención ás persoas que dispoñen de menos recursos.

Coincidimos tamén en que apostar pola sustentabilidade económica, pero tamén medioambiental, pasa por ofrecer un transporte público colectivo moderno, útil e de calidade e por fomentar o seu uso. Pasa incluso por alentar os desprazamentos a pé ou en bicicleta, sobre todo nos contornos urbanos, e por mitigar a contaminación, que indiscutiblemente tamén supón introducir hábitos de vida máis saudables. Atender estes aspectos nos que coincidimos conforma en gran medida as políticas que estamos a desenvolver dende o Goberno galego no ámbito da mobilidade nos últimos anos. No cumprimento deses obxectivos ocupa un lugar capital o Plan de transporte público de Galicia. Vostede e o seu partido non o queren recoñe-



cer, pero nós, polo menos, sentímonos orgullosos porque, grazas a el, Galicia é un referente entre o resto de comunidades autónomas como pioneira na renovación do transporte público interurbano, polo volume de recursos públicos que dedica a financeiro e polo marcado carácter social co que abordamos a mobilidade. Non me cansarei de repetilo, aínda que vostedes nunca o cheguen a recoñecer: nun territorio tan disperso como é Galicia e cunha orografía tan singular, o esforzo loxístico e orzamentario para garantir a mobilidade dos galegos é enorme; é o maior do Estado das autonomías, con 140 millóns de orzamento. E fixémoslo, ademais, con tarifas económicas e uniformes para todo o territorio. Somos a única comunidade que ofrecemos bus gratis á súa mocidade: aos menores de 21 anos, 60 viaxes de balde gratis, ou sexa, de balde ao mes. Incluímos o barco da ría de [Inintelixible] —que vostede coñece, seguro— e o tren de vía estreita, que é o Feve do norte.

Neste momento, hai 169.884 tarxetas Xente Nova, e realizáronse 3.026.145 viaxes entre xaneiro e maio deste ano, bonificándose un importe de 5.197.723 euros. O BNG non deixa de pedir que se amplíe a franxa de idade, pero tamén é incapaz de facer nada parecido alí onde goberna, o cal non deixa de ser, cando menos, curioso. E somos tamén a primeira comunidade que damos o transporte gratis para os maiores de 65. Entre xaneiro e maio deste ano emitíronse 95.941 tarxetas, e realizáronse 1.262.000 viaxes. Apoiamos o sector do taxi e apostamos pola intermodalidade. Nós facemos o noso traballo. Se os trens non chegan, vostede saberá; fale co seu socio, porque xa estamos cansos de que veñan ao Parlamento protestar por cousas do PP porque non se atreven a dicirlllo ao PSOE, (*Aplausos.*) ¡Xa está ben! ¡Xa está ben —¿non?— disto tamén! (*Aplausos.*)

Apostamos polos aparcamentos disuasorios para fomentar o uso compartido do vehículo —o último en Moaña, non sei se o viu, as últimas 75 prazas en Domaio—, e melloramos tamén as paradas de bus. Todo isto que estamos a executar son eixos de mobilidade sostible, peonil e ciclista na contorna das cidades; todas elas inseridas na Estratexia galega de mobilidade.

Acúsanos vostede de falta de planificación, pero o Plan de transporte público de Galicia é en si mesmo unha ferramenta de planificación dos servizos de autobús interurbano e que está, ademais, en constante adaptación ás necesidades cambiantes dos usuarios. Iso levámosllo dito e levámolo explicado aquí dende o primeiro día, porque as necesidades non son as mesmas, nin sequera no verán. Falaremos das liñas que puxemos en marcha, e os feitos así o demostran coas adaptacións e os axustes en liña, servizos, horarios e tamén en paradas. E sempre co afán, como pode imaxinar para calquera —e supoño que o seu tamén sería— de mellorar o servizo. Niso supoño que, polo menos, nos dará esa confianza; a confianza de que todas as melloras e os cambios que se fan sempre son para mellorar o servizo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah! ¿Nin sequera iso? Pois é difícil que nos poñamos, entón, de acordo. E proba disto é a licitación que hai unhas semanas sacamos adiante, que é a da Coruña-Lugo-A Mariña, que supón reforzar os servizos que había e, ademais, introducir un novo servizo, que é o Intercity Express entre A Coruña e Lugo, que vai supoñer un 25 por cento máis de conexións directas. Os usuarios están a reclamarnos máis conexións directas; moi ben, pois iso vai incluído.

Falaba vostede da resolución do contrato ao concesionario da comarca da Barbanza. Efectivamente, claro que si, porque levamos tempo vendo cales son as queixas que hai; se as re-



collen, hai que analízalas. Nós non facemos como fixo antes algún deputado doutro grupo parlamentario, que dunha noticia de periódico facía unha categoría; non, non se fai iso. Recóllense todas as queixas que chegan, analízanse coa empresa e vese se se lle pode dar unha solución ou se son feitos puntuais. Pero iso lévalle o seu tempo a calquera administración, e á Xunta de Galicia máis, dado o número de liñas e dado o número de usuarios e viaxes que hai todos os días.

Efectivamente, chegamos a unha resolución de mutuo acordo e creo que foi esta mesma semana —non sei se foi o venres ou o luns— que nos reunimos cos alcaldes da Mancomunidade da Barbanza e estivemos falando con eles. Efectivamente, comunicámoslles cales eran as intencións e pedímoslles que nos fixesen as achegas que crían oportunas; igual que fixo anteriormente a conselleira Ethel Vázquez Mourelle, que lles pedía aos concellos que fixesen as aportacións que crían necesarias. Despois, con todas esas aportacións, deséñase o contrato desa zona. Ás veces non se poden incluír todas as aportacións, porque algunhas non se poden levar a cabo, porque farían imposible o servizo ou porque o complicarían demasiado; pero, dende logo, pídenselles a todos. Nesta ocasión eu pedínllela aos tres alcaldes —porque o de Ribeira non podía estar—, pero trasladámoslles a través da Mancomunidade que nos fagan chegar as propostas que teñen para examinalas. ¿E sabe que? Queremos aceptar, como sempre, e ímolo facer co máximo interese, ¡só faltaría! Pero é que vostedes en todas as súas intervencións parece que din que a Xunta está empeñada en que as cousas non funcionen ou en arranxar algún problema a un amigo... ¡Xa está ben! ¡Xa está ben! (*Aplausos.*) ¡Xa está ben, caramba!, ¡Xa está ben! (*Aplausos.*)

Levamos máis de quiñentos expedientes de penalidades incoados, e hai seguimento e control de sancións. E agora, que chegou o verán, dicía vostede: só coñecemos os cambios que vai haber en Sanxenxo. Pois hai moitos máis. Paso a explicarllos —tome bolígrafo e papel que lle van levar...; doullo por escrito despois, se quere, porque non lle vai dar tempo—: en Nigrán —que vostede o coñecerá— activamos unha liña circular entre o aparcadoiro de Porto do Molle e praia América, con 30 servizos ao día durante a fin de semana e festivos —Nigrán—. En Viveiro, do 15 de xullo ao 31 de agosto, actívanse 7 servizos ao día entre o centro do pobo e a praia de Area. En Sanxenxo —que a vostede lle preocupa—, incrementáronse servizos na conexión de Sanxenxo-Pontevedra. Das 88 frecuencias que se aumentaron á semana, 58 corresponden coa nova liña directa habilitada pola AP-9. E, ademais, o Concello de Sanxenxo quixo firmar un contrato para facer unha liña circular dentro do seu concello e unha lanzadeira entre o polígono de Nantes e Sanxenxo-Portonovo tamén.

Pero estas novidades súmanse ao reforzo de servizos que se levan a cabo cada verán: o ano pasado contabilizáronse 50.000 viaxeiros con estes reforzos. Na provincia da Coruña amplíase a oferta para chegar aos areais da zona de Ferrol; na Coruña, Cambre e Culleredo para chegar ás praias de Oleiros; en Arteixo, o mesmo, e tamén para o parque acuático de Cerceda. Na provincia de Pontevedra, actívanse as liñas directas dende O Porriño e Tui ata praia América; e a liña do Porriño coordínase cos servizos que permiten os enlaces aos veciños de Ponteareas. Na provincia de Ourense, ata o 15 de setembro, refórzanse os autobuses que conectan Barbadás e Ourense co parque acuático de Monterrei —no que hai uns días inauguramos as atraccións—. Tamén reforzamos servizos para facilitar a visita a espazos naturais protexidos. A praia das Catedrais conéctase de xuño a setembro coa Oficina de Turismo de Ribadeo,



con catro posibilidades horarias de ida e outras tantas de volta, que varían en función das mareas —perfectamente adaptado, fíxese—. Dende Cabanas e Pontedeume hai tres autobuses en cada sentido para visitar As Fragas do Eume.

En definitiva, os feitos demostran que o transporte público de Galicia é adaptable ás necesidades cambiantes dos seus usuarios e que a vontade do Goberno galego, favorecendo eses cambios, é que os autobuses interurbanos de competencia nosa funcionen ben e se convertan na principal alternativa dos galegos nos seus desprazamentos habituais. En definitiva, temos que seguir avanzando nalgúns aspectos, como, por exemplo, introducindo melloras tecnológicas; hai tres contratos nos que xa se pode, a través do móbil, comprobar canto tempo tarda o autobús en chegar ou nos que se ten toda a información. A nosa intención é trasladalo aos 127 contratos de explotación que temos. Vainos levar algún tempo, pero estea seguro de que, cando estea en marcha, o cambio será tamén fundamental, e estamos orgullosos dese cambio; polo momento —como lle dicía—, está en tres concesións...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Calvo.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): E remato.

O que temos logrado ata o momento, señoría, é espectacular. Indubidablemente, seguirá habendo algún caso no que existan problemas, pero esperemos que sexan puntuais. Se son puntuais, hai que pedir desculpas, e, se non son puntuais, non se preocupe que o imos tentar arranxar.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para a réplica, o señor Ríos Santomé.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, señora presidenta.

Señor conselleiro, teño que recoñecer que é a primeira vez en máis de catro anos que vén aquí un conselleiro ou conselleira deste goberno e responde ao que lle pregunto. Empezamos ben.

Por un lado, se me pode pasar iso por escrito despois..., porque non falou nada das principais cidades, que é do que eu lle vin falar hoxe aquí, e non dubido de que estean aí recollidas. Pero, realmente, tal e como lle ensinei agora en recortes de prensa, os problemas existen; os problemas están existindo en Vigo, tanto na súa conexión con Pontevedra e con Santiago, como con Ourense, como as conexións, neste caso, da cidade de Pontevedra co Morrazo. E isto é algo que se está repetindo diariamente. Polo tanto, habería que reforzar, por un lado, esas liñas, como lle dicía antes; e, no caso de que ese reforzo estea en vixencia, haberá que darlle unha volta, porque non está sendo suficiente.

Tamén hai unha cuestión que eu quero resaltar aquí, porque non é a primeira vez que se di que se reforza algo ou que se modifica algo para mellor e que está nos papeis, ou máis ben nas



notas de prensa da Consellería, e despois non se plasma na realidade. Podíamos falar —o que pasa é que non estamos agora nin en tempo nin en tema— do que está acontecendo coas liñas en Oleiros ou en Sada, nas que a Xunta de Galiza ou vostede mesmo acredita que ese problema que teñen está solucionado, pero os usuarios e usuarias din que iso non está pasando, que son as persoas que todos os días utilizan ese servizo, e din que as melloras que a Xunta de Galicia di que puxo en marcha non están na realidade, non se plasman na realidade. Entón, nós seguiremos —como non pode ser doutra forma— atentos e atentas para traer aquí os problemas que se poidan percibir.

Realmente, é curiosa esta viraxe, este golpe de temón, pola súa parte, cando pasaron —señor conselleiro, vostede sábeo— catro anos negando a maior sobre estas cuestións. Non me pode dicir aquí que vostedes avalían, executan, abren expedientes sancionadores, modifican e incluso chegan —como no caso da Barbanza— á resolución de contratos, cando levan catro anos negando a maior sobre que estas irregularidades, estes incumprimentos, acontezan e aconteceran, señor conselleiro. Eu dígolle de verdade, alégrome de que, se isto é así, que a Consellería dea un golpe de temón; porque vostede falaba da referencia que é Galiza no servizo do transporte público por estrada. Eu rétoo, señor conselleiro —dígollo desde a boa intención—, a poñer nos buscadores dos principais xornais, tanto galegos como estatais, «autobuses Galiza», e veremos o que pon; veremos se as referencias son tan boas como vostede di, se buscamos incluso en xornais especializados, como o caso de *Economía dixital*, ou en moitos outros, e realmente poñemos palabras chave para ver que imaxe pode chegar a ter unha persoa que busque os servizos de transporte público en Galiza por estrada. E os titulares, señor conselleiro, moi de referencia positiva non son, senón que dan conta de todo o entramado de irregularidades e incumprimentos que hai desde a creación do Plan de transporte público. E xa lle teño dito en moitas ocasións á súa antecesora que quedaron sós defendendo ese plan, e pouco a pouco vaise ir vendo, como dicía antes tamén, loxicamente, cando teñen unha dirección xeral totalmente desmantelada e unha dirección xeral paralela montada coa consultora de mobilidade e plan.

E por pechar esta cuestión, eu diríalle, señor conselleiro, que todas as modificacións que sexan oportunas, todo ese estudo das queixas e demais non tarden tanto en facelas como a área de transporte de Galiza ou como a Estratexia galega de mobilidade. Efectivamente, acaba vostede —cando tomou posesión— de anunciar a súa aprobación despois de que estivese máis dun ano paralizado todo este tema. É que realmente, cando vas ver en que se traduce esta Estratexia galega de mobilidade, vemos como é un caixón de xastre de moitísimos plans e de moitísimos programas en moitos casos que nin sequera están conectados entre si, con información e con estudos bastante desfasados, de máis de dez anos, ou incluso de quince anos. E, loxicamente, unha cousa que vostede dixo, na que vostede recalcou e que non é certa, é que non aposta e que non ten a súa atención posta na intermodalidade. Porque —xa llo teño dito en moitas ocasións aquí—, a intermodalidade non é un apelido que poñerlle a unha estación; a intermodalidade é algo máis. E o BNG, ademais, señor conselleiro, neste período de sesións, foi a primeira forza política deste Parlamento en traer reclamacións ao Goberno do Estado pola situación dos servizos ferroviarios; a primeira, ja primeira! A primeira: Comisión 2ª, este que lle fala, señor conselleiro. É que a realidade é teimuda, xa llo dixen antes.



Polo tanto, nós, loxicamente, no noso exercicio de fiscalización, no noso exercicio de control, no noso exercicio de oposición, seguiremos insistindo en que estas cuestións non son puntuais, que son estruturais. Eu celebro o cambio de...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Ríos.

O señor RÍOS SANTOMÉ: ...liña neste aspecto, e entendo e comparto con vostede que isto é unha pataca quente que lle pon o seu goberno enriba da mesa da que vostede, loxicamente, ten que saír airado o mellor posible. Pero manteñámonos á marxe nesas cuestións e intentemos realmente mellorar o servizo de transporte público, que é o que temos que facer.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Señor conselleiro, ten novamente a palabra.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Grazas, presidenta.

Mire, vou empezar polo final.

Señoría, para min é un orgullo —dígollo porque llo escoitei antes na súa intervención— que o presidente da Xunta pensase que esta consellería na que eu estou nestes momentos puidese levar o tema de mobilidade. É un grande orgullo para min poder levar os temas de mobilidade. (*Aplausos.*) Non sei se me cre ou non, dáme igual, pero é un orgullo. Non hai ningunha pataca quente. Porque aquí vimos para tentar solucionar os problemas que pode ter a xente e para tentar mellorar as cousas coas que nos atopamos, sempre, ¿entende?

E a norma que hai no transporte público, pese ao que vostede diga aquí e dixo na primeira intervención —remataba así—, é que no transporte interurbano de competencia autonómica non só son os atrasos nin son os problemas. Diso nada, iso é o que sae na prensa ou nas redes sociais, como vostede di. Pero o día a día é moito máis que todo iso. O día a día é que temos 3.700 rutas. ¿Vostede é capaz de imaxinar 3.700 rutas? Eu, non. ¡3.700 rutas, señoría!, 56.000 paradas en Galicia; 20 millóns de horarios e 2,3 millóns de servizos ao ano. E agora dime: é que houbo un problema nun autobús que se encheu e non había outro para facer a seguinte viaxe. Pois pode ser. ¡Pois pode ser!, ¿que quere que lle diga? Pois tentamos mello-ralo, pero imaxine só por un momento os datos que lle estou dicindo: 56.000 paradas, 20 millóns de horarios. E dime que houbo un problema nun horario. ¡Home, eu creo que mereceríamos un Nobel se non houbo un problema nun horario ou nunha parada! ¿Non o cre vostede? (*Murmurios.*) Claro que vai haber problemas e que vai seguir habendo problemas. É que é imposible que non os haxa con esta rede de transporte que temos deseñada; unha rede ambiciosa, á que lle adicamos gran parte do noso orzamento, máis que ningunha outra comunidade autónoma. Polo tanto, polo menos recoñeza ese esforzo. Por certo —e tamén llo quero deixar claro—, un esforzo que non deseñou este que lle fala, que xa viña deseñado por outra persoa que agora é deputada e que foi conselleira antes ca min, Ethel Vázquez.



Agradézolle o traballo que fixo antes de que eu chegase a estas competencias. Tamén llo quero deixar claro. (*Aplausos.*)

Pero, con tantas ideas brillantes que ten, eu non entendo por que en Pontevedra non prestan un servizo de transporte municipal, que é a súa obriga, ¡non o entendo! ¿Cal é o problema nunha cidade como Pontevedra —importante e con moita xente, aínda que, comparada con Galicia, non ten nada que ver— para non prestar o servizo municipal de transporte, cando levan gobernando —¿canto?— vinte e pico anos? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vinte e cinco anos. ¿E aínda non foron capaces en vinte e cinco anos de sacar o transporte público municipal? (*Aplausos.*) ¡Home!, pero, entón, ¿que me vén contar aquí?

Pero, claro, é que Pontevedra é unha excepción; non cren no transporte público municipal. Ben, pero chegan a Santiago a gobernar, hai uns pregos que teñen que sacar para o transporte municipal, pero levan ano e pico gobernando —antes tamén estiveron no Goberno daquela maneira, un rato, outro pouco...— e tampouco son capaces de quitalo. Entón, ¿cal é o cuestionamiento de todo isto? (*Murmurios.*) ¿Non o dan sacado? Pois, se fai falta, prestámoslles axuda. Porque despois de vinte e pico anos eu creo que debería estar claro cales son as necesidades da xente de Pontevedra. Dígollo de verdade, pero, ben, vostede verá. Poden seguir aquí vindo e pedíndonos rapidez para a adaptación. E eu asegúrolle unha cousa: comprométome a ser máis áxiles que en Pontevedra e tamén me comprometo a ser máis áxiles que en Santiago. (*Aplausos.*) Comprométome, doulle a miña palabra; de verdade que imos ser bastante máis áxiles.

Faleille das liñas que facilitan a visita ás praias, aos espazos naturais e a determinados sitios como Sanxenxo, Nigrán, Viveiro. A conexión Santiago-Fisterra —que antes me olvidei—, por exemplo, refórzase entre xuño e setembro, como xa se fixo en anos anteriores, con dous servizos directos ao día e outros dous de luns a venres laborables. Tamén están os servizos que fan cando hai algún festival, que sabe vostede que se move moita xente, como o Resurrection Fest, en Viveiro, o de Ortigueira, o Atlantic Fest, o Nachiños Fest, o Rock in Cambre, etcétera; os servizos específicos en horario nocturno en Marín e Pontevedra, no corredor O Grove-Sanxenxo-Pontevedra e entre Baiona e Vigo. E manteñen os que funcionan o resto do ano tamén polas noites e tamén nas festas, cando hai gran mobilización.

E como xa me está acabando o tempo, aínda que non estaba na pregunta, quero dicirlle que dicía vostede que estaba contento de que lle respondese sobre os cambios que houbo na liña de Oleiros e que hai preguntas. Fíxese, antes de facer os cambios, sentámonos co Concello e coa empresa. Todos estaban de acordo en facer eses cambios, porque dicían que non se estaban a utilizar determinadas frecuencias e que era mellor adaptalas e non sacar buses, senón adaptar os horarios e os traxectos. O Concello estaba de acordo, e levouse a cabo, e uns poucos usuarios, moi poucos, que utilizaban esa liña, protestaron. Estase dando unha solución, e máis rápido non se pode actuar.

Respecto do que dicía onte...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor conselleiro.



O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): ...—xa remato— do bus entre Vigo e Pontevedra, loxicamente, xa pedimos explicacións ao momento. E o que nos trasladan —e teremos que comprobar— é que, unha vez que o autobús se encheu, quedaban cinco pasaxeiros que querían que se lles puxese un bus de reforzo. E díxoselles ás... —non vou dicir a hora porque igual me equivoco—... Pero o que si sei seguro é que en 30 minutos saía o seguinte autobús e que, por tanto, non había autobús de reforzo. Unha cousa é o que dixeron os usuarios —que nos chegou a queixa— e outra cousa o que nós comprobamos; e, a partir de agora, veremos se se cumpre ou non se cumpre.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Nada máis e moitas grazas.

Grazas, presidenta. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Continuamos coas preguntas ao Goberno, despois dunha alteración.

Pregunta de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e D^a Noa Olalla Presas Bergantiños, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o papel que está tendo a Xunta de Galicia no conflito das profesionais e dos profesionais da avogacía e procuradoría adscritos á quenda de oficio en Galicia

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta, e por tempo de tres minutos, ten a palabra don Iago Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Boa tarde, señora presidenta.

Señor conselleiro de Relacións Institucionais, Interior, Emerxencias, Administración Local, Deportes, Mobilidade e Relacións Exteriores coa Unión Europea, e tamén de Xustiza, e despois con atribucións para vir aquí falar de vivenda en preguntas de turismo... Claro, son tantas responsabilidades, que, aínda que exista moita vontade, que eu non llo vou discutir, é bastante complicado poder resolver os problemas da xente, por moita vontade que se teña. E hoxe é do que vimos falar, de problemas da xente.

Aproximadamente a finais de novembro de 2023 dende este grupo parlamentario participábase a nosa preocupación por unha folga indefinida que, por primeira vez na historia, se iniciaba por parte das profesionais da xustiza gratuíta en Galiza, na que reclamaban a dignificación deste servizo e melloras nas condicións nas que se prestaba. Tamén lle participabamos as nosas preocupacións polas consecuencias que esta folga podía ter.

A verdade é que a súa resposta —co debido respecto— foi decepcionante. Limitouse —aínda que poida parecer increíble— a botar balóns fóra —a culpa era do Estado— e a subministrar datos sesgados e nalgún caso inexactos.



Vaia por diante que concordamos co señor conselleiro na necesidade dunha nova lei de xustiza e dun estatuto do profesional da quenda de oficio. Mais isto non exime de responsabilidade e de atender que a competencia en materia de xestión da xustiza gratuíta e da quenda de oficio é exclusiva da Xunta de Galicia; sen prexuízo de que esa lexislación básica actualmente ilimitada é competencia do Estado, pero a xestión é competencia da Xunta.

Sete meses despois, a folga continúa; o conflito vai a peor e a Xunta segue sendo totalmente pasiva; unha folga que a Xunta ignora, —a Xudicatura reconece, mais a Xunta ignora—. Non se reuniu coa representación dos profesionais, nin sequera determinaron os servizos esenciais; unha folga que provocou a paralización de milleiros de procedementos e a suspensión de milleiros de actuacións; un incremento da pendencia de asuntos moito maior do que xa implica esa escaseza de medios e de planta xudicial que padecemos na Galiza. É un conflito que se agrava por momentos e un conflito que motivou a baixa masiva de profesionais en partidos xudiciais como Lalín, A Estrada, Corcubión, Ourense, Cangas ou Pontevedra e que en agosto vai ser complicado poder atender.

Ante esta irracional e disparatada estrutura da Xunta de Galicia, —que eu estou convencido de que vostede comparte esta irracional estrutura da súa consellería—, a verdade é que a Xunta de Galiza mantén un orzamento en xustiza por habitante un 30 por cento inferior ao da media do Estado. Dende 2018 a 2023 é certo que medrou, que o dicía vostede, pero vostede agochaba que en 2015 foi menor, que en 2016 descendeu, que en 2017 descendeu e que en 2018 descendeu tamén. En 2010 era superior ao executado en 2023.

Hoxe os custos que se pagan aos colexios para a xestión non cobren, incorren en déficit, e nin chegan á metade do que supón por expediente. Hoxe ás profesionais abóaselles menos...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...—remato xa, señora presidenta— do que se aboaba en 2009.

Señor conselleiro, simplemente...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...pedímoslle, preguntámoslle: vai reunirse cos colectivos dos profesionais en folga? Señor conselleiro, ¿podía asumir o compromiso de incrementar os orzamentos dunha maneira significativa?

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten un segundo turno, señor Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro, don Diego Calvo.



O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidenta.

Mire, as reivindicacións dos profesionais da avogacía e da procuradoría adscritas á quenda de oficio, que están en folga en Galicia e noutros territorios de España —por certo—, refírense na súa maior parte a modificacións lexislativas —e vostede sábeo—, refírense a unha modificación da Lei de asistencia xurídica gratuíta, á Lei de axuizamento civil ou ao Código penal, á Lei de seguridade social ou á Lei do IVE, á inclusión de novos conceptos polos que reciben remuneración, ao incremento da contía que se asigna a cada un dos baremos ou aos problemas coa mutualidade.

Pero as peticións de índole normativa competen ao Goberno central, e vostede sábeo. E o Bloque Nacionalista Galego, e nomeadamente vostede, tenta sempre focalizar todos os problemas dos servizos de xustiza gratuíta na Xunta de Galicia. É o que está tentando en todas as súas reunións, o que está trasladando e o que tenta trasladar. Vostede preguntame hoxe sobre o que vai pasar en Ourense. Vostede saberá. Máis ben llo tería que preguntar eu a vostede, porque vostede é o responsable de estar tentando alporizar todo o colectivo. *(Murmurios.) (Risos.)* Si, é verdade, e hai que llo dicir, ¿ou pensa que non llo vou dicir? *(Aplausos.)*

Pero, mire, esta Lei de asistencia xurídica gratuíta vostede sabe que leva vinte e oito anos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* En vinte e oito anos sufriu dezoito modificacións, e agora necesita unha nova.

Galicia foi a única comunidade autónoma que lle pediu na Conferencia Sectorial ao ministro que se cambiase esta lei, porque é necesario atallar o problema que teñen todos os avogados de xustiza gratuíta en toda España, señor Tabarés; ¡en toda España, non só na Xunta! E na última reunión sectorial en Zaragoza tamén tiven a oportunidade de volver pedirlo, neste caso ao secretario xeral de Xustiza do Ministerio, para que intentase empuxar unha nova lei e facer un novo proxecto.

En canto aos baremos, vostede di: é verdade que en Galicia se paga un pouco máis que no resto da media do Estado e que se paga por máis conceptos. Se vostede non recoñece isto, é imposible que cheguemos a ningún acordo. Outra cousa é que sexa necesario incrementalos ou que lle gustaría a vostede incrementalos e, por suposto, aos profesionais. A nós, tamén. Pero non me pode negar que aquí se paga por máis conceptos e máis que a media.

E di vostede que —ademais, teno que saber— se paga por riba de todo o que se chama «territorio ministerio», aquelas comunidades que non teñen cedidas as súas competencias, que son Castela-A Mancha, Castela e León, Extremadura, Murcia, Baleares, Ceuta e Melilla, ou tamén incluso aquelas que as teñen cedidas, como Asturias e A Rioxa, en procedementos penais, en procedementos civís, en contenciosos-administrativos, en procesos sociais...

Pero non só a actualizamos o IPC. Dicía vostede que «nun nun ano foi menos». Claro, e o orzamento da Xunta tamén decreceu nalgún ano durante todo este período ao que vostede facía referencia, pero firmamos un convenio co Consello Galego de Avogacía. E fíxese, antes



de que os profesionais da avogacía pedisen a actualización polo IPF, aquí en Galicia xa existía a actualización polo IPC para o ano 2025. Si existía e está firmado e vostede sábeo.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Vostede sábeo e non pode negalo.

E di vostede que aos colexios de avogados non lle pagamos nada. Pagámoslles vinte euros por trámite...,

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que rematar, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): ...pero despois voulle dicir o que se paga noutras comunidades autónomas, probablemente sexa pouco...,

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten un segundo turno.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): ...pero, se o compara co resto, resulta que Galicia sae bastante ben parada.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

Réplica, señor Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ PIÑEIRO: Grazas, señora presidenta.

O primeiro, si que traio ao Parlamento cuestións da Xunta de Galiza. Efectivamente, iso creo que é o meu traballo e para o que fun escollido. Niso si que son absolutamente culpable. O outro non o admito, e paréceme inxusto con todas as compañeiras dos diferentes movementos que se mobilizan por unha mellora da quenda de oficio de mutualidade. Non, desgraciadamente non teño ese papel protagonista que vostede me arroga. Certo que son mutualista e certo que son avogado e ata que entrei no Parlamento era da quenda de oficio, pero non teño nin por asomo, aínda que me gustaría, esa ascendencia sobre todas as compañeiras de Galiza e tamén do resto do Estado.

No resto o que si me preocupa é que realmente, señor Calvo, imaxino que o fai non digo por mala fe, senón por incapacidade, porque non ten tempo para poder estudar os temas. Non son certas as cousas que dixon, nin sequera o do IPC. O IPC non se actualiza nese convenio; teño o convenio, —non teño tempo para lelo, pero teño o convenio—. Vaise actualizar desde 2024 en adiante a 2025; no resto non se actualizou no IPC. E dígame desde outubro de 2024 en adiante. O outro día a señora Castro faloulle de xaneiro, é igual. Simplemente dígame se non é certo que en catorce dos dezaseis procedementos hoxe as compañeiras da quenda de oficio están cobrando menos do que cobraban en 2009; están cobrando menos por eses procedementos. Hoxe hai colexios que polos gastos de xestión, á marxe do que acabo de falar,



están en situación non digo de quebra técnica, pero case; polo menos os de Ourense case perden douscentos mil euros cada ano en atender ese servizo que é competencia da Xunta de Galiza.

É competencia da Xunta de Galiza este servizo público. Levan sete meses en folga e vostede nin tivo a ben sequera —e cónstame que si hai moitas solicitudes de xeito individual que lle fixeron chegar— reunirse con eles. *(Aplausos.)* Nada máis, simplemente reunirse. Nin sequera tivo a ben mirar como se retribúe noutras comunidades autónomas, porque non é certo o que dixo. En Galiza non se retribúe mellor, sobre todo nos procedementos civís...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

O señor TABARÉS PÉREZ PIÑEIRO: ...que noutras comunidades autónomas.

Simplemente, señor Calvo, —remato, señora presidenta— réunase con estes colectivos que non teñen a ver nada co Bloque Nacionalista Galego. Se os escoita falar xa verá que nin sequera se expresan habitualmente no mesmo idioma. Comprométase a incrementar os orzamentos; non polo ben do Bloque, senón polo ben da xustiza e da igualdade das persoas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Decía, presidenta, que Galicia pagaba vinte euros polo gasto en infraestrutura. Outras comunidades autónomas: Cataluña, 6,5; Madrid, 13 euros; Andalucía, 8; Valencia 14; Canarias, 17; Cantabria, 15; a Rioxa, 12. Non está mal. Somos os que máis pagamos de todos estes, pero a vostede iso dálle igual. *(Aplausos.)*

Galicia é un dos territorios por onde máis concepto se paga, porque sabe que á parte dos que veñen incluídos na propia lei temos bastantes convenios co Consello da Avogacía e nos que incluímos conceptos que inicialmente non teñen por que ser pagados, pero en Galicia si. A defensa das persoas físicas que non teñan recoñecido o dereito á xustiza gratuíta pese a reunir os requisitos, aquí págase; noutros sitios non. Pero tamén aquelas que se atopan en situación de especial vulnerabilidade, como as vítimas de violencia sexual ou os menores de idade vítimas de violencia. Estamos considerando tamén incluír o dereito a procedementos de adopción de medidas xudiciais de apoio a persoas con discapacidade. Somos pioneiros en incorporar defensa e representación de persoas xurídicas nos procedementos penais a través dun convenio —en Galicia págase; noutros sitios, non—. Incluímos na quenda de oficio o acompañamento inicial a determinadas vítimas especialmente vulnerables, máis aló da violencia de xénero. Aquí pagamos. Pagamos puntualmente dentro dos vinte días, unha vez que o colexio presenta as certificacións. Non sei se o sabe, pero, se non, tamén llo traslado.

E, ademais de pagar por máis conceptos, somos sensibles e no día de hoxe estamos negociando co Consello da Avogacía pagar por entradas e rexistros no ámbito penal: asistencia a prisións e centros de internamento de menores en réxime pechado, por exemplo. E mesmo



recoñecemos como concepto os autónomos para o seu cobro, o concurso de acredores de persoas físicas, a liquidación de sociedades de gananciais, previa división xudicial da herdanza e o procedemento verbal de impugnación de inventario ou de caderno particional nos procesos de división xudicial de patrimonio.

E di vostede que non nos reunimos... Claro que nos reunimos. Tense reunido o director xeral de Xustiza en moitas ocasións. E eu tamén en moitas ocasións co Consello galego da Avogacía, que son os nosos interlocutores. Reunímonos o 12 de xuño, o 4 de xullo, —do 2023, estou a falar—, 11 de outubro, 24 de outubro, 7 de novembro, 24 de novembro, 29 de novembro, 4 de decembro, 14 de decembro, 22 de xaneiro, 25 de marzo, 3 de marzo —isto xa do ano 2024—, 12 de abril do 2024, 4 de maio do 2024 e 4 de xullo do 2024. E tamén tivemos reunións cos profesionais que vostede alude o 12 de xullo do 2023 reunímonos coa Plataforma da quenda de oficio e explicámoslles como era a nosa forma de traballar, cal ía ser e en que estabamos traballando a través dos colexios. Tamén nos reunimos o 15 de marzo deste ano co sindicato de avogados Venia Advocatorum Unio. Reunímonos o 15 de marzo, señor Tabarés. A Dirección Xeral trasladoulles que se estaban a incluír novos conceptos e pediúlles que remitisen os conceptos que eles consideraban esenciais.

Todo este traballo estase facendo. Por iso en Galicia estamos comparativamente mellor que noutras comunidades autónomas. Este é un problema que afecta a todas as comunidades autónomas. Por iso é fundamental...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): ...que se cambie a lei. Decía vostede: «estou no Parlamento galego e traio as iniciativas ao Parlamento galego». Claro, non vaia ser que os seus socios se molesten. Porque no Congreso dos Deputados, aí non fan nada...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): ...Aí non fan absolutamente nada. Agora, se fose por vostede, estaban todos na rúa, que é onde lle gusta estar, na rúa.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Continuamos coa orde do día. Hai un aprazamento dunha pregunta, e continuamos coa 8.3.

Alteración da orde do día.

Pregunta de D^a Paloma Castro Rey e D^a Patricia Iglesias Rey, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os recursos que a Xunta de Galicia destina aos concellos galegos para a prestación dos servizos de vixilancia, rescate e salvamento en espazos e instalacións acuáticas

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para facer a pregunta e por tempo de tres minutos ten a palabra dona Paloma Castro.



A señora CASTRO REY: Grazas, presidenta.

Boa tarde, conselleiro. Menuda tarde que leva vostede de preguntas. (*Risos.*)

Falaba antes das noticias de prensa e nós onte liamos na prensa que Galicia, con 36 falecidos, era a comunidade con máis mortes por afogamento en espazos acuáticos no que vai de ano. Era un informe non elaborado polo Partido Socialista, senón que é o Informe Nacional de Afogamentos da Real Federación Española de Salvamento e Socorrismo. Pois ben, hoxe que estamos case ás portas das vacacións, xa iniciada a temporada estival, pois temos que volver lamentar en Galicia a mala xestión da Xunta na coordinación deste servizo de vixilancia e rescate e salvamento nos espazos acuáticos dos diferentes territorios.

Dende o sector e tamén dende os concellos xa levan moitos anos denunciando os problemas que se repiten cada tempada estival e, aínda que non imos negar que si que o tema estivo enriba da mesa e fixéronse modificacións normativas no ano 2021, non se chegou a acertar o tiro. O tema aínda está moi lonxe de ser arranxado. E, para o noso entender, o motivo fundamental é a falla de compromiso político e económico do Goberno da Xunta cun servizo que entendemos que é esencial.

Digo isto porque o problema está perfectamente delimitado. En primeiro lugar, a escaseza de oferta de socorristas. Non está a ser unha profesión ou unha oferta laboral atractiva para a mocidade galega e isto débese a que as condicións laborais, unicamente tres meses de contrato, non é alternativa laboral. Algunhas comunidades autónomas ampliaron estes prazos. Ou o salario, que non posibilita o desprazamento a outros concellos. ¿Como vai asumir un socorrista o custo dun alugueiro nun concello turístico en tempada estival? É imposible.

E, por outra banda, están as axudas do Goberno galego. As axudas da Xunta aos concellos para contratación son insuficientes e chegaron moi tarde. Miren, vostedes publicaron no *DOG* do 31 de maio a Orde do 27/2024 deste mesmo mes, pola que establecían esas bases reguladoras das subvencións aos concellos en réxime de concorrencia competitiva para a prestación deste servizo. Pois ben, os prazos destas subvencións eran ata o 1 de xullo para presentar solicitudes e despois tiñan vostedes tres meses para a resolución da convocatoria. Polo tanto, poñémonos no 1 ou no 2 de setembro. Isto a nivel práctico é un desastre. Os concellos ata o mes de setembro non saben se van recibir a subvención nin a contía da mesma, polo que están contratando, ao final, a cegas. E na práctica responsable da xestión pública, eu, que fun concelleira e vostede, que tamén xestiona, sabe que hai que contratar segundo as posibilidades orzamentarias de cada un. Despois, se chega a axuda, pois benvida sexa e, se non, pois nada. E agora o que están facendo, polo tanto, é buscarse a vida ou contratar a cegas.

Iso ao final xera un gasto que moitos non poden asumir. ¿Que provoca? Que se reduzan as garantías de seguridade nos espazos acuáticos ou que algunhas piscinas, por exemplo, non poidan abrir. Teñen vostedes un millón e medio de euros para a subvención, que é moi escasa e incluso nalgúns concellos testemuñal, como por exemplo podo citarlle o Concello do Grove, o da Coruña ou o de Vigo.



Logo están os criterios de puntuación, que imposibilitan tamén acceder aos concellos do interior. A iso súmase a limitación de acceso ás mancomunidades, como a do Val Miñor, quen non poden optar. Ao final, todo isto é un afogo para moitos concellos que están a asumir competencias impropias.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Castro.

A señora CASTRO REY: Si. Por iso, preguntolle: ¿considera a Xunta que son suficientes as medidas que está a tomar para garantir estes servizos de vixilancia e rescate e salvamento? (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para dar resposta, ten a palabra novamente o señor conselleiro, don Diego Calvo.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Dicía un actor galego que «o concepto é o concepto». E ¿sabe cal é o problema disto? O punto de partida que vostede ten, señora Castro. A verdade é que a contratación de socorristas é unha competencia exclusiva dos concellos. Dío a Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local, a Lei 5/97, do 22 de xullo da Administración local de Galicia, e a Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas. É unha competencia exclusiva dos concellos. Os concellos téñense que preocupar de ter salvamento e socorrismo naqueles sitios onde poidan existir bañistas, se vostede quere.

Polo tanto, o que fai a Xunta de Galicia é botarlle unha man aos concellos. Non é a nosa obriga, pero unha vez máis botámoslles unha man. Xa sei que dende o Grupo Socialista están coa teima de que non os axudamos. Axudámolos en competencias que non son nosas. Este é un exemplo desa maneira de colaborar.

¿Como colaboramos? Colaboramos coa convocatoria de axudas en concorrència competitiva para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas e en instalacións acuáticas descubertas; en todo tipo de instalacións para todo tipo de concellos. Tamén co Plan de protección civil de salvamento de praias de Galicia, o Sapruga, que supoño que será importante, en tres ámbitos: coas axudas, con material para a prevención e para o rescate e tamén regulando a formación de socorristas, á que vostede facía referencia. Se se nos permite, tamén incluso colaboramos coa contratación de auxiliares de Policía Local na tempada estival, porque colaboramos coa seguridade.

Din vostedes que a axuda para socorristas este ano se vai resolver en setembro. Non é certo. Este ano publicouse, é certo, dúas semanas máis tarde que o ano pasado, pero é retroactiva; é dicir, toda a temporada estival está comprendida para que poidan meter os seus gastos. Efectivamente, o Concello cando contrata ten que ter orzamento para poder contratar, pero é que é unha responsabilidade. O que nós facemos é prestarlles unha axuda aos concellos.

Di vostede que ten criterios nos que non poden concorrer todos os concellos. Bueno, dígame vostede cal non lle gusta: número de zonas de baño —é un dos criterios para dar socorris-



tas —, adhesión ao Sapruga, poboación do concello, bandeiras azuis ou municipio turístico, zonas de baño, incluídas piscinas. Non sei se caeron niso, pero inclúese piscinas. Agora ben, di vostede: «é que non inclúe todos». Bueno, pois a miña pregunta é: ¿que fan... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Que si, xa llo está dicindo, home. ¿Que fan as deputacións naquelas competencias que son dos concellos? ¿Onde están as deputacións? Porque a Deputación da Coruña —a única que sacou unha axuda— resulta que saca axudas para os concellos do interior. Agora, se son de praia, que se fastidien. Se son municipios turísticos e nas praias teñen bandeira azul, aí non hai dereito a socorrista. (*Aplausos.*) É a única, porque a de Lugo non existe e a de Pontevedra tampouco existe, nin antes nin agora. ¿Onde están as deputacións, señora Castro? ¿Non cre vostede que nas competencias...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): ...exclusivas dos concellos a Xunta de Galicia está a facer un traballo que é bastante bo para axudar os concellos? Oxalá outras administracións fixesen o mesmo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Quenda de réplica. Ten a palabra a señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidenta.

É verdade que é unha competencia municipal, pero vostede citou a normativa dos anos 80 e 90. Espero que, polo menos, nese informe que están a elaborar a Xunta, a Fegamp e os expertos para modernizar esa Lei da Administración local de Galicia teñan en conta algo tan importante como son a vixilancia, o salvamento e o rescate nos espazos acuáticos, —como dicía antes— esenciais para garantir a seguridade das persoas.

Isto é verdade, pero a Xunta, ademais, ten que coordinarse e cooperar cos concellos na xestión das competencias para dar resposta ás necesidades da poboación. E eu dicíalle antes que moitos concellos non poden optar. Por exemplo, os concellos do interior, ao non ter zonas de espazos acuáticos continentais, unicamente poden acceder a 15 dos 100 puntos. Polo tanto, seguramente van quedar fóra. Por iso lle dicía eu.

Outra cousa que tamén lle dixen moi rápido foi que as mancomunidades ou as agrupacións de concellos na anterior subvención si que podían optar a ela e agora non, o que deixa fóra algunhas, como por exemplo a do Val Miñor.

E falaba vostede da Deputación da Coruña. Pois esta deputación, tendo en conta estes criterios, axuda os concellos do interior, porque son os que máis dificilmente van optar. ¿Que fan as outras deputacións? Porque creo que a de Ourense ten bastantes zonas do interior tamén, ¿non? Entón, moitos concellos de Ourense non van poder abrir ou non contan con socorristas suficientes. Pero tamén hai outros moitos, como os concellos do Grove e o da Illa de Arousa, que son concellos moi costeiros cuxas axudas teñen unha contía máxima de corenta mil euros, que non lles chega nin para empezar a cubrir as primeiras praias.



Polo tanto, eu creo que Galicia é o mellor destino para desfrutar das vacacións, pero correspóndelle ao Goberno galego garantir tamén que, ademais de ser o mellor destino, sexa seguro. Por iso lle pedimos que, tal e como está previsto nesa orde que publicaron no mes de maio onde se recolle a posibilidade de incrementar as axudas, pois que as incrementen, porque os concellos xa están suficientemente agobiados ou afogados pola cantidade de competencias impropias que asumen no noso territorio. Non lles carguemos ningunha competencia máis e axudemos os concellos a sufragar este servizo, que creo que é necesario.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Castro.

Quenda de réplica. Ten a palabra o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidenta.

Eu estou de acordo, pero, neste caso, estas competencias son dos concellos, e a Xunta está axudando. E repito: non é só a través das axudas que se lles dan para que axuden a paliar os gastos que teñen en socorristas; é que tamén entregamos material á Protección Civil. A semana pasada entregámosllo a 86 agrupacións de toda Galicia e nos últimos anos van 27 millóns de euros en material entregado ás agrupacións de Protección Civil en toda Galicia. (*Aplausos.*) Iso é axudar nas emerxencias dos concellos. Dous millóns, se lles entregou este ano.

Tamén axudamos —vostede sábeo, porque na outra lexislatura puidemos debater sobre este asunto— cando cambiamos o decreto para os socorristas. Fomos habilitando novas vías de acceso para que a xente se apuntase ao Rexistro de socorristas. Froito deses cambios, a Xunta de Galicia, a través da Academia Galega de Seguridade, fixo cursos e hai catrocentas persoas novas inscritas grazas a eses cursos. Uns cursos que, ademais, facemos gratuítos. A xente vai alí gratuitamente, obtén a titulación necesaria para poder formar parte do Rexistro e así despois poder ser contratada.

Pero é que este ano, ademais de dedicar iso e que teña efecto retroactivo, abrimos as posibilidades para que ningún concello quedase fóra, señora Castro. Por exemplo, este ano permitimos que, se o concello ten persoal propio que dedica durante a tempada de verán a estas funcións, tamén poida presentarse ás subvencións; antes non podían. Tamén permitimos que aqueles concellos —que son moitos e de todas as cores políticas— que contratan estes servizos a unha empresa externa tamén poidan beneficiarse desta subvención; antes non.

Canto a eses casos que di vostede da mancomunidade, teño que dicirlle que só houbo unha, que foi esa mancomunidade á que vostede se refería e que o ano pasado renunciou a esa axuda. Este ano falamos cos alcaldes para dicirlles que se podían presentar individualmente aínda que sexa un servizo mancomunado e, loxicamente, o cofinanciamento podía dar a mancomunidade, pero un deles —non o do PP, o outro— non quixo. Alá el.



Hai máis facilidades que nunca e hai máis colaboración que nunca. Indubidablemente, como en todo, pódese facer máis, claro. Podemos levar a cabo todos os servizos desde a Xunta de Galicia, pero eu creo que nesta competencia, como noutras, e con todo o que ten que ver con seguridade e emerxencias, a Xunta de Galicia está a demostrar que, pese a non ser unha competencia propia, está do lado dos concellos. Pero recorde, tanto do interior como da costa, non só dalgúns.

E ollo, hai que poñer enriba da mesa, dunha vez por todas, o papel das deputacións. Son os concellos dos concellos máis pequenos e non están á altura, señora Castro. Non pode ser que a Deputación da Coruña, que é a que ten máis quilómetros de costa, deixe todos os concellos fóra das subvencións. ¿Cal é a razón? (*Aplausos.*) Non ten ningún sentido e, sen embargo, fano. Aproveite e, cando teña a oportunidade, pregúntelles aos seus compañeiros da Coruña.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Imos coa última pregunta da orde do día por hoxe.

Pregunta de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os resultados da xuntanza do pasado día 27 de xuño entre a Xunta de Galicia e o Goberno central para abordar temas relativos ás infraestruturas e ao transporte ferroviario

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, por parte do Grupo Parlamentario Popular ten a palabra dona Paula Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señora presidenta.

Señor conselleiro, o pasado 27 de xuño tivo lugar un encontro entre representantes da Xunta de Galicia e do Goberno de España para abordar a situación das infraestruturas galegas, en xeral, e do Corredor atlántico, en particular. Foi unha xuntanza na que, logo dun ano e medio de mostras de deslealdade institucional por parte do comisionado para esta infraestrutura, por fin tivo a ben reunirse co Goberno galego e tratar este tema prioritario para a nosa comunidade.

Tratouse dunha oportunidade que prometía moito e, lamentablemente, non resultou o esperado, xa que, polo que logo se soubo, mentres que a Xunta acudiu cos deberes feitos, os representantes do Goberno central foron e volveron polo mesmo sitio, sen facer absolutamente nada, sen facer ningún tipo de concreción nin ofrecer avance ningún nos proxectos pendentes. O único que fixeron —iso si— foi emitir un comunicado para desmentir toda afirmación que puidese facer a Xunta sobre o tratado na reunión, e máis concretamente sobre o proxecto do AVE Vigo-Porto. Algo absolutamente insólito. A Delegación do Goberno emitiu un comunicado que dicía algo así como «todo o que di a Xunta sobre esta reunión e sobre o que dixo o secretario de Estado é mentira».

En definitiva, trátase dunha infraestrutura fundamental para Galicia e para Portugal que, polo que soubemos onte, non poderá levarse a cabo, como mínimo, ata o ano 2034, debido aos trámites que quedan aínda pendentes de facer por parte do Goberno de España. Semella



que ao Goberno de Pedro Sánchez non lle gusta que poñamos en evidencia a súa falta de compromiso, pero a realidade é teimuda. Mentres por parte de Madrid só ofrecen atrancos e atrasos onde debería haber facilidades e implicación, no Goberno portugués Galicia ten un aliado que garante certezas, compromiso e boa vontade.

Nós estamos encantados de que Portugal nos dea a importancia que merecemos, pero tamén nos gustaría que o presidente do noso propio país lle dedicase a Galicia a mesma atención que nos dedican outros. Lamentablemente, o Partido Socialista non entendeu nada do que dixeron as urnas, que é que o desprezo de Sánchez a Galicia non lles gusta aos galegos. Polo que se ve, ese paquete avariado que son as mentiras en campaña electoral, as cortinas de fume e todas esas cousas os galegos, ao final, non llo compran ao Partido Socialista. E, aínda así, seguen insistindo no erro e seguen desprezando a Galicia. Iso si, coa complicidade do Bloque Nacionalista Galego, que sempre que pode está do lado do Partido Socialista, está do lado de Pedro Sánchez, está do lado do Goberno de España e nunca está do lado dos galegos e das galegas.

Por todo isto, señor conselleiro, gustaríanos saber que valoración fai o Goberno galego desta xuntanza co secretario de Estado de Transportes e Mobilidade Sostible e co comisionado para o Corredor atlántico.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Resposta do Goberno. Ten a palabra o señor Calvo.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidenta.

A verdade é que eu creo que hai que tentar solucionar os problemas que temos enriba da mesa. O noso intento, dende xa hai tempo, foi pedir reunións cos responsables do Ministerio para poder aclarar moitos dos datos que saían continuamente nas presentacións e que a nós non nos encaixaban. Levabamos ano e medio pedindo unha reunión co comisionado do Corredor atlántico. En ano e medio nin sequera nos contestou nin unha soa vez a por que non se reunía coa Xunta de Galicia. Pero, como ben está o que ben acaba, agradecemoslle moito que viñese co secretario de Estado de Infraestruturas e demais a unha reunión. É certo que estivo en Santiago inaugurando unha obra e non invitou a Xunta de Galicia, pero tamén pediu desculpas por ese feito. En calquera caso, o que nos preocupa é esa falta de lealdade institucional. Recordemos que estamos a mediados de xullo e que o presidente da Xunta de Galicia non foi recibido polo presidente Sánchez. Pero dito isto, nós imos tentar solucionalo.

A reunión foi nun ton cordial, efectivamente, como creo que teñen que ser todas as reunións, porque a educación ten que estar por riba de todo. Pero a verdade é que esperabamos moito máis desa reunión; o que acadamos foron moi poucos compromisos. Queríamos saber que é o que estaba pasando coas liñas de FEVE, sobre todos os problemas que están tendo. Queríamos que nos desen información, porque necesitamos, como Goberno da Comunidade Autónoma, ter información. Queríamos que nos desen información acerca da media distancia. Non pode ser que sigamos tendo as mesmas frecuencias que antes da pandemia; que se poñan bonos enriba da mesa para o transporte, fomentando o transporte ferroviario, pero



que as frecuencias sexan as mesmas e que os trens sexan iguais. Os problemas todos están enriba da mesa. Iso si, o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista miran para outro lado. Pero nós queremos información. Supoño que tentarán arranxar os problemas canto antes, pero non nos dan información e iso non ten sentido.

Comprometeuse o secretario de Estado a darnos un contacto. No día de hoxe non o coñecemos. E, dende logo, queriamos saber que é o que pasa cos trens Avril, porque dende que se puxeron en funcionamento o noventa por cento das expedicións tiveron algún percance. É normal que algunha expedición nova teña un percance, claro que si, pódelle pasar a calquera goberno. Pero o que non é normal é que, despois de case dous meses, o noventa por cento das expedicións teñan algún percance. Algo nos terán que dicir. ¿A que se debe? ¿Débese á liña, ao equipamento, ao material rodante, ao persoal? Terán que darnos algunha explicación e seguen sen dala, e iso non ten ningún sentido.

Dende logo, o que máis nos preocupou foi todo o que ten que ver co Corredor atlántico, porque nós queriamos saber a que se correspondían esas cifras que estaban dando; cales son as obras que se pretenden facer e en que tempo e con que orzamento. Pensamos que nos ían dar esa cifra e non nos deron nada. Dixéronnos que nola remitirían —esperemos que así sexa— e comprometéronse a facer unha reunión de traballo a principios de setembro para darnos esas cifras. Nós, pola contra, presentámoslles un documento de traballo que ten a Xunta de Galicia, que fixo co Clúster da loxística en Galicia, onde se comprenden todas as obras necesarias para que, dunha vez por todas, as empresas poidan utilizar o sistema ferroviario para transportar as súas mercancías. E con todas as obras identificadas cun orzamento aproximado do que poden ser.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Clavo Pouso): Nós seguimos sen ter información. Pasámoslles esa información a ver se, polo menos, nos contestan.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten un segundo turno. Moitas grazas.

Réplica da señora Paula Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señora presidenta.

Dicir que Sánchez desconecta Galicia é constatar seis anos de desprezos, de agravios, de incumprimentos e de desleixo do Goberno central coa nosa comunidade. Só hai que ver o balance que temos enriba da mesa. Por un lado, temos uns trens de alta velocidade que chegaron tarde, mal e arrastro e uns servizos ferroviarios, señor conselleiro, insuficientes, que seguen sen ser repostos na súa totalidade despois da pandemia. Falaba vostede dos trens Avril, pero xa non falamos da odisea que é comprar un billete na páxina web de Renfe. Calquera que o comprou ou que intentou compralo pode constatar a barbaridade que é intentar coller un billete na páxina web.



Por outro lado, temos unhas autovías nas que é máis frecuente pinchar unha roda que gástala por ir sobre ela. Non falamos xa das que non se remataron, como é a autovía Santiago-Lugo; falamos da falta de mantemento das autovías que xa están feitas, nas que hai cero mantemento. E aí están os datos. No último mapa de risco do RACC, Galicia conta con 189 quilómetros en carreteras estatais con risco elevado de accidente, arredor dun nove por cento, cando a media estatal está nun 7,8 por cento. Ou unha AP-9 sobre a que se suceden as promesas incumpridas de transferencia mentres as peaxes non deixan de subir. E todo isto coa complicidade e a equidistancia dunha Ana Pontón que fixo presidente a Sánchez a cambio de absolutamente nada e dun Besteiro máis preocupado de ser un fiel escudeiro do sanchismo que de poñer orde no seu partido ou de vir ás sesións plenarias, ás que normalmente non acode. Pero os galegos non son parvos e saben que, mentres os nacionalistas seguen a voltas co seu comunismo, (*Murmurios.*) facendo de teleñecos da UPG e da CIG... (*Risos.*) Ríanse, ríanse. (*Murmurios.*) Non, o da CIG é moi divertido, (*Murmurios.*) que eu sempre digo que hai un sindicato...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Estamos rematando. Silencio, por favor. (*Murmurios.*)

A señora PRADO DEL RÍO: ...que ten un partido...

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¡Silencio!

A señora PRADO DEL RÍO: ...e que vostedes son os teleñecos da CIG. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: Pero entre iso e os socialistas bicando trens, señorías, (*Aplausos.*) os galegos, mentres tanto, teñen e terán no Goberno de Alfonso Rueda...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: ...o mellor valedor dunha Galicia que nunca vai pedir... (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Silencio, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...máis do lle corresponde, pero tampouco imos consentir...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: ...que nos dean menos do que merecemos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno. Ten a palabra o señor Calvo.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Como lle dicía, entregamos nesa reunión un documento feito co Clúster da loxística onde se recoñe-



cían e se poñían en negro sobre branco todas as obras que son necesarias para que, efectivamente, funcione ese clúster.

Desgraciadamente, non temos ningunha información por parte do Goberno. Imos seguir reclamándoa e nesa reunión técnica que está prometida para setembro —que esperemos que se poida celebrar— agardamos que nos expliquen algunhas cousas.

Pero esa reunión tamén nos serviu para falar da conexión do AVE de Vigo co Porto. A verdade é que nos sorprendeu o que nos trasladaron os responsables do Ministerio, posto que, despois da reunión que tivo o presidente da Xunta de Galicia co ministro de Infraestruturas de Portugal na que o ministro portugués se comprometeu a chegar á fronteira no ano 2032, no tocante á parte española consideraban que o 2032 non era un horizonte viable e que, polo tanto, iamos chegar ao tempo cos portugueses.

Froito dese desencontro, ou polo menos desa noticia que a nós non nos encaixaba, decidimos facer un manifesto polo AVE, firmado pola Comisión de coordinación e desenvolvemento do Norte de Portugal e a Xunta de Galicia a semana pasada en Valença do Miño. A ese manifesto uníronse moitas entidades, tanto dun lado da Raia como do outro. E, efectivamente, cando un vai desgranando cal é a situación da saída sur de Vigo preocúpase, porque o estudo informativo que remata —como nos dixo o secretario de Estado— no ano 2025 non inclúe o ramal de saída do porto de Bouzas. Non está. E este é o primeiro tramo entre Vigo e O Porriño. Despois queda entre O Porriño e a fronteira e despois queda a ponte internacional, que ten que ser compartida con Portugal.

Polo tanto, os compromisos de Sánchez e do Goberno socialista, dos socialistas e dos seus socios, de que vai estar no 2032 non son verdade. Non nos vai dar tempo. E uns miran para outro lado, porque os seus sillóns valen moito máis que defender a Galicia. *(Aplausos.)* E outros o que fan é defender a Sánchez por non poñelo colorado. *(Aplausos.)* Nós imos seguir defendendo e imos seguir falando das infraestruturas que son necesarias para unha euro-rrexión que é a eurorrexión que mellor funciona de toda Europa e que foi pioneira en todos os ámbitos. E neste tamén ten que seguir séndoo.

E non nos olvidamos do tren Celta. Non ten sentido que se sigan a utilizar as máquinas que se están a utilizar no día de hoxe, xa que teñen máis de corenta anos. As frecuencias son malísimas e o tempo de percorrido é unha vergoña. Esperemos que nisto nos acompañen e que, por unha vez, o resto dos partidos defendan a Galicia e non defendan os seus intereses partidistas.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Rematamos a sesión. Reanudarase mañá ás dez da mañá.

Boa tarde.


Suspéndese a sesión ás oito e cinco minutos do serán.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abalde Alonso, Julio Ernesto	S	39. Mouzo Mas, Paula	P
2. Amigo Díaz, María Encarnación	P	40. Ojea Bouzo, Armando	M
3. Arias Rodríguez, Raquel	P	41. Pazos Couñago, José Alberto	P
4. Baladrón Lamas, Víctor Manuel	P	42. Pérez Fernández, Rosana	BNG
5. Bará Torres, Xosé Luís	BNG	43. Pérez López, José Daniel	BNG
6. Barreiro Sánchez, Enrique	P	44. Pérez López, Noelia	P
7. Calvo Pouso, Diego	P	45. Pomar Tojo, Carmen María	P
8. Campero Dorado, Cristina	P	46. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG
9. Candía López, María Elena	P	47. Prado Cores, María Montserrat	BNG
10. Carreira Pazos, Iria	BNG	48. Prado del Río, Paula	P
11. Casares Gándara, Juan Manuel	P	49. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG
12. Castro García, Daniel	BNG	50. Prieto Perille, Pablo Javier	P
13. Castro Rey, Paloma	S	51. Queixas Zas, Mercedes	BNG
14. Deza Martínez, María	P	52. Ríos Santomé, Paulo	BNG
15. Espinosa Mangana, María Elena	S	53. Rodil Fernández, Olalla	BNG
16. Fernández Alfonzo, Ramón Tomás	BNG	54. Rodríguez Carrera, María Felisa	P
17. Fernández Davila, María Cristina	BNG	55. Rodríguez Conde, Ángel	P
18. Fernández Fernández, Secundino	BNG	56. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	S
19. Fernández Gómez, Alexandra	BNG	57. Rodríguez González, Román	P
20. Fernández González, Ariadna	BNG	58. Rodríguez Martínez, Roberto	P
21. Fernández Rosende, Jesús María	P	59. Ruanova Vilas-Boas, Brais	BNG
22. Ferro Iglesias, José Luis	P	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	P
23. Fidalgo Iglesias, Miguel	P	61. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P
24. García Comesaña, Julio	P	62. Santamaría González, Raúl	P
25. García González, Patricia	P	63. Santos Costa, Manuel	P
26. Golpe Acuña, José Manuel	BNG	64. Sanz Arias, Cristina	P
27. Gómez Besteiro, José Ramón	S	65. Suárez Fernández, Iago	BNG
28. González Iglesias, Carmela	BNG	66. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	BNG
29. Grueira Fernández, Nicole	P	67. Taibo Corsanego, Iria	BNG
30. Hermelo Piñeiro, María Dolores	P	68. Trenor López, Gonzalo	P
31. Iglesias Rey, Patricia	S	69. Valcárcel Armesto, Montserrat	BNG
32. Insua Lema, Óscar	BNG	70. Varela Fernández, Katherinie	P
33. Longueira Castro, Silvia	S	71. Vázquez Mourelle, Ethel María	P
34. López Font, Carlos	S	72. Vázquez Suárez, Cecilia	P
35. Lorenzo Gómez, Rubén	P	73. Vereza Fraiz, Borja	P
36. Marnotes Fernández, Argimiro	P	74. Vidal Lamas, Sonia	BNG
37. Mato Díaz, José Manuel	P	75. Viso Diéguez, Miguel Ángel	P
38. Méndez López, Lara	S		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

